

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Núm. 8 [2005] • ISSN 1139-921X










# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural



Vol. 8 (2005)

2005

Fundación Cultural da Estrada

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»

# A ESTRADA

miscelánea histórica e cultural

ISSN 1139-921X

## Director

Juan Andrés Fernández Castro

## Comité de Redacción

Olimpio Arca Caldas | Juan L. Blanco Valdés | José Manuel Castaño  
García | María Xesusa Fernández Bascuas | Manuel Mosquera Agrelo.

## Consello Consultivo

Xesús Alonso Montero | Carlos Amable Baliñas Fernández | Xosé Luís  
Barreiro Barreiro | Roberto Blanco Valdés | Mercedes Brea | Manuel  
Cabada Castro | Isaac Díaz Pardo | Xosé Neira Vilas | Xosé Manuel  
Núñez Seixas | Víctor F. Freixanes | Vicente Peña Saavedra | Augusto  
Pérez Alberti | Ofelia Rey Castelao | Anxo Tarrío Varela | Pilar de Torres  
Luna | Xosé Manuel Vázquez Varela.

© Fundación Cultural da Estrada,  
Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela», 2004

## Edición

Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»  
Apto. 78  
36680 A Estrada  
*museostrada@terra.es*

## Deseño de cuberta

Xosé L. Vázquez

## Deseño de maqueta e maquetación

Rosa Costas - Mangrífica

## Impresión

Gráficas Sementeira, S.A.  
Chan de Maroñas, 2  
15217 Obre - Noia

Dep. Legal: C-2618/2001

# Índice

- 7 | A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua  
*Xesús Alonso Montero*
- 21 | Algúns topónimos da parroquia de Guimarei  
*Fernando Cabeza Quiles*
- 31 | Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos  
*Manuel Castiñeira Rodríguez*
- 65 | Libros e lecturas do clero rural en Tabeirós-Terra de Montes durante o século XIX  
*María Jesusa Fernández Bascuas*
- 93 | O mercado de peixe na Estrada rural  
*Juan Fernández Casal*
- 113 | Familias e veciños do «lugar y aldea de La Estrada» a mediados do século XVIII  
*Juan Andrés Fernández Castro*
- 141 | Obras de adaptación no museo do pobo estradense «Manuel Reimóndez Portela»  
*Ana Pazos Bernárdez*
- 147 | Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros  
*Damián Porto Rico*

- 253 | En memoria de José Pereiro  
*Javier Travieso*
- 259 | A virxe Peregrina de San Breixo de Lamas  
(A Estrada, Pontevedra)  
*Xosé Carlos Valle Pérez*
- 265 | A domesticación dende unha perspectiva  
etnoarqueolóxica: os cabalos de monte do  
curro de Sabucedo  
*Xosé Manuel Vázquez Varela*
- 277 | San Miguel de Castro: estudio histórico-artístico  
*Dolores Villaverde Solar*



A propósito dunha páxina inédita de Waldo Álvarez Insua, que pasou de entusiasta panexirista da poesía de Curros Enríquez a crítico moi severo dunha boa parte dos seus poemas

Xesús Alonso Montero

## 1. Limiar

Posúo, dun libro de Álvarez Insua, un exemplar especialmente valioso. Éo porque nel, nunha páxina case en branco, figura un longo texto –manuscrito e autógrafo– do escritor: 19 liñas de letra pequena. Trátase dun texto moi revelador das ideas e da actitude intelectual do Álvarez Insua non xuvenil. De feito, nesa páxina, de 1920, Álvarez Insua entoa un *mea culpa* ideolóxico: renega dos conceptos e dos xestos verquidos nun libro seu de 1883. Como Waldo Álvarez Insua foi un home de letras importante, especialmente no eido do xornalismo, chegou a hora de exhumar (e glosar) texto tan significativo para entender algo mellor a biografía intelectual de quen, por outra parte, non estivo alleo, antes de 1900, ó galeguismo de Manuel Murguía e de Alfredo Brañas.

## 2. Da bio-bibliografía de Álvarez Insua

Antes de 1997 pouco se sabía da bio-bibliografía de Waldo Álvarez Insua, que naceu na Estrada o 10 de xuño de 1856 e faleceu en Madrid o 10 de agosto de 1938. En realidade, o que se sabía está sin-

tetizado na voz correspondente da *Gran Enciclopedia Gallega*, redactada por Xosé Neira Vilas: só dúas columnas pese a que este último está moi familiarizado co labor periodístico cubano de Álvarez Insua (1878-1901), sen dúbida o capítulo de máis interese do seu polifacético e extenso labor intelectual. Téñase en conta que Neira Vilas é autor do índice da revista *El Eco de Galicia* (Edicións do Castro, 1988), empresa periodística realmente ambiciosa no seu tempo. Álvarez Insua editouna e dirixiuna na Habana de 1878 a 1901.


Xa en Madrid, desde 1900, publica, nos dous primeiros anos, obras moi diversas, algunhas delas de creación: *La emigración*; *Últimos días de España en Cuba*; *Alma nueva*; *Deseada*; *Vida truncada*; *La boca de la esfinge*; *Cinematógrafo nacional*, e *El Milagro*. Son os títulos, impresos en Madrid entre 1901 e 1912, que consigna o *Diccionario de Couceiro Freijomil*<sup>1</sup>, relación que reproduce *ad litteram* Neira Vilas. Teño para min que o un e mailo outro beben na mesma fonte: o artigo de Adolfo V. Calveiro «Waldo Álvarez Insua ha muerto»<sup>2</sup>. Moi pouco se sabe da actividade do escritor estradense de 1912 a 1938, ano no que morre en Madrid –no Madrid en plena Guerra Civil– non sabemos de qué nin en qué circunstancias. Desde 1997 temos algunhas noticias máis sobre a vida e a obra de Álvarez Insua mercé ó libro de Olimpio Arca Caldas. A este erudito, tan versado en temas estradenses, debemos un interesante estudo titulado *Waldo Álvarez Insua. Etradense, emigrante, escritor*<sup>3</sup>. En non poucas páxinas deste volume (da 45 á 120) ofrécesenos unha antoloxía do escritor, hoxe por hoxe a única existente. De todos os xeitos, segue habendo lagoas importantes na biografía civil e intelectual de Álvarez Insua sobre todo no período 1912-1938.

¿Escribiu en lingua galega o noso escritor? No *Diccionario de Literatura Galega* (Ed. Galaxia), a resposta é negativa: *Non temos constancia de que escribise en galego*. Nós si temos constancia de que o fixo,

1 *Diccionario bio-bibliográfico de escritores*, Santiago, Bibliófilos gallegos, vol. I, 1951, p. 45.

2 *Cultura gallega*, Habana, núms. 59-60, setembro de 1938.

3 A Estrada, Asociación «Fillos e Amigos da Estrada», 1997



Waldo Álvarez Insua (1856-1938).

polo menos nunha ocasión. Trátase da tradución-adaptación dunha coñecidísima fábula de Fedro, publicada na súa revista *El Eco de Galicia* o 9 de abril de 1898, data na que os Estados Unidos xa estaban descaradamente en guerra contra España. Sobre os curiosos versos de Álvarez Insua pronuncieime en 1998, centenario da perda de Cuba, debida, como dixo Curros Enríquez nun celeberrimo artigo, á *perfidia yanqui*. Daquela páxina ofrezo hoxe o que importa nesta ocasión, en primeiro lugar o texto latino do fabulista clásico:

Mons parturibat, gemitus inmanes ciens,  
 eratque in terris máxima expectatio.  
 At ille murem peperit. Hoc scriptum est tibi,  
 qui magna cum minaris, extricas nihil.

Hai dezasete anos tres profesores de latín ofrecíannos, en prosa,  
 esta tradución:

Un monte estaba de parto, en medio de grandes berros,  
 e unha expectación grandísima había na terra.  
 Mais el pariu un rato. Isto escribiuse para ti,  
 que, prometendo grandes cousas, non cumpres nada<sup>4</sup>.

A tradución de Álvarez Insua, en 1898<sup>5</sup>, foi

Quería parir un monte e daba tales berros  
 que enxordecía ó mundo.  
 A expectación era inmensa. O fin, pareu un ratiño  
 Non se diga, meu señor Mac-Kinley, que na súa chouza bérrase  
 moito pra logo saír dicindo:  
 Estaba catando pulgas.

Está claro que o segundo hemistiquio do verso 3 e a totalidade do  
 4, o final, diríxense, non a Particulón, amigo e admirador de Fedro,  
 senón ó presidente Mac-Kinley, presentado aquí, comicamente,  
 como un moito fume e pouco lume. A realidade dos meses inmedia-  
 tos demostrou, infelizmente, outra cousa<sup>6</sup>.

### 3. Waldo Álvarez Insua e Manuel Curros Enríquez

O noso gran poeta civil publicou no ano 1880 en Ourense *Aires da  
 miña terra*, un libro que alporizou á dereita galega, especialmente á

4 Fedro, *Fábulas*, Xunta de Galicia, 1988, p. 137.


5 Na revista figura como anónimo, pero no exemplar ba Biblioteca Penzol (Vigo) alguén (o propio don Waldo, sen dúbida) escribiu a lápis: *Insua* (a colección de *El Eco de Galicia* da biblioteca viguesa pertenceu ao propio Álvarez Insua).

6 «Curros Enríquez e a guerra de Cuba», en *Galicia nos tempos do 98*, Santiago, Xunta de Galicia, 1998, p. 232

xerarquía católica, daquela, basicamente, cavernícola. O bispo da diocese, Cesáreo Rodrigo, oído o informe de *tres teólogos de notoria ciencia*, asinou unha circular eclesiástica na que reprobaba e condenaba *el expresado libro y estrictamente prohibimos su lectura y retención a todos nuestros diocesanos*<sup>7</sup>.

A instancia da autoridade eclesiástica, a Audiencia Provincial procesou ao escritor, que foi condenado a dous anos, catro meses e un día de prisión, e multa de 250 pesetas (4 de agosto de 1880), pena da que foi absolto pola Audiencia da Coruña o 11 de marzo de 1881. Cómpre saber que, dos 21 poemas do

volume, tres foron os textos máis litixiosos: «A igrexa fría», «Mirando ó chan» e «¡Pelegrinos a Roma!». Hai que lembrar que a reprobación eclesiástica e a condena civil aguilloaron a curiosidade da xente non timorata, tanto que a primeira edición esgotouse axiña. Saíu a segunda en 1881 e en 1886 houbo de imprimirse unha nova edición. Nunca un libro galego de poemas tivera un éxito social tan grande, éxito debido, sen dúbida, ó contido «escandaloso» de certas páxinas, pero tamén, en non pouca medida, á extraordinaria valía literaria de moitos poemas. As proposicións *heréticas*,



Portada da segunda edición de *Aires da miña terra*, a que Álvarez Insua seguiu para o seu *juicio crítico*.

7 *Boletín Eclesiástico del Obispado de Orense*, 28.06.1880.




Manuel Curros Enríquez (1851-1908)

*blasfemas, escandalosas* que percibiron os doutos teólogos do pazo episcopal foron lidas por anticlericais e ateos, e algúns deles, quizais non poucos, foron gañados como lectores para a causa da poesía, sobre todo da poesía galega, daquela con moi poucos devotos.

Cómpre tamén ter en conta que Curros, na segunda edición de *Aires da miña terra* inclúe seis poemas novos, algúns dos cales non desmerecen en «escandalosos» os de 1880, sobre todo o soneto «Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola», a quen titula *xenio da intolerancia soberano*.

Esta edición, a segunda (de 1881), é a que nos interesa no presente artigo. A partir dela, Álvarez Insua compón, dous anos despois, un curioso libro (curioso, cando menos) cuxa portada é útil reproducir:



Ofrecémola en reprodución facsimilar para que o lector comprobe que non está completamente claro quen é o autor de semellante volume. En principio, parece tratarse dunha edición do poemario de Curros cun estudo (e así *juicio crítico*) de W. A. Insua. En realidade,



Portada do libro de W. Álvarez Insua

o libro é unha «lectura» de *Aires da miña terra* feita poema a poema. En dous casos reproducense, enteiros, os textos do poeta («Cántiga», «Diante unha imaxe de Íñigo de Loyola»), e en moitos outros, fragmentos, algúns bastante extensos. Nalgún sentido, o libro cubano de 1883 é unha especie de antoloxía da segunda edición de *Aires da miña terra*, o que debeu molestar non pouco a Curros Enríquez. En realidade, os titulares estampados na portada parecen ser, deliberadamente, equívocos.

¿Estamos ante un traballo de Álvarez Insua sobre o libro de Curros ou ante un libro de Curros prologado –ou cousa así– por Álvarez Insua? A segunda lectura é a que parece propoñerse. Certamente, é a que máis «vendía». Doce anos despois, Curros Enríquez referíase, non sen ironía, a aquel volume *en cuya portada aparece nuestro nombre honrado con titulares poco menos que como puños*<sup>8</sup>.

#### 4. A páxina inédita, escrita en 1920, de Álvarez Insua

No primeiro capítulo do libro de 1883, o apoloxista de Curros estampa xuízos moi duros sobre a actitude da xerarquía católica. Unha mostra:

Desde los alto de los púlpitos, imitando aquellos fieros arranques de fanatismo que hicieron célebre a Inocencio III, los obispos de Cristo, los discípulos de la escuela de caridad y mansedumbre fundada por el humilde nacido en Belén, los descendientes de aquellos mártires sublimes [...]; esos honorables «príncipes-mendigos» que, viviendo de la inagotable caridad cristiana, predicán en púlpitos de oro, rezan sobre cojines del más rico terciopelo recamado y hacen sus visitas pastorales en carrozas que no desdeñaría el fastuoso Nerón, levantan sus potentes voces y fulminan, con la arrogancia propia de gentiles, el anatema que espanta y anonada, contra los que demasiado despreciadores de los bienes mundanales, que proporcionan la abdicación de principios y la adulación a los poderosos, protestan contra las iniquidades sociales y dicen en alto y a todos los vientos lo que en silencio y en el fondo de todas las conciencias dicen y sienten los hipócritas (p. 10).

8 «A “El Eco de Galicia”, *La Tierra Gallega*, Habana, 85, 01.09.1895

- 12 -

y los privilegios irritantes dejan su puesto á las justas recompensas y en la generacion que brota á la vida sensible de la idea, se inculcan principios cuya fuerza no podrán destruir los asalariados lacayos del pasado, ni los adocenados servidores de la reaccion.

A los 37 años de ~~publicada~~ las anteriores líneas, me pregunto asombrado: ¿puede yo escribir tan enormes despropósitos y esplanar tan incongruentes pensamientos? Disculpenme los pocos años, la exaustiva preparación cultural y el fanatismo que, cuando se relacionaba con Galicia, me inspiraba. Ni la religión, ni la iglesia, ni su representante el Pontífice merecían las violentas y soberbias tribas con que los ultrajaba, ni las autoridades civiles y judiciales que intervinieron en el proceso a Curvo, obraron de otro modo que en el cumplimiento de un deber; pensó quizá; pero deber. Éste es que no me arrepiento de mi intencion de ensalzar al poeta. De lo que estoy abochornado es de haberlo hecho en lenguaje tan duro, tan feo y tan poco gramatical. ¡Oh juventud! Juventud, cuantas bellaquerías ejecutas!

Madrid 19 febrero 1920. Waldo A Insua.

O autógrafo de Álvarez Insua nun exemplar do seu libro de 1883.

Tamén hai retórica decimonónica nas liñas seguintes, pero retórica para denunciar a tiranía intelectual do clero católico:

...nobilísima hazaña de los ultramontanos, que, encastillados en sus dogmas de fe y apoyados por su teología ergotista, que no permite la discusión, en cuanto no se ajusta a sus reglas, condenan sin apelación todo aquello que tiende a emancipar del yugo religioso la conciencia, tantos siglos comprimida y dominada (p. 11).

Vai ser na páxina seguinte, a última do primeiro capítulo, onde manuscibirá, 37 anos despois, o seu rotundo *mea culpa* (que ofrecemos, igualmente, en reprodución facsimilar):

A los 37 años de publicadas las anteriores líneas, me pregunto asombrado: ¿pude yo escribir tan enormes despropósitos y explicar tan incongruentes pensamientos? Discúlpeme los pocos años, la escasísima preparación cultural y el fanatismo que, cuanto se relacionaba con Galicia, me inspiraba. Ni la religión, ni la iglesia, ni su representante el Pontífice merecían las violentas y soeces diatribas con que les obsequiaba, ni las autoridades civiles y judiciales que intervinieron en el proceso contra Curros obraron de otro modo que en el cumplimiento de su deber; penoso quizá, pero deber. Conste que no me arrepiento de mi intención de ensalzar al poeta. De lo que estoy abochornado es de haberlo hecho en lenguaje tan duro, tan feroz y tan poco gramatical.

¡Oh juventud! juventud, cuántas bellaquerías ejecutas!

Madrid, 19 febrero 1920 Waldo A Insua

Supoño que, cando renega do escrito en 1873, no só ten en conta as páxinas do capítulo primeiro do libro senón moitas outras, algunha tan feroz como a 75, onde figura este parágrafo:

He aquí porque nosotros, adversarios legítimos del Papado y de la institución católica que combatimos sin odios ni deseos vengativos, por lo que encontramos en uno y otra de inmoral, absurdo y tiránico...

## 5. Álvarez Insua e *Aires da miña terra*: de panexirista entusiasta (en 1883) a crítico moi severo de moitos poemas en (1886)

Na súa revista *El Eco de Galicia*<sup>9</sup> publicou Álvarez Insua, no ano 1886, unha reseña da terceira edición de *Aires*. Reproducimos os parágrafos que nos parecen máis significativos desa extensa recensión:

Curros Enríquez es bien conocido entre nosotros: su libro no lo es menos, y a excepción de algunas composiciones nuevas que embellecen la moderna edición, nada se encuentra en él que de memoria no sepan los gallegos.

*Aires da miña terra*, grito de combate según unos, de aflicción y de rabia según otros, mereció las iras episcopales, valiendo a su autor una excomunión y una causa criminal. De ésta salió absuelto libremente, más que por la bella defensa de su Abogado el señor Puga, porque los presentes tiempos son medianamente liberales y tienden a respetar la libre emisión del pensamiento: del entredicho aún no se ha librado el poeta según lo manifiesta en su composición *N' o Convento*.

Pero a Curros impórtanle bien poco las paulinas eclesiásticas: satisfecho allá en lo íntimo y profundo de su conciencia, sigue la senda iniciada y penetra en el lugar prohibido «aunque le aplasten, aunque la puerta se le cierre» como gráficamente expresa en la poesía aludida .

Y entra ciertamente, para expiar los odios que ha levantado entre las imágenes insignes que le miran, para apostrofarlas y reírse de su calma y de su silencio inmutables.

Está muy bien: dueño es el poeta, que en alas de su genio sube á las altas regiones inaccesibles para los simples mortales, de cambiar de culto; pero figúrasenos cosa cierta que no gana en el trueque

[...]

Por lo demás, ¿quién podrá negar la ternura, el sentimiento más exquisito, la más dulce subjetividad y las perspectivas más bellas y encantadoras a '*O Mayo, Ben Chegado, Os Mozos, Nouturno, As cartas y A Emigración*'

Si a Curros fuera dado, en su carácter irritable, hacer menos política personal, serían sus versos joyas de un incalculable valor, buscados con ansia ahora y siempre, por cuantos aman las innegables perfecciones de la tierra gallega y se interesan por que alcance la consideración y prestigio a que es acreedora.

En la actualidad triunfa, porque en los festinados momentos que atravesamos, no gusta sino la sátira que hiere, el epigrama que hace brotar sangre o el ataque directo que enciende y enardece las pasiones.

9 N.º. 211, 11.07.1886

A mediados del siglo XX quizás no se lean de Curros sino los cuatro poemas que hemos citado: ¡effmera existencia consagra la poesía de condición política e individualista!

Repárese no contido dos poemas que Álvarez Insua salva: só seis textos, ningún, no esencial, de denuncia eclesiástica. En tres anos (de 1883 a 1886) o escritor estradense pasa de ser panexirista afervoado da totalidade dos poemas do libro de Curros a converterse en anatematizador dunha boa parte deles. Por se fose pouco, formula este agoiro: *A mediados del siglo XX quizás no se lean de Curros sino los cuatro poemas que hemos citado*. Equivocouse de cheo. Os poemas por el reprobados (os de denuncia eclesiástica e controversia relixiosa) foron lidos con fruición literaria (é, ás veces, política) non só en 1950 senón tamén hoxe, 120 anos despois do agoiro de Álvarez Insua. Quen en 1886 mutilaba tan gravemente a poesía de Curros, tres anos antes proclamaba:

Curros Enríquez es un gran poeta [...] siempre rendido amante de la libertad de los pueblos y de la suprema felicidad de los hombres (pp.19-20).

No mesmo capítulo, o III, diserta sobre a *grandeza moral* do pequeno libro de Curros, ese libro que suscitou as persecucións clericais que Álvarez Insua reproba alporizado. Son tales as gabanzas proferidas polo estradense en 1883 que Curros, no artigo de 1895 tivo que facer este recoñecemento:

El señor Álvarez [escribió] un juicio crítico de nuestro libro *Aires da miña terra* en el cual se hacían elogios que para sí quisieran en sus tiempos, Homero, Shakespeare, y el Dante.

Neste artigo, Curros Enríquez fai referencia ó trato ambiguo e desconcertante que Álvarez Insua lle dispensou cando el chegou á Habana en marzo de 1894. Non sei se Curros coñecía nesta data a reseña de 1886, unha páxina na que o xornalista estradense, ademais de non «idolatrar» á persoa (*carácter irritable*), négalle o pan e case o sal á súa poesía.

Tívese ou non noticia daquela reseña tan negativa, cando Waldo Álvarez Insua e Manuel Curros Enríquez se entrevistan na Habana, chovía sobre mollado. O Álvarez Insua que manuscibe a extensa nota que hoxe exhumamos, redactada en 1920, hai moito tempo que non é un devoto de Curros, nin da persoa nin dunha parte importante da súa poesía. Penso que esta actitude non é allea ó seu conservadurismo, cada vez máis acentuado. De feito as fervorosas páxinas de 1883 son unha *bellaquería* xuvenil, como o propio Álvarez Insua reconece no *mea culpa* entoado 37 anos despois. Estaba tan repesante do contido e do ton do libro de 1883 que decidiu botar unha botella ó mar por se alguén, no futuro, recibía a boa nova do seu arrepentimento. Tivo, en certo modo, sorte: a botella –o exemplar do libro coa páxina manuscrita–, moito tempo despois, chegou a alguén, a min. Trátase dunha sorte a medias. A botella caeu nas mans de quen, sen deixar de facer xustiza a Álvarez Insua –o repesante, o rectificador–, está moi a carón de Manuel Curros Enríquez pese ás diatribas non xuvenís de Waldo Álvarez Insua<sup>10</sup>.

10 O exemplar do libro de don Waldo chegoume de Cuba, en 1970, da man de Xosé Neira Vilas, a quen debo moitos outros agasallos bibliográficos.



## Algúns topónimos da parroquia de Guimarei

Fernando Cabeza Quiles

O nome da parroquia estradense de *Guimarei* retráenos aos tempos medievais do período xermánico galego, cando xentes e influencias de etnia sueva ou goda inzaron de topónimos daquela época e cultura o territorio galego. Un destes é indubidablemente *Guimarei*, nome de lugar repetido varias veces en Galicia, que cómpre retraer a unha suposta pero moi probable \**villa*, granxa ou gran explotación agrícola dun posesor ou dono da terra chamado *Wimaredus*. Así, da expresión, do período do Reino Suevo de Galicia ou posterior, \*(*villa*) *Wimaredi*, isto é, *villa* ou gran latifundio dun tal *Wimaredus* xurdiu o actual *Guimarei*. Isto contando coa desaparición, por elipse, da palabra *villa*, e con que o actual *Gu-* (de *Guimarei*) é o normal reflexo románico do *W-* xermánico do orixinario *Wimaredi*, o cal, para chegar a *Guimarei*, tamén perdeu o seu *-d-* entre vocais (*Wimaredi*) (Cabeza, 2000: 190). Verbo da aparición do antropónimo *Wimaredus* na documentación antiga, dicir que é doado de atopar. Así, a maneira de mostra, nun documento do ano 952, que é a primeira escritura da fundación do mosteiro de Sobrado, un dos asinantes do texto asina co seu nome de “*Vimaredus*” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 142). *Vimaredus* ou *Wimaredus* que é tocaio do *Wimaredus*, que se acocha no topónimo *Guimarei* do concello da Estrada.

Outro topónimo de orixe xermánica, que fai referencia ao nome dun posesor, cuxo apelativo tiña en orixe un *-d-* entre dúas vocais, é o de *Forcarei*, proveniente de *\*(villa) Fulcaredi*, é dicir, posesión latifundista dun tal *Fulcaredus*, posible antropónimo xermánico, que vemos felizmente documentado nun texto do ano 955, no cal aparece ese nome persoal tres veces referido a un abade: “*ipsum fulcaredum abbatem*”, “... *subrinis de ipso fulcaredo abba...*”, “*Defunctusque ipse fulcaredus abba...*” (López Ferreiro, 1983, (reed.), ap. 1: 152).

Un terceiro nome de lugar proveniente, así mesmo, dun xenitivo de apelativo persoal xermánico rematado en *-edi*, que perdeu o seu *-d-* intervocálico é o de *Sixirei*, nome dunha aldea e freguesía do concello de Baralla (Lugo); e *Xixirei* (con palatalización do seu S- inicial en X-), nome dunha aldea da parroquia de Xavestre, Trazo (A Coruña). Ambos os dous topónimos deben proceder do sintagma latino *\*(villa) Sigeredi*, isto é, *villa* de *Sigeredus*, antropónimo xermánico, que parece, por exemplo, como nome dunha testemuña: “*Segeredus ts*” dun documento do ano 981 (Álvarez, 1986: 355).

A mesma evolución fonética da perda dun *-d-* que nun principio ía entre vocais sufriu o topónimo *Recarei*, así mesmo repetido en Galicia, que provén dunha antiga *\*(villa) Recaredi* ou de *Recaredus* (Cabeza, 2000: 189).

En canto a outros topónimos que, coma o de *Guimarei*, proveñen dun antropónimo xermánico, que na súa orixe empezaba tamén por *W-* e que hoxe transformou ese fonema en *Gu-*, atopámonos cos de *Guitiriz* (Lugo), o cal foi antes *\*(villa) Witerici* ou *villa* de *Witericus*; e cos de *Guimaráns* (na Galicia occidental) e *Guimarás* (na Galicia central), ambos os dous provenientes de *\*(villa) Wimarani*s, xenitivo do nome persoal *Wimara* (Cabeza, 1992: 287-288).

Volvendo á parroquia estradense de Guimarei, o nome da cal non dá nome a ningunha entidade de poboación concreta, dicir que o seu patrón é San Xián ou Xiao, ao que alude o topónimo *San Xiao*, *Sanxiao* ou, na fala do lugar, *Seixao*, proveniente de *Sanctu Iulianu*, nome do lugar onde está, non podería ser doutra maneira, a igrexa parroquial.

Verbo de *Campos*, o nome doutro lugar da parroquia de San Xiao de Guimarei, ten un significado e unha etimoloxía claro, pois, procedente do latín *campus*, se non é xa romance, faría referencia a varios campos, isto é, a terreos con céspe de natural. Este topónimo converteuse, como ocorre case sempre, en apelido; antropónimo que se documenta na veciña vila da Estrada.

A *Cardavella* ou *Cardavella*, o nome doutra aldea da parroquia de Guimarei, puido ser en orixe, aínda que non temos documentación antiga que nolo confirme, *\*casa da vella*, despois *\*cas da vella* (pola perda do *-a* final da palabra *casa*), e, por fin *\*car da vella*, co *s* do vocábulo *cas* convertido nun *r*, por rotacismo; fenómeno fonético normal e frecuente, que tamén se puido producir nos topónimos galegos, que parecen similares, *Cardama* (quizais proveniente de *\*casa da ama* ou da dona), *Carderrei* (casa de Rei ou do rei), *Cardezo* (casa de *Ettius*) (Cabeza, 2000: 115), e *Cardalda* (¿casa de Alda?).

Seguindo con máis nomes de lugares da parroquia de Guimarei, batemos co do *Cogoludo* que, máis ca a un alcume, debe referirse a un terreo alto en forma de cugulo, prominencia, capucha ou altitude que sobresa; tendo, xa que logo, este topónimo o seu antecedente na palabra latina *cucullus*, que tamén tiña os devanditos significados, correspondéndose, calquera deles, coa realidade orográfica da aldea chamada O *Cogoludo*, situada nunha prominencia de terreo, que, antes da construción das súas casas, tería a devandita forma orográfica de maneira máis manifesta e clara.

Parente do *Cogoludo* estradense parece o topónimo *La Cogolla*, sinalada vila da provincia de Logroño, a carón da cal se atopa o mos-



O lugar do Cogoludo está nunha elevación de terreo.

teiro e Las Peñas de Suso, ou de arriba, penas que, ó teren forma de *cogolla*, deberon crear a seu alias toponímico de *La Cogolla* (Cabeza, 2000: 247 e 250).

Na vila asturiana de Cangas del Narcea ou de Narcea o lugar de *La Cogolla* era tamén un lugar elevado sobre o casco urbano, hoxe totalmente unido á devandita poboación, que no seu día, coma O *Cogoludo*, semellaría, para a musa popular, a creadora do topónimo, un cume, capucha ou altitude sobresaínte, forma que debe ter a cima dun monte de 1379 metros de altitude, chamado *A Cogoluda*, situada na Serra do Courel (Lugo).

Outro topónimo “guimareense”, “guimareinse” ou “guimariense” que fai alusión á forma ou configuración do terreo é *A Costa*, do latín *costa*, “costas”, *espalda*, nome de lugar metafórico referido a pequenas elevacións redondeadas, que semellan a curvatura da *espalda* ou costas. De aí o noso topónimo *A Costa*, emprazado nunha costa coa súa correspondente pequena elevación orográfica, visible se subimos dende o lugar da Ponte da Pinguela, perspectiva dende a cal se debeu crear o topónimo, e non dende a actual Avenida Benito Vigo, vindo da vila da Estrada, onde o terreo é practicamente chan, comezando a baixar a costa no lugar da *Costa*.

No tocante a *Covas*, aldea tamén de Guimarei, no lugar non souberon darnos noticias da existencia de covas, formacións naturais que puideron existir no lugar no momento da aparición do topónimo, quizais hoxe desaparecidas pola roturación de terreos ou por variacións artificiais na orografía, sen descartamos tampouco a posibilidade de que este topónimo aluda a algún individuo apelidado *Covas*, se o topónimo, no canto das *Covas*, fose simplemente *Covas*, sen o artigo.

Na parroquia de Guimarei tamén existe o topónimo *A Devesa*, proveniente da palabra latina *defensa*, do verbo *defendere*, “defender”, “preservar”, que debeu dar en latín serodio o sintagma *\*(terra) defensa*, co significado de “terra acoutada ou cercada”, base do actual *Devesa*, *A Devesa*, topónimo abundantísimo en Galicia, que

sinala antigas devesas ou fincas pechadas. Na nosa terra unha das principais funcións das devesas era a de producir madeira. De aí o nome de lugar *Devesa* ou *A Devesa do Rei*, o cal, aparecendo seguramente nalgún período monárquico, sinala o seu propietario. Noutras ocasións o topónimo *Devesa*, *A Devesa* ten menos pretensións e sinala fincas coutadas máis pequenas propiedade de particulares. É esta a devesa que aparece nos dicionarios de galego co significado de “porción de terra acoutada con árbores autóctonas ou chan coutado destinado xeralmente a pastos”, que debeu ser o caso da *Devesa* da parroquia de Guimarei.

O *Francés*, nome doutra aldea desta parroquia, próxima á da *Costa*, pode ser un topónimo viario, o cal, aínda sen termos documentación antiga ao respecto, puido ser en orixe \*(*camiño*) *francés*, frase estereotipada, referida nun principio ao principal Camiño de Santiago de peregrinos, a cal, a forza de repetirse, sería despois aplicada para denominar calquera camiño máis ou menos importante, dando, coa desaparición ou elipse do substantivo “camiño” e a pervivencia do adxectivo “francés”, o topónimo *Francés* ou *O Francés*, o cal, se leva o artigo *o* diante, como no noso caso, pode ser nalguna ocasión un topónimo étnico ou de alcume, caso da chamada *Casa do Francés*, nome popular dado a unha casa da devandita aldea de Campos, onde, ás nosas preguntas ao preguntarmos ónde era o lugar do *Francés*, unha amable e espontánea comunicante informounos que *O Francés* era o seu home, así chamado por estar varios anos emigrado en Francia. (*Casa*) *do Francés* que dentro de anos pode producir outro topónimo *O Francés* na mesma parroquia, distinto ao actual *O Francés* próximo ao lugar da *Costa*.

A un antigo posesor hase referir *Gudín*, seguramente procedente dunha antiga \*(*villa*) *Gudini* ou similar, en alusión a un antigo terratenente ou administrador dunha gran finca, granxa ou quinta chamado *Gudinus*, *Gutinus* ou similar. O nome doutro posesor medieval debe estar agachado no topónimo tamén “guimariense” *Xerlís* ou *Xerliz*, que nas súas orixes debeu rematar en *-ici*, como o devandito



O topónimo A Pinguela sempre dá nome a ríos, fontes e mananciais onde pinga auga.

de *Guitiriz*, e *Gomariz*, *Gomarís*, etc., etc., que sempre aluden a antroponimos xermánicos.

No lugar da *Painceira* (o rótulo indicativo pon *Penceira*) debeu haber no momento do nacemento do topónimo unha painceira, isto é, unha leira plantada de paínzo ou millo miúdo, en castelán *mijo*, planta cultivada antes da chegada a Europa do millo americano, do que este tomou o nome; paínzo ou millo miúdo de gran moito máis pequeno ou miúdo, de aí a súa denominación.

Verbo do fermoso e sonoro topónimo *A Pinguela*, referido ao río do mesmo nome, afluente do Liñares, pode facer referencia ao nacemento desta corrente fluvial, a partir dun pequeno fío de auga. A este respecto, os dicionarios de galego documentan o vocábulo “pinguela” cos significados de “fío de auga saído de entre as rochas, Cano dunha fonte” (*Gran diccionario...*, 2000, voz *pinguela*: 1515). Topónimo asturiano parecido aos nosos da *Pinguela* e *A Ponte da Pinguela* é o de *La Gotera*, nome dun emprazamento situado na estrada vella que, dende a provincia de León, sobe cara ao porto de Pajares. Alí, segundo puidemos comprobar, aínda se amosa unha *gotera*, que sae ou *gotea* dunha gran rocha (Cabeza, 2000: 319). En Asturias tamén se documentan os topónimos *La Pinga*, *El Pingón* y *El Pinganón*, interpretables por el asturiano *pingar*=“*gotear*”, e o galego así mesmo “pingar”, palabras que se remontan ao latín vulgar \**pendicare*, “pendurar”, “caer un líquido



O lugar de Rial, cuxo topónimo naceu un pouco máis abaixo (no “rial” ou rego da Presa), co seu posible castro.

O “rial” ou pequeno rego ao que se refire o topónimo Rial.

pinga a pinga”, base do noso topónimo *A Pinguela*, que, coa súa terminación -ela, é un diminutivo de pinga.

No lugar da *Portela* houbo ou aínda hai un paso ou portela orográfico entre lugares máis altos ou unha antiga e desaparecida “portela” no sentido de abertura ou pequena porta nun valado que permite a entrada dunha persoa ou dun animal.

O lugar de *Rial*, situado debaixo dunha elevación de terreo que semella ser un castro, debe o seu topónimo ao chamado e próximo Regato de Rial ou A Presa, que separa os lugares do Cogoludo e Rial, este proveniente do latín *regale*, referido á devandita pequena corrente fluvial, que, no momento da creación do topónimo, recibiría a súa denominación popular de “rial”, xurdindo o apelativo de lugar homónimo *Rial*, de igual ou moi parecido significado aos de *Real*, *Rego de Auga*, etc. (Cabeza, 1992: 397).

Como era de esperar, no lugar da *Torre*, levántase unha torre na chamada popularmente A Finca da Torre ou A Finca da Marquesa; pazo-torre ou torre-pazo que tivo a súa importancia, cuxas vicisitudes deixamos para os historiadores. Esta torre debe ser posterior a outra máis antiga que debeu haber no lugar da *Torrevela*, onde, porén, non recordan a existencia de fortificación ningunha, se ben



A Torre de Guimarei está no lugar da Torre.

aínda se conserva a chamada Casa da Maruxa, que foi, segundo a crenza popular, “unha igrexa moi vella”; edificio que amosa nunha das súas paredes dúas cabezas de pedra rusticamente esculpidas.

En canto ao *Zarabeto*, empraizamento así mesmo da parroquia de Guimarei, que aínda lembran os máis vellos do lugar, debe ser un topónimo referido ao alcume e/ou condición dun individuo que era zarabeto, isto é, unha persoa que prendía na fala e pronunciaba con dificultade as palabras, repetindo varias veces algunha das súas síla-

bas. Sinónimo de “zarabeto” é “tato”, palabra que parece reflectirse no nome de lugar *Tatos*, que en orixe debeu ser *Os Tatos*, nome dunha aldea (próxima ao devandito lugar do Francés ou O Francés) que non sabemos se entra xa na xurisdición da parroquia de Guimarei, e que inicialmente se referiría a unha familia residente no lugar apelada Tato, e este antropónimo anteriormente a un primeiro individuo tato, é dicir, que tatexaba ou, en castelán, *tartamudeaba*. Apelido, este de Tato tamén existente, como sucede co de Campos, na vila da Estrada. A este respecto, aínda recordamos con señardade, admiración e cariño ao señor Tato transportar na súa vella bicicleta dous enormes caldeiros cheos de comida para os seus porcos, circulando en perfecto estado de equilibrio por unha hoxe sorprendente rúa Pérez Viondi sen coches, alá polos afastados e heroicos anos sesenta.

## Bibliografía

- CABEZA QUILES, F., 1992. *Os nomes de lugar. Topónimos de Galicia: a súa orixe e o seu significado*, Xerais, Vigo.
- CABEZA QUILES; F., 2000. *Os nomes da terra. Topónimos galegos*. Toxosoutos, Noia.
- LÓPEZ FERREIRO, A., 1983, (reed.), *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago*, (apéndices documentais), Santiago.
- LUCAS ÁLVAREZ, M., 1986. *El Tumbo de San Julián de Samos (siglos VIII-XII)*, edición diplomática, Caixa Galicia, Santiago.
- VV. AA. 2000. *Gran diccionario Xerais da lingua*, Xerais, Vigo.





## Aproximación ás expresións de fe relixiosa e prácticas de piedade dos fregueses de San Paio de Figueiroa e da Estrada nos últimos catro séculos

Manuel Castiñeira Rodríguez

As miñas fontes de información foron, fundamentalmente, os arquivos parroquiais da Estrada, Ouzande e Matalobos e o arquivo municipal; tamén, por suposto, persoas que manteñen vivos na memoria feitos acontecidos do 1925 deica hoxe.

Aceptando como válida a afirmación do Cóengo de Zaragoza Xosé María Cabodevilla: *onde queira que vaíamos viaxamos sempre metidos dentro de nós mesmos e, máis ca ver co ollo, vemos a través do ollo*, por iso mesmo, manifesto, xa de principio que, a miña condición de sacerdote e crente vai influir inevitablemente na maneira de interpretar os feitos históricos, sociolóxicos e relixiosos que de seguido me propoño presentar. Como desexaba apreixar o sentimento relixioso dos nosos devanceiros fregueses da parroquia de San Paio, centrei as miñas pescudas nos seguintes aspectos:

1. Lugares de culto nos que conste a celebración comunitaria da fe, achegándonos o máis posible á súa ubicación espaciotemporal.
2. Devocións máis comúns manifestadas nas imaxes, celebracións e festas.
3. Institucións de que se serviron para cultivar e propagar a fe.


4. Párrocos encargados, durante os catro últimos séculos, de manter aceso o lume da fe.

## I. Centros de culto ou lugares sagros

Cos datos que nos ofrecen os arquivos parroquiais obtemos seis centros de culto; cinco construídos na antiga parroquia de Figueiroa e un na de Ouzande. Trataremos de presentalos por orde cronolóxica de erección, na medida en que as fontes nolo permitan

### *Igrexa parroquial de San Paio de Figueiroa*

Polos datos que se desprenden da relación de obras que nela se efectuaron na segunda metade do XVIII, hai que imaxinala coma un edificio de estilo románico de dimensións reducidas; espadana dunha soa campá e símbolos xacobeos como “veneras” que amosa-



Sobre a vista aérea do cemiterio da Estrada, situación aproximada da primitiva igrexa parroquial de San Paio de Figueiroa.

ban a súa ubicación no Camiño de Santiago. Estaba situada no actual cemiterio da Estrada, na súa parte máis baixa e antiga, á man dereita entrando pola cancela inferior, aproximadamente na parte media do espazo limitado entre o camiño que parte do portal, e o muro do norte. Cónstase a existencia nese lugar dunha cimentación antiga, que sen dúbida pertenceu á igrexa de Figueiroa, por referencias duns albaneis que alí mesmo construían un panteón soterrado.



Sobre estas lápidas ubicouse a Igrexa parroquial de Figueiroa.

Imaxinamos un edificio con adro abondo para percorrer as procesións, coa súa fachada principal orientada cara ó oeste. Calculamos a súa construción no século XII, permanecendo aberta ó culto deica o ano 1853, cando quedou destruída polo lume, que algúns mal pensados dicían que fora provocado, coa intención de acelerar o proceso de construción dunha nova igrexa no lugar da Estrada.

### *A Capela do Espírito Santo*

No ano 1589 don Juan González de Figueroa, esposo de dona Inés Álvarez y Bermúdez de Castro realizaron vinculación dunha parte importante dos seus bens en Figueiroa, na Estrada e no lugar de Moldes, en Santa Baia de Matalobos, cedéndollelos a dous dos seus fillos coa carga ou condición de edificar e soste debidamente unha capela baixo a advocación do Espírito Santo no lugar da Estrada, pertencente daquela ás parroquias de Figueiroa, Ouzande e Guimarei. A línea divisoria viña dada polos camiños, de modo que, seguindo a línea Fernando Conde - Ulla – Calvo Sotelo - Peregrina, en sentido Pontevedra, todo o que quedaba á dereita pertencía a Figueiroa. Tomando agora como referencia a rúa Pérez Viondi, deica

a farola, se dende alí miramos cara a Ouzande, canto deixaba á dereita era desta parroquia, pertencendo a Guimarei a parte da esquerda. Na mencionada capela do Espírito Santo celebrábanse dúas misas semanais en sufraxio dos seus fundadores e antecesores con cargo ós titulares dos bens da referida Fundación, que levaba consigo tamén a obriga de edificar e manter unha casa Hospicio de peregrinos.

Os relatos das visitas pastorais dannos a coñecer a permanente loita da Igrexa para urxir ós detentadores dos bens que cumprisen os seus deberes, de modo que en ocasións foi preciso acudir ó brazo secular para apremiar a aqueles o coidado da capela e a satisfacción dos sufraxios establecidos.

Pretendo agora situar, coa maior exactitude que as fontes de información mo permitan, a capela do Espírito Santo. Tomaremos como referencia un camiño secundario polo que os veciños de Ouzande accedían ó vieiro principal que viña de Forcarei por Bedelle. No libro de fundacións da parroquia de Ouzande afírmase, no ano 1810, sobre unha cancela que estaba entre a casa de Felipe Trigo e a da viúva de Domingo do Pazo, *cancela que está frente al camino que pasa por delante de la Capilla del Espíritu Santo*. Sendo esas casas de Ouzande e pertencendo a capela a Figueiroa; tendo en conta que os templos situasen a súa porta principal cara ó poñente e que o camiño pasaba *por diante da capela*, coido que podemos precisar xa o lugar exacto onde se ubicou.


Outras fontes veñen confirmar e aínda completar o anteriormente exposto. Na sesión da Corporación Municipal do 25 de abril do 1842, cando se estaba a construír ó cárcere, consta que os presos, de modo provisional, foran aloxados na Capela do Espírito Santo, daquela desafectada do culto. O 22 de agosto do mesmo ano o Concello menciona os veciños máis próximos á Capela, que ameazaba ruína: Francisco Trigo (penso que vivía no fundo onde hoxe se asenta a vivenda da familia Silva Cordo), don José Vila del Pino (albergou a súa casa o Concello provisional no 1842 e naquel solar construíu posteriormente don Pedro Campos) e, por último, don

Felipe Tato, sacerdote que o Concello contratara como mestre, facendo escola na súa propia casa, que daba tamén á praza polo vendaval. Pero acheguémonos aínda un pouco máis; na sesión municipal do 11 de xaneiro do 1843 faise constar que os escombros da Capela do Espírito Santo impiden o ornato público, ademais de constituíren un estorbo para os veciños que naquel lugar celebraban a feira. Ese sería o lugar máis axeitado para situar a lápida constitucional, según acordo dalgúns anos


atrás, e que se fixou no centro da citada praza, e á que aluden os historiadores consignando os coñecidos versos do cura don Juan Manuel Fontenla. No centro, pois, da praza da Farola, no lugar que agora ocupa o xandinciño circular, tirando quizais un pouco máis cara ó norte: alí naceu a primeira expresión de fe relixiosa comunitaria da Estrada; e alí mesmo se botaron tamén os fundamentos da nosa capitalidade, xa que no ano 1840 deu alí os primeiros pasos. Coma quen di, o metro cero do concello estradense, o embigo do noso particular microcosmos municipal.

### *A Capela de San Xosé*

Sen que conservemos no arquivo parroquial data concreta da súa fundación, sabemos que a familia Sangro construíu ó pé do seu pazo, máis coñecido como Casa Grande de Figueiroa, un centro de culto. Visitada no 1727, faise constar que dita capela estaba a carón da casa



Sobre o plano sitúase a “igrexia vella” da Estrada, de planta de cruz, e a Capela do Espírito Santo. Tamaño e situación aproximados.



Situación da outrora próspera Casa Grande de Figueiroa, hoxe arruinada. Ó seu carón encontrábase a capela pacega de San Xosé.

de don José Bermúdez de Sangro, Rexidor da Cidade de Santiago, en Figueiroa de arriba. O visitador fai constar que a capela estaba ben aseada e dotada do imprescindible para o culto. Así mesmo encarece ó párroco solicite ós donos do pazo títulos e licencias da capela. Sucede aquí que o patrono desta capela pacega de San Xosé, séndoo tamén da do Espírito Santo da Estrada, mantén esta última e o Hospicio anexo mal reparada e carente dos efectos mínimos para oficiar a

Eucaristía con dignidade. Paradoxo evidente que pode encontrar a súa explicación na busca de comodidade dos habitantes da Casa Grande de Figueiroa, evitando teren que se desplazar deica a igrexa parroquial, mais tamén por certa ansia de prestixiar a súa morada co engadido dunha capela. Penso que esta capela de San Xosé debeuse construír pola primeira ou segunda década do XVIII, e seguramente deixou de ser lugar de culto contra a metade do dazanove época na que a propia Casa Grande pasou a empregarse como acuartelamento da Milicia Nacional.


### *Capela da Peregrina*

No 1841, ó tempo da construción do Cárcere do Partido, que ocupou o solar da actual casa da terceira idade, don Juan Manuel Fontenla, cura párroco de Ouzante e polo tanto con xurisdicción nesta porción do lugar da Estrada, solicita –e obtén– do Arcebisado permiso para construír unha capela, alegando que na Estrada, derru-



No solar das casas que fan esquina, entre as rúas de Waldo Álvarez Insua e Manuel García Barros, situouse probablemente a Capela da Peregrina. A súa proximidade ó cárcere facía posible que os reclusos oisen misa dende as rexas do presidio.

bada xa daquela a Capela do Espírito Santo, non existía lugar ningún para celebrar culto. O día 19 de marzo do 1842 bendiciu a capela, baixo a advocación da Virxe Peregrina o propio párroco, previa autorización do Vicario Xeral da Diocese pois o Arcebispo encontrábase desterrado na illa de Mahón. Nela poderían oír misa os feirantes que acudían ó mercado da Estrada, e mesmo tamén os presos do cárcere a través das reixas. Por tódolos detalles que as fontes nos proporcionan chego eu á conclusión que a Capela estivo ubicada, moi probablemente, á esquerda da actual rúa Waldo A. Insua conforme se entra pola Peregrina e pasado o edificio



Ubicación da antiga Capela da Peregrina, derrubada no ano 1884.

dos anciáns, no solar do primeiro edificio da dereita da rúa M. García Barros; a fachada principal estaría fronte mesmo do lateral dereito do cárcere según se miraba cara a ela.

A historia deste lugar de culto no que se iniciou entre nós a devoción á Virxe Peregrina foi realmente curta. Destruída polo lume a igrexa de San Paio de Figueiroa, iníciase o proceso de construción do novo templo parroquial no lugar da Estrada e, mesmo o día que se bendice e inaugura este templo, cérrase a Capela da Peregrina construída enteiramente co escaso peculio de don Juan Manuel Fontenla e as esmolos de fregueses e devotos. Trasládase a Ouzande a Imaxe da Virxe Peregrina e menaxe de culto, incluída a campá pequena que hoxe repenica naquela parroquia.

Afirma don Pedro Varela que o edificio da Capela foi mercado por don Benito María de Oca, Alcalde da Estrada, Promotor Fiscal, Deputado Provincial e Xuíz de Paz. Neste mesmo edificio e baixo o título de Capela de Santa Lucía aínda se celebraron actos de culto, misas ou vodas en anos posteriores. Engade Varela que foi derrubada no 1884 co descontento dos veciños de Ouzande alegando, con razón, que era tamén froito da súa suor. Os 16 anos que a Capela albergou á Peregrina foron suficientes para acender no corazón dos estradenses o amor á Virxe Peregrina, deixando constancia, unha vez máis, da relación da Estrada co Camiño de Santiago.

### *Igrexa de San Paio da Estrada*

Non é preciso gastar tempo explicando a ubicación daquel templo que empezou a construírse na vila da Estrada a partir do 1859 pois, para aqueles que non o lembren ergueito, existen gran cantidade de fotografías que nolo amosan no seu emprazamento orixinal.

Como xa quedou dito, o motivo da súa construción foi a desaparición por incendia do templo parroquial de Figueiroa. A razón de ubicalo naquel lugar encontrámola no crecemento da poboación, a concorrencia de xente polas feiras e a consecución da capitalidade municipal a partir do 1840. Os medios económicos procedían do

Estado, Diócese e colaboración xenerosa do vecindario. Foi bendicida e inaugurada polo párroco don Manuel Álvarez Monteserín o 25 de xuño do 1858, en presenza de numeroso público e forzas vivas da comarca. As previsións de crecemento da Estrada non deberon ser axeitadas pois só 40 anos máis tarde colocouse xa a primeira pedra do “novo” templo parroquial por mostrarse claramente insuficiente aquel. Nunha declaración do cura don Santiago Radío, en orde á liquidación de dereitos

reais en xullo do 1911 podemos ler: *el templo parroquial de esta villa, cuyo solar y terreno adyacente mide una superficie de nueve áreas y cincuenta centiáreas, 950 metros cuadrados*. Enténdese que nesta superficie estaba incluído o adro, o que nos daría unha idea da escasa capacidade da igrexa, o que explica o escrito de don Nicolás Mato dirixido no 1920 ó Ministerio correspondente apremiando a construción dun novo templo parroquial.

A igrexa permaneceu activa deica o día 15 de agosto do ano 1935, día da bendición do novo e actual templo parroquial da Estrada. Son setenta e sete anos de experiencias relixiosas vividas polos nosos devanceiros e bastantes persoas que aínda viven. O edificio foi vendido en subasta e, unha vez desmochado da súa torre, pasou a usos profanos, almacén de mercadorías e garaxe de automóbiles ata que foi derrubado; no seu solar construíuse o edificio do Banco Simeón.



Nunha fotografía de principios do século vinte a “igrexia vella” de San Paio da Estrada.

### *Actual igrexa parroquial de San Paio da Estrada*

A súa construción foi cousa moi azarosa, con épocas de obra parada e mesmo pasando polas mans de distintos constructores e arquitectos. Tampouco faltou un conflito xudicial que se ventilou no Tribunal Supremo... total, trinta e sete anos dende a colocación da primeira pedra no 1898 ata inaugurarse, sen rematar de todo, no 1935. Cómpre sen embargo recoñecer que se proxectou unha obra con previsión de futuro: as súas dimensións veñen ser as mesmas, aproximadamente, cás da anterior Catedral de Santiago, destruída por Almanzor no 997, e da que Guerra Campos afirma que era das máis grandes de España. Certo que foi erixida mil anos antes cá nosa pero tamén o é que estaba destinada a recibir xente de fóra, moitos peregrinos, mentres que a da Estrada era... para A Estrada. Aínda así quero consignar aquí a necesidade dun segundo centro de culto que sería suficiente duns 150 metros edificadas, pois sucede a menudo que adoitan coincidir con frecuencia na mesma hora e día celebracións litúrxicas e acontecementos relixiosos de diversa índole. Saberíame a gloria que se chegaran a facer algunhas obras de adecuado remate do noso templo parroquial e que logo despois fose consagrado co rito solemne que ten a liturxia católica, que é algo máis ca unha simple bendición, como se fixo.

E logo se escribiu a historia azarosa da súa construción e ordenación do seu entorno, dende a adquisición deica a última remodelación efectuada no 1990, indagando nos arquivos e hemerotecas nos que se encontran consignados os datos e actividades das persoas que o fixeron posible, dende don Nicolás Mato e curas anteriores, pasando por dona Melania Nine con quen A Estrada ten contraída débeda de gratitude polos moitos servizos que prestou á freguesía e veciños da vila, sen esquecer a ningunha das tantas persoas que, baleirando os seus petos e estimulando a outros a que o fixesen, conseguiron levantar este templo. Nin deixar de lado a aqueloutros que con teatros, tómbolas e festivais contribuíron tamén a fin tan digno de loubanza. ¡Loores para todos eles!

Gustaríame, por último, expor os motivos polos que me dediquei a buscar información sobre os lugares de culto das freguesías de Figueiroa e A Estrada. Nunha viaxe que realicei a Terra Santa no 1980 experimentei unha fonda emoción o día en que visitei o templo construído no lugar que, según a tradición, Cristo celebrou a última Cea. Sendo obxectivamente máis importante o feito de que tivese acontecido (alí ou noutro lugar) a Institución da Eucaristía, para min tivo máis importancia naquel intre o feito de *ter acontecido alí onde eu me encontraba*. Entendín entonces as palabras de meu pai aquel 13 de novembro do 1963. Despois da Santa Misa coa que festexamos as vodas de ouro, celebrada coa benevolente licencia do para min inesquencible Cardeal Quiroga, dirixiuse a min e díxome: *O que máis me emociona é que a esta casa, arranxada polos nosos devanceiros Alberte e Dominga, alá pola metade do século dezasete, e que herdei despois de pasar por sete xeracións, viñese Cristo facerse presente para abastecer e facer de anfitrión da nosa mesa.*

Consola, di José María Cabodevilla, *pensar que Deus elixiu certos espazos concretos do mundo para deixar neles a súa máis amorosa e singular presenza. É un don inefable concedido ó home, que precisa decote limitalo todo para non se perder, para poder pensalo todo, utilizando un réxime mental de escalas. Por iso Cristo mesmo escolleu uns centímetros de pan para darnos a súa especialísima presenza, a máis tenra.*

Os centros de culto estudados ubicábanse en espazos sobre os que a Igrexa implorou de Deus a súa gracia, dicindo: *A túa gracia, oh Deus, coa forza da túa palabra e dos Sacramentos, infunda fortaleza no corazón dos fieis que neste lugar se congreguen.* E os cregos, na festa da dedicación dun templo, afirmamos, con palabras do poeta e teólogo Xosé Antón Miguélez:

Nesta casa de pedra  
 Da igrexa do Señor  
 Mantense o lume aceso  
 Da nosa Redención;  
  
 Mesa de pan e viño  
 Regalo do Amador,

Pousada no camiño  
 Alento do viador,  
 Matriz que nos recrea  
 Irmáns de condición.

## II. Devocións e imaxes veneradas

Unha vez constatada a veneración das tres persoas da Santísima Trindade na freguesía de San Paio –pois todos eran bautizados no nome do Pai e do Fillo e do Espírito santo, santiguábanse invocándose e mesmo rezaban o Credo ou símbolos dos Apóstolos–, entre os séculos XVII e XIX existiu unha efixie de Deus Pai no máis alto do retábulo do templo parroquial. A devoción á Segunda Persoa manifestábase no culto á Eucaristía e na presenza no templo parroquial dun altar baixo a advocación do Santo Cristo. Por outra parte había na capela da Estrada unha efixie do Espírito Santo que, unha vez derrubada aquela no segundo tercio do século dezanove, fora trasladada a Figueiroa e posteriormente á nova igrexa da Estrada, onde no 1858 consta que estaba exposta ó culto. Devoción intensa foi sempre nesta freguesía a devoción á Nai de Xesús, venerada inmemorialmente xa en Figueiroa baixo a advocación da Nosa Señora do Rosario que tiña confraría propia. Así mesmo venerábase a Nosa Señora dos Remedios, á que estaba adicado o altar lateral do Evanxeo, ou sexa, o da man esquerda entrando na igrexa. Tamén se veneraba como a Nosa Señora da Soedade. María, no misterio da súa participación dos sufrimentos de Cristo, recibiu veneración ó longo da historia cos títulos de Nosa Señora da Piedade, como se adoita refrexar nos cruceiros da nosa terra, incluído o da Estrada; Nosa Señora das Angustias; das Dolores cunha espada espetada no peito ou ben sostendo nas súas mans un corazón atravesado por sete espadas, aludindo á expresión de fe popular que se manifestaba no rezo de sete avemarías en memoria dos sete máis *acerbos dolores* da Nai de Cristo. En Figueiroa era, como quedou dito, a Soedade; nas dúas igrexas da Estrada, as Dolores cunha espada, tal como hoxe se ve.

Veneraban tamén en Figueiroa a San Paio, patrono da parroquia, a Santo Antonio Abade, a Santo Antonio de Padua, a San Roque e a Santa Elena. Na igrexa da Estrada, chamada por nós *igreja vella*, consta que, desaparecidas as imaxes da Nosa Señora dos Remedios, a da Soedade e a de Santa Elena, seguiron expostas ó culto as efixies do Pai Eterno e do Espírito Santo, a do patrono San Paio, a do Rosario, de San Roque e Santo Antonio Abade e de Padua. Xa no 1870 aparece a Nosa Señora da Peregrina, Santa Apolonia e unha imaxe do Neno Xesús. Posteriormente, no 1877

constatamos xa a veneración á Inmaculada Concepción nunha imaxe de vestir regalada á parroquia polo cura don Francisco Coto Eirín, trala erección canónica das Fillas de María no ano 1875, congregación que tanto contribuiu á propagación, ata o día de hoxe, da devoción de María Inmaculada.

No ano 1892 figuran como imaxes novas a da Nosa Señora das Dolores, de vestir e con talla case natural, como a describe o cura; foi un regalo de don Cayetano Vicente, mestre de profesión que vivía na rúa da Peregrina onde tiña un pequeno oratorio no que se veneraba tamén outra imaxe, duns 58 cm., que aínda hoxe se conserva no domicilio de doña Teresa Vicente Pardo, bisneta dun irmán do mencionado D. Cayetano Vicente. En torno a esta imaxe, a



Primitiva situación da imaxe da Inmaculada, obra de Asorey, ó final da rúa don Nicolás e fronte á porta do templo parroquial da Estrada.

memoria familiar mantén a convicción, recibida oralmente dos seus maiores, de que realizou un milagre, preservando a vida dun meniño pequeno que resultou ileso ó derrubarse o teito da habitación onde durmía, nun día de gran treboada. A devoción á Nosa Señora era propiciada tamén pola práctica habitual entre os vecinos de levar, prestada pola familia Vicente, a imaxe á casa dos moribundos que sufrían unha prolongada agonía para que a Virxe intercedese por eles perante Deus á fin de desprenderse de contado, cando o cura lle facía a recomendación da alma, ou ía *encamiñalos*, según expresión que escoitei máis duna vez en Lérez, cando persoas que sufrían moito me dicían: *señor cura, encamiñe a miña alma, para que Deus me libre de contado deste sofrimento, que xa non podo turrar polo alento*. Expresión fermosa da fe sinxela e fonda da nosa xente. A imaxe doada por don Cayetano é a que con devoción veneramos agora na Estrada, particularmente no día 15 de setembro. Finalmente, figuraba tamén a imaxe de San Xosé, a mesma que hoxe temos, procedente quizás da capela de San Xosé de Figueiroa. Aparece tamén a finais do XIX a imaxe da Nosa Señora do Carme, de vestir, dun tamaño *bastante bueno*, según consta no inventario da época. E tamén figura a Santa Apolonia, que recibe culto en Guimarei; San Bieito, que o recibe en Matalobos e a Peregrina que tamén é venerada en Ouzande... poida que se trate dun culto por mimetismo que acabou desaparecendo coa igrexa vella.

No 1893 conséntase a presenza no templo parroquial dun Cristo Xacente, dunhas seis cuartas, según expresión do cura que efectúa o inventario. Encontrábase no interior duna furna de madeira de castaño vernizada de negro e con motivos decorativos de madeira de buxo. Esta imaxe foi regalada á parroquia polo cura don José Baños Noya e a furna ou sepulcro por don Eliseo de Silva Espinosa, xunto cunha cruz de pino. Estes tres motivos empregábanse na representación da escea do Desencravo e para a procesión do Santo Enterro na Semana Santa. Engadía o cura que este D. Eliseo era avó materno de dona Concha Losada Silva, viúva de Paseiro, quen fixera tamén doazón dun

Calvario de madeira de caoba con incrustacións de marfil, para ser empregado na procesión, e que se gardaba na casa do doante.

Tamén por aquelas datas dona Adelaida Paz, viúva de Couñago, doou á igrexa dúas imaxes dos Sagrados Corazóns de Xesús e de María, xa usadas, de tamaño pequeno e hoxe retiradas do culto ó seren substituídas por outras que no 1906 doou un devoto. O cura don Ricardo Rivas Mugía afirma que o precio andaría polas 2000 pesetas, sendo restaurada recentemente a do Corazón de María.

Ó tempo da inauguración da actual igrexa, no 1935, seguiron expostas á veneración dos fieis as imaxes dos Sagrados Corazóns, Nosa Señora das Dolores, o Cristo Xacente e a de San Xosé, as outras foron retiradas do culto. No 1936 figuran xa na Estrada as imaxes actuais de San Paio, do Crucificado, da Milagrosa, a da Nosa Señora do Carme e a de San Francisco. En anos sucesivos foron incorporándose as imaxes de San Antonio de Padua, Santa Rita de Casia e Nosa Señora de Fátima. Non quero omitir a imaxe da Nosa Señora do perpetuo Socorro, retirada hoxe do culto e da que non atopei datos no Arquivo, e outra efixie grande, con capacidade de inspirar sentimentos de fonda devoción, que representa o Sagrado Corazón de Xesús en actitude acolledora, bendicindo a quen o venera, durante todo o mes de xuño. A Santa Rita, por último, adícase-lle na actualidade unha novena e festa.

Partindo de testemuños orais, xa que disto non existe constancia escrita, fun reconstruíndo a historia dalgunhas das imaxes do noso templo xunto co nome das persoas que de forma individual ou ben entre varios colaboraron na súa adquisición: O San Paio foi doado polas irmás García Durán (as de Diego); o Crucificado seica foi ofrecido por don Wenceslao González García, veciño de Vilagarcía pero que frecuentaba moito esta vila, a petición de Camila Salgado Sánchez. O Santo André doouno Andrés Varela Sánchez en agradecemento ó bo resultado dunha intervención cirúrxica que sufriu no estómago. A imaxe da Milagrosa débemola relacionar con María Escariz de Pantoja pois a ela se encomendou antes de ser sometida a

unha delicada operación no sanatorio de Baltar de Santiago, en cuio oratorio se veneraba. A actual efixie do Santo Antonio de Padua débemoslla a María Losada de Eirín e a da Nosa Señora do Carme, ás irmás Otero Botana.

A de Santa Rita foi ofrecida por Anuncia Sinda Castro Dono en acción de grazas por recuperar a súa saúde, mentres que a imaxe do Sagrado Corazón, que se expón no mes de xuño, débese a don Vicente de la Calle. Sobre a imaxe de Fátima teño menos información; apuntou alguén que podería ter algo que ver coa súa adquisición María de Jesús Oliveira Chenlo de Mato. De todas formas coido eu que chegou á nosa parroquia en torno ó ano 1951, época na que se levou a cabo unha gran campaña de promoción do rezo do Rosario impulsada polo inesquecible cardeal Quiroga: unha imaxe da Virxe saíra daquela de Fátima e foi percorrendo tódalas cidades e vilas de Galicia. Disto pode dar fe Marisol Meijide García, a quen Nosa Señora visitou, sendo nena, no seu leito de enferma.

A imaxe do Perpetuo Socorro, puido ser doazón de Engracia Señorán Sánchez ou alguén do seu entorno; o dato non está debidamente confirmado, aínda que, coma tódolos demais que acabamos de referir, fóronme transmitidos en conversas con persoas daquel tempo que manteñen bastante boa memoria.

No ano 1954 e froito da parroquialmente ben levada celebración do centenario da definición dogmática da Concepción Inmaculada de Virxe María, os fregueses da Estrada xunto coas distintas ramas de Acción Católica e da Congregación de Fillas de María, con don Nicolás ao fronte, deciden erixir na praza da igrexa, daquela denominada do Arcebispo Alcolea, un monumento á Nosa Señora. Recibe o encargo o famoso escultor Francisco Asorey.

Proxectar, deseñar, aprobar o boceto, tallar a imaxe e decidir o emprazamento... todo iso leva tempo; eis a razón pola que o pedestal está aínda sen rematar nos últimos do 1955. A ubicación da imaxe sería fronte mesmo á porta principal, circunstancia que non a todos agradou, polo que se recurreu ó Arcebisado. Informado este

das circunstancias que concorrían na erección da imaxe pasa a dar contestación á instancia presentada polo párroco don Nicolás, solicitando a pronta aprobación do proxecto levado a cabo por *suscripción popular*. A resposta da autoridade eclesiástica (4 de xaneiro do 1956) resulta favorable á continuidade aducindo que no estado avanzado das obras e xa cimentado e construído en parte o pedestal, sería gravoso e causaría mala impresión a modificación do proxecto.

Hei dicir que o proxecto orixinal da imaxe era diferente ó que agora vemos e admiramos no adro da igrexa. Un compañeiro cura referiume que Asorey deseñara a Nosa Señora coa Sagrada Forma na man. Don Nicolás puxo reparos a esta representación, poida que temese non ser aprobada pola xerarquía. O poeta de Codeseda Cabada Vázquez escribira uns anos antes que facer a Cristo presente en forma de pan...faino calquera sacerdote, e máis ninguén, nin a mesma Virxe María. ¿Temería acaso o cura que xurdise na Estrada un grupo feminista que reclamase o acceso da muller ó Sacerdocio Ministerial?

Como queira que sexa parece que ó propio escultor pareceulle o pedestal demasiado elevado, polo que daba a impresión dunha Nosa Señora distante. Iso me manifestou tamén o mesmo informante. Coido que neste aspecto andou moi atinado o arquitecto señor Rosón cando realizou o recente proxecto de urbanización da praza, decidindo rebaixar un pouco o pedestal e ubicando a imaxe no lugar que hoxe ocupa. Fáisenos agora máis próxima a nós, esperándonos cando nos achegamos ó templo e dándonos a benvida, como dicíndonos, co seu sorriso de Nai recortado no fondo azul do ceo: *esa é a porta da casa do meu Fillo, podes entrar sen chamar, graciñas por vires*. Mesmo como se a Señora atendese a petición que un día lle formulara Unamuno en forma de verso:

*Agranda la puerta, Padre,  
porque no puedo pasar.  
La hiciste para los niños,  
yo he crecido a mi pesar.  
Si no me agrandas la puerta,*



*Esa é a casa do meu Fillo, podes entrar sen chamar; graciñas por vires.*

*achícame por piedad.  
Vuélveme a la edad bendita  
en que vivir es soñar.*

A primitiva colocación da imaxe, como se aprecia na fotografía, producía o efecto de estreitar a porta. Sen embargo, coa actual ubicación percibimos a impresión dunha entrada máis capaz e acolledora.

A imaxe de San Cristovo merece un relato máis polo miúdo. Contra o 1960 o gremio de automobilistas tomou a decisión de adquirir unha imaxe do seu santo patrón de bo tamaño e calidade, pois a que entón empregaban na súa festividade, era prestada pola parroquia de Merín, no concello de Vedra. Velaquí que un bo día a comisión nomeada ó efecto –Eusebio Carballo Fernández, José Brea Mato, Aurelio Bermejo, Alfredo Silva Mato e Orlando Torres, único supervivinte do grupo–, toman o camiño de Santiago, na procura do obradoiro do escultor J. Rivas, co que contratan a talla dunha imaxe do patrono dos automobilistas, pola que haberán pagar 14.500 pts.

Pasados os anos, no 1962 regresa Orlando da emigración en Francia para facer a festa, pero atópase cunha gran sorpresa: a imaxe do San Cristovo ¡non estaba no templo! senón que se encontraba na gasoleneira; Orlando xestionou o seu regreso á igrexa e alí se encontra dende entón.

Poida que o motivo da “expulsión” do San Cristovo resida no feito de que os curas coadxutores de entón, interpretando literalmente a inscrición que se atopa ó pé da imaxe, *Propiedad del Gremio de automovilistas de La Estrada*, decidiron que fosen eles quen lle desen acubillo. Ou tamén para evitaren preguntas do Bispo na próxima visita pastoral en torno a licencia para bendicir a imaxe e expoñela á veneración da comunidade. O caso é que gracias a Orlando, a fermosa talla regresou ó seu sitio, *que era e segue sendo a igrexa parroquial da Estrada*, tal e como me manifestou o meu informante. Polo demais, van aló máis de 30 anos de posesión pacífica, que nos leva á propiedade definitiva; por iso xa lle dixen ó santo, *estate tranquilo, que aquí non hai quen te bote... e perdoa polas nosas miserias*.

Finalmente, e a modo de colofón neste percorrido polas imaxes que veneraron e veneran os estradenses entre os séculos XVII e XXI, hei falar da efixie da Virxe que preside, dende o altar maior, tódalas nosas celebracións.

Nos primeiros anos da década dos setenta, e conforme a un proxecto do actual cóengo don Alejandro Barral Iglesias, emprendeuse a remodelación do espazo interior do noso templo parroquial, coa finalidade de adaptalo a renovación da Liturxia propiciada polo concilio Vaticano II. A congregación de Fillas de María manifestou daquela o desexo de que a imaxe da Nosa Señora presidise o altar. Pareceunos ben a idea a don Alejandro e a min, pois o Concilio introducira no calendario litúrxico a solemnidade de Santa María Nai de Deus para o día de aninovo. Eliximos como modelo unha imaxe que presidía a capela dunha institución relixiosa de Compostela e, de acordo coa Asociación de Fillas de María, decidiuse encargar ó escultor Aldrey unha imaxe que transmitise a gran-

deza infinita da Nai de Cristo. O resultado do traballo foi ben fermoso: unha Virxe entronizada, Raíña do ceo e da terra, *Señora chea de gracia e virtudes, concebida sen pecado, que é Nai de Deus e Nai nosa e está en corpo e alma nos Ceos.*

Quen percorra o camiños das tres imaxes, a Inmaculada da praza, a das Dolores e a Santa Nai de Deus, encontrarase en disposición de encontrar a Xesús; pois, como admitían os nosos educadores na fe, *quen atopa a María, atopa a Xesús*, do mesmo modo que lles sucedeu aos pastores de Belén (Luc. 2,16). Aínda hoxe práceme, nas festas da Virxe, recitar amodiño o himno que a Igrexa tomou dos poemas de Ramón Cabanillas para a liturxia das horas:

*¡Estrela do norte, ben aparecida!  
Ascensión na vida, redención na morte.*

*Nin o luar de agosto  
nin os albos lírios  
son como o teu rostro.*

*Non, non hai luar,  
nin a luz de Sirius,  
como o teu ollar.*

*Toda Ti es gracia,  
calmas, harmonías,  
ala que esvoaza ...*

*Emoción, tenrura,  
íntima saudade,  
alta fermosura.*

*Dúlcida beleza,  
clara divindade,  
pálida tristura.*

*¡Estrela no norte, ben aparecida!  
Ascensión na vida, redención na morte.*

Temos que confesar que na Estrada sobresaen as devocións fundamentais da fe cristiá. O amor a Deus Pai, que se manifesta valorando ó seu Fillo como único camiño para chegar a El. A devoción a Xesucristo como Crucificado, morto e sepultado pola nosa salva-



Imaxe de San Cristovo.

San Antonio Abade, de autor anónimo. Segundo tercio do século XVIII.



ción, tamén baixo a figura do Sagrado Corazón, a quen veneramos na Estrada durante o mes de xuño; a devoción a Cristo na Eucaristía, na exposición solemnen na festa do Santísimo e a procesión do 27 de xuño...

A devoción ó Espírito Santo, se cadra perdeu intensidade con relación ós tempos pasados, cando estaba activa a confraría da capela do Espírito Santo, despois en Figueiroa e tamén durante algún tempo na igrexa desaparecida no 1935. Hoxe, a pesar dos verdadeiros esforzos de curas e catequistas, dame a sensación de que unha porcentaxe significativa dos fieis é alleo á devoción do Espírito santo. ¡Quen fora capaz de artellar unha confraría con esta advocación á que se afiliasen, con verdadeiro entusiasmo, os pais de familia!

E xa, para rematar, prego a Deus por todas aquelas persoas que axudaron a coñecelo e amalo con súa Nai e tódolos santos, en quen

procuramos imitación e exemplo. Que Deus llo pague a cantos contribuíron a facer dos estradenses, mediante o labor apostólico, litúrxico, catequético e caritativo imaxes de Cristo, a quen amaron e seguen amando no próximo. Loores para todos.

### *Postdata*

Rematado o censo de “moradores celestes” que atoparon acubillo no noso templo parroquial, incluída a Señora Inmaculada, que optou por acomodarse mesmo na praza compartindo, se é o caso, a intemperie con calquera desarroupado, chegou á Estrada un novo buscador de hospicio e petou á porta da parroquia. Sendo eu aínda párroco, San Xudas Tadeo, que é o novo inquilino da igraxa parroquial, fíxerame chegar a súa petición de pousada. Non lle dei resposta afirmativa daquela, por canto hai unha disposición do Concilio Provincial de Galicia dos anos 1887 e 1891 na que se di: *Prohibimos a los Párrocos y Rectores de iglesias exponer en ellas imagen alguna, aunque sea donada por los fieles, sin obtener previamente permiso de la Autoridad diocesana, a la que informarán si dicha imagen inspira devoción y es digna de ser colocada en los altares* (Constituciones Sinodales, Título III, Cap. II, constitución 3ª). Estando á espera de que se me aceptase a renuncia á parroquia, pareceume o máis prudente non resolver eu o problema, pois aparte desa normativa, non abolida que eu saiba, tiña outra preocupación. A Igrexa, coa sapiencia do Espírito que nela mora, e a experiencia de dous mil anos de vida, sentou no nº 27 da ordenación xeral do Misal Romano o seguinte principio: *as imaxes do Señor, da Santísima Virxe e dos Santos, segundo unha antiquísima tradición, propóñense lexítimamente á veneración dos fieis nos edificios sagros. Cóidese, non obstante, por unha banda que o seu número non sexa excesivo; e por outra, que o seu ordenamento se faga na orde debida, para que non arreden a atención dos fieis da Celebración. Non haxa máis ca unha imaxe do mesmo Santo. En xeral, no ornato e disposición da igrexa, préstese moita atención á piedade de toda a Comunidade.*

Faise pois preciso evitar todo o que sexa desviar o sentimento de amor, respecto e devoción por Deus, a Virxe e os Santos, mesmo co pretexto de facer ofrendas. Se cadra, os responsables da Comunidade terán que repensar o modo de proceder se outros “moradores celestes” petan á porta. Un bo modelo podémolo encontrar no Prefacio da festa dos santos: *Ti ofrécesnos nos santos o exemplo das súas vidas; a axuda da súa intercesión e a participación no seu destino*. Cómpre non enmendar o proxecto divino, cousa que ás veces facemos utilizando ós Santos como forzas máxicas capaces de realizar cousas imposibles para o mesmo Deus, ou crendo que o seu valemto prevalece contra a divina vontade, ou como recadadores de cartos. Sí temos que imitalos sentíndonos acompañados por eles ao percorrer o camiño que Deus tén trazado para nós.

Noutronte mesmo, conversando cun amigo que participou hai unhas semanas nunha viaxe do IMSERSO, relatoume a visita que realizaran a unha igrexa de Barcelona. Alí, ante cada imaxe, había un peto cunha cartela que dicía: LIMOSNA. “Aquí non hai acceso a Deus e aos Santos sen pagar portádego”, pensou el. Retruqueille, cunha pisca de ironía, que en Cataluña, xa se sabe o peseteiros que son, pero, o que é os santos, eses atenderían as súas peticións aínda que non botase nada nos seus petos. Pola noite, reflexionando a soas comigo mesmo lembrei a crónica periodística da chegada á Estrada de San Xudas Tadeo, a quen se presentaba como competidor de santa Rita como remediador de casos imposibles. Quérolle dicir ós estradenses que é verdade de fe que entre os santos non hai competencia nin ciumes, pois de non ser así no tempo habería máis ruído ca noces, *obruit tuba buxum*, o balbordo da trompeta afofou o dóce da frauta. Espero que entre nós iso non aconteza; benvido pois san Xudas, non o Iscariote.

### III. Institucións establecidas en San Paio de Figueiroa e A Estrada

Deixando a un lado a institución dos fabriqueiros, consta que existiron en san Paio de Figueiroa as Confrarías do Espírito Santo, a das Ánimas e penso que tamén a de San Antonio, non sei se sería o Abade ou de Padua, porque os dous teñen imaxe.

A imaxe de Santo Antonio Abade vestindo o hábito da Orde Hospitalaria dos Antonitas e que se conserva na Estrada, aínda que non exposta ao culto, foi datada polo profesor Otero Túniz no segundo tercio do século XVIII. Cómpre lembrar aquí que pola parroquia de Figueiroa transitaban multitude de peregrinos camiño de Compostela, o que me fai pensar que neste contexto o San Antonio Abade encaixa perfectamente pois é sabido que entre as obrigas dos Hospitalarios encontrábase a atención ós peregrinos. Outros argumentos a favor desta adscripción serían os símbolos xacobeos que existían na antiga parroquia de Figueiroa e mesmo na tamén desaparecida capela do Espírito Santo.

Polo ano 1875 naceu a Congregación de Fillas de María; nos primeiros do século vinte a Asociación do Apostolado da Oración do Sagrado Corazón en contra 1930 a organización de Acción Católica e a Irmandade Catequética. Por último o Secretariado de Caridade que foi xerme e anticipo de Cáritas que traballa arreo hoxe.

Outra fonte de coñecemento das devocións populares ven dada polas datas das misas de fundación ou nos titulares eleixidos para lles adicar altares. As misas fundadas na antiga igrexa de Figueiroa tiñan como datas preferentes o día de San Paio ou a súa oitava; o día da festa do Sacramento, dentro da oitava do Corpus, ou días seguintes. Nas festas da Santa Cruz de setembro ou oitava; pola Asunción o quince de Agosto, ou oitava; na natividade de María, no oito de setembro, ou na súa oitava; no día da Inmaculada, ou oitava. Tamén no día de San Xosé, festa das dolores da Virxe e Virxe dos Remedios, a quen estaba adicado en Figueiroa o altar do lado do evanxeo.

As misas de fundación polos defuntos, máis que fixar datas concretaban o lugar; así, o fundador da capela do Espírito Santo fundara dúas cada semana na mencionada capela, e en Figueiroa fixérao na Capela dos Remedios.

Non cabe dúbida que nas prácticas devotas de cada quen existe un compoñente, non pequeno, de motivacións persoais que nacen nos estratos máis íntimos e profundos da nosa alma. Para min é relevante coñecer a imaxe, poñamos, de Santa María, ós pés da que se axeonllaron e rezaron os meus devanceiros, por iso sinto particular devoción cando celebrou Misa no santuario da Barca de Muxía, porque meus pais comezaron o seu noivado peregrinando alí. E tamén porque miña nai me levou con ela andando ata a Barca e porque meu pai me dixo un día que aquela imaxe lle gustaba moito polo seu mirar humilde.

Para min ten un valor especial o lento debullar das avemarías cando vou acariciando as doas gastadas daquel rosario que herdei da miña avoa paterna; o meu sentimento é moito máis profundo porque creo na Comunión dos Santos, e no meu vello rosario percibo o resoar de douscentos anos de devoción dos meus devanceiros.

#### **IV. Párrocos rectores da freguesía de San Paio de Figueiroa, ou San Paio da Estrada, dende 1620 ata o presente.**

As fontes na que nos informamos foron o libro da Confraría de San Roque de Toedo –parroquia da que San Paio de Figueiroa era anexo–, que comeza naquel ano de 1620 e, despois do 1697, os libros sacramentais de Figueiroa e A Estrada.

No 1620 figuraba como párroco rector don Rodrigo López de Neira, ó que sucederá don Juan de Arrieta y Reymóndez no 1634. Xa no 1657 documentamos a presenza na parroquia do presbítero don Juan de Elduaraien y Zabala e será don Joseph González Cienfuegos, no ano 1691, quen pase a ocupar o cargo de Rector Parroquial. Da información proporcionada polo arquivo non se deduce se estes sacerdotes permaneceron na parroquia deica o remate das súas vidas.

Un pouco máis xenerosas se mostran as fontes posteriores; así de don Joseph Alonso del Portal, que toma posesión da parroquia de Figueiroa no ano 1697, onde permanece ata o 1714, sabemos que finou na Freguesía de Calobre no 1724. Recibe sepultura na capela maior da igrexa de Toedo. Don Gregorio Carballo y Prieto de Miranda sitúase á fronte da parroquia entre 1714 e 1725, sendo soterrado no templo parroquial de Toedo no 1725. No ano seguinte figura como párroco D. Juan Antonio de Espiño, que no 1738 deixa as parroquias de Toedo e Figueiroa pasando a San Miguel de Sarandón; ocupa o seu lugar don Domingo Antonio de Soto y Carbajal que tralo seu pasamento no 1754 recibe sepultura tamén en Toedo. Ó ano seguinte comeza a súa andaina don Domingo Cortázar, que se intitula *Comisario del Santo Oficio* e que no 1768 asina as partidas como *Párroco de Toedo y Figueroa y electo de San Salvador de Coiro*, freguesía do actual concello de Cangas do Morrazo. Sucédelle no 1769 don Joseph Fernández Gómez, que falece no 1803, sendo soterrado na capela maior da parroquial igrexa de Toedo; nese mesmo ano inicia a súa curta estadía en Toedo-Figueiroa o presbítero don Andrés Varela y Sarmiento quen, no 1806 asina as partidas engadindo a súa condición de electo de Santa María de Castrelo, entidade non contemplada no actual nomenclátor da diócese compostelana.

Don Juan Ignacio Rodríguez figura como párroco no 1807; falece e recibe sepultura en Toedo no ano 1826. Non se proveerá novo párroco deica o 1830, sendo gobernadas as parroquias no interregno por Curas ecónomos.

En Maio daquel ano toma posesión don Manuel Álvarez Monteserín, natural de Grandas de Salime, en Asturias. Exerceu o cargo durante corenta anos, e foi el quen realizou o traslado de San Paio de Figueiroa a San Paio da Estrada, construíndose a que se chamou *igrexa nova* no solar que hoxe en día ocupa o Banco Simeón, aquela á que os que agora somos xa entrados en anos chamabamos, mentres durou, a *igrexa vella*.

No ano 1869, unha vez falecido o párroco de Ouzande don Juan Manuel Fontenla, execútase o *arreglo parroquial* decretado polo car-

deal García Cuesta no 1867: deixa de ser San Paio anexa de Toedo e constitúese como matriz pasando a denominarse San Paio da vila da Estrada, da que dependerá, como anexa, San Lourenzo de Ouzande. Álvarez Monteserín comeza a asinar as partidas como párroco de A Estrada e Ouzande pero debeu haber algún conflito cos presenteiros -éranos o Marqués de Santa Cruz e os descendentes da Casa de Sangro de Figueiroa, respectivamente, de Toedo e Ouzande-, pois este cura desaparece da escea, sen que eu puidese dar razón do seu posterior paradeiro.

A modo de comentario das actuacións dos meus predecesores deica aquela data, só direi que a freguesía de San Paio tivo ao fronte persoas merecentes de respecto e consideración, tan só responsables de certas negligencias no rexistro puntual e riguroso dos bautismos, casamentos e defuncións. A nova parroquia de A Estrada-Ouzande vive un longo período de interregno durante o que actuaron como rexentes os sacerdotes don José Picallo e don Francisco Coto Eirín. Por fin no 1878 é designado cura párroco da Estrada-Ouzande don Francisco Gonzáles de Penela, natural de San Andrés de Souto, quen se manterá como titular ata o 21 de novembro do 1910, data na que faleceu e foi soterrado no camposanto de Ouzande. Por razóns moi complexas, que non vou relatar, este párroco permanece na casa de Ouzande ata o seu pasamento; a partir de ano 1892 a parroquia foi gobernada polos coadxutores *in Capite* ou Rexentes don José Baños Noya (do 92 ó 96); don Laureano Sieira Carril (96-97); don Cándido Vigo Munilla, cura que iniciou as obras da nosa actual igrexa e irmán de Benito, alcalde da vila, entre 1897 e 1901; don José Martínez Rudiño, do 1901 ó 1903; don Ricardo Rivas Mugía entre 1903 e 1909 e, dende aquela data deica o mes de agosto do 1912, D. Santiago Radío Pintos, que cesou coa chegada de don Nicolás Mato Varela. Todos estes sacerdotes merecen a mellor loubanza pois mantiveron aceso o lume da fe e o fervor da piedade. Deles conservamos no arquivo parroquial a súa grafía nos rexistros, e pouco máis.

De don Nicolás conservamos máis elementos de coñecemento: algo de encontros persoais e bastantes fotografías e consellos que me

deixou escritos; moito de relatorios das persoas que o trataron moi de cerca e, para rematar... as conversas que con el manteño de cando en cando ao entrar ou saír da igrexa, ó pé do seu sartego. Don Nicolás Mato Varela foi o párroco que durante máis anos exerceu o seu ministerio ó fronte da parroquia de San Paio; cando cheguei á Estrada atopeme con el no pórtico da igrexa pero xa en vida del conversáramos un par de veces, na imprenta do Seminario, nunha ocasión e outra, sendo eu cura de Lérez, no café de Pedro Campos onde me convidou a min e un compañeiro que o trataba máis de perto. Sería contra o ano 1960, cando nin podía eu soñar que habería ser o seu sucesor. O día que me presentei na Estrada para *por me ó servicio* da parroquia, o día 31 de outubro do 1965, don Nicolás, dende o vestíbulo do templo parroquial transmitíume unha fonda mensaxe: *estás acollido por esta xente con todo agarimo, ben seguro que queren ver en ti unha prolongación da miña presenza, ou, mellor, de Cristo, a quen durante cincuenta anos tentei facer presente a dar a coñecer.*

Na homilía daquel día expresei o meu desexo de ser bo sucesor daqueles que me precederan nestas terras de Tabeirós e parroquia da Estrada e Ouzande, sen esquecer unha mención emocionada e agradecida a don Adolfo Constenla Costa, Tenente Coronel Capelán Castrense por cuia mediación me foi concedida unha beca coa que cursei catro cursos de Teoloxía. E por último mencionei ó meu antecesor para dicir: *non teño mellor título de presentación que o ser sucesor de don Nicolás.* El, durante anos inspirou moitas das miñas decisións e no seu exemplo, así como nos papeis e libros do Arquivo Parroquial que el redactara encontrei resposta ás miñas dúbidas. Certa mañá cediño, entrando na igrexa para a misa de oito susurroume dende o seu sartego: *lembra que o noso ministerio é semellante a unha carreira de relevos, toma ti o meu e procura superar a miña marca. Esfórzate nese cometido chamado A Estrada, non erres o camiño e non suplantes nunca a Cristo pola túa propia persoa.* Fun pois destinado a servir a Cristo e á Estrada co mesmo amor que inspirou a entrega de don Nicolás e a liberdade de espírito ante o poder civil ou eclesiásti-

co que el demostrara en bastante ocasións. Coa mesma austeridade e espírito de pobreza que el manifestara durante a súa vida, coa caridade que o levara a socorrer ós máis necesitados e coa valentía con que defendía ós seus fregueses. Nas nosas biografías dábanse algunhas coincidencias; ambolosdous nados no Partido Xudicial de Carballo, el no concello de Coristanco -terra nativa de miña nai-, eu no de Laxe. Don Nicolás chegou á Estrada con 37 anos e eu con 38; os dous servíramos antes tres parroquias, levabamos doce anos de presbiterado e solicitáramos este destino tamén os dous, só que cun leve matiz diferencial: tódolos meus antecesores foran destinados a esta parroquia mediante o sistema denominado *dereito de presentación*, que ata entón exercía o Marqués de Santa Cruz de Ribadulla. Eu, sen embargo fun xa nomeado polo Arcebispo Quiroga, trala renuncia dos presenteiros a exercer aquel dereito. Aquel cambio de formas propiciado polo Concilio Vaticano II foi o responsable de que esta vila carecese de párroco entre xaneiro do 1962 e outubro do 1965. Neste período exerceu a función sacerdotal don Baldomero Louro Lado quen organizou unha impresionante recepción á miña persoa por parte dos fregueses da Estrada, ¡nunca llo agradeceréi abondo!

Pescudando despois nos escritos do Arquivo Parroquial puíden atopar numerosos testemuños da súa confianza en Deus fronte ós honores e grandezas da terra, circunstancia que o levou a desposuírse de tódolos títulos alleos á súa condición sacerdotal, poñendo sempre a súa persoa ó servizo dos demais e acatando o mandato dos seus superiores, de modo que, ante calquera dúbida daqueles, logo lles replicaba: *se a VE. lle parece mellor que outro sirva a parroquia, eu voume de contado para Coristanco*, así llo fixo saber ó Arcebispo Muniz de Pablos no 1936, constando tamén por escrito a resposta positiva do Arcebispo ratificando a súa confianza no cura da Estrada. Noutra ocasión presentoulle a dimisión a Quiroga Palacios, que non estimou motivo para aquela drástica decisión polo que, prudentemente, rexeitou a súa renuncia; isto ocorreu no 1955.



*Parvus in corpore, magnus in corde:* don Nicolás Mato Varela (párroco da Estrada e Ouzante entre 1912 e 1962).

Perante o seu pobo fixérase merecente do epitafo *Ecce Sacerdos Magnus...* que, aínda non tendo a estatura dun xogador de baloncesto, acadrábanlle á perfección as verbas consignadas no sepulcro do Arcebispo don Zacarías Núñez na catedral de Santiago: *Parvus in corpore, magnus in corde, sublimis in verbo*, home de corpo pequeno, corazón grande e palabra sublime. Doutor

en Teoloxía, Capelán de Honor da Súa Maxestade El Rei e merecente, a unha idade tan curta dunha parroquia da categoría da Estrada, considerada de término. Pese a detentar tales méritos e honores, nunca fixo fachenda deles e mesmo moi pronto os eliminou do encabezamento das partidas que consigna para titularse, humilde e simplemente cura párroco da Estrada. Venme aquí á memoria aquel poema de Labarta Pose, adicado ó seu amigo sacerdote José Toubes, tan relacionado con esta cuestión.

*José Toubes*

*Querido amigo Toubes: yo quería felicitarle a usted muy cordialmente por ese nombramiento prominente de Capellán de Honor que el Rey le envía.*

*Si yo fuese nombrado esa sería distinción muy honrosa, ciertamente, pero lo ha sido usted, y, ciertamente felicitarle fuera una herejía.*

*Ser Ministro de Dios, aquí en el suelo es el más grande honor que el mundo encierra, ¿puede nadie sentir mayor anhelo?*

*¡Quién, pues, le felicite, en ello yerra!  
Ya es usted Capellán del Rey del Cielo.  
¿Qué gana al serlo de uno de la tierra?*

Poida que a honra que máis agradeceu, por proceder dos seus fregueses, foi a da primeira Medalla de Ouro do Concello estradense, aprobada por unanimidade da Corporación en sesión plenaria do 1 de xullo do 1950 para conmemorar os cincuenta anos de sacerdocio e 38 como párroco da vila da Estrada... *Con celo apostólico que es justo resaltar por su ejemplaridad.* Proponse, ademais, a Corporación, *sumarse al entusiasta homenaje del pueblo con motivo de sus Bodas de Oro Sacerdotales,* e tamén, *reiterar el hecho de reiterada incomprensión, efecto de informaciones tendenciosas, que vino padeciendo durante muchos años; circunstancia que, no sólo no mermó en lo más mínimo su fervor apostólico, sino que le sirvió de estímulo para agotar su existencia en la práctica intensa de la caridad y el bien.* Finalmente, *por entender unánimemente la Corporación en Pleno que es más justo premiar la labor silenciosa y fructífera de un apóstol que valerse de estímulos de vanidad para obtener beneficios de personas influyentes, recursos que no deja de emplearse, por desgracia, con harta frecuencia.* E rematan dicindo, *Este acuerdo es el reflejo exacto del sentimiento de todos los estradenses que conocen la vida de don Nicolás.*

Anos máis tarde, xa *post mortem*, sinal evidente de que non se facía para acadar ningunha gratitude neste mundo por parte do sacerdote falecido, a Corporación solicitou dos familiares e curas responsables da parroquia *el honor de que en la misma Sala de Plenos se instalara la Capilla Ardiente para velar sus restos mortales hasta su inhumación;* e mesmo se acordou solicitar *los oportunos permisos de las Autoridades Gubernativas y Sanitarias,* coa finalidade de darlle sepultura intramuros do templo parroquial para cúa construción non aforrara don Nicolás esforzos e desvelos, circunstancia que se fixo constar no epitafio da súa lousa sepulcral.

Na Estrada, don Nicolás honra e aínda honra a parroquia e o concello, mesmo despois de morto. Deixou, para min e calquera que o suceda, un camiño ben trillado, tal como foi recoñecido no acordo plenario da Corporación Municipal do 27 de abril do 1962 que, mesmo contra o parecer da secretaría do Goberno Civil da provin-

cia, decidiu darlle o nome de don Nicolás á rúa que aínda hoxe o leva e que el percorreu de cotío durante moitos anos. Deixou tamén aquel cura grata memoria na xente da Estrada. Durante algún tempo, ó iniciar conversas cos anciáns e enfermos que ía visitar, cheguei a descubrir que as almofadas da xente máis humilde gardaban segredos da xenerosidade de don Nicolás, pois era alí mesmo onde el, discretamente, deixaba o donativo que podía para evitarlle ás persoas a humillación de ter que andar a pedir. A súa impronta na xente foi tan profunda que mesmo, con frecuencia, ó dirixírense a min, escomenzaban: ... *pois mire, don Nicolás...*

Observando a súa vida e o respecto do que se fixo merecedor, cómpre lembrar o título dun libro do escriturista Xosé María González: “Dios es gratuito, pero no superfluo”, que ven dicir que ser crente enriquece ó ser humano aínda que non nos custe nada. Lido en sentido inverso: “Dios no es superfluo, pero si gratuito”, lémbra-nos as palabras de Cristo no Evanxeo, *o que recibistes de balde, dádeo de balde*, mandato que don Nicolás coñecía e cumpría porque tiña crara conciencia, igual ca min, que a fe en Cristo e a súa gracia recibíraa gratuitamente sen que ninguén lla impuxese; así llo fixo saber un día a un colaborador seu que amosou a idea de impoñer por lei o descanso dominical: *mira que eu son vello, e nunca vin un paxaro que fose para o seu niño a pedradas ...*

Don José Sanmartín Sobrino, autor da obra “Un país llamado La Estrada”, despois de facer cumprida referencia a santos destas terras coma santa Paderna de Arnois ou San Gonzalo de Acibeiro, afirma (pax.19)... *quizá fuera oportuno y noble incluir entre estos santos no santificados al bueno de ¿San? Nicolás Mato Varela*. Non atrevéndome eu a suprimir a interrogación da palabra “San”, sí que me parecería noble e oportuno admiralo polas súas virtudes.

E neste paracoloxio que deixo escrito debo consignar agora o meu nome, o de don Nicolás Alvarellós, que colaborou comigo dende o 1998, e por último don Xosé Antonio Ortigueira Barros a partir do mes de febreiro do ano 2004. A eles pasou o relevo que eu

recibira de don Nicolás naquel xa lonxano 31 de outubro do 1965; a Deus rogo que de consuno gobernen a nave das parroquias de San Paio e San Lourenzo, logren o aprecio e colaboración de tódolos fregueses e vexan fructificar o seu traballo. Eu, como PÁRROCO EMÉRITO DA ESTRADA E OUZANDE, e mentres Deus me dea vida, ofrezo a miña oración diaria por todos, cregos e leigos, e aceptarei con humildade e gratitude o aprecio e cariño dos fregueses de ambalasdúas parroquias





## Libros e lecturas do clero rural en Tabeirós-Terra de Montes durante o século XIX

María Jesusa Fernández Bascuas

*A Ofelia Rey Castelao, polos seus sabios consellos*

O clero rural na comarca de Tabeirós-Terra de Montes durante o século XIX, vese profundamente afectado polas transformacións propias dunha época en continuo cambio, no eido económico, social, político, cultural...

Neste ambiente de renovación constante exerceron o seu ministerio homes de diversa procedencia xeográfica e dispar posición social que se enfrontaron a un mundo onde unha porcentaxe alta dos seus moradores carecían, xeralmente, dunha cultura elemental coa que comprender por si mesmos as claves dos acontecementos que estaban a suceder.

A educación /cultura era un ben escaso no rural desta comarca e a escolarización insuficiente, de aí a gran transcendencia das ensinanzas que transmitía unha das persoas máis instruída da parroquia, o cura, ó que se recurría el multitude de ocasións e que ademais dispoñía do púlpito para “educar” cristianamente ós feligreses que acudían puntual e asiduamente ós oficios relixiosos.

Podémosnos preguntar ¿Cales eran es lecturas dun cura de aldea durante o século XIX? Imos intentar responder examinando vinte-

ún inventarios “post mortem” do Arquivo do Xulgado da Estrada, repartidos entre 1803 e 1907, este último un pouco extemporáneo pero incluído pola súa riqueza e interese.

A fonte básica, polo tanto, son os inventarios xudiciais “post mortem” levados a cabo sobre os bens privativos dos curas, presbíteros e capeláns no momento do seu pasamento que fan unha revisión completa do patrimonio do finado; sen embargo neste traballo ímonos limitar á análise das bibliotecas e libros que atesouraban ó longo da súa vida e que, na meirande parte dos casos, se dispersaba a súa morte.

Tamén serviron de apoio documentos do Arquivo Diocesano de Santiago referentes á provisión de curatos, formación de clérigos, libros de fábrica, etc.

En canto á disposición da información, preséntase agrupada por materias con perfís abertos divididas en:

- Teoloxía (dentro da que se distinguiu: mística, moral, escolástica e ascética).
- Doctrina.
- Liturxia/Regras.
- Biblia/Comentarios Biblia.
- Predicación
- Haxiografía
- Concilios/Pastorais.
- Gramática/Literatura.
- Dereito Canónico.
- Dereito Civil.
- Historia Eclesiástica.
- Historia.
- Pensamento.
- Filosofía.
- Clásicos.
- Ciencia
- Varios

E outras materias que pola súa aparición ocasional só se mencionan puntualmente no lugar que aparecen.

Tamén se fai un epígrafe con libros sen clasificar para que quede constancia da súa existencia pero que non puideron ser encasillados nos grupos antes mencionados porque a información que se aporta é insuficiente para determinar exactamente a materia da que tratan.

A interpretación que se dá está limitada polos datos que en cada caso suministra o documento orixinal, variando moito duns inventarios a outros; case sempre están incompletos, o autor e o título rara vez se transcriben literalmente, resultando ás veces moi difícil de descifrar debido á falta de formación das persoas encargadas de realizar os recontos; nada se indica sobre editorial, lugar de edición ou ano da mesma, e tampouco sobre o modo de adquisición.

Con carácter complementario tócanse outros aspectos cando temos constancia deles, tales como o formato (folio, en oitavo, en cuarto), o tipo de encadernación (pergameo, pasta, rústica), o estado de conservación (bo uso, vello, vellísimo, “derrotado”), e tamén o destino que ten despois da almoneda cando esta se realiza ou se deixa constancia dos adquirintes.

## **Unha visión de conxunto**

Os libros que aquí se relacionan son na súa totalidade propiedade privada do cura que os vai xuntando ó longo da súa vida e van con el de destino en destino, debendo distinguilos dos que son patrimonio da parroquia, compostos, fundamentalmente, por liturxia, e sobre todo polos libros de fábrica, sacramentos, cofradías, etc., que permanecen sempre nela.

O primeiro que chama a atención é que na case totalidade dos inventarios aparecen libros, eso sí dentro dun repertorio moi amplo tanto en calidade coma en cantidade de obras, e cun denominador común, os temas relacionados directamente co seu ministerio: teoloxía, liturxia, doutrina, haxiografía, e máis esporadicamente ciencia, historia, literatura, clásicos...

O libros pasan dun dono a outro; mercados nas librerías, nas almonedas ou herdados, perduran moitos anos ata acabar “derrotados”, faltos de páxinas, dispersándose as coleccións, das que van quedando tomos soltos.

A valoración económica da biblioteca é baixa se a comparamos co resto dos enseres que se poñen á venda, e en ocasións son das poucas cousas que quedan sen adquirir unha vez rematadas as poxas.

Nunha primeira aproximación parece que a riqueza do curato non está directamente relacionada coa diversidade e calidade da biblioteca, senón máis ben co gusto pola lectura e cultura do seu posuidor.

Por último, quero indicar que nestas bibliotecas hai dous tipos de libros: os de lectura propia (literatura, viaxes, pensamento...), e os que se usan no labor diario: liturxia, predicación, doutrina, que aparecen máis deteriorados.

## As bibliotecas

As bibliotecas que se estudaron son, por orde cronolóxico, as correspondentes ós curas das seguintes parroquias:

Rubín/Lamas, 1803; Ouzande, 1828; Quireza (Xurisdicción de Montes), 1831; San Xurxo de Veá/Sta. Mariña de Frades, 1832; Pedre (Xurisdicción de Montes), 1832; Nigoi, 1833; Moreira, 1835; Quintillán (Forcarei), 1839; Rubín/Lamas, 1839; Rubín/Lamas, 1846; Pardesoá (Forcarei), 1847; Riveira, 1847; Figueroa (Cerdedo); 1848, Remesar/Riobó; 1852, Berres, 1862; Matalobos, 1864 e Arnois, 1907.

Outros inventarios estudados corresponden a:

D. Silvestre Monteagudo, vicario de Cora, 1849; D. Ramón Llanos, da Algaria en Guimarei, 1843 e D. Juan Liñares Bello, presbítero en Tabeirós, 1868.

O 76% atópanse no segundo cuarto do século XIX, entre 1828 e 1852.

Pasamos agora a examinar polo miúdo cada unha das bibliotecas inventariadas.

### 1. Rubín – Lamas, 1803

D. Francisco Rodal y Martínez finou en novembro de 1803, levaba destinado nesta parroquia desde 1785.

Entre as súas pertencencias atópanse 26 obras repartidas en 36 tomos; conta coas lecturas de rigor, destacando a teoloxía que supón case a metade do total (46,1%) na que podemos destacar obras coma *Medula de la Teología*, *El Cura Instruido*, e por suposto Larraga, un clásico deste tempo; completan a biblioteca a predicación con Sermóns, Pláticas, e tamén doutrina, textos da Biblia e haxiografía.


Fóra deste terreo só un libro de vocabulario e dous exemplares de cociña.

Nada se indica sobre o aspecto externo das obras.

### 2. Ouzande

O cura D. José Aguayo, morre en marzo 1828, contaba na súa biblioteca nese intre con 66 títulos repartidos en 100 tomos, predominando o libro único sobre a obra en varios tomos; a máis numerosa destas últimas era a “*Teoloxía*” de Cliquet, que se repartía en cinco volumes.

Destaca especialmente a teoloxía á que corresponde o 41% do total dos títulos e a mesma porcentaxe de tomos, e dentro desta



ocupa un lugar moi destacado a mística que supón o 24% do total; tamén a Moral con obras coma *Summa Moral* de Pacheco e, en menor medida, a Escolástica.

Entre predicación, liturxia e doutrina acadan o 30% dos títulos e o 34% dos tomos; estes temas están relacionados co exercicio diario da súa profesión, entre os que podemos destacar os *Sermóns* do padre Vieira, ó que poderíamos engadir a Biblia que está representada por dous exemplares.

O 20% que resta repártese case a partes iguais entre haxiografía, dereito canónico, gramática, clásicos, pensamento, historia..., restando un 4,5 % sen clasificar.

Unha biblioteca ampla en comparación coas outras estudadas e que se axusta ó esperado, en consonancia coa formación que recibiu este crego, non manifestando inclinación hacia temas alleos ó seu cometido. Poucas inquedanzas pola literatura, historia ou ciencia.

En canto ó formato dos libros, que se indica case na metade dos casos, predomina o de un cuarto (27%), seguido dun oitavo e medio plego, co 10% cada un e tres de formato moi pequeno que denominan nas fontes “tomitos”. O material co que están encadernados case non se menciona.

Nalgúns casos indícase que están vellos por seren libros de uso cotiá na liturxia e predicación como *Despertador Cristiano*, *Breviarios* e *Diurnos*.

Na almoneda celebrada só existe constancia da adquisición dun Breviario.

### 3. Quireza

D. Martín García Obelleiro, cura de San Bartolomé de Quireza (Xurisdición de Montes), morre en agosto de 1831 dunha idade avanzada (uns 70 anos).

Deixa unha biblioteca de 26 títulos repartidos en 33 tomos, predominando claramente as obras nun só volume.

A temática é a de sempre, dividida en dous bloques: a teloxía que acada o 46%, na que podemos destacar autores como Santo Tomás de Aquino, Larraga co seu *Prontuario de la Teología Moral*; tamén a *Teología Moral* de Cunillat, etc.

Outro gran bloque está formado polas obras de predicación que supoñen o 30% co *Sermón de la Circuncisión*, *Semana de Cuaresma*, as *Platicas Doctrinales* de Echávez, liturxia, e Biblia.

Só un libro de Gramática, o de Calepino de Salas, escapa da temática religiosa.


A encadenación predominante é o pergameo, (58%) sendo moito máis escasos os de rústica e pasta. Nada se indica do formato, pero sí é moi curiosa a forma de explicar o estado de conservación, utilizando os seguintes termos: “usado” (4%), “medio uso” (4%), “viejo” (38%) e “viejísimo” (19%). Como se pode observar os libros están en mal estado froito do paso do tempo e uso, sobre todo os de pergameo.

Foron tasados en 145 reais, e vendidos en 90. “los puxó D. Francisco Paredes, de Quireza en 90 rs., y por no haber sujeto que quiera hacer a ellos postura y atendiendo a que su conservación en depósito es dificultosa y que cada vez se arruinan más se le dejaron en la cantidad de 90 reales”

Fai unha aclaración indicando que non pode ter máis xoias nin alfaias na súa casa porque no ano 1809 foi quemada a rectoral polas tropas francesas con tódalas súas riquezas, mobles e efectos nela existentes, e que dende aquela época case sempre estivo enfermo, empeñado coa Real Facenda e varios acreedores e hostigado con apremios.

#### 4. *Veá/Frades*

D. José Benito Villaverde, cura de San Xurxo de Veá e o seu anexo de Santa María de Frades finou en xaneiro de 1832, anteriormente estivo en San Vicente de Armeá, provincia de Betanzos, levaba en Veá uns tres anos. Deixa unha biblioteca semellante ás que atopamos por estas datas noutros lugares.



Contén 24 títulos repartidos en 34 tomos, dos que case o 80% son obras nun só tomo.

En canto ás materias, un 25% dos títulos e 37,5% dos volumes, corresponden á teoloxía, como a *Luz de Verdades Católica*; outra vez encontramos a Larraga co seu *Pronuario de Teología Moral*, entre outros.

A predicación ocupa un lugar destacado (16,6% títos) e (23,5% vols), podendo salientar *El Año Predicable* do Padre Pedro Sánchez, *El despertador Cristiano*, ou *Santoral de varios Sermones de Santos*

de D. José de Barcia y Zambrana, bispo de Cádiz.

Despois está a liturxia onde, entre outras, aparecen o *Ceremonial de las misas solemnes* de Andrés Bartolomé Olalla, os textos da Biblia con obras coma *Los Santos Evangelios* traducidos polo Pai Anselmo Petite ou *As Epistolas de San Pablo* traducidas por D. Francisco Jiménez.

A doutrina representa un 12,5% de títulos e 17,5% dos volumes, con obras do Padre Calatayud; o *Directorio de la doctrina cristiana* de José Ortiz Cantero ou o *Catecismo Católico* de Pedro López, bispo de Calahorra.

Fóra deste ámbito o dicionario de Antonio de Nebrija, (gramática), e o primeiro tomo do *Anales del Reino de Galicia*, pechan o repertorio.

Nada podemos comentar sobre formato, encadernación ou estado por non constar na fonte.

## 5. *Pedre*

D. Juan Carlos Gil, cura de Pedre, (Xurisdición de Montes) morre en 1832.

Deixa unha biblioteca máis ben pequena, 20 títulos repartidos en 55 volumes, onde predominan as obras en varios tomos (55%) anque coa temática xa coñecida de teoloxía (45%) repartida case a parte iguais entre:

- ▮ Mística co *Tesouro* de Requejo, *Diferencia entre lo temporal y lo eterno...*
- ▮ Escolástica con Aguilar, Melchor Cano, etc.
- ▮ Moral coa *Teologia Moral* de Reinfestuel, entre outros.

Despois un *Breviario*, comentarios da Biblia (*Salmanticenses*), e a haxiografía que co *Año Cristiano* de Castellot e as adicións de Croiset representa un 20% dos títulos e un 38% dos volumes, como obras predominantes.

Fóra do mencionado, só un tomo de cirurxía e outro de pensamento.

No aspecto externo predominan a encadernación en rústica (40%) e pasta coa mesma porcentaxe, contado un só exemplar con pergameo, isto significa que se trataba de libros económicos, sen luxos; nada se indica do formato nin do estado de conservación.

Tasou os libros D. Francisco de la Cruz y Mourelle, abade e cura de San Juan de Cerdedo.

Sabemos pola almoneda que quedaron sen vender un 35%, e os que foron adquiridos pasaron a mans de clérigos do entorno na súa maioría: cura de Castro, de Tomonde, de S.Isidro de Montes e de Cerdedo (que fora o tasador). O resto, a particulares tamén desa zoa.

## 6. *Nigoi 1833*

D. José Novoa, cura parróco de Santa Mariña de Nigoi, finou en decembro de 1833, procedía do Deza.

A súa biblioteca continúa 21 títulos repartidos en 40 tomos.

Atopámonos cunha repetición do visto noutros inventarios. Empezamos pola teoloxía que ocupa un 35% do total co *Tesouro* de Requejo, *A luz de Verdades Católicas* ou o *Fuero de Conciencia*, como bloque máis importante.

Na liturxia, só un Breviario; na Doctrina, un catecismo Romano, unha Biblia e un só título de haxiografía: *Sobre la venida de Santiago Apostol a España*.

Unhas *Constituciones sinodales*, un exemplar de Dereito Romano e outro de filosofía.

No pensamento, *Teatro crítico universal* de Feijoo, incompleta.

En literatura, *Don Quijote*, e *Emblemas* de Alceato en artes.

En canto ó aspecto externo, só nalgúns casos se cita que é de pergameo ou pasta e noutras que está vello (un 30%).

Na almoneda vendéronse tódalas obras agás as *Constituciones Sinodales*; os demáis foron adquiridos coma sempre por persoas do entorno: 8 obras por D. Juan Porto, cura ecónomo de Nigoí; 3 por D. Tomás Tarrío, de Vinseiro; un D. José Teijeiro de A Somoza, outro D. Agustín Caramés de Tabeirós, etc.

## 7. *Moreira*

D. Joaquín Ballesteros Maceira, Cura de San Miguel de Moreira, procedía da parroquia de Loimil, e finou en xuño de 1835.

A súa biblioteca estaba composta por 40 títulos divididos en 67 tomos.

A novidade que presenta é que xunto ós temas xá clásicos aparece un número de obras bastante elevado de temática científica.

Coma sempre, a teoloxía ocupa un espacio importante pois representa en torno ó 30% tanto de títulos como de volumes, destacando *A vida devota* de San Francisco de Sales, os *Ejercicios de Perfección y virtudes cristianas* do Pai Alonso Rodríguez; tampouco faltan obras de Busembiam, Larraga, Echave ou Señeri, estes últimos autores en teoloxía moral.

Á liturxia están dedicadas tres obras: un *Breviario* ó que se engaden *El por qué de las Ceremonias*, de Antonio Lovera e *El repertorio de los Tiempos*, de Jerónimo de Chaves.


De predicación só una obra, *El Año predicable* de Sánchez Ruiz; outra de haxiografía, *Año Cristiano: con sus pláticas dominicales*, en 18 tomos.

A historia eclesiástica conta con dous títulos, *Historia de los siglos cristianos* e *Árbol cronológico de la provincia de Santiago*.

A Gramática e literatura acadan o 10% do total e cabe destacar *El arte de hablar bien francés* e *Arte poética española* de Juan Díaz Rengifo.

De pensamento, unha única obra, *Ilustración Apolo-gética* de Frei Benito Feijoo.

Por último, a gran diferenza reside no gran número de obras de ciencia, o 35% superando á teoloxía, con temas variados como *Plaza universal de todas las ciencias* de Cristóbal Suárez Figueroa, *Tratado de la defensa de las plazas* de M. Bazán, *Aguas termales*, *Anatomía completa del hombre*, *Litología* de José Vicente del Olmo, *Historia de los animales más recibidos en el uso de la medicina*, *Medios para desenfec-cionar el aire*, de Antonio de la Cruz, *Historia universal de las fuentes*



*minerales de España* de Bedoya y Paredes, *Elementos físicos*, de Pedro Muessembruech, ou *Tratado de las fuentes intermitentes*.

As inquietudes culturais deste cura teñen horizontes máis amplos; diversos aspectos da ciencia estaban nas páxinas destes libros, nas lecturas cotiás mezcladas coas propias da súa dedicación profesional, anque sen profundizar en ningún deles.

En canto a aspectos externos, coñecemos o material de tódalas encadernacións que son nun 70% de pergameo, nun 27,5% de pasta en un 2,5% en rústica. Vemos que o pergameo sobresa, isto indica encadernacións de calidade e duradeiras.

Predominan os libros de formato de un cuarto (50%), despois os de un oitavo co 27,5% e o menos representado é o formato grande, folio, en só dúas obras.

Entendemos que o estado de conservación debe ser aceptable pois unicamente nun caso se di que está vello, non facendo comentarios ó respecto dos demais.

## 8. Quintillán

D. Francisco Antonio Boullosa, cura de San Pedro de Quintillán e de Pereira (Forcarei), morre en maio de 1839, e dentro das perencias que se inventarían, atópanse 18 títulos repartidos en 26 volumes.

Os temas son os xa coñecidos, repartíndose por iguais partes a liturxia que supón o 22%, onde non faltan *Breviarios* e sobre todo os Cadernos dos oficios de Samana Santa, Nadal..., e a teoloxía con idéntica porcentaxe (*Pasillo místico*, *Diferencia entre lo temporal y lo eterno*). Escasa a representación de predicación, doutrina, vidas de santos e concilios (*Pastoral de Benedicto XIV*).

Noutros aspectos destacan un *Diccionario de la lengua castellana*, un *Tratado de Cirugia* e outros de pensamento.

Predominan os volumes de pequeno formato (un cuarto) que representan máis da metade e os de oitavo (16%); no tipo de encadernación o 22% está en pergameo e o 33% en pasta.

Non existen datos sobre o seu destino, salvo o *Diccionario* que se sabe que o mercou un veciño de Beariz.

### 9. Rubín – Lamas 1839

En 1838 morre D. Juan de Sanjuas, párroco de Rubín e Lamas deixando unha biblioteca máis pobre cá de o seu predecesor, D. Francisco Rodal, con 17 títulos en 42 volumes.

Ningunha obra sae do que é materia do seu ministerio; versan sobre teoloxía moral, destacando o *Prontuario de la Teología Moral* de Larraga, teoloxía escolástica coa *Summa teológica* de Santo Tomás de Aquino; tamén atopamos liturxia cun *Breviario de 1777 e outro de 1785*.

As obras adicadas á predicación supoñen case un cuarto do total, ás que se unen comentarios da Biblia ou haxiografía (*Flos Sanctorum*).

O material de encadernación dominante é o pergameo e nalgúns faise referencia a que está vello.

Na subasta foron adquiridos todos por poucas persoas, entre elas D. Andrés Bouzón, D. Luis Vilariño e D. José Rodríguez

### 10. Rubín – Lamas 1846


D. Zacarías Romero y Vélez, morreu en setembro de 1846.

Ten unha biblioteca cunha cantidade de libros similar ás demais: 26 títulos en 71 tomos.

Polo que atingue a temática, presenta diferencias con respecto a outros inventarios; en primeiro lugar, case non existe teoloxía, só dúas obras.

A Liturxia conta con catro títulos cos temas de costume, breviario, oficios e oracións; a isto engádese o *Catecismo histórico* do Abate Fleuri e dez tomos do *Año Cristiano* como única obra de haxiografía.

A historia abarca case o 31%, repartida a partes iguais entre a eclesiástica e a civil, da primeira destacan a *Historia Eclesiástica* de Fábega en 9 tomos e o *Compendio de la Historia Eclesiástica*, 10 volumes en francés; na historia civil unha *Historia Antigua de los Egipcios* dos que ten 3 tomos salteados da colección, unha *Historia Universal* e dúas obras máis en francés.



De Dereito canónico, unha obra, e outra de romano. Tamén unha obra sobre o Concilio de Trento.

De gramática, un título; dúas guías de viaxeiros de 1832 e 1834. Catro obras máis en francés, sobre temática relixiosa completan a biblioteca.

Podemos destacar que un 30% dos títulos e un 40% dos volumes están en francés, idioma que debía coñecer á perfección o noso crego; tamén a temática escapa do esquema tradicional volcándose sobre a historia e deixando nun segundo plano a teoloxía.

Dos aspectos externos tan só sabemos que a metade teñen unha encadernación normal, en pasta.

## 11. Pardesoá

D. Francisco Ramón Carballido, cura titular da parroquia de Santiago de Pardesoá (Forcarei), Procedía do concello de Gondomar, e morre no 1847; no inventario dase noticia de 18 títulos e 34 volumes que se distribúen en 12 libros únicos e 6 obras en máis de dous tomos.

Son nun 90% textos relacionados coa súa profesión; breviaros, pláticas ou teoloxía moral, con só dúas escepcións, un libro de filosofía e outro de historia, sen ningún título destacable, digamos que era ter o imprescindible.

En canto ós formatos, predomina o de un cuarto (27,7%), e no referente á encadernación, os de pasta (33,3%), polo demais só nun caso se menciona que se encontra o libro en mal estado.

## 12. Nigoi 1847

D. Juan Antonio Varela morreu na parroquia que rexentaba en febreiro de 1847, no inventario recontáronse 33 títulos repartidos en 80 volumes.

Iniciamos a análise pola teoloxía, que ocupa un 39,4% do total onde podemos destacar a *Teología* de Scotc, o *Tribunal de Confesiones* do Pai Martín Wigandt; Echarri e Larraga tamén está representados na teoloxía moral e Santo Tomás de Aquino na escolástica coa *Summa Teológica* en 18 tomos.

As obras de liturxia representan o 21%, cun Breviario, un diurno do Breviario Romano, os oficios Santos ou as *Ceremonias en castellano* de Eguillet.

Na haxiografía, dúas obras clásicas, *El Año Cristiano* do Pai Croiset, traducido polo Pai Isla en 16 tomos e *El Año Cristiano según las fiestas móviles* do Doctor Castellot en 6 tomos.

Dúas obras sobre concilios e pastorais.

E por último, una obra de gramática, outra de filosofía e outra de ciencia titulada *Elementos de Aritmética, Álgebra y Geometría*, en francés.

Seis títulos sen clasificar, case todos de temática relixiosa.

Conta con tres obras en francés, o que nos fai supoñer que coñecía esta lingua.

Do aspecto externo podemos destacar a alta porcentaxe de obras en pergameo (54,5%), que contrasta coas de pasta (12%), como curiosidade, existe unha con forro de seda e outro en papel azul. O tamaño predominante é un cuarto, seguido do folio e oitavo.

En canto ó uso, en tres casos indícase que están vellos, en dous usados e nun sen forro.

Unicamente sabemos que despois da venda en subasta, unha obra foi adquirida por un veciño de Arca e un Breviario polo cura de Vinseiro.

### 13. Riveira

D. José Domínguez Mecías, cura de Santa Mariña de Ribeira finou no mes de novembro e 1847, deixando na súa biblioteca 43 título correspondentes a 48 tomos, isto indica un predominio case absoluto das obras nun só tomo.

Presenta unha temática coñecida cunha representación importante da teoloxía que significa o 28% do total, destacando a mística coas obras do Pai Eusebio Merembery, *Diferencia entre lo temporal y lo eterno* ou *Coloquios con Jesucristo* do pai Felipe Moreno Estepar. A teoloxía moral co *Miscelaneo Sacro* de Frai Francisco La Nueva y Siguiero.

Na liturxia non poden faltar os *Breviarios*; en canto á predicación, posuía a *Colección de Platicas doctrinales* de Francisco Leal Gómez e as *Pláticas de Castellot* e na doutrina o *Catecismo* explicado por García Mazo, xunto con *El Labrador Instruído* de Francisco García.

Contaba coa *Biblia* de Scio, e os *Santos Evangelios* traducidos polo Padre Petite.

No referente a vidas de Santos destaca a obra do Pai Francisco Leandro de Granada titulada *Santa Gertrudis*, tamén a *Vida de San Patricio* manuscrita.

Menciónase o tomo segundo da *Colección de bulas de Benedicto XIV* que podemos enmarcar dentro do dereito canónico.

Existen asemade dúas obras de temática relixiosa sen clasificar.

Para rematar, quero indicar que as obras que tratan doutra temática son moi escasas (só representan o 11,5% do total), como o *Guzman de Alfarache*, un *Diccionario* en latín de Nebrija, Calepino de Salas e unha obra de filosofía.

Posuía ademáis algúns mapas.

Nada se apunta sobre o formato dos libros, pero sí sobre o material das súas cubertas que nun 44% son en pasta en un 30% en pergameo.

O seu estado de conservación é malo en xeral xa que no 44% dos casos indícase que esta “viejo” e só nun caso di que é “bueno”.

A pesares do deteriroy das obras, estas foron adquiridas na almoneda, coma sempre por persoas dun entorno xeográfico próximo; 12 mercounas D. José Rivadavia de Calobre, 9 D. Manuel Batallán, 7 D. Antonio María Diéguez, 6 D. Francisco González, 4 D. Antonio Remesar, 2 D. Antonio Rodríguez de Rubín e as dúas restantes D. Andrés Rosende, de Santa María de Oural. Estes libros seguen a ser lidos e perpetuáanse noutros anaqueles a pesares do seu estado.

#### 14. *Figueroa*

D. Diego Rodríguez de Llanos, titular da parroquia de San Martín de Figueroa (Cerdedo) morreu no 1848.

Tiña unha biblioteca moi pequena con só sete títulos e un número de tomos inderterminado (por non indicarse exactamente), senón que dí “varios”, “un mazo”; non fai referencia a libros de teoloxía, predominando a liturxia, predicación e doutrina, entre eles *El labrador Instruído*, de Francisco García, obra financiada polo arcebispo Rajoy para adoctrinar á xente do rural, e despois ten un mazo de silabarios, supoño que destinados á instrución básica.

Nada se indica sobre formato, estado de conservación ou encadernación.

#### 15.-*Remesar/Riobó*

D. Joaquín Barcala, cura destas dúas parroquias, Remesar e o seu anexo Riobó, procedía de Bascuas, (Vila de Cruces), morre en Santiago en 1852. Na súa biblioteca queda unha mostra bastante ampla de libros; son 40 títulos repartidos en 111 volumes, aunque pouco orixinal en canto os seus contidos, pois a teoloxía abarca o 30% do total sobresaíndo a mística, que aporta mais da metade deste

apartado con obras coma as de Fray Luis de Granada en 19 tomos ou o *David perseguido* e *David penitente*, tampoco falta representación da teoloxía moral con obras como a de Larraga, autor bastante extendido entre o clero xa que aparece referenciado en varios lugares.

Conta tamén coa *Biblia de Scio*, 10 volumes en rústica, que é outro clásico das bibliotecas eclesiásticas; varios *Breviarios*, *Diurnos* e obras utilizadas na liturxia cotiá que representan o 17,5% do total; a temática relacionada co seu labor e profesión non se esgota aquí. A haxiografía, con *El Año Cristiano* de Croiset en 18 tomos, concilios, pastorias, doutrina... completan este apartado.

En canto a outras materias só significan o 15% e podemos sinalar a *Gramatica* de Nebrija; un clásico como Ovidio, ou un *Manuscrito de Napoleón*, están nun volume o que baixa notablemente a súa porcentaxe que é do 5,4% no total de tomos contabilizados.

No que a encadernación se refiere, no 35% dos títulos é de pergameo, pero só un 22,5% dos volumes, no 30% de pasta en un 5% en rústica, que sen embargo representa o 25,5% dos volumes. Isto significa que as obras de presentación máis luxosa son dun ou dous tomos, polo xeral, e as obras en varios volumes van con encadernación máis modesta.

Se nos fixamos no tamaño dos libros, nos poucos casos en que se menciona, predomina o formato en oitavo, despois en folio e por último en cuarto.

Como se desprende do ata aquí exposto, estes libros están gastados, en mal estado, quizais froito da peregrinaxe de iren de man en man, pois dende aquí un 55% van a seguir rumbo a outros anaqueles, segundo comprobamos da almoneda celebrada, anque só coñecemos un dos compradores, o cura de San Xulián de Piñeiro que mercou *El Año Cristiano* de Croiset. Sabemos dos que quedaron sen postor e que son o 45% dos títulos pero só o 26% dos volúmenes, isto

significa que interesaron máis obras completas que tomos soltos, e que a temática relixiosa foi máis atractiva có resto das obras.

Tamén hai que resaltar o pouco interese que tiñan para os compradores porque do que quedou sen vender, un 90 % eran libros.

Os tasadores foron dous presbíteros, D. José Martínez, de Loimil e D. Joaquín Paio, de Orazo.

### 16. Berres

Cando en 1862 morre, D. Juan Crisóstomo Cano, cura de Berres, non se atopan apenas libros entre as súas pertencencias, tan só unha Biblia en latín e castelán, 17 exemplares de *El Año Cristiano*, un libro de *Epístolas Selectas*, unha cartilla vella e despois máis libros rotos, vellos e deteriorados que non servían para poñer á venda.

Sabemos que a Biblia foi adquirida polo cura del San Miguel de Boullosa e os dous seguintes por D. Manuel Vila de Lagartóns.

### 17. Matalobos

D. Manuel Porto, cura de Matalobos, finou en novembro de 1864.

No inventario posterior recóllense noticias sobre 11 títulos repartidos en 21 tomos.



O pouco que tiña trataba case na metade de teoloxía, onde podemos destacar dez tomos de Santo Tomás de Aquino, obras de teoloxía moral e algunhas de teoloxía mística.

Tamén se menciona un *Breviario* (liturxia), os sermóns de Pacheco, e un catecismo romano.

Fóra desta temática, un clásico, Quinto Curcio, e un compendio de historia de España.

A encadernación é de pergameo nun 30% e de rústica na mesma porcentaxe, non tendo infomación nos outros casos.

Son obras moi usadas, ás veces vellas ou carentes da pasta e páxinas.

## 18. Arnois

D. Andrés Méndez Osorio, morre en 1907, á idade de 69 anos, era cura ecónomo desta parroquia.

Esta biblioteca queda lixeiramente fóra do ámbito de estudio abarcado, o século XIX, pero incluíuse por dúas razóns:

- Porque os libros que a compoñen son edicións do século XVII, XVIII e XIX na súa totalidade.
- Polo interese que ten en sí en canto que contrasta notablemente coas estudadas ata aquí, tanto pola cantidade de títulos coma pola temática.

Son 183 títulos repartidos en 331 tomos, predominando as obras nun volumene sobre as de varios tomos, deste tipo existen tomos soltos, pero raras veces tódolos números.

Once obras, case todas de dereito (civil ou canónico) como as *Constituciones de Felipe V* e *Extravagantes de Juan XXII*, son edicións entre 1600 e 1613, de tamaño folio predominantemente.

Unha biblioteca polarizada en dúas áreas, a relixión e o dereito, con outras connotacións que iremos relatando.

Iniciamos o repaso desta biblioteca pola teoloxía á que está dedicado o 8,7% do total, destacando *As Obras* de Frei Luis de Granada; *Ejercicio de perfección y virtudes cristianas* de Alfonso Rodríguez,

*Coloquios con Jesucristo* de Felipe Moreno Estepar, *Preparación para la muerte*, a *Teología Moral* de Larraga, de Charnes, etc.

Cinco obras (2,7%), dedicadas á Biblia e comentarios sobre a mesma, onde non falta *La Santa Biblia. Introducción al Antiguo y Nuevo Testamento* de Escio, *Observaciones sobre las bellezas profético-poéticas de la Sagrada Biblia* de Juan Manuel de Berriozábal ou o *Compendio moral Salmanticense* de Frei Marcos de Santa Teresa.


A Liturxia acada o 10,4% con obras como *Rúbricas del Misal* de Gregorio Galindo, *Oficios para a Natividade, Semana Santa, Tódolos Santos, Epifanía, Pentecostés e Corpus*, *Liturgia eclesiástica* de Antonio María Claret e por suposto *Breviarios*. As obras de Predicación andan en torno ó 5% destacando a *Colección de pláticas dominicales* de D. Antonio Claret y Claret

Seis obras de haxiografía cos títulos clásicos como *El Año Cristiano* do Pai Croiset, *Diario Cristiano* e outras como *Vida del Beato Sebastiano de Aparicio* de Mateo Jiménez ou *Vida de la Beata María de Jesús*.

Agora revisemos outras áreas temáticas empezando polo Dereito que abarca case o 20% do total (36 obras) dividido a partes iguais entre o dereito en xeral e o canónico. Neste último destacan o *Derecho Canónico* de Van Espen, as *Decretales de Bonifacio VIII*, *Explicaciones de la Bula de la Santa Cruzada*, *Comentarios de Derecho Canónico* de Carlos Berrardi, *Derecho Canónico* de Teodoro Rupprecht, *Instituciones canónicas* de Joannes Devoti e un folleto sobre *Constituciones del Seminario Conciliar de Santiago*.

En canto ó dereito en xeral existe unha diversidade bastante ampla podendo destacar un *Código Penal de España*, a *Historia del Derecho Romano* de Heinecio, *Derecho Público Universal* de Antonio Santos, *Derecho Práctico y estilos de la Audiencia de Galicia* de Bernardo Herbella ou as *Constituciones de Felipe V y Extravagante de Juan XXII*.

A historia tamén se reparte a partes iguais entre a eclesiástica e a civil (6 obras cada unha); da primeira podemos resaltar títulos como *Historia de la Vida de Pio VII y su pontificado*, de Andrés Borrego, *La*



historia de la Iglesia Cristiana de Hipólito Lereu ou a *Historia eclesiástica* de Félix Amat.

Na historia civil destaca *La Italia Roja* do Vizconde de Arlincon, a *Historia Secreta de la Revolución Francesa* de François Pagués, *El Gobierno de la República Romana*, *Discurso sobre el Diploma de Ramiro I*, *Reducciones del Perú* ou *Historia de la Revolución Romana*, como vemos interé-sase o propietario da biblioteca por temas dispaes dende a historia de Roma ata a

Revolución Italiana, francesa ou conquista de América.

Os clásicos teñen unha representación escasa, 2,7%, coas *Obras* de Cicerón en 8 tomos, as *Sátiras* de Petronio en 2 tomos ou unha obras de autores latinos.

A Gramática e literatura aportan o 4% con 3 dicionarios, español-latino, un de alemán e un portátil; tamén unha *Gramática Trilingüe* de P. Gonzalo Corres, un tomo de *Literatura* de Stael Holstam e por último o *Orlando Furioso*; polo tanto, ausencia total da abundante produción literaria española do Século de Ouro e posteriores.

A filosofía, con 8 títulos, entre os que sobresaen os estudos sobre as institucións filosóficas, as de Andrés Guevara y Basozábal, de Francisco Rotenflue, as de Francisco Joaquín e as de Mateo Liveratori.

No pensamento, obras coñecidas como as *Cartas Eruditas y curiosas* de Frei Benito Feijoo y Montenegro e tamén *Ensayo sobre la influencia del luteranismo en la Corte Española*, ou *Independencia cons-*

*tante de la Iglesia Hispana y necesidad de un nuevo Concordato* de José Romo Judas.

As ciencias tamén presentan unha gran dispersión de temas e pouca profundidade: citaremos algún exemplo como *El Arte de Herrar los caballos* de Laforé, a *Economía Política* de Bautista San Juan, un manuscrito de *Mineraloxia* de Pedro Méndez Auma, *Elementos de Aritmética* de Juan Justo Gracia, *Matemáticas* de Vallejo e un *Manual de Agricultura* de Alejandro Oliven.

Por último algúñas obras de temática variada como unha colección de viaxes en francés, un musical, ou un catálogo de libros latinos.

Un 10% quedaron sen clasificar pero case todas son de temática relixiosa. Unha biblioteca que toca unha boa cantidade de materias pero sen grandes profundizacións nin innovacións, só destaca a preocupación polo dereito xunto cos temas relixiosos e despois unha panorámica xenérica sobre varios temas.

Tamén existe constancia dos inventarios de:

### *Tabeirós*

D. Juan Liñares Bello, Presbitero de Tabeirós, morreu en 1869, nacera no Concello de Ordes; o seu patrimonio era pequeno, a escasísima biblioteca era ademáis moi vella e cos libros en mal estado.

As noticias que o inventario nos refire son de “doce tomos viejos que tratan de diferentes materias” e despois alude a varias cartillas e pedazos de libros.

### *Cora*

D. Silvestre Monteagudo, cura ecónomo de San Miguel de Cora, sabemos que morreu o 16 de setembro de 1849 e que entre as súas pertencias non se dá noticia de libro ningún.

### *Guimarei*

D. Ramón Llanos, capellán da capela da Algaria, cando finou atopábase na Habana.

No seu patrimonio particular non hai libros, pero sí no da Capela, onde existen, entre outras cousas, “Un Misal en buen uso” e un “libro en pergamino de las Constituciones Sinodales”.

## Conclusións

Deixouse fóra destas conclusións o inventario de Arnois porque debido a súa envergadura distorsionaría o que era a tónica xeral.

Despois de repasar o legado intelectual destes clérigos reflexado nos libros que se recontaron á súa morte, podemos extraer unha serie de conclusións.

- ▮ Que a materia sobre a que versan é maioritariamente relixiosa, sobre todo a teoloxía (32,5% dos títulos) e aparece en maior ou menor medida en todos, agás Figueroa e Berres. A liturxia (13%), existe en todos (salvo Berres), cos Breviarios como obra principal, a doutrina (8%), tamén é bastante común pois hai algunha obra en tódolos recontos, agás en Quireza, Moreira e Rubín.
- ▮ A Biblia e os seus comentarios aparecen en 10 inventarios con poucos títulos (4,8%), a haxiografía presenta unha porcentaxe similar (20 obras), pero cun número de volumes elevado (116), debido a que se presenta en varios tomos.
- ▮ O Dereito Canónico, Concilios e Historia Eclesiástica non son comúns, aparecen en menos da metade dos casos, con poucos títulos. Os autores favoritos son Larraga, Croiset...
- ▮ Un segundo grupo está formado por obras de gramática/literatura, historia civil, dereito civil, pensamento, filosofía, clásicos e ciencia. A destacar, a falla xeralizada de gusto polos clásicos; só aparecen en tres inventarios.
- ▮ A Historia, pouca e sobre períodos e feitos históricos moi dispares.

▮ A gramática aparece frecuentemente sendo Nebrija o autor que máis se repite, e na literatura non se aprecia unha predilección colectiva salientable.

Aparecen un número importante de títulos en francés pero repartidos entre dous ou tres clérigos, tamén obras en latín que non se puideron cuantificar.

Parece que as bibliotecas máis numerosas (exceptuando Arnois) sitúanse nos anos centrais do século, constatándose unha certa decadencia despois do 1850.

No aspecto externo, a encadernación de pergameo e pasta son as máis utilizadas, e en canto ó formato, o de un cuarto e folio os máis frecuentes.

En xeral, son libros vellos, con moito uso e transferidos en varias ocasións.

Nada sabemos sobre o modo en que chegaron ó seu dono, se mercados nunha librería, herdados, ou ben adquiridos nalgunha almoneda; podemos deducir polo aquí visto que o mercado de segunda man é un modo de conseguir libros no ámbito rural.

Obsérvase un certo contras entre as parroquias onde se efectúan inventarios; aquelas nas que se localizan menos libros serían Cora, sen nada, Berres, Matalobos e Figueroa con moi poucos, fronte a Ouzande, Moreira, Riveira ou Remesar con bibliotecas mellor surtidas.

Nesta aproximación ás bibliotecas do clero rural non foi posible establecer comparacións con outros traballos semellantes para esta época por descoñecer a súa existencia, xa que a bibliografía existente na actualidade, referida fundamentalmente ós séculos XVII e XVIII, apenas fai referencia ás bibliotecas privadas dos curas rurais galegos. Constatamos, por outra parte, a escasa renovación destas bibliotecas, respondendo os seus catálogos a criterios serodios e edicións antigas cun repertorio moi restrinxido de autores.

---

Nota bene: ó peche da edición deste traballo apareceron novos datos que serán incluídos en vindeiros estudos.

Tamén se percibe que o mercado xerado nas almonedas de libros tiña unha clientela restrinxida a persoas cun certo nivel económico e cultural, salientando os curas, que representan unha porcentaxe importante.


Para rematar, unha curiosidade, revisáronse aproximadamente 623 obras que están divididas en 1155 volumes, en moitos casos números soltos.

## Bibliografía

- BARREIRO MALLÓN, B., “Las clases urbanas de Santiago en el siglo XVIII: definición de un estilo de vida y de pensamiento”, en *Historia social de Galicia en sus fuentes y protocolos*, Eiras Roel, Antonio (Coord.). Santiago de Compostela. 1981.
- BURGOS RINCÓN, J., “Los libros privados del clero. La cultura del libro del clero barcelonés en el siglo XVIII”. Barcelona, 1996.
- CABADA CASTRO, MANUEL. “Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1936)”, en *A Estrada. Miscelánea histórica e cultural* nº 3, A Estrada, 2000, paxs. 237-308.
- Catálogo dos libros do fondo antigo da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela.
- Catálogo Xeral da Biblioteca da Universidade Pontificia de Comillas.
- DUBERT, I., “La vida del clero rural gallego a final del Antiguo Régimen”. Homenaje a José García Oro. Santiago de Compostela, 2002.
- FERNÁNDEZ CASTRO, JUAN ANDRÉS, “Os traballos e os días. Aspectos da vida cotiá no rural estradense do século XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti”, en *A Estrada, Miscelánea histórica e cultural*, nº 2, pp. 63-108. A Estrada, 1999.
- Gran Enciclopedia Gallega. Varios Tomos.
- HERRERA PASCUAL, CRISTINA. “Análisis documental y bibliométrico de los libros del Siglo XVI de la Biblioteca de los Obispos (Murcia)”.
- REY CASTELAO, OFELIA. “Libro y lectura en Galicia. Siglos XVI-XIX”. Santiago de Compostela 2003.
- “El Clero urbano compostelano a fines del siglo XVII: mentalidades y hábitos culturales”, en *Historia social de Galicia en sus fuentes y protocolos*. Santiago de Compostela, 1981.
- SOBRADO CORREA, H., “Los Inventarios Post-Mortem como fuente privilegiada para el estudio de la historia de la cultura Material en la Edad Moderna”. *Hispania. Revista Española de Historia*. LXIII/3, nº 215. Madrid, 2003.



## Anexo I: Distribución dos libros por materias\*



\* Non se inclúe Arnós







## O mercado de peixe na Estrada rural

Juan Fernández Casal

Neste relato pretendemos sacar do esquecemento unha serie de recordos, de pequenas historias que aínda perduran nas xeracións que xa hai anos entraron no que agora se lle chama con piadoso eufemismo a terceira idade; quero dicir, os que xa pasaron dos setenta e están vivindo as derradeiras fases da súa vida.

Destas xentes, homes e mulleres, conseguimos case a totalidade das informacións que aquí aparecen, todas elas recollidas con moito acougo pola nosa parte pois tódalas informantes me querían contar a súa vida polo miúdo: como me dicían elas: *a miña vida é unha historia e quixera que vostede me escoitase pois podía escribir un libro moi goso con ela.*

Cómpre tamén salientar que estas persoas contan feitos ou situacións que aconteceron setenta ou noventa anos atrás; moitas veces reflicten a súa propia experiencia pero magnificándoa como fan sempre os nosos maiores cando contan as súas batallinas. Por eso non se pode aplicar aquí o refrán “onde hai papeis calan barbas” porque estas son historias que non se encontran documentadas en papeis, só existen na memoria das *patifas* e na de tódalas amas de casa desta Estrada rural que no seu tempo foron as súas clientas. Así que, “onde non hai papeis falan barbas”, ... ou mulleres, que son barbilampiñas, e ¡confío nelas!

Máis aínda: foi imposible encontrar información escrita deste tipo de venda, que se facía xa antes do século XX. As datas máis antigas conseguidas polos descendentes da *patifa* María Pérez Fontenla falan que esta vendía peixe polas parroquias de Castro e Arnois no ano 1910.

Estas son historias sen trascendencia, que non deixan marcado o porvir nin modifican a evolución da vida dos pobos. Só son pequenas lembranzas de xentes humildes de pequenos pobos. Pero aconteceron nun tempo e nunhas terras da nosa xeografía estradense e quero que queden reflectidas en letra impresa. Desta maneira xa non se perderán e coido que as futuras xeracións que nos reemplacen nesta vida lles dean máis valor e que en lugar de pequenas historias de pequenos pobos sexan grandes historias ¡Quen sabe!

Situamos estes relatos desde os primeiros anos do século pasado ata os anos sesenta do mesmo século. As terras onde se desenvolven, tódalas parroquias do concello da Estrada nas que non incluío a propia vila por razóns que máis adiante expoñeremos e, indirectamente, o concello de Cesures.

Naqueles tempos era frecuente nestas zonas rurais do concello da Estrada unha patoloxía moi aparatosa e visible; patoloxía tamén frecuente en tódalas terras afastadas das zonas costeiras. No pescozo de moitas persoas adultas, especialmente mulleres, víaselle un bulto como se fose un papo que lle penduraba e se movía ó compás das subidas e baixadas das queixadas nunha conversa.

Na literatura médica esta enfermidade ten un nome específico: o bocio, que ven sendo a glándula tiroide que medra ata alcanzar un tamaño moi grande a causa da carencia de iodo na alimentación.

Parecía como se quixese aumentar de tamaño para poder atrapar as poucas moléculas de iodo que entraban na alimentación. Cando este mal afectaba a un número grande de persoas recibía o nome de bocio endémico, como é o caso que queremos tratar aquí.

Precisamente, todo o territorio rural do concello da Estrada padecía esta afección e podemos engadir que era máis acusada pola fre-

cuenta e abundante inxesta do grelo, da col e da coliflor, tan habituais na dieta das nosas xentes. Este tipo de hortalizas acentuaban as deficiencias de iodo polo efecto de rexeito á metabolización deste halóxeno. Parece ser que uns compostos químicos chamados *goitrinas*, abondosos nestas hortalizas, producen este efecto.

Ademais de todo isto, na zona rural era moi escaso o consumo de peixe e marisco, comidas que aportan iodo a manscheas na alimentación humana. Unha patoloxía tan singular e destacada non podía quedar sen a palabra que a definise. Na nomenclatura popular nesta zona o bocio ten un nome específico moi significativo e de grande expresividade: un *lobo*.

Tampouco podía faltar nas nosas piadosas xentes un santo a quen lle encomendar a curación milagrosa desta patoloxía.

Xeralmente en cada parroquia ou capela sempre se venera a un santo abogoso dos males da garganta, en donde entra de cheo a patoloxía do *lobo*. En San Pedro de Ancorados a imaxe de San Paio recibía ós doentes desa enfermidade. Un pano, que pasaban primeiro pola garganta do santo, era pendurado a modo de bufanda no pescozo do pobre enfermo. San Blas, por outra parte, era santo universal curador destas doenzas. Non hai igrexa que non teña ó seu San Blas coa forma do pescozo moi salientada como dicindo: “enfermos da gorxa acudide a min”.

Cos avances na medicina e cos trocos nos hábitos alimenticios foi desaparecendo esta anomalía... e tamén a piadosa costume de acudir ós santos implorando curación.

Recordo que sobre os anos sesenta, durante a miña estancia en Remesar, aínda había varios casos de mulleres, todas elas setentonas, co *lobo*, que tapaban púdicamente co pano da cabeza. Incluso había dúas ás que lle penduraban dous *lobos*, un a cada lado do pescozo. Coido que en tódalas demais parroquias do concello pasaría o mesmo.

Cómpre neste momento salientar a relación directa da enfermidade do *lobo* na poboación estradense coa ausencia de peixe e marisco no menú cotidián das nosas xentes hai oitenta anos para

atrás, e por outra banda, a súa desaparición case total cando de cotío foi entrando peixe e marisco na dieta, co seu correspondente aporte de iodo.

Con estas premisas pretendemos deixar constancia dun sistema de mercado do peixe na zona rural estradense con tódolos condicionantes humanos relacionados con esta venda.

As fontes de información deste traballo proceden directamente das protagonistas, a quen entrevistamos ó longo de varios días e moitas horas. Todas elas foron vendedoras ambulantes que xa polos setenta anos ou máis aínda recordan as súas andanzas polas terras estradenses. Un pouco máis adiante xa iremos nomeando a cada unha delas e engadíndolle o alcume polas que se lles coñece no seu pobo e que elas aceptan con toda naturalidade. Outras informacións xa son máis indirectas, pois proceden das netas, que aportan as lembranzas da memoria familiar pero que tamén nos levan a moitos máis anos atrás.

Para que quede constancia gráfica destas mulleres insertarei as fotos dalgunhas protagonistas destas historias.

Por outra banda os testemuños das xentes de tódalas parroquias estradenses son tan uniformes na súa estrutura e son tantos os informantes que non podo individualizar nin personalizar a orixe deles.

Pero centrémonos no tema, non fagamos coma as miñas informantes que queren contar a súa vida. Antes de describir con detalle o sistema de distribución do peixe na Estrada rural cómpre facer unha breve reseña da rede vial deste concello nos tempos anteriores á grande renovación da agricultura e gandeiría que trouxo o proceso de concentración parcelaria, rematado xa na súa totalidade hai moitos anos. Pero neste traballo só queremos suliñar o efecto que causou sobre as comunicacións.

Imos recordar *grosso modo* as estradas que antes da concentración cruzaban este territorio. Estradas Nacionais: a N-64 VEGADEO-PONTEVEDRA e a N-525 OURENSE-SANTIAGO. Describiremos tódalas demais de competencia da Deputación e do

COTOP: Pontevea-A Estrada; A Estrada-Ponte Ulla; Pontecesures-Baloira; Campolameiro-Codeveda; Portela-Souto de Veá; Pontevea-San Miguel de Barcala; Sol-Ancorados; Foxo-Riobó; Curras-Olives; Portela-Ribela; Arca-Nigoi; Orosa-Orazo; Berres-Ribeira; Foxo-Agar; A Estrada-Forcarei; Callobre- Ponteledesma; San Andrés de Veá- San Xulián de Veá; Acceso á Ponte de Sarandón; Codeseda-Ciquiril; Folgoso-Forcarei; Cerdedo-Sabucedo; Ouzande-Somoza; Brea-Aguións; Aguións-Santeles-Santa cristina de Veá e Sol-Pardemarín.



Peixeira (do pintor Maside).

Algúns lugares e parroquias víanse favorecidas pola pasantía destas estradas polas súas terras pero tódalas demais quedaban illadas. Para chegaren ata algunha estrada nacional ou provincial había que camiñar por corredoiras, ir por camiños de carro, pisar sendeiros, saltar cibadeiros e valados e ás veces tomar atallos a través de montes.

Por outra banda a orografía tampouco favorecía as comunicacións. Os montes da Rocha co pico de San Sebastián, O Cádavo, A Conla, A Serra Cabalar, fan do solo estradense un terreo dificultoso; Montillón con 780 metros sobre o nivel do mar e San Miguel de Barcala con 25 constitúen as cotas máis alta e baixa, respectivamente, do concello da Estrada.

E para que quede completo o cadro do relevo da Estrada rural estamos obrigados a facer unha breve descripción dos ríos, afluentes e regueiros.

O conxunto das terras estradenses está agrupado en dúas concas: a conca do Ulla e a do Umia.

O Ulla, cos seus afluentes, Liñares, Veá e Riobó, que a súa vez se ramifican en regueiros grandes e pequenos, recollen as augas dunha grande parte do territorio e vai bordeando o límite da Estrada coa provincia da Coruña.

O Umia que entra en Liripio, atravesa Rivela, pasa por Codeseda e pérdese en Arca ata desembocar en Cambados

Nestas terras das cincuenta e unha parroquia da Estrada había a mediados do século pasado máis de cinco mil casas habitadas, a grande maioría delas sen medios de comunicacións como antes espuxemos. A estas máis de cinco mil casas chegaron noutros tempos unhas mulleres vendendo peixe casa por casa e porta por porta.

Estas mulleres, as *patifas*, estableceron un mercado de venda de peixe que se mantivo no tempo moitas décadas e que tiña como punto de inicio a vila de Cesures onde se concentraban os camións que transportaban o peixe desde os portos pesqueiros de Santa Uxía de Ribeira, Rianxo, O Grove, Portonovo e Cambados.

Quero facer aquí un paréntese e introducir a lembranza dos camións que percorrían as estradas inmediatamente despois da guerra civil. Como a gasolina era escasa e moi difícil de conseguir trocouse polo uso do que se lle chama gas pobre, que é o gas producido pola combustión incompleta de carbón vexetal, cunha capacidade energética moi escasa. A caldeira pendurábase moi aparatosamente na parte detrás do coche a modo de chepa. Nas costas arriba este gas non tiña o empuxe suficiente e había que axudalo coa “tracción animal”: os pasaxeiros baixaban do coche e puxaban ata rematala costa.

Na praza de Abastos de Cesures facían parada estes vehículos, propiedade todos eles de emprendedoras mulleres cesureñas que se coñecían polos nomes tan pintorescos de *A Catarresa*, *A Casadiña*, *A Mambisa*, *A Pilota*, etc.

Desde as catro da mañanciña xa estaban esperando unhas trinta ou corenta mulleres que ían comprando o peixe dos camións e a continuación coas panelas á cabeza ben acuguladas partían para os seus lugares de venda dentro das zonas rurais do concello.

A Estas mulleres chamábanlle *patifas*, palabra descoñecida na lingua galega, acaso sexa localismo que só se usaba en Cesures e contornos. Na lingua portuguesa significa persoa desvergoñada e antigamente usabase como sinónimo de tratante ou vendedor ambulante, pero tamén persoa desenvolta, sen prexuízos e desvergoñada.

Esta derradeira acepción puido pasar ó galego e usalo en femenino porque encaixa perfectamente coa maneira de seren as nosas *patifas*, pero suprimindo a súa acepción negativa pois este no é o caso.

As mulleres de preto do mar, incluíndo as de Cesures son por temperamento parladoras e extrovertidas nas súas conversas, tanto que parece que queren asoballar ós demais falando máis alto. Non teñen reparos en expresar oralmente tódolos pensamentos que lles veñen á mente sen valoraren nin a oportunidade nin a trascendencia das súas palabras. Moita diferenza se pode establecer con respecto ás conversas das xentes do interior, mulleres reflexivas, que pensan moito e falan pouco.

Aproveito esta alusión á idiosincrasia especial destas mulleres para deixar constancia dos alcumes, sobrenomes, apodos ou alias polos que eran coñecidas; empregados con naturalidade pola sociedade que as rodeaba, funcionaban a modo de terceiro apelido e perduraban xeracións enteiras sen comportar aldraxe ningún e aceptados con naturalidade polas súas portadoras, de modo que eran máis coñecidas desta maneira que polo propio nome e apelidos: dicindo María a *Pilota*, Concha a *Tiquitanga* ou Teresa a *Casadiña* quedaba axiña identificada a persoa.



Antonia Grela Lorenzo, patifa dos anos 20.

Tanto me sorprenderon estes motes como curiosidade lingüística e sociolóxica que decidín incorporalas a este traballo, e aquí quedan:

*A Pilota, A Casadiña, A Catarresa, A Palerma, A Manteiga, A Cacharela, A Mijelona, A Liloia, A Chea (co <e> aberto), A Mambisa, A Pichilana, A Tiquitanga e A Tobía.*

Pero voltemos á praza de Cesures pola mañanciña.

O regateo entre compradoras e vendedoras, o asobío do tren e o pitar dos coches, o ornear dos burros e a linguaxe florida das peixei-ras enchían a praza de barullo, tanto que os pobres durmintes das casas próximas, desesperados de tan ruidoso despertar, chegaban ás veces a botar caldeiros de auga desde as fiestras, cado non “ouríñais” cheos de contido.

Teño recordos pessoais destas escenas. Con oito ou nove anos debía acompañar a meu pai no coche para face-lo reparto do pan moi cedo, antes de ir a escola, e tiña precisamente a primeira parada na praza de abastos para entregar nove moletes na taberna da *Silbosa*, cando a faena do peixe estaba no seu apoxeo. Eu todo o contemplaba con moito sono pero tamén con grande admiración. Moitas veces había escenas que impactaban fortemente a miña inxenuidade de neno. Vou relatar pudicamente unha delas. Como dixeran antes, ás veces, dez ou quince burros esperaban atados a que as súas amas completasen carga para o reparto; tamén as veces algunhas burras exhalaban feromonas como unha tarxeta de invitación. Os burros, atados polas cordas, sensibles a estes efluvios, reaccionaban da única maneira posible dentro das súas limitacións físicas pero con tan visibles respostas que producía grande impacto na miña inxenua curiosidade de neno.

Completada a carga, cada unha das *patifas* ía saíndo cara o punto de venda. A maioría coa cesta na cabeza e algunha co seu burriño.

Imos profundizar máis no tema destas mulleres que en Cesures se dedicaban á venda ambulante de peixe.

Como o oficio de vendedora ambulante era penoso e moi sacrificado, só se dedicaban á venda as mulleres dos arrabaldos máis pobres

de Cesures xa que non tiñan de onde lles viñese nin un real. Xente de baixo nivel económico e máis baixo nivel cultural pois a escolaridade naqueles primeiros anos do século XX non chegou a estas mulleres e o analfabetismo era unha constante naqueles tempos. Carecían ademais de consideración social e sufrían o rexeito dos outros estamentos sociais. O nome de *pesca* aplicado a unha muller era sinónimo de xente baixa, pobre, inculta e mal falada. Pero tamén debemos manifestar que estaban unidas por un forte cooperativismo moi arraigado e que a pesar do seu vocabulario dispuñan dunha grande nobreza de espírito e desde logo unha grande capacidade de sacrificio.

Contábame a *patifa* María Rodríguez González, a *Tiquitanga*, amiga e informadora deste relato, que unha sobriña súa dunha grande beleza, *era unha muller moi juapa, moi juapa e tiña un corpo que veña Dios a velo*, estaba preparando os papeis para casar cun mozo de fóra pero cando este se enterou que era unha *pesca*, plantouna e voltou atrás o casamento.

A este rexeite social cara as *patifas* xuntábase a grande miseria naqueles tempos. Non había terras que traballar nin postos de traballo onde empregarse e só lles quedaba meterse a *patifas*.

Este traballo era penoso e moi sacrificado. Nalgunhas rutas camiñaban coa panela á cabeza ata dez leguas entre ida e volta cargadas con trinta quilos de peixe a ida e cuns poucos menos de limosnas á volta. Nas longas noites de inverno facían parada na aldea. Sempre encontraban boa acollida, claro está que non dispuñan de cama en lugar axeitado; moitas veces era a corte da *Paloma* ou da *Gallarda* ou da *Moura* o leito para estas cansadas mulleres.

Tamén no verán, cando a noite se lles botaba enriba, facían parada no camiño. Buscaban un lugar abrigado; a herba por colchón e por manto, o ceo estrelado. Nos anos cincuenta calcúlase que unhas cincuenta *patifas* estaban dedicadas a este mercado.

O peixe que vendían nestas terras era o máis barato: bacallaos pequenos, a sardiña, o trancho e o xurelo; algunhas veces levaban pescada “por encarga”. Xeralmente os trinta quilos que portaban á

cabeza enchían a panela e para que non magoárense tanto amparábanse cunha rodela ou *molido*.

Nas conversas que tiven cunha das poucas patifas que aínda viven, a miña amiga a *Tiquitanga*, admiroume saber como facían para evita-las sacudidas propias das pasadas cando ían cargadas coas panelas para que o peixe non se esmagullase; era mercancía delicada e debía chegar con boa presentación ás compradoras. Facían os pasos moi curtiños e case na punta dos pés. Acompasaban o ritmo das pasadas co braceo a modo de péndulo de tal maneira que, sincronizando os movementos de braceo cos outros das pasadas, evitaban os altos e baixos da panela ó camiñar. Desta maneira ergonómica lograban que o movemento de avance da panela non fose unha liña ondulada sincronizada coas pasadas senón un movemento horizontal e perfectamente rectilíneo. Así o peixe non sufría e chegaba en boas condicións ó cliente.

Permítaseme unha anécdota: a miña informadora María Rodríguez doume una explicación “físico-teórica” sobre esta maneira de camiñar mansiñamente. A aclaración non tiña volta: *boto un pé, logo unha man, logo outro pé e logo outra man facendo así: tiqui,tan; tiqui,tan. E nada máis*. Por esta historia xa contada por ela hai moitos anos, coñécese aínda pola *Tiquitanga*.

Estremece escoitar as penurias que se pasaban neste traballo, especialmente no inverno cando as xeadas endurecen o chan. Naqueles tempos non había posibles para comprar calzado e así, descalzas camiñaban pisando o solo duro do lazo. E non podían parar de camiñar pois tullíanselles as pernas e quedaban atoadas. Máis aínda, Concha, irmán da *Tiquitanga* contoume o caso dunha muller, nai dunha meniña de seis meses que a levaba envolta no bandil que suxeitaba cos dentes para ter as mans libres.

Unha das rutas das patifas saía de Cesures pola estrada de Balaira, camiñaban ata Santa Mariña de Barcala e a partir de alí desfacían o grupo para chegaren ás súas parroquias de costume. As patifas coñecían perfectamente o nome de tódalas casas e chamaban á patroa:

*Señora María, hoxe teño xurelos moi fresquiños. Mentras facían o trato a patifa aproveitaba para tomar uns folgos, que ben os precisaba.*

Nos primeiros anos o troco facíase ó estilo medieval, en especie, pois non había liquidez na economía familiar. Anos máis tarde, cando na casa se vendían fabas, froitas ou algún xatiño ou porco, xa no troco mediaba o diñeiro, aínda que sempre se complementaba coa “limosna”, un engadido de pan, ovos, millo ou outros produtos do campo.

Tódalas miñas informantes cando falan das nosas xentes da zona rural da Estrada non dubidan en eloxialas pola xenerosidade e consideración que mostraban con estas sufridas peixeiras. Este trato de vendedora-compradoras chegou co tempo a desenrolar fortes vínculos afectivos que aínda agora as nosas xentes recordan con moito cariño. María Cascallar *A Pilota* dicíame que as xentes destas terras sacáranlle moitas fames e moito frío naqueles anos duros da postguerra civil española.

Mercedes e Nieves Grela Magariños informáronme dos prezos que corrían polos anos corenta coas diferencias propias da fluctuación por oferta e demanda:

Un cento de sardiñas vendíase a catro pesetas. Unha ducia de xurelos grandes a unha peseta. Un cento de bacallaos pequenos dúas pesetas. Un cento de tranchos a cinco pesetas.

Pescada por encarga a catro pesetas e dous réas.

Ó cabo dun bo día de venda podían traer unha recadación de dez pesetas, ademais da panela chea de produtos do campo. Ganancia miserable se se ten en conta o grande esforzo que representa cami-



Consuelo González Saavedra, patifa dos anos 30 e dona de camións do peixe máis tarde.



María a Pilota (patifa durante 30 anos).

ñar ata unhas cinco horas cargadas con peixe á ida e outras cinco á volta tamén coa panela chea.

Estas patifas comenzaban o seu camiñar apenas cumpridos os quince anos e “xubilábanse” cando xa o seu corpo non lles permitía este esforzo. As primeiras consecuencias acusábanas na columna pois hai que ter en conta que durante dez horas esa parte do corpo soportaba o peso da panela, de modo que as vértebras e os discos quedaban machacados. *Cando xa non podiamos máis íbamos ás augas de Cuntis*

*pero pouco alivio nos facían*, lamentábase unha patifa. Pero non había outra saída para esta xente con familia que manter.

Era frecuente que moitas patifas nos seus anos mozos fosen polas aldeas soas, sen compañía doutras vendedoras, expostas a que se meteran os mozos con elas. Comentei coa *Tiquitanga* esta posibilidade. Contestoume rotundamente que claro que tentaban meterse pero a resposta era tan axeitada que a eses mozos non lles quedaban gañas de repeti-lo envite.

Xa máis arriba comentamos o estatus social ó que pertencían estas mulleres, case todas elas dos arrabaldos cesureños de Porto, Carreiras e Condide; xentes ledas, faladoras, desinhibidas e carentes de reservas mentais. Unha experiencia persoal doume cumprida información da idiosincrasia especial destas mulleres.

Polo ano sesenta tiveron necesidade de achegarme desde Cesures á parroquia de Remesar para conseguir información de vivenda para incorporarme á praza de mestre que me asignaron por concurso de traslados. O amigo Gómez tiña unha camioneta que recollía as patifas en Cesures e lavábaas ata Ponte Ulla desde onde, coas panela á



Irmáns Consuelo e Concha (a *Tiquitanga*), patifas nos seus anos mozos.

cabeza, se internaban nas parroquias estradenses do outro lado do río. Ofreceume un lugar na camioneta ata Ponte Ulla pois quedábame máis preto do meu destino. Antes de subir no coche o meu amigo xa me avisou de que as conversas das *patifas* non eran oracións precisamente. E así foi. Subiron á camioneta as patifas coas correspondentes panelas. Eu ía na cabina con Antonio. E aínda hoxe parece que me da vergoña facer lembranza dos temas e das palabras que se traían entre elas. O tema: a relación home muller. As palabras: non as podo poñer aquí. Falaban da relación sexual dunha maneira tan descarnada que naquel intre eu quixérame ver lonxe. O eufemismo que tanto se estila nestes tempos de face-lo amor parecería frase sacada do libro de meditacións de Kempis ante a expresión que elas se traían. Non tiñan ningún reparo en trata-lo tema en profundidade e cunha naturalidade pasmosa. Foi para min unha verdadeira lección de sexoloxía. Ben está saber de todo.

Ata aquí só tratámo-la venda do peixe que naqueles tempos era o máis barato e abundante, pero tamén había outro mercado de pro-

ductos do mar: a venda de marisco, que seguía as mesmas rutas de venda que as do peixe. Trátase do marisco máis humilde, o máis pobre; aínda que o máis abundante e o máis barato.

Todos estes aldraxes que lle espeto ó berberecho xa non os merece agora pois en poucos anos subíu de categoría. O *berberecho*, *croque*, *críca*, *birbiricho* ou *chícharo* pertence á orde EULAMELIBRANQUIO-Familia: CARDIIDAE-Xénero: CERASTODERMA-Especie: EDULE.

Sería o marisco máis abundante e o máis barato naqueles tempos, non teño dúbidas, pero non se pode dicir que fose o menos sabedeiro; e senón fagan a proba. Compren un par de quilos de berberecho ben fresquiño e póñano a asar no forno da cociña sen ningún adubo. Tan pronto se abran as cunchas sáquenos do forno e váianos comendo coas mans aínda que lles pelen un pouco. Aproveiten a auga salgadaña que queda nas cunchas, sabe a gloria. Teñan pan de millo ó lado e reguen todo con viño tinto do país. Despois desta proba seguro que se esquecerán das nécoras, camaróns, percebes, cigalas e outros de máis sona. E se é noite, chove a mazo e están a carón dun bo lume, máis que mellor. Será un paraíso para o espírito e un pracer para o estómago.

As redes comerciais do berberecho seguían un camiño paralelo ó das patifas pero con outra organización. Xa non son as *patifas* as que levan o molusco nas panelas pois a ganancia que podían dar 30 quilos non compensaba o esforzo.

O medio máis usual de transporte era o burro que, coas dúas fardelas penduradas, podía levar ata oitenta quilos e ademais camiñaba por sendeiros e corredeiras ata a porta da casa de tódolos compradores desta comarca. Outro medio de transporte era o carro de cabalo pero quedaba limitado só ás casas da beira das estradas.

O centro de distribución deste molusco estaba tamén en Cesures que centralizaba, como porto pesqueiro, tódalas partidas de berberecho que se extraían dos Lombos de Bamio, preto da desembocadura do río Ulla. O sistema de recollida era o rastro, unha especie a angazo moi grande de ferro ó que se lle engadía unha rede en forma de bolsa. Tiña

un mango moi longo ata de vinte metros. Desde as dornas íase rastreando a area do fondo e os berberechos pasaban para dentro da bolsa.

De outubro a marzo centos de marisqueiros faenaban nas zonas da boca da ría, e grande parte do berberecho era transportado en dornas a vela ata Cesures. Alí, no peirao, era descargado e vendido ós compradores que surtían todos pobos do interior. Pero o que nos interesa a nós é a venda que se realizaba polas parroquias do concello de A Estrada.

Unha fonte de información sobre a venda de berberecho atopeina nos herdeiros de Victorino Barreiro Limeres, veciño que foi do lugar do Castro en Cesures, o que durante trinta anos se dedicou á venda ambulante de berberecho abastecendo as parroquias que lindaban con Ponte Ulla e as próximas do concello da Estrada. O medio de transporte xa non era a panela nin o burro senón o carro de cabalo co que percorría as estradas de entón. Contábame a súa filla Jelucha que o Sr Victorino ía durmindo no carro. Era o pacenciudo cabalo quen paraba nos lugares acostumbrados de venda. A modo de aviso o berberecheiro tocaba a “bujina”, unha grande caracola de mar. A xente xa coñecía o son e acudía ó mercado.

Pero antes de seguir adiante co tema quero voltar ó principio e salientar os prezos de compra en orixe, prezos de venda a detalle e por último o prezo actual nos supermercados e deduciremos datos moi curiosos.

No peirao de Cesures os mariscadores vendían a cesta de oitenta quilos a catro pesetas, que viñan a ser cinco céntimos de peseta o quilo e os berberecheiros vendían ó detalle a dous patacóns (20 cts). Se vostede, lector, vai agora ó súper e compra un quilo de berberechos ten que pagar cinco euros, 832 pesetas, se desde que escribo isto xa non subeu de prezo.

Fagamos agora un pequeno esforzo de imaxinación e demos un salto atrás no tempo, poñámonos por caso no ano 1940. Vaiamos ó peirao de Cesures cos cinco euros que agora vale un quilo, tentemos invertilos en comprar berberechos directamente ós marisqueiros. Non



“A bujina” (caracola de mar).

abraien, teríamos que levar un camión para cargar ¡16.640 quilos!

Este comercio do berberecho era realizado normalmente por homes dos arrabaldos mariñeiros de Cesures. Xentes tamén falangueiras que percorrían case tódalas parroquias do concello transpotándoo sempre no sufrido burro. Aínda hoxe, moitas daquelas persoas da zona rural, estradenses de mediana

idade para arriba, coñecían a estes vendedores ambulantes polos “berberecheiros”, en sentido peiorativo e tamén “Sesureños” facendo fincapé no seseo da fala, tan característico nas comarcas costeiras na que incluímos tamén a Cesures.

A partires do ano sesenta houbo un profundo troco nas estruturas agrarias das cincuenta parroquias rurais do concello da Estrada. Este troco desencadeou tamén unha modificación nas estruturas comerciais que fixo desaparecer a venda ambulante de peixe e marisco.

Para mellor entender este proceso de cambio no comercio do peixe na zona rural da Estrada debemos salientar uns trocos na estrutura rural do concello en canto á organización do traballo agrícola e gandeiro ocorrido a partir da primeira metade do século pasado. Referímonos ó proceso de concentración parcelaria.

Pero antes necesitamos expoñer a situación da agricultura baseada no minifundismo máis extremado, tanto que en algúns casos eran tan pequenas algunhas parcelas que nin un carro de vacas cabía nelas. Nesta situación non era rendable o traballo xa que o cultivo facíase de maneira manual. Pero este troco foi traumático para moitos paisanos.

Aínda que entre aquí de esvarón quero expoñer algúns casos dos que fun testemuña pois tocoume vivir os problemas que trouxo consigo a concentración parcelaria das parroquias de Remesar e Riobó.

O Ministerio de Agricultura, a través de conferencias e charlas, informaba ós agricultores preparándoos para afrontar con mentalidade de renovación este proceso. Lémbrome que en Remesar programaron unha viaxe a unhas parroquias onde xa estaba finalizada a concentración facía algún tempo para que falasen coa xente e escoitasen as súas opinións. O meu amigo Feliciano Oubel, que agora goza de acougo eterno, contoume, unha anécdota desa viaxe que aquí relato.

Cando chegaron a unha parroquia xa concentrada, o meu amigo e un compañeiro separáronse do grupo para evitaren ser manipulados e entraron nunha casa onde vivía un matrimonio xa entrado en anos. Despois de tomaren uns viños como protocolo da invitación comenzaron a falar do tema da concentración. Aquí toma a palabra a dona e con moita emoción comentou: *Nós saímos moi mal da concentración pois coído que fomos os que peor quedamos. A min, co disgusto, costoume un mes na cama. O meu home por pouco non conta o conto. Xa pasaron dous anos desde entón, pero agora, aínda que me deran dúascentas mil pesetas, non voltaba ós tempos de antes.*

Esta anécdota reflexa un pouco a mentalidade destas xentes tan amarradas á terra e ó traballo, e a quen tanto lles custa adaptarse ós novos tempos.

Pero voltemos agora ó tema da ruta do peixe porque este proceso da concentración parcelaria ademais de xuntar fincas trouxo tamén vías de comunicación a base de pistas nas que cada parcela ten o seu propio acceso, e o que é máis importante para o noso enfoque: cada casa está comunicada por estrada sen ter que pasaren coma noutros tempos, por sendeiros e corredoiras.

Pensem que a estrutura da urbanización rural destas terras está ordenada a base de casas individuais illadas unhas doutras, arrodeadas cada unha delas por un terreo máis ou menos grande e cunha saída á estrada. Isto da lugar a un entramado de pistas que cruzan e entrecruzan toda a xeografía rural das cincuenta parroquias do concello.

Según datos facilitados polas oficinas municipais, máis de mil cincocentos quilómetros de pistas de concentración cruzan A



Estrada rural sen contar as estradas nacionais, autonómicas e provinciais. Na zona rural, catro mil oitocentas vivendas habitadas existen na actualidade pobladas por 15.400 habitantes.

Con estas facilidades de comunicación, a cada una das casas da zona rural pode chegar un vehículo, ábrese unha nova ruta comercial... e desaparecen as patifas e as panelas.

É moi curioso o estudo do desenvolvemento deste novo sistema de venda do peixe na zona rural, que debe ser moi gratificante economicamente pois tódolos peixeiros progresaron en pouco tempo. Recordo a un mariñeiro de Cesures que estaba dotado dun espírito comercial moi agudo. Aproveitou as rutas que abría a concentración parcelaria, comprou unha bicicleta, arrimoulle un remolque e meteuse polas aldeas vendendo peixe. Moi ben lle debeu ir no negocio porque ó cabo de poucos meses este sufrido pescadeiro xa non pedaleaba senón que ía cómodamente sentado nun *catro latas* e ampliando o campo comercial. Ós dous anos xa dominaba amplas zonas de venda apoiado nunha flota de camións de reparto. Hoxendía venden o peixe outras *patifas* que non levan panela, van sentadas na súa furgoneta e percorren tódala Estrada rural chamando ás patronas das casas coas “bujinas” do coche. A variedade de peixe é moito maior, e traen tamén berbercho, mexillón e polbos da ría. Tamén teñen entre elas repartidas as zonas de venda; case non hai ningún día da semana que non pase a peixeira. E todos estamos servidos e podemos comer peixe a mazo. Este sistema de venda ambulante foi así mesmo adoptado por outros sectores do mercado ó por menor:



Berbercheiro chamando ós clientes coa “bujina”.

O coche do pan que , ademais de bolas, trae pasteis, empanadas por encargo e todo tipo de boliños.

O coche do conxelado, con toda clase de peixe e no verán xelados, que tanto gustan a nenos e maiores.

O coche da froita, preferentemente no verán e con froitas de fóra.

O coche de ultramarinos, como lle chamaban antes, que máis ben parece un supermercado con rodas.

O coche do butano en días fixos da semana con dúas empresas á competencia.

O coche dos árabes vendendo alfombras: ¡*vendo barato, vendo barato!* onde o regateo é case un formalismo necesario; pídenche cen euros e ó final podes comprar por quince.

E podíamos seguir escribindo sobre obxectos de compra-venda que agora chegan ata a porta da casa: compradores de chatarra, vendedores de roupa, o servicio de correos que che pon a correspondencia no buzón. E sobre todo a facilidade para hospitalizar a un enfermo en caso grave. Atrás quedan aqueles tempos que había que levarlos enfermos na esqueira ata a estrada máis próxima

Pero o fin e motivo deste traballo non era precisamente informar das melloras producidas pola concentración parcelaria: Este tema entrou aquí case de rebolos. A miña intención era salientar outro de tipo de fenómeno: o troco na sanidade rural

Se recordamos as primeiras informacións que aquí se deron, falábase dunha situación sanitaria de tipo alimenticio que producía a patoloxía do *lobo* Pero, cando se abriron vías de comunicación e entrou peixe abundante esta doencia veu a desaparecer da poboación, tanto é así que desde hai longos anos xa non se ve ese papo no pescozo das mulleres. Alomenos se hai algún problema de tiroide non é producido pola carencia de peixe na alimentación.



## Familias e veciños do «lugar y aldea de La Estrada» a mediados do século XVIII

Juan Andrés Fernández Castro

*A Ignacia Sangiao (venteira), Gregorio do Pazo (ferreiro e taberneiro), José Porto (zapateiro), Bernardo Tato (arriero), Francisca Tosar (labradora), Santiago Carballo (barbeiro), Esteba García, Alexos González... estradenses hai dous séculos e medio.*

### I. De aldea a vila

Deica a segunda metade do dezanove o lugar ou aldea da Estrada (onde se celebraba unha importante feira desde, alomenos, o S. XVII) pertencía ás parroquias de Guimarei, Ouzande e Figueroa, de modo que cada unha delas compartía coas outras dúas unha parte daquel ámbito territorial.

A segregación definitiva da Estrada nos aspectos administrativo, territorial e eclesiástico habíase lograr en varias etapas e supuxo a culminación dun proceso inspirado nas realidades do Novo Réxime e aspiracións da burguesía liberal emerxente que, tralas guerras carlistas, reclama a súa porción de poder. Podemos delimitar tres etapas no proceso de xestión da vila da Estrada: formación, consolidación e independencia.

O primeiro deles, pouco documentado ata o de agora, ocuparía gran parte da Idade Moderna, rematando a principios da decimooitava centuria e caracterizaríase pola concorrencia periódica dun considerable caudal humano no lugar onde se celebraban os mercados mensuais. Progresivamente foise consolidando aquela poboación inestable deica conseguir o seu afinamento definitivo, ó que contribuíu tamén en gran maneira a situación estratéxica daquel punto onde facían parada, antes de acometer a derradeira xornada cara a Compostela, multitude de peregrinos e viaxeiros de diversa índole. Polo camiño vello da Estrada, que a Pontevea encauza cara a Compostela, e procedentes de Portugal, Terra de Montes e sur e noroeste da actual provincia de Ourense transitaba regularmente un nutrido trafego de xentes: arrieiros con odres de viño do Ribeiro de Avia, feirantes de lá mercada nas feiras de Xinzo, estudantes, enfermos, pelegríns, sacerdotes, bispos en visitas pastorais, preiteantes camiño da Coruña, veredeiros, vagabundos, comediantes e mendigos; todos achaban acougo, viño e mantenza nas pousadas e tabernas que xa daquela había abertas. No transcurso do século dezaioito consolidáanse aqueles elementos que caracterizarán no futuro ó pobo da Estrada, concretamente, a súa vocación comercial e mercantil -ó abeiro das feiras-, e a oferta de servicios, de modo que unha parte cada vez máis importante da poboación abandona a súa dedicación exclusiva á agricultura para desprazarse cara ó sector secundario e, sobre todo, o de servicios. Este transvase, perfectamente documentable nas fontes, efectúase dunha maneira moi lenta debido, en primeiro lugar, ó enorme peso da tradición agrícola e a dificultade que supón vencer a inercia histórica secular, mais tamén á sabedoría e prudencia daqueles devanceiros que, sen poñer en perigo a supervivencia da súa casa e facenda, souberon encontrar unha solución intermedia compatibilizando a agricultura e outra ocupación ou oficio antes de afrontar o definitivo abandono daquela.

Contra a metade do século dezanove o *lugar y aldea de La Estrada*, estaba xa en condicións de aspirar á independencia das súas parro-

quias matrices e constituírse en núcleo aglutinante da comarca que habería comprender o seu termo municipal. Tomou a iniciativa aquela pequena burguesía rentista e propietaria (estudiada no seu momento por Germán Rueda) que dispuña de capital acumulado abondo para mercar lotes de Bens Nacionais desamortizados. Incondicionais partidarios do réxime liberal e inimigos declarados do carlismo, eríxense en elite local –depositaria do poder emanado dun Estado débil e distante–, e en viveiro de dirixentes que, ata ben entrado o século XX, haberían dirixir as institucións políticas da comarca, servíndose para ilo das correspondentes redes clientelares e caciquís. Neste período defínese xa a vocación urbana daquel *lugar* y *aldea* que mencionan as fontes do dezaioito e aspírase ó honroso título de *villa* que finalmente concede o goberno da nación como pago á fidelidade da Estrada ó réxime liberal. Daquela consolídase tamén o modelo socioeconómico urbano baseado nunha agricultura complementada con oficios productivos, incremento do pequeno comercio estable, explotación dos mercados e diversificación do sector terciario coa aparición de novos servizos: médicos, boticas, agrimensores ou academias de ensino privado. O fenómeno da emigración, malia o desastre humano e demográfico que ocasionou, reportou en moitos casos beneficios indubidables como introductor de capitais (lembremos a don José Vila del Pino) e ideas que supuxeron innovación e avance. E por último a presenza do funcionariado que esixían as novas institucións que paulatinamente se foron instalando na Estrada: Notaría, Xulgados, Correos, Batallón de Reserva, Rexistro da Propiedade, Prisión de Partido e Concello.

## II. As fontes

O estudo sincrónico dunha poboación emprazada cronoloxicamente na época preestatística, comporta unha evidente serie de riscos e dificultades, en moitos casos de imposible resolución. Só a concorrencia de fontes de distinta índole e o correspondente proceso

crítico nos pode garantir, unha vez asumido o inevitable marxe de falibilidade, uns resultados cientificamente aceptables.

O obxectivo deste traballo céntrase no estudio das familias constituídas no *lugar y aldea de La Estrada* no período 1745-1755 e no establecemento dun vecindario deste lugar no ano 1750, para o que nos servimos das seguintes fontes:

### *II.a. Catastro de Ensenada*

O principal valor desta fonte monumental radica na súa fiabilidade, mentres que a eiva máis importante, que hai que lamentar en moitos casos, reside na súa inexistencia ou desaparición. Así mesmo evidénciase o distinto rigor que os escribáns aplican na constatación dos datos, de modo que, aínda partindo dun interrogatorio común, o acervo informativo varía considerablemente en cantidade e calidade. A relación de *vecinos cabezas de casa*, establécese por lugares ou aldeas e está maioritariamente constituída por homes casados, mais que tamén poden ser solteiros ou viúvos; ou mulleres solteiras (moi excepcionalmente), viúvas ou casadas cando o marido se encontre lonxe por un longo período de tempo. Esta relación permítenos identificar a meirande parte dos varóns adultos xunto cun discretísimo número de mulleres. Da relación de *oficios, industrias y comercio*, de contido exclusivamente fiscal, podemos extraer algúns valiosos datos de índole demográfica aplicables á nosa investigación; por exemplo certos varóns non emancipados que, por traballaren como aprendices xeran unha utilidade gravable.

A relación de *vecinos que confiesan y comulgan*, vén complementar a información ofrecida nos anteriores apartados aportando o nome das persoas que en cada casa acadaron xa a idade de recibir os citados sacramentos, ou o que é o mesmo, persoas de oito ou máis anos que habiten a casa paterna, incluídos outros membros da familia que convivan baixo o mesmo teito, como poden ser xenros ou noras. Quedan loricamente excluídos os fillos menores. É frecuente que encabece esta relación o nome do cura párroco e persoas que

vivan na súa casa. Inclúese sempre no remate do interrogatorio unha cuantificación dos veciños de cada parroquia, dato que ó estar supe-  
ditado a circunstancias de índole fiscal (por exemplo unha viúva ou  
solteira emancipada equivale a medio veciño) haberemos conside-  
rar con certa prevención. En todo caso trátase dunha información  
valiosa que someteremos, no seu momento ó test de transformación  
veciño-habitante elaborado por Eiras Roel.

### *II.b. As fontes parroquiais*

Os rexistros parroquiais de bautizados, matrimonios e defuncións  
ofrécese como auxiliar imprescindible á hora de tratar calquera  
tema de demografía histórica. Os libros correspondentes ás tres  
parroquias de referencia -Guimarei, Ouzande e Figueroa, como que-  
dou dito-, servíronnos de contrapunto e complemento da informa-  
ción proporcionada pola Catastro.

Nos *Libros de casados* documentamos os enlaces matrimoniais de  
cada un dos veciños reseñados no Catastro, anotando, ademais, o  
lugar de procedencia de cada un dos contraentes, dato imprescindi-  
ble para a posterior tarefa de reconstrucción das familias. A marca-  
da endogamia entre membros da mesma parroquia e, en menor  
medida de parroquias limítrofes, facilitou este labor de localización.  
A data de constitución da familia serviríanos para establecer o  
comezo do rastreo da descendencia de cada unha delas. O *Libro de  
bautizados* proporciona información sobre a incorporación de novos  
individuos ó colectivo humano da parroquia, xunto con datos sobre  
filiación, veciñanza e, no seu caso, defunción. Establecemos tamén,  
cando ilo é posible, as datas de nacemento dos individuos adultos  
relacionados no Catastro, servíndonos das partidas de defunción  
para recuperar a idade do defunto, dato especialmente valioso cando  
carecemos da correspondente acta do bautizo.

Mediante a información contida nos respectivos *Libros de difun-*  
*tos* podemos establecer, xunto coa data do óbito, datos de tanto inte-

rese como veciñanza do matrimonio, supervivencia, no seu caso, dun dos cónxuxes, status socioeconómico da familia ou existencia de testamento.

### *II. c. Protocolos notariais*

Localizáronse a meirande parte dos testamentos outorgados, sen que se puidese extraer información especialmente aplicable ó obxecto deste estudio.

### **III. Método de traballo**

Procedeuse, en primeiro lugar, á localización e análise das fontes, fiscais, eclesiásticas e notariais, empregadas neste estudio, para seren logo sometidas á pertinente análise e crítica previas á súa explotación, salientando que, a pesar das carencias observadas -desaparición dos libros persoais correspondentes a Guimarei e Ouzande, por exemplo- non se encontraron dificultades insalvables que impedisen a consecución dos nosos obxectivos. A partir das relacións de cabezas de casa elaboramos unha lista de veciños do *lugar y aldea de La Estrada* a partir da que reconstruímos as familias de cada quen coa axuda, como quedou dito dos libros parroquiais e da lista de *vecinos que confiesan y comulgan*. O traballo de reconstrucción de familias, tarefa dificultosa en extremo, como se sabe, non supuxo, neste caso maior problema debido á exigua cantidade de entidades familiares obxecto deste estudio e ó seu carácter non exhaustivo, alleo ás pretensións desta monografía.

A verdadeira dificultade deste empeño radicaba no establecemento dun vecindario ou relación de *persoas vivas* que morasen no lugar da Estrada arredor do ano 1750, data que ven coincidir, aproximadamente, coa da realización dos interrogatorios do Catastro. De seguido intentaremos explicar o modo en que se foron resolvendo cada unha das dificultades, adiantando que a elaboración do vecindario que ofrecemos é froito do cruce, contraste e confrontación das

fontes e adoece, xa que logo, das eivas e silencios ós que tiranicamente estas nos someten ás veces.

- 1<sup>a</sup>. ¿Como saber cantas persoas conviven no seo de cada familia? A partir dos datos do Catastro reconstruímos cada unha delas e a continuación, recorrendo ós libros de bautizados e defuntos eliminamos as baixas producidas antes do ano 1750.
- 2<sup>a</sup>. ¿De que maneira constatamos a presenza no lugar de fillos emancipados? Mediante a consulta ó correspondente apartado de oficios, industria e comercio do Catastro e, se é preciso, rastreando no libro de casados e defuntos a permanencia daquela persoa no ámbito parroquial.
- 3<sup>a</sup>. ¿Qué persoas non mencionadas no Catastro poderían vivir no ámbito cronolóxico-espacial obxecto desta monografía? Os pobres de solemnidade que, por carecer de calquera ben e non realizar traballos remunerados están ausentes do inquérito. Son difíciles de localizar cando morren fóra das parroquias de referencia. Localizáronse tamén algunhas familias con veciñanza no lugar da Estrada que na data establecida non figuran no catastro; pódese deber a un erro de ubicación, traslado de última hora, durante a realización dos interrogatorios ou un subterfuxio para tentar eludir os deberes fiscais daquelas persoas. Non localizamos ningunha persoa citada no Catastro ausente dos libros parroquiais, circunstancia que, coas precaucións e salvedades citadas, fala favorablemente da súa fiabilidade.

#### **IV. Descrición das familias do *lugar y aldea de La Estrada***

1. Bernardo Castrelo Varela, practicou o oficio de zapateiro no lugar da Estrada; natural de Padrón (+ 1762) casa con Lorenza Tosar Riveira (+ 1772) no 1737. Nácenlles tres fillos: Francisca Antonia (1738), Vicente Ferrer (1744) e Domingo Antonio (1748). Todos viven no 1750 polo que esta familia presenta un activo humano de 5 persoas.

2. Jacinta Rubín y Terceiro (Alias Reloas), *mujer soltera y sola*, non obstante considerada veciña e cabeza de casa, practicou o oficio de panadeira na Estrada deica o 1766, ano do seu falecemento. 1 persoa.
3. José Couceiro Rebolo (+ 1745) casou no 1727 con Rosa Souto Riveira. Tiveron os seguintes fillos: María Antonia Gertrudis (1729), Ana Antonia (1731), Ángela (1733), Alejandro Lorenzo (1736) que casou *para a casa* falecendo antes do 1750 pois as fontes afirman que Rosa Souto convivía con Ana Rebolo *su nuera viúda*. Luis Antonio (1737), Francisca (+1740) e Manuel (1742). Fan un total de 6 persoas. Non se dou localizado a M<sup>a</sup> Gertrudis, polo que posiblemente debeu casar fóra da parroquia.
4. Ignacia Sangiao, veciña da Estrada foi venteira e taberneira. As fontes silencian o seu estado; suponse que era daquela muller solteira. 1 persoa.
5. Gregorio do Pazo Bermúdez (+1797) exerceu na Estrada o oficio de ferrador e taberneiro; casou en primeiras nupcias no 1746 con Antonia González (+1750), que lle dou os seguintes fillos: Manuela (+1748) e María Benita (1749). No 1750, falecida a súa primeira esposa, casa de novo con Rosalía Porto Durán (+ 1775), resultando deste matrimonio a seguinte prole: Juana Antonia (1751), M<sup>a</sup> Ventura Antonia (1755), Antonio (1761), Luis (1765) morre ós vinte anos no Hospital de San Juan de Dios en Cádiz, a onde emigraría na procura de traballo seguramente no porto; Benito Andrés (1768). Activo humano de 4 persoas.
6. Agustín Carballo Castro (+1764) contrae nupcias con Ventura González Rodríguez (1721-1782) no ano 1741, necendo os fillos seguintes: Antonio Gregorio (1749), María Josefa (1752), Bernardo Antonio (1755), Julián Benito (1757) e Jacobo Antonio Cayetano (1761). Desta familia vivían 3 persoas no 1750.
7. José Porto Cajarville (1701-1767) practicou o oficio de zapateiro na Estrada; casa no 1723 con María Durán Balado (1697-1769) que deu á luz os seguintes fillos: María Antonia (1725),

casou para fóra da parroquia no 1749; Rosalía (1727), igualmente casou no 1750; Francisco Antonio (1730), Domingo Antonio (+1731), M<sup>a</sup> Francisca (1735) casou no 1763 e Ángel Antonio (1738). Unha vez suprimidos os falecidos e dúas fillas emancipadas quédanos un activo de 3 persoas; por falta de certeza non incluímos a Ángel Antonio pois non se menciona na relación de *vecinos de confesión y comunión*, aínda que non nos consta o seu falecemento; tampouco a Francisco Antonio, posiblemente servindo *fuera del país*. O que suma 3 persoas.

8. Bernardo Tato (+1787) practicou a arrieiría cos seus tres cabalos nos que transportaba viño do Riveiro de Avia para surtir as tabernas da comarca e, ocasionalmente, lá das feiras de Xinzo. Vive en Bedelle e casa no 1747 con Florentina González (+1766), que lle dá tres fillos: M<sup>a</sup> Ventura (1748), Julián Antonio (1750) e María Francisca Antonia (1754). Esta familia contribúe con 4 persoas á poboación do lugar da Estrada.
9. Melchor Iglesia Fragoso (+1747) casou no 1726 con Francisca Tosar Riveira (+1769) e do matrimonio resultan os fillos, María Antonia (1728) que casa no 1751; Ángela (1731), M<sup>a</sup> Francisca (1734) que contrae nupcias no 1755; Feliciano (+1738), Josefa (+1740) e Ángela Antonia (1743). Resultan 5 persoas.
10. Domingo Tosar Ribeira “el mozo” (1701-1778) casa no 1726 con Manuela Marque Riba (1700-1762). Domingo rexentou unha taberna no lugar da Estrada. Houbo neste matrimonio cinco fillos, a saber: Ana Benita (1727) que casou no 1753; Tomasa (1730-1740), Lorenzo Francisco (1734), Josefa Benita (1737) e Santiago ou Jacobo (1741). Esta familia contribúe con 6 persoas ó activo humano do lugar da Estrada.
11. Benito Paz Pena (1728-1783) é canteiro, solteiro ó tempo da confección do catastro, casa con Ana Benita Tosar Marque, primeira filla do anterior matrimonio, no 1753. Do enlace resultan os fillos José Francisco (1756-1776), M<sup>a</sup> Josefa (1759), José Antonio (1762), Juana Josefa (1764), José Ramón (+1766) e Manuela (1767-1769). Non contabilizamos a nai, por estar

- incluída xa na súa familia de orixe, nin ós fillos, nados todos eles con posterioridade ó 1750, do que resulta 1 habitante.
12. Pedro Ribeira Pazo, *estanquillero*, nado no 1724, casou con M<sup>a</sup> Ribadavia (+1782) no 1752. Nacéronlles os seguintes fillos: M<sup>a</sup> Vicenta (1752), Dominga Antonia (1755), Benito Manuel (1758) e José Antonio (1763). Só os pais -solteiros-, forman parte do vecindario da Estrada no 1750; 2 persoas.
  13. O canteiro José Durán (+1796) casa en primeiras nupcias con Bernarda Couto (+1762, de parto); naceron Juan Manuel (+1744), Josefa (1748), M<sup>a</sup> Benita (+1750), Pascual (1754), M<sup>a</sup> Bernarda (1757) e Pedro Antonio (+1762). Casa de novo no 1763 con Francisca Porto Durán (+1801), que lle dá os fillos seguintes: Juan Antonio (1763), Rosa (1766) e María Ignacia (1768-1774). Suman 3 persoas.
  14. Inés Constenla (+1765), viúva de Juan Couto (+1741). Aínda que a fonte fiscal non o deixa craro, parece que exerceu de taberneira na Estrada. Conforme se indica na *relación de personas de confesión y comunión*, contra o 1750 convivía na Estrada cos seus fillo Gregorio (1724) e María Juana (1726). Non aparece Domingo Antonio (1728), xa emancipado e case que con toda seguridade fóra da parroquia; suman 3 persoas.
  15. Juan Antonio Riba Ferro (+1766), de oficio ferreiro, e Antonia Porto Durán (+1783) formalizan o seu enlace no 1749. Teñen os fillos que seguen; José Blas (1751), Rosalía (1753) e Josefa Lucía (1754), contribuindo con 1 persoa ó vecindario do lugar da Estrada.
  16. Clara Rodríguez, viúva e soa (+1762) fora esposa de Antonio González Couto (1743). Do matrimonio resultaron 5 fillos, a saber, José Antonio (+1716), María Josefa (1719), Gertrudis Ventura (1721), Antonia Benita Constanza (1723) e Roque Manuel (+1728). Gertrudis ventura consta no matrimonio n<sup>o</sup> 6 como esposa de Agustín Carballo. Do resto dos irmáns vivos non encontramos rastro ningún; 1 veciño.

17. Manuel Pazo Bermúdez (+ 1787), irmán de Gregorio (matrimonio nº 5), casa no 1755 con María Francisca Iglesia Tosar, nacida no 1734 (matrimonio nº 9). Esta numerosa familia concrétase nos seguintes fillos: Dominga Antonia (1756), Juan Antonio (1758), José (1761), Domingo Antonio (1764), Josefa (+ 1767), Antonia Luisa (1772), Domingo Antonio (1774) e Pastor, nacido no 1777. Incorporamos só ó pai á lista de activos humanos do 1750 por esas contabilizada xa Francisca. Total, 1.
18. Domingo Fernández Paramá (1728-1769) e María Antonia Iglesia Tosar (1728-1775) casan no 1751; os fillos habidos foron, Bernardo (1752), Jacobo (1755), José Antonio Manuel (1758), Manuel (1759), Domingo Antonio (1761), Manuela Francisca (1764) e José Antonio (1766) falecendo este último, xunto con seu pai no transcurso da crise de mortalidade que no 1769 asolou a comarca. Sumamos só 1 persoa, o pai, por estar xa contabilizada M<sup>ª</sup> Antonia na familia nº 9.
19. Santiago Carballo Soutelo, alternaba os traballos agrícolas coa venda de viño nas feiras da Estrada onde, seguramente, exercería tamén como barbeiro; casado con Ángela Castro Sangiao, tiveron un só fillo: Francisco, nacido no 1726. Só podemos incluír como seguro no noso censo a Santiago; 1 persoa.
20. Alexos González Soutelo (1689-1753) e Dominga Pazo Porta (1681-1710) casan en Ouzande no 1707 e da unión naceron María Rosa (1709) e Ángela (1710); estas dúas meniñas deberon falecer ó dereito de nacer pois na partida de defunción da nai especificase que non deixa fillos. Alexos, labrador e arrendador da sinecura de Ouzande, casa posteriormente, no 1717, con María Sangiao Rodríguez (1699-1752) en Guimarei e nácenlles os fillos, Juliana (1719), Juan Antonio (1720) e Bernardo Antonio (1722). Contabilizamos 2 persoas.
21. Francisca Sotelo, muller solteira e soa nin se menciona no catastro por estar considerada pobre de solemnidade; nacida no 1698, deixa de existir no 1766; 1 persoa.

22. Bernardo Antonio González Sangiao -ver familia nº 20-, vive entre os anos 1722 e 1769 exercendo o seus oficios de labrador e taberneiro; casa no 1741 en Figueroa con Xerónima Matalobos Carballo. Do enlace resultan os fillos, Pedro Antonio (1741), Antonio (1744), María Antonia (1745), Feliciano Josefa (1748), José Antonio Domingo (1751) e Ventura, que nace no 1754. Suman para o lugar da Estrada no 1750, 6 almas.
23. Francisco da Ponte Carbón “el Mozo” (1706-1766) casa no 1731 con María Carballo Soutelo (1709-1769). Fillos habidos: Ángela (1731), casa no 1756; Dominga Antonia (1734), casa no 1757; Miguel (1737); Miguel Antonio (1738), José Antonio (1742) e Esteban Manuel, que nace no 1745. Francisco da Ponte compaxinou os oficios de labrador e veredeiro do tabaco. Suman 8 persoas.
24. Domingo Rodríguez (1706-1763) debeu ser un home rico e influínte; practicou o comercio nas feiras da Estrada e dedicouse tamén á arrieiría, transportando nos oito cabalos dos que dispuña viños do Riveiro de Avia a Santiago e parroquias e feiras do contorno. Apadriñou, xunto coa súa esposa a multitude de infantes nados na parroquia, o que denota, por unha parte a súa boa posición económico social, e pola outra o establecemento dunha rede de influencia-axuda mutua que vai amosar toda a súa efectividade na centuria seguinte. Casou con María do Eyo, ou do Eo, según consta noutras fontes (1713-1768). Do matrimonio naceron, Manuela (1739), María Josefa (1741) e María Benita (1744). Non nos consta que falecese ningún fillo polo que sumamos 5 persoas ó vecindario da Estrada.
25. José Riba Ferro (1700-1764) casou no 1747 con Josefa Rodríguez Ponte. Fillos do matrimonio: Antonio Eugenio (1748), María Benita (1751) e Benita Antonia (1764). José Riba foi labrador e carpinteiro. Fan 3 veciños.
26. Alberto Ponte Graña (1706-1766) foi outro dos moitos labregos desta época que practicaron un certo grao de diversificación

económica e productiva, pois compaxinaba os labores agrícolas e textís. Informa o Catastro que este veciño compraba nas feiras de Xinzo, valéndose para o transporte do servicio dos numerosos arrieiros da comarca, a materia prima que logo no seo da familia se laboraba (funcionaban daquela dous batáns na parroquia) e tecía, vendéndose as teas nos mercados comarcanos. Casa primeiro con Francisca Janeiro (1706-1746) que lle dá dúas fillas: Dominga (1742) e Agustina (1744). Trala morte de Francisca casa con Juana Barcala (1721-1765) coa que ten tres fillos, a saber; Josefa Antonia (1751), Antonia (1753) e Antonio Ramón (1758-1767). Contabilizamos 4 persoas vivas desta familia no 1750.

27. Andrés Trigo Castro (+ 1774), natural de Cereixo, casou no 1736 con María Carballo Pazo, estradense de Figueroa (1714-1747). Nácenlles os fillos seguintes: Lorenzo (1737) casa na Estrada; Felipa Josefa (1740) e súa irmá Ángela (1742) casan no 1759 e 1762, respectivamente e, en último lugar, María Manuela (1745). Suman 4 persoas.
28. Francisco da Ponte Carbón (1677-1747) e María Rosende (1692-1760) contraen nupcias nunha data próxima ó 1728, resultando dous fillos: Juan (1729) e José Andrés (1732). A xulgar polas mandas piadosas, prezo e lugar das sepulturas e teor do testamento, debeu ser unha familia bastante solvente. Fan 3 persoas.
29. O fillo máis vello do anterior matrimonio, José Andrés Ponte Rosende (1732-1811) figura no Catastro practicando o oficio de arrieiro con 3 cabalos, o que produce unhas utilidades de 430 rs. ó ano. Casa no 1752 con María Porto Touceda (1730-1799), que lle dá seis fillos; María Manuela (1753), Dominga Antonia (1760), María Antonia (1763), José (1769), Josefa (1771) e Manuela que debeu nacer entre 1754 e 1758, poida que con outro irmán, á vista do historial reproductivo de María Porto, circunstancia que descoñecemos por faltar as follas correspondentes a eses anos do libro de bautizados da parroquia de

- Guimarei. Recuperamos a Manuela do libro de casados, onde se constata que realizou un troco matrimonial no 1799 xunto con súa irmá Dominga Antonia, casando cos irmáns Antonio e Silvestre Durán, de Tabeirós. Incluímos ós pais no reconto de habitantes da Estrada no 1750.
30. Antonio Rodríguez Coto (1687-1757) casa no 1705 con Josefa Ponte Castro (1688-1764). Nacéronlles os seguintes fillos: Domingo Antonio (+1706), Miguel (1709), Dominga (1710), Martín (1711), Juan Antonio (1715), Francisco Antonio (1718), Alberto (1721), Josefa (1724) que casa para fóra da parroquia no 1747 e M<sup>a</sup> Josefa (1727). Non localizamos ningún dos fillos vivindo no *lugar y aldea de La Estrada* na metade do século; sumamos, pois, 2 persoas.
  31. O matrimonio entre Ventura González (1709-1769) e María Oliveira, non deixou descendencia. Suma 1 persoa.
  32. Bartolomé Pazos Gamallo (1687-1717), que morre pobre, casa en Ouzande no 1712 con Dominga Soutelo Rivadulla (1694-1754). No 1717 nace a súa única filla, María Antonia, que non deixa posterior rastro nas fontes, polo que sumamos 1 persoa.
  33. Vicente Álvarez de Otero, *Administrador de la Reales Rentas del Partido de La Estrada* e estanqueiro, forma parte daquela incipiente elite burocrático administrativa que empezaba a configurarse no lugar da Estrada, ó aveiro da importancia que paulatinamente ía cobrando aquel aínda pequeno núcleo de poboación. Casado con Teresa Rodo, nácelles na Estrada toda a súa descendencia: Antonio Alfonso (1746), Joaquín (1747), Domingo Pedro Jacobo Serafín (1749) e José Amando, colaborando con 5 persoas no reconto de almas da Estrada. Este matrimonio establece unha tupida rede de alianzas familiares por padriñazgo.
  34. Domingo Barros Pena (+1772) e Juana Torres Carbia (+1769) casan en Figueroa no 1751 e establecen a súa morada na *Aldea de La Estrada*. Indícanos o Catastro que Domingo foi labrador aínda que, por algunha circunstancia que hoxe descoñecemos,

foi quen de establecer importantes vínculos de padriñazgo con certos notables das proximidades. No 1752 nace Matías, séguelle Micaela (+ 1754) a quen leva á pia bautismal D. Miguel Parada y Rivadeneyra, Sno. da Súa Maxestade e Primeiro do Resgado Xeral do Tabaco, veciño de Santiago. Josefa Eugenia (+ 1756), Gregoria María (1760), Juan Antonio (1762), Joaquín (+ 1765) foi apadriñado por don José Cadavid, *administrador de las Reales Rentas del Tabaco*; e por último nace Francisco Antonio (1767), afillado de D. Francisco Ribeira, Pbro. De Ouzande. Sumamos 2 persoas.

35. Don José Bermúdez de la Peña (+ 1769), vinculado á pequena fidalguía local, e a súa esposa, Feliciano Dorelle (+ 1787), veciños de Figueroa no *lugar y aldea de La Estrada*, tiveron dous fillos: María Francisca (1739) e Francisco Rafael (1742). Simultaneaba os seus labores agrícolas co arrendo do cobro das sisas. Xunto coa súa dona apadriñan numerosos meniños da parroquia. Engadimos 4 persoas ó reconto de habitantes.
36. Agustín Fernández (+ 1762) e a súa esposa M<sup>a</sup> Hermida, traen ó mundo un fillo, José, no 1743. Poucos máis datos biográficos aportan as fontes, sen embargo o Catastro na súa relación de *oficios, industrias y comercio* explica que Agustín, ademais de labrador e taberneiro, practicaba a venda ambulante de peixe: ... *carretón de las sardinas, que anda vendiendo por las puertas...* Engadimos só 2 persoas ó activo humano da Estrada pois descoñecemos os datos cronolóxicos de María.
37. Domingo Louzao Pedregal, labrador, e Mariana Ponte Villaverde casaron en Figueroa no 1741. Do matrimonio resultaron os fillos seguintes: Feliciano (1745), Josefa María (1747), José Benito (1751), Andrés (1755), Feliciano José (1757) e Domingo Antonio (1762). Viven 4 deles no 1750.
38. Domingo Antonio Vázquez Rey, labrador e taberneiro, (1715-1757) e Catalina do Monte viviron no lugar do Cruceiro, onde nace María a súa única filla, recuperada do libro de casados da

- parroquia, onde se informa que contrae nupcias no 1751 con José Blanco. No domicilio de Domingo e Catalina vivía tamén, en calidade de criada, Antonia Reina (+1749). Engadimos 2 persoas.
39. Domingo Xil Villaverde (+ 1779) e Esteba García Castro (+ 1786), tamén moradores no arrabaldo do Cruceiro, traen ó mundo catro fillos, a saber: Manuela (+ 1748), Domingo (1750), M<sup>a</sup> Josefa (1755) e Pedro Antonio (1759). Incorporamos 3 á relación de veciños.
40. Don Francisco Bermúdez de la Peña, de familia fidalga (+ 1749) e María Villar Rodríguez -ou Rodríguez de Villar, como se le noutra fonte-, casan en Figueroa no 1705. Na partida de defunción do cabeza de familia especificase que *heredó su hijo*, referíndose a José Francisco (1715), irmán de M<sup>a</sup> Francisca Luisa (1718), amolosdous fóra da parroquia na data de referencia de 1750.

## V. Algunhas cuestións de índole demográfica

### V.1. Veciños e habitantes

No ano 1750 A parroquia de Ouzande contaba con 85 veciños que equivalen, aproximadamente, a uns 298 habitantes. Deses 85 veciños 15 vivían no lugar da Estrada, de modo que podemos dicir que naquel ano había 49 estradenses que pertencían á parroquia de Ouzande.

A parroquia de Guimarei, con 113 *cabezas de casa* e 396 habitantes, situaba na Estrada a 11 dos seus veciños o que equivale a 40 habitantes. E Figueroa, pola súa parte, cunha poboación de 59 veciños e 207 habitantes contribuía ó *lugar y aldea de La Estrada* con 7 veciños, ou sexa 27 persoas.

Do anterior deducimos para A Estrada, en torno ó ano 1750, unha poboación de 33 veciños, 116 almas.

Descoñecemos polo de agora a superficie exacta coa que cada parroquia contribuía á conformación territorial do lugar da Estrada, sen embargo pódese inferir, en datos porcentuais, o aporte poba-

cional que cada unha delas colocaba naquel estratéxico enclave no que, co paso do tempo, xurdiu a actual vila da Estrada: Ouzande o 16,44%, Figueroa o 13,04% e Guimarei o 10,10%. A análise destes datos indica que as cifras absolutas e porcentuais non se corresponden; así, observamos como a parroquia de Figueroa, que se sitúa no último lugar no tocante a número de veciños aportados, pasa a ocupar o segundo, por diante de Guimarei, cun 13 % de persoas.

O índice de conversión veciño – habitante para a poboación global das tres parroquias sitúase en 3,50 para 1750, cifra algo inferior ó 4,27 que ofrece Ofelia Rey para a Ulla, área demograficamente próxima á saturación, en contraste con esta zona de Tabeirós Terra dotada aínda de certo marxe de crecemento.

## V.2. *Distribución profesional da poboación*

Pódese dicir que a meirande parte da poboación activa das nosas tres parroquias encontraba na agricultura satisfacción ás súas necesidades productivas, económicas e alimentarias máis básicas. Sen embargo os *agricultores puros*, adscritos en exclusiva ó sector primario, son bastantes menos dos que, en principio, cabería esperar nun réxime eminentemente agrícola. Os datos que a continuación expoñemos, axudaránnos a comprender e aínda explicar o anterior: case tódolos veciños que practican un oficio relacionada cos sectores secundario e terciario teñen a agricultura como complemento ou alternativa a estas actividades. Así, é frecuentísimo encontrar labradores-taberneiros-barbeiros; ou labradores-tecedores ou soldados mutilados-barbeiros-taberneiros e, ó mesmo tempo, ¡tamén!, labregos, circunstancias que se fan constar escrupulosamente no Catastro pois as ganancias ou *utilidades* resultantes da práctica destes oficios formarían parte da base mesma do gravame fiscal. Esta estratexia responde sen dúbida á necesidade de asegurar a supervivencia das familias e a viabilidade das facendas mediante unha razoable diversificación das súas bases económicas, debido ó progresivo declive dunha

agricultura incapaz xa en moitos momentos de procurar os recursos mínimos para subsistir.

Domingo Rodríguez era no 1750 veciño da Estrada; casara con María do Eyo e tiña tres fillas de 11, 9 e 6 anos. Arrieiro de profesión, transportaba cos seus catro cabalos ó mercado de Santiago viño do Ribeiro de Avia realizando 24 viaxes anuais, poida que algúns máis, o que equivale a 2 mensuais. Feito un cálculo aproximado resulta que cada viaxe de ida e volta leváballe unha semana, o que supón algo máis da metade do mes afastado da súa facenda e familia. Parece evidente que as tarefas agrícolas serían atendidas case exclusivamente pola esposa dedicándolle o marido o pouco tempo que a súa ocupación lle permitía, do que se deduce a pequena superficie da explotación agrícola familiar, circunstancia abondo compensada polos excelentes ingresos de Domingo Rodríguez, para quen os axentes do Catastro estipulan unhas *utilidades* de 450 rs. anuais (os prezos dos cereais foran aquel ano: centeo, 4 rs./ferrado; millo miúdo, 2,5 rs. e trigo 8 rs.)

José Porto Cajarville exercía o oficio de zapateiro, ocupación que lle permitía colaborar esporadicamente nos labores do campo axudando á súa esposa, María Durán e fillas.

Jacinta Rubín e Ignacia Sangiao, solteiras, panadeira e venteira respectivamente.

Inés Constenla, viúva, taberneira ... velaquí unha mostra mínima do amplísimo repertorio de estratexias que as familias houberon adoptar para afrontar cun mínimo de éxito a difícil tarefa da supervivencia.

Adscripción da poboación por sectores económicos na nosa área de estudio:

- a) Sector primario; *labradores*.
- b) Sector secundario; Xastres, *carpinteiros*, *tecedores*, *zapateiros*, *curtidores*, *canteiros*, *pedreiros*, *ferreiros*, *ferradores*, *costureiras* e *panadeiras*.
- c) Sector terciario; *Traficantes en feiras (feirantes)*, *arrieiros*, *barbeiros*, *taberneiros*, *estanquilleiros do tabaco*, *venteiros*, *milicianos*, *veredeiros do tabaco*, *carretóns da sardiña*, *tenentes xuíces*,

notarios, *arrendadores de sinecuras*, arrendadores de batáns, rendeiros de muíños, criados, medieiros, *siseiros* e *Administradores de Rendas*. (en cursiva tódolos oficios que, conforme ó Catastro, se exercían no lugar da Estrada)

	Sector primario %	Sector secundario %	Sector terciario %
Guimarei	21,56	37,25	41,17
Ouzande	18,57	31,42	50
Figueroa	76,9	5,76	17,3
Lugar da Estrada	30,30	24,24	45,45

O reparto da poboación por ocupacións no conxunto das tres parroquias matrices da Estrada mostran unha moi clara preeminencia do sector terciario ou servicios malia ás cifras discordantes de Figueroa consecuencia, quizais, do reducido da mostra desta parroquia. Cómpre tamén advertir que non se consignan nas fontes xornaleiros nin persoal improductivo.

O desprazamento cara ó sector servicios do conxunto parroquial plásmase tamén de forma notoria naquel *lugar y aldea de La Estrada* que hai xa máis de douscentos cincuenta anos asentaba nestas actividades a base e inspiración do seu desenvolvemento futuro.

### V.3. Distribución da poboación segundo o estado.

#### *Veciños da Estrada 1750*

Casados:	70,76%
Solteiros:	15,38%
Viúvos:	13,84%

Esta alta porcentaxe de casados aparece nun momento de optimismo demográfico que estimula a nupcialidade e a creación de novas familias, fenómeno que quizais estea relacionado co dinamismo económico e comercial e coa posta en práctica na nosa área de estudio de solucións alternativas (e complementarias) a unha agri-

cultura en fase de agotamento. Esta taxa supera incluso á da Ulla, 65%, zona demograficamente máis dinámica cá de Tabeirós Terra. A porcentaxe de solteiros é idéntica nambalasdúas comarcas, 10%, do que o 70% son mulleres. Esta ausencia de varóns en idade de contraer nupcias deberíase ó efecto da emigración, fenómeno que xa no ecuador do século XVIII se ofrecía como alternativa a moitos mozos que vían restrinxirse na pouquidade da aldea o seu horizonte vital.

#### *V.4. Índice de fillos vivos por veciño e por matrimonio*

Obtemos para o lugar da Estrada no 1750 2,64 fillos por matrimonio e 2,4 fillos por veciño, cifras relativamente elevadas e que superan ás da nosa zona de referencia na Ulla, situadas en 1,81 e 1,96 respectivamente. Este dato ven ratificar aquel optimismo demográfico ó que antes nos referiamos e que se facía especialmente patente na elevada nupcialidade da área de estudio.

#### *V. 5. A feira e as casas*

Os veciños do *lugar y aldea de La Estrada* habitaban en 38 casas das que hoxe non queda rastro ningún. Habería, ademais, diversos cubertos, cabalerizas, cortes, alpendres e pendellos situados nos arredores do mercado mensual e que darían tamén servizo ás persoas e animais en tránsito cara a Santiago, terras da Ulla e porto de Cesures, de onde viña peixe e sal, fundamentalmente. A feira da Estrada celebrábase no que hoxe sería o entorno da Praza de Galicia ou da Farola ... *una feria que se hace el último día de cada mes en el lugar de La Estrada, el que pertenece a las feligresías de San Lorenzo de Ouzande, San Pelayo de Figueroa y esta de Guimarey ...* lugar onde confluían as tres parroquias e que, co paso do tempo, pasaría a constituírse en centro urbano da vila da Estrada.

## VI. Conclusións

Unha vez establecido o censo de poboación do *lugar y aldea de La Estrada*, entidade que vería incrementar o seu activo humano -sobre todo a partir da segunda metade do XIX-, deica acadar os oito mil cincocentos 250 anos máis tarde, cumpriría demorarse un tanto na procura das causas dun fenómeno que, senón único en Galicia, sí ofrece algunhas peculiaridades dignas de mención.

¿Cal é o motivo de que fose precisamente o *lugar y aldea de La Estrada*, e non outro, o que experimentase un crecemento tan notorio? ¿Por que non se orixinou es fenómeno noutras parroquias do entorno, económica e demograficamente máis activas?

Pódese dicir que A Estrada non nacería se non existise Santiago de Compostela, pois á cidade do Apóstol Santiago se dirixía, tras pasar polo barrio do Cruceiro e atravesar o Ulla pola Pontevea, unha importante ruta de orixe medieval que tiña orixe na Baixa Limia, ó sur da provincia de Ourense. Pola Estrada pasaban pois mercancías e abastos para Santiago: fundamentalmente lá crúa mercada nas feiras de Xinzo, teas elaboradas polos tecedores de Ouzande e Guimarei e viño do Ribeiro envasado en peellos que portaban ó lombo as recuas daqueles estradenses que ganaban a vida a forza de tripar camiños. Tamén pasaban pola Estrada centos de persoas que alí se gorecían de alimentos e mercancías e mesmo facían noite antes de emprender a derradeira xornada deica Compostela.

No lugar da Estrada celebrábase daquela, contra 1750, un importante mercado mensual no que os *traficantes de lana* e taberneiros ocupaban un lugar preponderante. Ambos productos encontraban naquelas feiras fácil venda a pesar de que o seu prezo se vería incrementado polo custo do transporte. Tamén neses mercados os lugareños venderían os poucos excedentes agrícolas de que dispuxesen ou os obxectos producidos artesanalmente nas súas casas como ferramentas, cestería, pequenos mobles ou apeiros de labranza: obterían así liquidez para afrontar compras e satisfacer as súas obrigas fiscais. Cómpre lembrar que nas proximidades da Estrada, xa na decimooi-

tava centuria, se erixiran mercados regulares que irían esmorecendo ó tempo que medraban os estradenses. Conflúen pois na Estrada unha importante ruta de tránsito humano e comercial cara a Santiago e un mercado mensual que sen dúbida estimulou os activos económicos da comarca e contribuíu notoriamente ó acúmulo duns capitais que, xa entrado o século dezanove, van propiciar o definitivo despegue da Estrada, singularizándose de tódolos demais núcleos dos arredores.

Sen embargo aqueles dous factores, xeográfico e económico, non serían suficientes por sí mesmos para explicar na súa integridade o *fenómeno estradense*. Non hai que esquecer as persoas, o "factor humano" pois foron aqueles primitivos estradenses, aínda non emancipadas definitivamente das súas parroquias matrices, os verdadeiros protagonistas desta historia, e por iso mesmo merecentes de seren citados aquí con nome e apelidos. Mediante a análise das fontes e a aplicación dos métodos e técnicas que nos proporciona a Demografía Histórica, como a reconstrucción de familias, puidemos chegar a algunhas conclusións en torno a certas singularidades que caracterizaron a aqueles habitantes do lugar da Estrada; diferencias sutís e que non sabemos se permaneceron na longa duración, pero que no 1750 se perciben con claridade. En primeiro lugar, e sempre en referencia ás parroquias matrices de Guimarei, Ouzande e Figueroa, encontramos na Estrada un baixo índice de pobres e inactivos e un número relativamente elevado de homes e mulleres solteiros autónomos (e xoves) exercendo oficios alleos á agricultura. A taxa de nupcialidade, o número de fillos por matrimonio e veciño e a porcentaxe de casados presenta cifras claramente superiores ás das parroquias orixinais, mentres que a mortalidade de párvulos e adultos mantén unha tónica absolutamente acorde coa xeral. Un período demograficamente optimista que marcaría o inicio do crecemento.

## Habitantes do lugar y aldea de La Estrada no 1750

Nome	Parroquia	Idade	1	2	3	4	5
Álvarez Otero, Vicente	Figueroa		*				
Álvarez Rodo, Antonio Alfonso	Figueroa	4		*			
Álvarez Rodo, Domingo Pedro	Figueroa	1		*			
Álvarez Rodo, Joaquín	Figueroa	3		*			
Barcala, Juana	Guimarei	29		*		*	
Barros Pena, Domingo	Figueroa		*		*	*	
Bermúdez de la Peña, José	Figueroa		*			*	*
Bermúdez Dorelle, Fco. Rafael	Figueroa	8		*			
Bermúdez Dorelle, M <sup>a</sup> . Francisca	Figueroa	11		*			
Carballo Castro, Agustín	Ouzande		*			*	*
Carballo González, Antonio	Ouzande	1		*			
Carballo Soutelo, María	Guimarei	41		*	*	*	
Carballo Soutelo, Santiago	Guimarei		*				
Castrelo Tosar, Domingo Ant <sup>o</sup> .	Ouzande	2	*				
Castrelo Tosar, Francisca Ant <sup>a</sup> .	Ouzande	12	*				
Castrelo Tosar, Vicente Ferrer	Ouzande	6	*				
Castrelo Varela, Bernardo	Ouzande		*		*	*	
Constenla, Inés	Ouzande		*			*	*
Couceiro Souto, Ana Antonia	Ouzande	19	*	*			
Couceiro Souto, Ángela	Ouzande	17	*	*			
Couceiro Souto, Luis Antonio	Ouzande	13	*	*			
Couceiro Souto, Manuel	Ouzande		*				
Couto Constenla, Gregorio	Ouzande	26	*	*			
Couto Constenla, María Juana	Ouzande	24	*	*			
Couto, Bernarda	Figueroa		*			*	*
Dorelle, Feliciano	Figueroa						
Durán Balado, María	Ouzande	53	*	*	*	*	
Durán Couto, Josefa	Figueroa	2		*			
Durán, José	Ouzande		*			*	*
Eyo, María	Guimarei	37		*		*	*
Fernández Hermida, José	Figueroa	7		*			
Fernández Paramá, Domingo	Ouzande	22	*	*	*	*	
Fernández, Agustín	Figueroa		*			*	
García Castro, Esteba	Figueroa					*	
González Matalobos, Antonio	Guimarei	6		*			

Nome	Parroquia	Idade	1	2	3	4	5
González Matalobos, Feliciana	Guimarei	2		*			
González Matalobos, María	Guimarei	5		*			
González Matalobos, Pedro	Guimarei	9		*			
González Rodríguez, Florentina	Ouzande		*		*	*	
González Rodríguez, Ventura	Ouzande	29	*	*	*	*	
González Sangiao, Bernardo	Guimarei	28	*	*	*	*	*
González Soutelo, Alexos	Guimarei	61	*	*	*	*	
González, Antonia	Ouzande				*	*	
González, Ventura	Figueroa	41		*		*	
Iglesia Tosar, Ángela	Ouzande	19		*			
Iglesia Tosar, Ángela Ant <sup>a</sup> .	Ouzande	7	*	*			
Iglesia Tosar, M <sup>a</sup> . Antonia	Ouzande	22		*	*		
Iglesia Tosar, M <sup>a</sup> . Francisca	Ouzande	16	*	*	*		
Louzao Pedregal, Domingo	Figueroa		*		*		
Louzao Ponte, Feliciana	Figueroa	5		*			
Louzao Ponte, Josefa	Figueroa	3		*			
Marque Riba, Manuela	Ouzande	50	*	*	*	*	
Matalobos Carballo, Xerónima	Guimarei	31		*	*	*	
Paz Pena, Benito	Ouzande	22	*	*	*	*	
Pazo Bermúdez, Gregorio	Ouzande		*		*	*	
Pazo Bermúdez, Manuel	Ouzande				*	*	
Pazo González, María Benita	Ouzande	1		*			
Ponte Carballo, Ángela	Guimarei	19		*	*		
Ponte Carballo, Dominga	Guimarei	16		*	*		
Ponte Carballo, Esteban	Guimarei	5		*			
Ponte Carballo, José Antonio	Guimarei	8		*			
Ponte Carballo, Miguel	Guimarei	13		*			
Ponte Carballo, Miguel Ant <sup>o</sup> .	Guimarei	12		*			
Ponte Carbón, Francisco	Guimarei	44	*	*	*	*	*
Ponte Castro, Josefa	Guimarei	62		*	*	*	*
Ponte Graña, Alberto	Guimarei	44	*	*		*	
Ponte Janeiro, Agustina	Guimarei	6		*			
Ponte Janeiro, Dominga	Guimarei	8		*			
Ponte Rosende, José Andrés	Guimarei	18	*	*	*	*	
Ponte Rosende, Juan	Guimarei	21		*			
Ponte Villaverde, Mariana	Figueroa				*		

Nome	Parroquia	Idade	1	2	3	4	5
Porto Cajarville, José	Ouzande	49	*	*	*	*	*
Porto Durán, Antonia	Figueroa		*		*	*	
Porto Durán, María Francisca	Ouzande	15	*	*	*		
Porto Durán, Rosalía	Ouzande	23		*	*		
Rebolo, Ana	Ouzande		*			*	
Riba Ferro, José	Guimarei	50	*	*	*	*	
Riba Ferro, Juan Antonio	Ouzande		*		*	*	
Riba Rodríguez, Antonio	Guimarei	2		*			
Ribadavia, María	Ouzande		*		*	*	
Ribeira Pazo, Pedro	Ouzande	26	*	*	*		
Rodo, Teresa	Figueroa			*			
Rodríguez Coto, Antonio	Guimarei	63		*	*	*	*
Rodríguez Eyo, M <sup>a</sup> . Benita	Guimarei			*			
Rodríguez Eyo, Manuela	Guimarei	11		*			
Rodríguez Eyo, Manuela Josefa	Guimarei	9		*			
Rodríguez Ponte, Josefa	Guimarei				*		
Rodríguez, Clara	Ouzande		*			*	
Rodríguez, Domingo	Guimarei	44	*	*		*	*
Rosende, María	Guimarei	58		*		*	
Rubín y Terceiro, Jacinta	Ouzande		*			*	
Sangiao Rodríguez, María	Guimarei	56		*	*	*	
Sangiao, Ignacia	Ouzande		*				
Sotelo, Francisca	Guimarei	52		*		*	
Soutelo Ribadulla, Dominga	Guimarei	56		*	*	*	
Souto Ribeira, Rosa	Ouzande		*		*		
Tato González, Julián Ant <sup>o</sup> .	Ouzande	0		*			
Tato González, M <sup>a</sup> Ventura	Ouzande	2		*			
Tato Vicente, Bernardo	Ouzande		*		*	*	*
Torre Carbia, Juana	Figueroa				*	*	
Tosar Marque, Ana Benita	Ouzande	23		*	*		
Tosar Marque, Josefa	Ouzande	13		*			
Tosar Marque, Lorenzo Fco.	Ouzande	16		*			
Tosar Marque, Santiago	Ouzande	9		*			
Tosar Ribeira, Domingo	Ouzande	49	*	*	*	*	
Tosar Ribeira, Francisca	Ouzande		*		*	*	
Tosar Riveira, Lorenza	Ouzande				*	*	

Nome	Parroquia	Idade	1	2	3	4	5
Trigo Carballo, Ángela	Guimarei	8		*	*		
Trigo Carballo, Felipa Josefa	Guimarei	10		*	*		
Trigo Carballo, Lorenzo	Guimarei	13		*			
Trigo Carballo, María Manuela	Figueroa			*			
Trigo Castro, Andrés	Guimarei				*	*	
Vázquez do Monte, María	Figueroa				*		
Vázquez Rey, Domingo Ant <sup>o</sup> .	Figueroa	35	*	*		*	
Xil García, Domingo	Figueroa	0		*		*	
Xil Villaverde, Domingo	Figueroa					*	

Os números fan referencia ás fontes: **1.** Catastro de Ensenada. **2.** Libro de bautizados da parroquia correspondente. **3.** Libro de casados. **4.** Libro de difuntos. **5.** Protocolos notariais, fundamentalmente testamentos.

## Fontes

### *Arquivo parroquial de Guimarei*

Libro I de bautizados, 1702-1759

Libro II de bautizados, 1759-1824

Libro I de casados, 1704-1857

Libro I de difuntos, 1703-1807

Libro da fábrica, 1700-1800

### *Arquivo parroquial da Estrada, Ouzande e Figueroa*

Libros I, II e III de bautizados de Ouzande, 1651-1823

Libros I, II e III de casados de Ouzande, 1652-1851

Libros I, II e III de difuntos de Ouzande, 1651-1848

Libros I, II e III de bautizados de Figueroa, 1698-1876

Libros I, II e III de casados de Figueroa, 1699-1896

Libros I, II e III de difuntos de Figueroa, 1697-1896

### *Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra*

Catastro de Ensenada: “Respuestas generales” e “Relación de oficios y rentas”.

C- 599, C-559, C-594/8, L-221

### *Protocolos notariais*

#### Escribanos:

José Vilariño y Rodríguez, C-1836. Antonio Carbón, C-1862, C-1863. Benito Antonio Rivas, microfilme L. 142-C. BR. José Picáns, mic. 1829 (8, 9, 10, 11).

Jorge Antonio Nogueira, mic. C. 1858 (1) DR; C. 1858 (2) BR. José Matías

Vázquez de Hermida, C- 1808. Antonio Conde, C- 143-B.

## Bibliografía

Recomendamos polo seu interese os seguintes libros, que tratan parcialmente ou na súa totalidade diversos aspectos abordados neste traballo.

RUEDA, Germán, *La desamortización de Mendizábal y Espartero en España*. Madrid, 1986.

FERNÁNDEZ CORTIZO, Camilo, “La Tierra de Montes en la época moderna: permanencias y cambios en una sociedad rural del antiguo régimen”, en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 11, 2002, pax. 247.

“A una misma mesa y manteles: la familia en Tierra de Montes en el siglo XVIII”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXIII, Santiago de Compostela, 1982.

“En casa y compañía, grupos domésticos y estrategias familiares en la Galicia occidental a mediados del siglo XVIII”, en *Parentesco, familia y matrimonio en la historia de Galicia*, Bermejo Barrera, J.C., Coord., paxs. 145-165, Santiago de Compostela, 1989.

“Galicia occidental a mediados del XVIII: crecimiento demográfico, economía agraria y sistema familiar”, en *Pontevedra*, nº 4, paxs. 49-67.

SAAVEDRA FERNÁNDEZ, Pegerto, “La historia agraria de Galicia en los últimos treinta años; breve reflexión historiográfica” en *Actas del VI Coloquio de Metodología Histórica Aplicada*, Santiago de Compostela, 2003.

“La vida cotidiana en la periferia de la civilización: los campesinos de Galicia en los siglos XVII-XIX”, en *Historia de la vida cotidiana*, Ayer, nº 19, paxs. 101-133, Madrid, 1995.

EIRAS ROEL, Antonio, “Un vecindario de población y estadística de la riqueza de Galicia en el siglo XVIII: Modelo metodológico para su estudio”, en *Cuadernos de Estudios Gallegos*, Tomo XXXIV, Madrid, 1969.

“Test de concordancia aplicado a la crítica de vecindarios fiscales de la época preestadística” en *Actas de las I Jornadas de metodología aplicada a las Ciencias Históricas*, Santiago de Compostela, 1975, paxs. 477-503.

“Demografía rural en la España moderna: evolución, variantes y problemas” en *Actas de la 7ª Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna*, Universidad de Castilla-La Mancha, 2004.

REY CASTELAO, Ofelia, *Aproximación a la historia rural en la comarca de la Ulla (Siglos XVII y XVIII)*, Santiago de Compostela, 1981. “Continuidad y cambios sociales” en *Historia de España en la Edad Moderna*, Floristán, A., Coord., Barcelona 2004.

“Mujer y sociedad en la Galicia del Antiguo Régimen”, en *Obradoiro de Historia Moderna*, nº 3, 1994.

REIMÓNDEZ PORTELA, Manuel, *A Estrada rural*, Pontevedra, 1990.





## Obras de adaptación no museo do pobo estradense «Manuel Reimóndez Portela»

Ana Pazos Bernárdez

### 1. Xustificación das obras

Tendo en conta que o progreso e o futuro dun pobo ven marcado polas circunstancias acontecidas no pasado, é importante coñecer as mesmas. Neste punto, entre moitos outros, é no que radica a importancia dun museo, axudando ao mesmo tempo, ao desenvolvemento e ao avance dende o eido social, cultural, económico, etnográfico, etc.

Cando un pobo coñece as súas orixes, formas de vida ancestrais, útiles, e demais medios, redunda directamente nun xeito e forma de entender a vida presente, pois pódese chegar a coñecer e comprender o por qué das circunstancias e costumes actuais.

É importante, polo tanto, manter as instalacións do museo nunhas condicións óptimas, e ao mesmo tempo, faise imprescindible dispoñer dun lugar axeitado para archivar os numerosos documentos que se conservan ao longo dos anos, existindo, ao mesmo tempo, un lugar adecuado para realizar labores de investigación, que redundarán no beneficio de todos.

Neste contexto procedín a redactar o correspondente proxecto, aos efectos de ser incluído dentro da liña de actuacións subvencio-

nada polo programa LEADER, e cujas características máis salientables se reflicten a continuación.

## 2. Características do proxecto

### 2.1. Solución adoptada

O Museo conta cunha superficie construída de 231,55 m<sup>2</sup> sobre unha parcela de 560,26 00 m<sup>2</sup>.

A idea da reforma xurde da necesidade de dispor dunha zona adicada a arquivo e investigación e, tendo en conta que a exposición está perfectamente definida e aproveita toda a superficie, prantéxase actuar sobre unha ala lateral facendo un aproveitamento baixo-cuberta, respectando así ao máximo a distribución actual.

As superficies útiles e construídas das distintas zonas tanto no estado actual así coma no reformado son as seguintes:


Estado actual	Sup. útil	Sup. construída
<b>Zona 1</b>	99,75 m <sup>2</sup>	
<b>Zona 2</b>		
Exposición	25,05 m <sup>2</sup>	
Oficina	9,21 m <sup>2</sup>	
Aseo 1	2,72 m <sup>2</sup>	
Aseo 2	3,83 m <sup>2</sup>	
<b>Zona 3</b>	42,00 m <sup>2</sup>	
<b>TOTAL</b>	<b>182,56 m<sup>2</sup></b>	<b>231,55 m<sup>2</sup></b>

Unha vez efectuada a reforma, as superficies útiles e construídas quedarán de acordo co sinalado no seguinte cadro:

Estado reformado	Sup. útil	Sup. construída
<b>Planta baixa</b>		
<b>Zona 1</b>	99,75 m <sup>2</sup>	<b>231,55 m<sup>2</sup></b>
<b>Zona 2</b>		
Exposición	26,20 m <sup>2</sup>	
Escaleira	8,40 m <sup>2</sup>	
Aseo 1	2,72 m <sup>2</sup>	
Aseo 2	3,83 m <sup>2</sup>	
<b>Zona 3</b>	42,00 m <sup>2</sup>	
<b>TOTAL</b>	<b>182,90 m<sup>2</sup></b>	
<b>Planta baixocuberta</b>		
<b>Zona 2</b>		<b>55,55 m<sup>2</sup></b>
Oficina	10,40 m <sup>2</sup>	
Arquivo-investigación	23,27 m <sup>2</sup>	
Escaleira	7,68 m <sup>2</sup>	
<b>TOTAL</b>	<b>41,35 m<sup>2</sup></b>	



A distribución das distintas zonas pódense apreciar nos planos que a continuación se presentan:

*Estado actual: Planta xeral, deseño*





## Estado reformado

### Planta baixa, diseño



## Estado reformado

### Planta baixocuberta, diseño



## *2.2. Aspectos funcionais, formais e técnicos*

O programa desenrólase nun volume compacto sen efectuar ningún tipo de modificación.

Tamén foron tidas en conta as circulacións, radios de xiro das portas e o seu sentido de apertura.

Prantéxase a execución dunha estrutura mixta metálica e de madeira cunha escaleira para comunicar ambos espazos das mesmas características; para elo as obras a realizar na planta baixa consisten en derrubar o forxado de madeira sito sobre os aseos e oficina, o tabique delimitador da oficina, repicado da pedra para deixala vista coma no resto dos paramentos, pintar os paramentos de fábrica de ladrillo e retirar o material disposto nas fiestras e portas co obxecto de devolverlle a súa función permitindo a entrada de luz e ventilación natural. No que respecta á planta baixocuberta delimitarase a oficina con tabiquería lixeira de pladur e pintarase, dotarase da correspondente instalación de electricidade e do mobiliario a efectos de deixar rematada a obra de reforma.



## Catálogo do arquivo da Casa do Preguecido: de morgados e fidalgos medianeiros

Damián Porto Rico

*Nobreza hereditaria é a vandade que eu fundo en que oitocentos anos antes do meu nacemento morrese un que se chamou coma min e foi home de proveito, aínda que eu sexa inútil para todo.*

José Cadalso. *Cartas Marruecas*. Carta XIII

Se hoxe, coa publicación deste traballo, podemos coñecer un pouco máis polo miúdo o devir histórico dese senlleiro monumento ubicado na parroquia de Aguións que dou en chamarse co devalar dos anos *Pazo do Preguecido*, accedendo a unha morea de documentos que esclarecerán a quen os queira ollar algunhas facetas da historia recente do noso concello, débémolo agradecer á boa disposición da actual propietaria da documentación da Casa do Preguecido, Maricruz Diz Paseiro e á mediación do director do noso museo, Xoán André Fernández Castro. A axuda de ambos foi precisa e preciosa para proceder á análise dos papeis do arquivo familiar desta casa que se remonta nas súas orixes á familia espúrea do coñecido mariscal da xenea dos Soutomaior e aos parentes do arcebispo Fonseca.

Lembremos que a Historia sen fontes non é tal, senón literatura, aínda que non poida fuxir da forma narrativa; a Historia cons-

trúese a partir do documento, e non é posible sin el, sendo preciso para facela darlles estatuto e elaboración. Mais, o traballo histórico é un traballo crítico por excelencia e os documentos non son válidos por eles mesmos, senón en tanto que recollen feitos dos nosos devanceiros mortos, susceptibles de ser interpretados polos vivos mediante as ciencias sociais, caendo ás veces en algo raiano na bruxería<sup>1</sup>. É unha precaución que cómpre facer desde o comenzo xa que a Historia é un dos produtos máis perigosos creados polo intelecto que enleva á xente, faina soñar, esaxera as cousas, mantén abertas vellas feridas, conduce ao delirio de grandeza e torna ás persoas fachendosas.

A diferenza dos arquivos públicos e doutros privados (coma os eclesiásticos ou os empresariais en xeral) os arquivos familiares non obedecen na súa xénese a un organigrama nin a unha lexislación ou normativa concretas, senón que xurden a medida que o demandan as necesidades dos seus produtores. Isto orixina documentación heteroxénea, con series de finalidade utilitaria e económica principalmente; ademais, a variabilidade das actividades da familia determina a existencia de gran número de documentos soltos.

A esta casuística engádese o feito de que as familias, como grupo social e biolóxico, vense impelidas a unións, reducións, extinción de ramas ou minguas de patrimonios e recursos que as obrigan a un replantexamento das súas estratexias de supervivencia e poder. Neste xogo o emprego de vínculos e morgados é un exemplo, e resulta interesante que un dos primeiros documentos cos que nos atopamos sexa coa fundación dunha destas figuras legais polo cóngo Gómez Rodríguez de Riobó mediado o século XVI, que contrasta coas diversas modalidades de transmisión de propiedades que xurden na morea dos papeis conforme avanzamos cara ao século XX e o pazo e os bens mudan de propietarios.

1 É interesante ao respecto a obra de Stanislaw Andreski *Las ciencias sociales como forma de brujería*. Madrid, 1973.



O Pazo do Preguecido, na parroquia de Aguións.

O traballo efectuado sobre a documentación incluíu a elaboración de 3347 fotografías dixitais<sup>2</sup>, que comprenden a totalidade do arquivo, e a súa instalación en contenedores axeitados. O estado de conservación era, en xeral, moi bo e tocante ao volume podemos dicir que non chega ao medio metro lineal. Debido a este escaso tamaño foi posible a elaboración dun primeiro catálogo e dun sumario índice onomástico.

Optamos por unha ordeación cronolóxica na instalación definitiva, aínda que combinada ás veces con outros criterios (como pode ser a filiación a unha ou a outra familia de determinados papeis), procurando ao mesmo tempo manter sempre xunta a documentación que semellaba pertencer a unha mesma agrupación, (mesmo atado, expediente, carpetiña ou asunto). Pareceunos que este tratamento, achegado ás coleccións máis que aos arquivos se se quere, era o axeitado, fuxindo de facer un conspicuo estudo de series documentais con vistas a un posible cadro de clasificación que, de momento, polo volume do arquivo, consideramos superfluo. Alegarán os integristas da arquivística moderna que non é así. Deixámoslle a

2 Instaladas orixinalmente en 14 cedés. 1º cd: imaxes 1-250; 2º cd: imaxes 251-500; 3º cd: imaxes 501-750; 4º cd: imaxes 751-1025; 5º cd: imaxes 1026-1275; 6º cd: imaxes 1276-1500; 7º cd: imaxes 1501-1750; 8º cd: imaxes 1751-2000, 9º cd: imaxes 2001-2250, 10º cd: imaxes 2251-2500; 11º cd: imaxes 2501-2750; 12º cd: imaxes 2751-3000; 13º cd: imaxes 3001-3250; 14º cd: imaxes 3251-3347. Todo este material e as súas pertinentes copias de seguridade permanecerán baixo a custodia do Museo do Pobo Estradense e á disposición dos investigadores que desexen consultalo. O noso obxectivo era garantir a súa seguridade, conservación, integridade e acceso.

eles este traballo, que coa axuda dun primeiro instrumento como é o catálogo realizado, non pode revestir maior complicación, máxime dado o escaso número de series e tipoloxías documentais ás que se pode reducir a documentación, na que os grandes grupos funcionais constituirían a subsección do cadro de clasificación, que se rexería por criterios funcionais, non orgánicos:

- A de carácter basicamente facendístico ou patrimonial, como apeos, rendas, censos, poderes, escrituras de compravenda e de permuta, contratos, foros, partillas, memoriais cobradores e testamentos... na que radica base económica das familias, do seu poder, prestixio e influencia.
- A relativa ao propio arquivo: o tombo
- A de carácter señorial ou xurisdiccional: paulinas ou fundación de capelanías.

Réstanos por engadir que seguimos a normativa ISAD (G) na súa edición do ano 2000, aínda que procurando compatibilizala cos criterios de edición desta publicación, polo que non elaboramos unha ficha con tódolos campos para cada documento, senón que, en aras dun menor consumo de espazo, dunha maior intelixibilidade polos profanos e dun menor tedio polos lectores desapaixoados elaboramos un rexesto de cada documento incorporando nel, cando menos, os datos suficientes para a identificación doada do mesmo que se corresponderían co esixido pola normativa internacional: número do documento, data, signatura, alcance e contido, soporte<sup>3</sup>, lingua...

Por último, con motivo de preservar os posibles dereitos e a intimidade das persoas, a partir do ano 1935 procuramos omitir os nomes das persoas alleas á familia propietaria da documentación que aparecían nos documentos, conforme á lexislación vixente.

---

3 Sempre en papel, agás nunha caso.

## Apéndice documental

Baixo o epígrafe de “Mazo 1º Casa del Preguecido. Fundación. Reales Provisiones” encóntrase cosida documentación variada formando un volume sen foliar con tapas de madeira de 316x238 mm e un total de 438 folios (os últimos 7 en branco), que constituirá a unidade de instalación número 1<sup>4</sup>:

Ao comenzo (no que sería o folio 1º) figura un índice do mazo, que divídeo e contido en tres partes: Fundación, Relacións de debedores e Pensións que ten a Casa do Preguecido.

Seguen catro folios en branco (folios que serían os números 2, 3 e 4) ata chegar á peza número 1 (signatura 1.01), encabezada como “Capilla del Preguecido”: Trátase do expediente de fundación da capela da casa, precedido, como en case tódalas pezas por un rexesto ou resumo do século XVIII (folio 5) no que se dá conta do asunto: “Fundacion, aprobacion y bendicion de la Capilla del Preguecido con la advocacion de Sn. Amaro, la que fundo Dn. Baltasar Antonio Rivera Sotomayor y su muger D<sup>a</sup> Ysavel Yvanez Sarmiento de Pazos con la carga de dos misas rezadas y una cantada, p<sup>a</sup> las que señalaron una carga de pan medeado en el lugar de tras airiz sito en Sn Andres de Veas<sup>5</sup>; el prado grande da lagerteyra que renta quatro fanegas de centeno y está sito en Sn Miguel de Moreira: el lugar de vilagude<sup>6</sup> por que Simon Rez. y consortes pagan catorce ferrados de zenteno, de cuya escritura de fundación dio fee el escribano Juan Ambrosio Montenegro de Sotomayor [...] vecino de la Jurisdiccion de Veas en 20 de Septiembre de 1686 [...]”.

Segue (folio 6) copia orixinal da escritura, feita “Dentro de la Casa y torre del preguecido” estando presente o dono dela e do morgado do Preguecido, don Baltasar Antón de Ribera Soutomaio e a súa dona. Alegan como motivo para edificar a capela a distancia excesiva da súa casa á igrexa parroquial e a vellez da nai de don Baltasar (dona Tareixa de Mera e Ulloa), que non podía acudir á misa nos días preceptivos: “por estar dicha su casa muy distante de la yglesia parroquial desta fr<sup>a</sup> y ser el camino que ay desde ella a dicha yglesia de mala calidad”. Así solicita licencia ao Provisor do Arcebispado.

4 Unidade que na súa instalación dixital comprende as primeiras 828 imaxes.

5 Máis adiante explicitáse que se trata dunha casa neste lugar coa súa correspondente horta, na que vivía Domingo Barcala como caseiro, pagando 4 ferrados de pan mediado e dúas galiñas ao ano.

6 Trátase do lugar e casas de Vilagude. Estes bens pertencíanlles por herdenza de don Xoán e don Alonso de Ribera e Soutomaio, pai e avó do outorgante.

Todo esta peza semella ser a copia do expediente de aprobación da fábrica da capela, con petición de informes desde o Arcebispado ao rector de Aguións sobre o lugar no que se pretendía enclavar a capela e o posible menoscabo dos seus dereitos parroquiais de levarse a efecto. O párroco, licenciado Bertomeu Rodríguez de Vilaverde resposta favorablemente, que “no se le siguira perjuicio alguno”. Polo tanto os outorgantes “son contentos de fundar, fabricar e ynstituir dentro de la cerca y muros que circundan y rodean la guerta y granxa que esta contigua y enfrente de dicha casa y torre [...] la dicha Capilla”, coa advocación a Santo Amaro, cargándoa con dúas misas rezadas e unha cantada en xaneiro, que podía presidir o rector parroquial cobrando catro reais. Os outorgantes debían dar tamén a comida aos sacerdotes asistentes. Tamén se encarga ao rector da parroquia ou ao que ocupa ese cargo no futuro a vixilancia do cumprimento da fundación. E que se poña copia dela no libro da fábrica do arquivo parroquial, conforme aos procedementos canónicos habituais.

Figuran como testemuñas Xosé Márquez de Couto, veciño de San Paio de Figueroa, Ciprián do Porto e Francisco de Señoráns, de Aguións. Ante Xoán Ambrosio Montenegro de Soutomaioir.

Segue copia do informe ao Provisor do Arcebispado<sup>7</sup>, tamén de 20 de setembro de 1686, emitido polo párroco Vilaverde (folio 10).

E no folio 12, copia da instancia de don Baltasar de Ribera solicitando licencia. No reverso (12 v<sup>o</sup>) petición de informe ao párroco polo Provisor, do 19 de setembro. O expediente non segue un criterio de ordeación cronolóxica na súa encadernación.

Segue a notificación do rector Vilaverde ante o escribán, do auto emanado do Provisor, o 20 de setembro (folios 12 v<sup>o</sup> e 13) e a presentación das escrituras da fundación e dotación ao Provisor para que as aprobe.

Nos folios 13 v<sup>o</sup> e 14 copia da concesión de licencia polo doutor Fernández de Lamas, Provisor, que tamén manda que se poña altar, retablo, imaxes, cálice e todo o preciso para o culto divino, e outorga licencia para a súa bendición.

O folio 16, signatura 1.02, é un recibo no que don Pedro Cotón de Castro e Llorente, cabaleiro da cruz de San Hermenexildo, capitán de navío e Tesoureiro de Rendas Reais da Provincia de Galicia, que afirma ter recibi-

7 O Provisor Xeral do Arcebispado era un dos oficios máis importantes da Curia Diocesana de Santiago, que actuaba xeralmente tamén como Vicario Xeral do Arcebispo, e tiña ao seu cargo entre outras moitas, tódalas funcións xudiciais deste organismo. Propiamente Escriche defíneo coma o xuíz eclesiástico no que o bispo delega a súa autoridade e xurisdición para a determinación dos pleitos e causas pertencentes ao seu fuero.

do de don Pedro María Bermúdez, veciño de Santiago “como Padre y Tutor de su hijo D. Jose la cantidad de setecientos cincuenta y quatro r[eale]s y diez y siete mrs. vellon por el liquido producto del diez por ciento de siete mil quinientos quarenta y cinco r[eale]s y ocho mrs. del vinculo que este heredó por difuncion de su Madre en el año pasado [...]” de 1825. En Santiago a 14 de marzo de 1826.

Ao folio 17, signatura 1.03, comenza outro documento co título “Fundacion del vinculo de la Casa del Preguecido, sita en Santa Maria de Aguiones en 1556”.

Folio 17 v<sup>o</sup>, signatura 1.04: resumo do documento no que se nos informa que o fundara o cóngo da catedral de Santiago, Gómez Rodríguez de Riobó o 15 de xaneiro de 1556, ante o escribán Gonzalo Puñal.

Folio 18, signatura 1.05: “Testamento del canonigo Gomez Rodriguez” e dilixencias da súa apertura.

Comenza cun pedimento dos titores de Gómez Rodríguez de Riobó “hijo legitimo de Juan Rodriguez de Rioboo, sucesor en el Vinculo que fundó Gomez Rodriguez de Riobó su Visabuelo difunto, digo, que para la defension de cierta execucion que en los Bienes del dicho Menor pidió Miguel de Chantada tengo necesidad de traslado del Vinculo y fundacion que el dicho Gomez Rodriguez hizo fundó y avinculó, e pasó por delante Gonzalo Puñal [...], y ahora mis partes tienen necesidad de un traslado de ello [...]”.

Folio 18 v<sup>o</sup>: auto en Santiago a 30 de outubro de 1585, requerimento e presentación de testemuñas para a comprobación do testamento.

Folio 21: o 22 de febreiro de 1550, ante escribán, “pareció presente Anibal Rodriguez Clerigo vecino de la dicha Ciudad, é dijo, que por quanto el Muy Reverendo Gomez Rodriguez Canonigo en la dicha santa Yglesia de Santiago se habia fallecido de esta presente vida hoy este dicho dia [...], y antes de su fallecimiento por delante Gonzalo Puñal escribano habia fecho é otorgado se manda é testamento en escritis sellado; y porque no se savia donde se mandava sepultar, ni obras pías, mandas é legatos” pídese a apertura do mesmo. Proseguen as declaracións testificais.

Folio 27 v<sup>o</sup>: apertura do testamento o 22 de febreiro de 1556.

Folio 28, onde comenza o traslado literal do mesmo: “Yn Dei nomine amen: como quiera que la muerte es cosa natural á todos los que en esta vida somos, [...] yo Gomez Rodriguez Canonigo en la Santa Yglesia de Señor Santiago [...] [fol. 28 v<sup>o</sup>] Yten mando, que quando fuere la voluntad de mi Señor Jesuchristo de me llevar de esta presente vida, mi cuerpo sea bestido en abito é Bestimenta de Presvitero de Misa = Yten mando, que mi cuerpo sea sepultado detras del Santisimo Sacramento que está tras el Altar

del Señor Santiago, y si no hay lugar en la Capilla de San Bartholome de la dicha Santa Yglesia, y allí pongan sobre mi Sepultura una lampa, é mando sé de á la Capilla donde fuere sepultado [...], veinte ducados [...]. Tamén ordea mil misas o día do seu enterro, 400 cantadas e as outras rezadas, na zona de Santiago todas agás 50, que deberán decirse en Aguións. “Yten mando que para el dicho mi entierro y obsequias sean llamadas las Cofradías de los Clerigos del Coro de la Santa Yglesia de Santiago y de Nuestra Señora del Rosario y de la Vera Cruz, é de los Carpinteros é Pedreros de esta Ciudad, de que soy Cofrade = Yten mando que [...] sean llamados todas las Hordenes de Santo Domingo, é San Francisco, é San Lorenzo de esta Ciudad [...] y el dicho dia todos los Frayres de las dichas Hordenes de Misa, la digan por mi Anima [...] = Yten mando que con mi cuerpo se lleve de ofrenda media dozena de carneros, é si no fuere dia de carne se lleve pescado [...], é tres medios cueros de vino blanco, y otros tres medios de tinto, é tres anegas de pan centeno [...]”. Era fregués de Santa María Salomé de Santiago. “Yten mando, que por mi muerte se dé un luto á Juan Rodriguez mi Pariente, y á Sancha Marina su muger, é a Antonio Rodriguez, é a Anibal Rodriguez é á los de mi casa, que es la Bieja, é la que cria á Juan Rodriguez Muchacho que está en Casa é Alonso Rodriguez, é á Gomez, é a Juanico, hijo de Miguel Rodriguez, e a Gabriel mis criados que estan en mi Casa [...] = Yten mando que el dia de mi entierro é honras se dé de comer á todos los Pobres que vinieren á la puerta de mi casa pan, vino, é carne, ó Pescado [...]”. Tamén hai mandas para os hospitais de San Lázaro e Santa Marta, e para o deán e cabido da catedral, seus irmáns (10000 maravedís). E para á fábrica da catedral (10000 maravedís), para a da igrexa de Santo Estevo de Cesullas (10 ducados), a de San Martiño de Castrelo (4 ducados), a de San Pedro de Berdoias (2 ducados), a de Santa María de Caldas de Cuntis (12 ducados), a de San Bréixome de Arcos (1/2 ducado), a de San Paio de Figueroa (2 ducados), a de Santa María de Aguións (10 ducados), a de San Pedro de Toedo (3 ducados), a de Santa María de Beixebre [sic] (1 ducado). “Yten mando á Gomez mi sobrino, hijo de Tristan Patiño, para que aprenda á leer y escribir, é otros buenos costumbres, veinte mil maravedis = Yten mando á Juanico mi Primo hijo de Miguel Rodriguez diez mil maravedis = Yten mando á Alonso Rodriguez mi Criado por el buen servicio que me hizo treinta e siete mil y quinientos maravedís [...]”.... . Aos demais criados o que se lles deba a razón de 5 reais por mes, á Ama 4 e ás mozas 3 e ? ... . “Yten digo que por su Magestad me fue hecha merced, y dado facultad para que pudiese dar de mis Bienes a Juan Rodriguez mi Pariente fasta en quantía de mil ducados, é usando de la


dicha Merced é Facultad mando al dicho Juan Rodriguez, mi Pariente para en todos los dias de su vida, la mi Casa é Torre de Preguezido [...], que vale de renta en cada un año diez cargas de pan [...] = Yten los mis dos lugares que se dicen dos Cevados, que labra Juan de Sorrivas el Biejo y Bieyto Carballo, por que me pagan en cada un año veinte y cinco celemines de pan cada uno de ellos, y dos capones = Yten mas el lugar que se dice Dalbela, en que en mi nombre vive Gomez Dalbela, por que paga una carga de pan, y un par de capones [...]” e outros moitos máis en Aguións, que manda a Juan Rodriguez. Deixa por cumpridores ao seu primo Aníbal Rodríguez, a Benito Méndez e a Rodrigo Rodríguez, cóngo na Catedral.

Pagado todo, deixa por universal herdeiro a “Juan Rodriguez el Mozo mi Pariente, hijo natural de Juan Rodriguez mi Pariente, y de Maria Alonso, que hubieron entre ambos siendo solteros, y que yo al de presente tengo en mi Casa é crié, é alimenté de Niño [...], y sus descendientes como Bienes avinculados, é de Mayorazgo [...]”.

Cando morra, quere que o suceda o primoxénito que teña, ou senón a filla, ou senón o fillo natural se o houbese, ou, por último “sea sucesor en ellos Alonso Rodriguez de Sandelle, hijo de Rodrigo de Ruzgaya, é de Teresa Rodríguez, mi sobrino [...]”. Senón o fillo de Tristán Patiño, seu sobriño. Non tendo outros, o deán e cabido. “[...] e de los dichos Bienes de todos ellos hago una Tenencia con los vinculos suso dichos y cada uno de ellos, que se llame é nombre la Tenencia de Gomez Rodriguez, é que por la renta é usufruto de los dichos Bienes hagan decir por mi anima dende en adelante que sucedieren en los dichos Bienes en cada dia las Misas que se pudieren decir buenamente en la dicha Santa Yglesia de Señor Santiago [...]”. Tamén deixa que se digan 200 misas na capela na que está enterrado cada ano a conta do que suceda nos bens.

Segue un estenso memorial de bens do vínculo, dos folios 37 ata o 53 vº: compras desde 1515, entre as que están a que lle fixo Xoán de Moldes, de Moreira “de toda la parte que le cavia en Moreira”; das fillas de Gonzalo Paseiro de bens no lugar de Outeiro (Moreira); en Matalobos; en Guimarei; en Arcos; en Cuntis (os Baños); en San Mamede de Piñeiro; nas Veas (Gondomar, Rabeáns dos Labradores, Rabeáns dos Cabaleiros, “Sebión”, “Aldea de Pescara de Lampreas de San Jurjo de Vea”...); en Aguións; en Santeles; en Figueroa; en Cereixo; en Lagartóns; en Lamas; en Padrón; en Berres; en Ouzande; en Trazo; en Santiago de Compostela... . Ademais de gando vacún e égoas.

Como o seu herdeiro Xoán Rodríguez era menor, nomea tutor a Bieito Méndez, de Santiago.



Venda que Roi do Souto fixo ao cóengo Gómez Rodríguez dunha terceira parte do Lugar de Frago (Santa Cristina de Vinseiro) o 27 de xullo de 1541. Pergameo.

Acevedo Yebra. Menciónase a tasa de desperfectos da casa principal e anexos por “Joseph de Castro Balboa, Maestro de obras. Recibió la Ymformacion de testigos de excepcion, thomó la razon puntual de el valor de dicho Mayorazgo, Dote de su herm<sup>a</sup> [fol<sup>o</sup> 58 v<sup>o</sup>] d<sup>a</sup> Balthasara de Acevedo [...] en la pretensa, y representation que la mia hizo a su magestad para la ymposicion de los siete mil Ducados de zenso redimible [...] y a maior abundamiento presento la copia de la fundacion de dicho Mayorazgo”. Acompaña unha compulsa do testamento (folio 60) xa citado do cóengo Gómez Rodríguez con vistas ao censo.

Folio 98, en branco.

O folio 99 é a portada doutro documento (signatura 1.07), a “Posesión que tomó Dn . Luis de Ant<sup>o</sup> Azevedo, como Administrador de su hixo dn. Josef Francisco del Maiorazgo y Vinculo de la Casa del Preguecido, que fundó el Canonigo Gomez Rodriguez y en ella se Ymbentariaron las Escrituras Foros y mas Pap[eles] que tenia dicho Maiorazgo [...] con man-

No folio 56 remata a copia do testamento e vínculo, ante Gonzalo Puñal, o 15 de xaneiro de 1556<sup>8</sup>. No 57 aínda seguen as dilixencias da súa apertura.

No folio 58 (signatura 1.06), do 29 de marzo de 1763, Pedro da Igrexa, procurador de “don Antonio Luis de Azevedo y Abraldes<sup>9</sup> Dueño de la Casa, y Mayorazgo del Preguesido” di que se pedira unha Real Cédula (do 2 de setembro de 1762, que se cita) “para el reconocimiento de la casa de vínculo y Mayorazgo nombrada del Preguesido su estado, valor y pensiones que tenga, para la ymposicion de siete mil ducados de Zenso” na que quere que lle suceda o seu primoxénito don Ramón Bieito

8 O testamento orixinal estaba composto de 40 follas.

9 Veciño de O Porriño.

dato que dio el Asist[ent]e de la Ciudad de Santiago en los 7 de diciembre de 1716 años, y por ante uno de sus Escribanos Juan Lopez”.

No 101 (signatura 1.08) comencan as noticias do pleito que orixinou a xerencia do morgado, xa que “El Doctor Dn Juan Antonio de Cortes Mon, Real Asistente y Justicia ma[y]or en esta Ciudad de Santiago y su arzobispado [...] que ante mi y en esta audiencia pende y se letiga pleito Civil entre partes de la una don Luis Antonio de Acebedo y Lira [...] como padre de don Joseph Fran[cis]co de Azevedo su hijo con D<sup>a</sup> Ysavel Theresa Taboada viuda [...] la qual tubo prencipio en los veinte y quatro de noviembre [fol. 101 v<sup>o</sup>] pasado deste año por la peticion siguiente.

Don Luis Antonio de Azevedo y Lira dueño de los cotos y jurisdicciones de Cobas, Torres de Castrelo y Godanes Vezino de la fr<sup>a</sup> de Santa Cruz de Arabaldos Rivero de Avia [...] como padre y Lex[iti]mo administrador de la persona y Vienes de don Joseph Fran[cis]co de Acevedo Rivera y Sotomayor, mi yjo<sup>10</sup> [...] digo que dicho don Baltasar de Rivera y Sotomayor mi suegro [...] como lex[iti]mo subcesor en el binculo y maiorazgo que fundo el Reverendo Gomez Rodriguez de Rioboo [...] estubo poseedor de el mientras fue bivo y aviendose fallecido la dicha D<sup>a</sup> Ysavel Ybañez su primera muger paso a casarse de segundo matrimonio con D<sup>a</sup> Ysavel Theresa Taboada de quien entre otros tubo por su ijo a don Bicente de Rivera y Sotomayor<sup>11</sup> que a la muerte de dicho Don Baltasar de Rivera quedo en la pupilar edad y este podra aver como quatro meses poco mas o menos se murio estando en la mesma pupilar edad por lo qual y no ser capaz de dejar subcesion le toca a dicho mi yjo [...]”.

Así que pide a posesión no nome do seu fillo.

No folio 104 v<sup>o</sup> seguen a citación de 26 de novembro de 1716 e a notificación a dona Sabela Tareixa Taboada e Soutomaioir “como madre tutora y curadora de los yjos menores que le quedaron del dicho su marido intrusa y apoderada en el bínculo y maiorazgo que finco del suso dicho” para que poida facer calquera dilixencia que considere oportuna e asista ás xuras das testemuñas. Non pretende facer nada ao respecto, ao mellor sabendo que, efectivamente, estaba intrusa no morgado, no que se preferían aos varóns sobre as femias.

10 Fillo que tivera de dona María Xacinta de Ribera Soutomaioir e Sarmiento, xa defunta, primoxénita que fora de don Baltasar de Ribera e Soutomaioir, veciño de Aguións, e de dona Sabela Ibáñez Sarmiento de Pazos.

11 Don Baltasar de Ribera e Soutomaioir casárase en segundas nupcias con dona Sabela Tareixa Taboada, e tiveran a dona María, dona Xosefa, dona Rosalía e don Vicente de Ribera e Soutomaioir -que morrera con menos de dous anos.

No folio 105 v<sup>o</sup> tómake información dentro da casa rectoral o 26 de novembro de 1716 para recoñecer a filiación pertinente, e don Luís Antón de Acevedo e Lira presenta testemuñas ao licenciado don Xosé Rodríguez Piñeiro, rector de Santa María de Aguións: de San Paio de Figueroa a don Xosé Márquez de Couto, e de Santa María de Aguións a Martiño de Fragoso.

No folio 112, vistos os autos, don Xoán Antón de Cortes Mon manda que calquer escribán lle dé a posesión a don Luís Antón de Acevedo, o 7 de decembro de 1716.

Logo vén a toma de posesión das propiedades do morgado, que comenza no Preguecido o 10 de decembro do mesmo, continúa o 11 nos Cebados (Aguións) e prolóngase ata comezos do 1717 por Lagartóns, Matalobos, Cuntis, as Veas, Frades, Parada, Lamas, Barbude, Callobre, Moreira, Trazo, Vinseiro, Ouzande, Ancorados... Ata chegar ao folio 159. Despois procédese ao reconto e entrega de papeis ata febreiro.

No folio 199 (signatura 1.09) comenza o “Tanto de algunas clausulas que se quitaron del testamento y fundacion de vinculo del Canonigo Gomez Rodriguez de Rioból las que seran utiles si se pierde el testamento ó fundación”. Chegan ata o folio 214, no que figura unha nova petición da escritura de fundación do vínculo, da que se dá traslado o 10 de marzo de 1763.

No folio 225, (signatura 1.10) “Por quanto los llevadores del lugar de la Fuente en Santa Maria de Trazo no quisieron que dn Josef Francisco Acevedo tomase posesion de dichos vienes y lugar como perteneciente al Vinculo que fundó el Canonigo Gomez con mandato de la R[ea]l Audiencia se mandó sacar copia de la fundación de dicho Vínculo para presentar en el Pleito que havia sobre dicho Lugar de la Fuente y en vista de ella se dio Sentencia a favor de dicho Dn Josef Acevedo para que se le diese la posesion de dicho Lugar. Y en 19 de Abril de 1741 años se le dio la posesion del referido Lugar al dicho Don Josef Francisco cuios Autos pasaron por el Oficio de Gomez en la Coruña.

Cuia posesion del dicho Lugar fue por ante Francisco de Aren y Losada Escrivano”.

No folio 226, signatura 1.11, comenza a copia dunha “Real provisión de mision en posesion librada de la Real audiencia deste Rno a pedim[en]to de Dn Joseph de Azevedo y Rivera contra Rosendo Mallo y Consortes sobre Vienes de Vinculo en el lugar da Fonte en S[an]ta Maria de Trazo [...]”, do 13 de xullo de 1740. O pleito entre Acevedo e Mallo comenzara o 6 de agosto de 1739. Atópase inserta a copia do poder outorgado na Casa de Ramirás, freguesía e couto de Santa Cruz de Arrabaldo o 13 de maio de 1725 por don Xosé Francisco de Acevedo e Ribeira ao procurador don Xoán Varela Figue-

roa. Seguen copias de citacións para as informacións, en Trazo e Benza, de agosto e setembro de 1739. Prolóngase cunha nova copia do testamento do cóngo Gómez Rodríguez e remata a copia da real provisión no folio 320.

No folio 321, o 16 de abril de 1741, ten efecto o requerimento coa provisión antecedente e a toma de posesión do lugar da Fonte efectúase o 19 de abril.

No folio 325 comenza un documento (signatura 1.12) encabezado como “Relacion de deudores, sacada del Juez hordinario de la Ciudad de Santiago en 1632 años, en virtud de la que se hicieron algunas diligencias, por ante el Escrivano Juan Lopez. En los lugares de Gondomar, Dorelle y Raveans dos Cavaleiros, sitios en San Julian de Bea. Y Lugar de Trasairiz en San Andres de Bea, y confesaron pagar renta a la Casa do Preguicido, pero no dicen por que Lugares la pagavan [...]”. Segue copia orixinal dun memorial dos que debían pan de rendas desde 1631 ao capitán Gómez Rodríguez de Riobó, que era daquela o posuidor do vínculo. Prodúcese algunhas execucións e remates de bens de debedores en pública subasta e dásenos noticia de pleitos por esta causa, como o que se litigou entre o capitán e Domingo de Calvelo.

No folio 339 está o título do seguinte documento (signatura 1.13): “Relacion de deudores de 29 de Enero de 1626 años de la Audiencia del Juez de Santiago y ante su Escrivano Francisco Alvarez, sacada a pedimento del Capitan Gomez Rodriguez de Rioboó, en la que declaran pagar renta, y se han hecho Dilixencias en los lugares siguientes. Lugares de Dorelle, Gondomar y Cardelle, en San Andres y San Julian de Bea. Lugar de Sevion en Santa M<sup>a</sup> de Frades. Lugar de Toedo. Lugares do Barco y Couso en Santa Maria de Couso. Lugar das Quintas en San Miguel de Barcala. Lugares do Casal y Out[eir]o en San Jorxe de Bea [fol. 339 v<sup>a</sup>] Lugar de Pousadela, en Sn Pedro de Ancorados. Lugar de Pousda en San Martin de Callobre. Lugar da Esquiiza en Sn Berisimo de Arcos. Todos pertenecientes a la Casa do Preguicido”. Debíanlle rendas desde 1620 ate 1625. Fai un memorial de debedores con data 29 de xaneiro de 1626 (“de lo que me deven en tierra de Bea, Tabeiros y Baños”) nos folios 341 e 342, e solicita que os compelan ao pago.

Seguen as declaracións dos debedores (folios 343 ate 347) e requerimentos, quedando tamén rastro dalgún pleito, coma o do capitán con Catalina de Covas ou con Bieito Pinto por esta causa.

No folio 358, signatura 1.14, hai unha portadiña que anuncia unha “R[ea]l Sobre carta del año de 1783”, motivada, como se di no folio 359 porque “Dn Antonio Luis de Acevedo fue tutor de dn Juan Abraldes, y por que salio alcanzado, se le embargaron rentas que confesaron pagar á dicho

Dn Antonio los llevadores de los Lugares y Forales siguientes [...]”. Continúa unha longa relación de lugares e forales en Aguións (incluídos os muíños das Cañizas), as Veas, Santeles..., e logo a copia orixinal da sobrecarta (folios 361 á 412) librada o 6 de decembro de 1783 en A Coruña. Esta sobrecarta e real provisión vén motivada polo pleito sobre a conta tutelar entre don Xoán Abraldes de Mendoza e don Antón Luís de Acevedo, ao longo do cal se deran varias providencias encargando ao Acevedo a administración das rendas pertencentes ao Abraldes. O alcance que se sacou contra o primeiro deles foi de 13636 reais e pico, polo que se despachou mandamento executorio o 7 de agosto de 1782 (consérvase a copia da dilixencia de execución no folio 363 vº) e tivo lugar a retención das rendas ao longo dese ano, “en medio de lo qual se murió el don Juan Abraldes de Mendoza”.

No folio 412 vº insértase a copia dun “Requerimiento a la Justicia de la Jurisdiccion de S[an]ta Comba de Nabes” do 9 de xaneiro de 1784 por don Antón Luís de Acevedo, “Dueño de la Casa y Pazo de Ramiranes” coa real provisión antecedente.

No folio 418 vº (signatura 1.15) indícasenos que o que segue é unha “Real contradiccion de D. Luis Antonio Acevedo, [presentada no seu nome por Juan Antonio Vereá y Aguiar] contra la muger de Dn. Baltasar Rivera sobre el Vinculo del Preguecido, vale poco. En 13 de Febrero de mil setecientos diez y siete p[o]r Martin Gonzalez Rial y oficio Gomez de la Rl. Audiencia de la Coruña”. A continuación está a copia orixinal da mesma (folio 419), na que se alega que o vínculo “hes muy corto ansi en lo principal como en sus frutos y utilidades; y se alla gravado con muchas pensiones que se pagan a la Santa apostolica yglesia del Señor Santiago y otros Dominios y se allan los bienes de que se componen en diferentes situaciones thodas muy distantes de la Casa [...]”. Tamén protesta polos bens (alfaias e mobles) que levou cando estaba intrusa nos bens.

Segue no volume (folio 427) un “Auto para el recuento de lo que havia quedado de Dn. Baltasar Rivera de la Casa del Preguecido. En 21 de Marzo de mil setecientos y quince años. Escribano Pedro Nuñez Vaamonde”.

Nos folios 430 e 431, signatura 1.16, está unha “Relacion que dio D. Ramon Acevedo [y Yebra] de las pensiones que pagava por la Casa del Preguecido” do 11 de marzo de 1799, na que aparecen don Pedro de Outeiro (como cobrador dos réditos dos 7000 ducados “que a inpuesto con cedula R[ea]l sobre los bienes que tengo en esta feligresia de Aguiónes [...] se paga la cantidad cada año de mil ochocientos veinte y quatro r[ea]les [...]”), don Damián Fernández e Leis (capelán da capela de San Bertomeu incluída na Catedral de Santiago, que cobra 300 reais cada ano), a Tenencia

de Codeseda (á que se lle realiza pago anual por bens en Aguións), o Real Priorato de Santa María do Sar (que cobra polos lugares de Toende e Río dos Sapos na xurisdición de Vea e polo de Ferreiros na dos Baños)<sup>12</sup>.....

Remata así a primeira unidade de instalación.

A continuación procedeuse a unha descrición da documentación solta que se conservaba no arquivo do pazo, tratando de conservar, na medida do posible, a orde cronolóxica. Gran parte das copias dos instrumentos de adquisicións que compoñen o morgado de Gómez Rodríguez constitúen os documentos máis antigos, como se pode comprobar do cotexo polo miúdo da copia do testamento do finado cóengo. Parece que xa foron obxecto dunha sumaria descrición arquivística, posiblemente no século XVIII, na que a moitos destes documentos se lles confeccionou cadansúa carpetiña que ostenta un número e un breve rexesto. Agrupámoslos na unidade de instalación número 2<sup>13</sup>, conservando a referencia das súas carpetiñas orixinais:

Signatura 2.01: “n<sup>o</sup> 422. S[an]ta Cristina de Binceiro. V[en]ta en el lugar do fragoso”. En vitela<sup>14</sup>, escritura da venda que Rodrigo (ou Roi) do Souto, veciño de San Pedro de Parada lle fixo ao cóengo Gómez dunha terceira parte do lugar, casas e casares de Fragoso (Vinseiro) o 27 de xullo de 1541, ante Francisco Rodríguez, escribán escusador de Pedro Lorenzo de Ben, do Cabido da cidade de Santiago. O prezo foi de 17 ducados de ouro e as testemuñas Roi López, Xoán Bello e Xoán Varela “criados del dicho Can[ón]igo Gomez Rodríguez moradores en la dicha çibdad<sup>15</sup> [...]”.

Signatura 2.02: “n<sup>o</sup> 489. Juris[dici]on de los Baños de Caldas de Cuntis. S[an]ta M<sup>a</sup> de los Baños. Venta en la Villa de los Baños de una casa”. Venda que lle fixera Bieito Deira o 26 de agosto de 1541 ao cóengo Gómez dunha casa e dun pardiño.

Signatura 2.03: “n<sup>o</sup> 423. S[an]ta Cristina de Binceiro. Posesión en el lug[a]r do fragoso”. Trátase de dous documentos: mandamento e toma da posesión que levou a efecto o cóengo Gómez da terceira parte do lugar de Fragoso, en Vinseiro, que lle vendera Roi do Souto o 20 de outubro de 1541 ante o escribán Xoán Matías Louzao.

12 Vemos o papel dos donos do vínculo como fidalguía intermediaria entre os grandes rendistas e os colonos.

13 Na súa instalación dixital comprende as imaxes 829 ata 1182.

14 Toda a documentación do arquivo do pazo ten como soporte o papel, agás este instrumento.

15 Santiago de Compostela.

Signatura 2.04: “nº 426. S[an] Martin de Callobre v[en]ta en el lug[ar] de figueira”. Copia dunha venda realizada ao cóengo Gómez. En bastante mal estado e ilexible en partes. De mediados do século XVI.

Signatura 2.05: “nº 490. Santa M<sup>a</sup> de los Baños. Venta en los Lug[ar]es dos Trigos y Lugar do Naval en San Mamed de Piñeiro”. Venda que lle fixera Antón Cabanas (veciño de Santo André de Veá) ao cóengo Gómez da parte que tiña nos lugares dos Trigos (en San Mamede de Piñeiro) e do Noval (en Santa María de Caldas de Cuntis), efectuada o 1 de febreiro de 1542 ante o escribán Xoán de Santa Baia, do número e concello da cidade de Santiago.

Signatura 2.06: “nº 160 V[en]ta”. Trátase dunha “Relajacion de venta que hizo el Liz[encia]do Juan de Cardelle” clérigo, dos bens que lle mercara a Rodrigo Afonso, fillo de Fernán Afonso, cóengo que fora de Santiago, da parte que tiña no foro do lugar de Trasariz (Santo André de Veá) o 11 de xuño de 1545. Dise que “la tal venta no se pudo hazer en perjuizio del señor can[ónig]o Gomez R[odríguez] como señor y propietario que hes del dicho lugar [...] sin primero requerir al dicho Señor C[anónig]o se la queria por el tanto [...] y es mi voluntad por quitarme de pleitos y no gastar mi hazienda [...] que el dicho C[anónig]o como señor de la propiedad llebe la parte y quiñon que el dicho Rodrigo Afonso me bendio [...] y por esta firmada de mi nombre me aparto del derecho que [...] tenia y lo cedo y tras-paso en el C[anónig]o [...]”.

Signatura 2.07: “nº 161”. O rexesto que case tódalas carpetiñas levan infórmanos de que se trata da venda que o escribán Rodrigo Afonso fixo ao cóengo Gómez do foro do lugar de Trasariz, en Santo André de Veá, e “por esta escritura Leonor Rodriguez madre de dicho Escribano confirma la dicha venta y se aparta de todo lo que le pertenecia en dicho Lugar”. Do 4 de xullo de 1547, ante o escribán Xoán González de Figueroa.

Signatura 2.08: “nº 254. Lugar de Dorelle. Arr[ien]do”. Trátase do arrendo e da toma de posesión que fixo o cóengo Gómez a Gonzalo Carballo, labrador, do lugar, devesa e casal de Dorelle (San Xíao de Veá) por tres anos e pagando cada un deles unha carga<sup>16</sup> de centeo e dous capóns cebados por nadal. “Estos vienes los tiene en fuero el dicho Canonigo de la Yglesia de Sn Julián”<sup>17</sup>. Do 12 de abril de 1550, ante Lope de Losada, escribán do número da cidade de Santiago.

16 Aínda a carga era pola medida da cidade, composta por 12 celemíns. En documentos posteriores a medida é a de Ávila, da que 6 ferrados completan unha fanega e 12 fan unha carga.

17 Por foro de 1545 feito polo rector de San Xíao de Veá ao cóengo Gómez.

Signatura 2.09: “n<sup>o</sup> 251. Casa del Preguecido. Arriendo que hizo el Canonigo Gomez R[odrigu]ez a Pedro Quintas por su vida y una voz mas del Lug[a]r de Bigin en Sn. Julian de Bea en renta de tres celemines de pan mediado<sup>18</sup> y una gallina [...]”. Arriendo a Pedro de Quintas, veciño de San Xiao de Veá, do lugar de Vixín (nesa mesma parroquia) coa cláusula de que “si durante el tiempo del dicho arrendamiento dios nuestro señor fuere serbido de llebaros desta presente vida que vuestros herederos sean obligados a pagarme por razon de lutuosa la mejor cosa de quatro pies que de vos quedare conforme al costumbre desta çiudad [...]”. Do 14 de xaneiro de 1552 ante o escribán Alonso de Miradelo<sup>19</sup>.

Signatura 2.10: “n<sup>o</sup> 491. Santa Maria de los Baños. Arriendo de una casa y huerta en la villa de los Baños”, que o cóengo Gómez fixera a Bastián González por 19 anos dunha casa con horta e naval o 22 de novembro de 1552 ante Alonso de Miradelo. A renda sería de 14 celemíns de centeo da nova medida de Ávila “que agora se usa en este reino”.

Signatura 2.11: “n<sup>o</sup> 515. Sa[n]ta Maria de trazo. Arr[ien]do de los lugares de trazo” que fixo o cóengo Gómez, dos lugares que mercara ao escudeiro Alonso Alborja, a Xoán Sanxurxo por seis cargas de trigo e catro galiñas o 20 de febreiro de 1554, ante Alonso de Miradelo.

Signatura 2.12: “n<sup>o</sup> 461. Jurisdiccion de Taveirós. S[a]n Pedro de Orazo. V[en]ta en el Lugar de Orazo”. Venda realizada por Pedro Piso de Torres, veciño de Padrón, con poder da súa muller Constanza Patina Sanxurxo<sup>20</sup>, ao cóengo Gómez da terceira parte do lugar de Orazo o 7 de agosto de 1554 ante Alonso de Miradelo. O prezo estipulado foi de 14 ducados “que por ello me dades et pagades et yo de vos recibo en una taça de plata blanca con su pie e un esmalte en el fondo de peso de marco e medio y en un plato de plata [...] de peso de ocho ducados y dos reales [...] de que me doi por entrego y pago y satisfecho [...]”.

Signatura 2.13: “n<sup>o</sup> 30. Casa del Preguecido. Foro que el Canonigo Gomez Rodriguez hizo a Gregorio Dagraña en el lug[a]r y f[el]ig[r]esi]a de Aguiones en renta de media carga de pan mediado [...]” o 8 de novembro de 1554 ante Alonso de Miradelo. Curioso o feito de que o cóengo lle afora o que Gregorio da Graña lle vendera con anterioridade: “todo aquello que ansi teniades y me vendistes e traspasastes”. Faino por tres voces de foro e por canon e pensión de media carga de pan “medido por la medida nueva de abila

18 Medio de millo miúdo e medio de centeo.

19 Ou Muradelo. Escribán do número do concello da cidade de Santiago.

20 Filla de Vasco Patiño e de Sabela Álvarez.

que agora se usa de doze ferrados en carga puesto e pago en donde cogiere la otra mi renta de tierra de Ve a por cada mes de agosto o setembro [...]”.

Signatura 2.14: “nº 252. Arr[ien]do en el lug[a]r de vigin”. Outorgado a Xoán das Penas, de bens en Vixín (San Xiao de Ve a), o 27 de maio de 1556 ante Gonzalo Puñal, notario da cidade de Santiago.

Signatura 2.15: “nº 139. De como se parte el Lug[a]r de Cardelle”. Declaración en virtude dunha paulina<sup>21</sup> do xeito de partirse o lugar de Cardelle, do 12 de febreiro de 1558 ante o escribán de Santiago Rodrigo Alonso.

Signatura 2.16: “nº 344. Arriendo de los vienes de la compra de atrás en el lug[a]r y f[elig]r[es]ía de Sn. Juan de Santeles”, feito polo titor de Xoán Rodríguez (herdeiro do morgado e vínculo) a Xoán Sieiro (veciño de San Miguel de Cora) de bens do lugar de Santeles (casas, viñas, montes...) que Alonso do Couto vendera ao procurador Pedro García e este vendera ao cóengo Gómez, sitios en Santeles. Datada o 19 de maio de 1558 ante Gonzalo Puñal.

Signatura 2.17: “nº 143. Obligacion de r[en]ta en Cardelle al Cardenal Mondragon” que lle fixera Domingo de Laceiras de pagarlle a renda que lle debía dos últimos catro anos do lugar de Cardelle (Santo André de Ve a) no que vivía, o 8 de abril de 1562 ante Roi de Ben.

Signatura 2.18: “nº 449. Casa del Preguecido. Foro que hizo Juan Rodriguez de Rioboo a Maria de Abeleira del lugar de Abeleira en Sn Breixome de Lamas [...]” o 9 de marzo de 1571 ante o escribán de Santiago Gonzalo Fernández. O foro está feito por Xoán Rodríguez de Riobó “o Mozo”, herdeiro do cóengo Gómez, por dúas voces e nel contéplase a loitosa do mellor boi ou vaca.

Signatura 2.19: “nº 518. S[an]ta M<sup>a</sup> de trazo. Arr[ien] del lug[a]r do rial” que fixo Xil Varela de Vilamid a Bertomeu Domínguez e á súa dona, da metade dos bens que Bertomeu lle dera en troco a Xil no lugar do Rial (Trazo), do 23 de novembro de 1585.

Signatura 2.20: “nº 333. V[en]ta de Censo en Sn Pedro de Toedo y lug[a]r da Carballa, en S[an]ta M<sup>a</sup> de Riveira<sup>22</sup> y lug[a]r de Villar, en Sn

21 Carta ou despacho de excomuniación que xeralmente se expedía nos tribunais pontificios para o descubrimento dalgunhas cousas en caso de sospeita de roubo ou ocultación maliciosa. Véxase Escriche, Joaquín: Diccionario Razonado de Legislación y Jurisprudencia, Madrid. Antonio Calleja Editores, 1847. No eido estradense conservamos noticia de varios destes documentos, mediante os que se trataba de compeler aos fregueses para que se convertisen en delatores de supostos ocultamentos de bens e rendas efectuados ás veces polos seus conveciños.


22 Refírese a Santa Mariña de Ribeira.

Miguel de Cora y lugares de Vayo, y en la Jurisdicción de los Baños”. Alonso e Pedro de Mol-des venderon ao cura de Rubín, Xoán de Covas, 14 ducados, 3 reais e 4 maravedís de censo redimible hipotecados sobre o lugar da Carballa (Toedo), unha fanega de pan no lugar de Vilar (Ribeira), outra no lugar de Baio (Cora) e bens que mercara na xurisdición dos Baños. O 23 de setembro de 1586, por ante o escribán Diego de Castro.

Signatura 2.21: “n<sup>o</sup> 492 Santa Maria de los Baños. Arriendo de una casa y salidos en la Villa de los Baños” feito por Gómez Rodríguez de Riobó<sup>23</sup> ao cóengo Xoán de Abraldes dunha casa por 16 anos, o 20 de novembro de 1581 por ante Domingo Cabaleiro, escribán do número do concello de Santiago.

Signatura 2.22: “n<sup>o</sup> 522 S[an]ta M<sup>a</sup> de Trazo. Arr[ien]do que hizo Gomez Rodriguez de Rioboo [veciño de San Vicenzo de Vilouchada] a Juan Pose [veciño de Aguións] por quar[en]ta y un años de la heredad Dalongra y mitad del lug[ar] de Aguiónes [...] que quedo de Gregorio Ant<sup>o</sup> Dagraña en R[en]ta de ocho fanegas de pan mediado, dos capones, y dos perdijones [...]” ou 8 reais no canto deso. Do 21 de decembro de 1593, por ante o escribán Rodríguez do Corral, veciño de Santiago.

Signatura 2.23: “n<sup>o</sup> 32 Arr[ien]do en el lugar de vila grande de la f[el]ig[r]es[í]a de Aguiónes” feito por Gómez Rodríguez de Riobó a Fernán Carbón da metade do lugar da Vila Grande de Aguións “con mas el molino de la grueira” por un tempo de 41 anos. Realizado o 21 de decembro de



Remate e autenticación ante Francisco Núñez da escritura de arrendo de bens en Figueras de Abaixo que fixo cóengo Gómez Rodríguez. Ano de 1597.

23 Na realidade feito por Maior Suárez, viúva do defunto Xoán Rodríguez de Riobó, como administradora dos bens dos seus fillos Gómez Rodríguez e María Hortiz.

1593 ante o escribán de Santiago Pedro Rodríguez. O canon era de 8 fanegas de pan e catro “capones cevados que sean mui buenos [...] y hes condición que al tienpo del falesçimiento del dicho Fernan Carbón, o de la persona o personas que bibieren y moraren en el dicho lugar le an de dar y pagar por razon de seniorio y lotuosa la mejor cosa de quatro pies que al dicho tienpo tuvieren [...] que a de ser el mejor boi o vaca, o bestia [...]”.

Signatura 2.24: “Casa del Preguecido n.º 33. Arriendo que hizo Gomez Rodriguez de Rioboo a Juan Pose por quar[en]ta y un años de la heredad Dalongra y mitad del lug[a]r de Aguiones en S[an]ta Maria de Aguiones que quedo de Gregorio Ant[oni]o Dagraña en Renta de ocho fanegas de pan mediado dos Capones, y dos perdijones”. Do 21 de decembro de 1593 por ante o escribán Rodríguez do Corral, veciño de Santiago.

Signatura 2.25: “n.º 523. S[an]ta M<sup>a</sup> de Trazo. Arr[ien]do de la mitad del lug[a]r da fonte”. Son dous arrendos feitos o 22 de outubro de 1595 por Gómez Rodríguez de Riobó a Álvaro Sanxurxo da metade do dito lugar por ante Alonso Rodríguez.

Signatura 2.26: “n.º 320. Arr[ien]do en el lug[a]r y f[el]ig[r]es[í]a de Sn. Payo de Figueroa”, feito por Gómez Rodríguez de Riobó a Bernaldo de Pedregal, veciño de San Paio de Figueroa, de tódolos bens que mercara a Catalina Carballo no lugar de Figueroa de Abaixo, cunha duración de 29 anos<sup>24</sup> e datado o 29 de setembro de 1597. Pasou ante o escribán Francisco Núñez, da xurisdición de Vea.

Signatura 2.27: “n.º 525. . S[an]ta M<sup>a</sup> de Trazo. Arr[ien]do de la mitad del lugar da fonte” e parte dun muíño, datado en 7 de agosto de 1601 e realizado ante o escribán Pedro de Xavestre. Outorgado por Gómez Rodríguez de Riobó a Pedro Sanxurxo con canon e pensión de 18 ferrados de trigo, dous perdigóns e oito galiñas.

Signatura 2.28: “n.º 51 Lugar de Aguións. Foro de la mitad del lugar de la Graña en 1602”. Trátase dunha escritura de apartamento de pleito e foro (arrendo por corenta anos, en realidade) que a favor de Fernán Carbón fixera Gómez Rodríguez de Riobó da metade do lugar “dos da Graña” de Aguións, incluído o seu muíño, o 22 de agosto de 1602 ante Sebastián Torres Patiño. A renda anual estipulada era de 11 fanegas de pan, dous pares de capóns cebados, un carro de palla de trigo “y lutuosa que será el mejor Buey, Baca, Burraxo, Mulo, o Mula, Yegoa, Rocin, Ucha, o Arca [...]”. Acompaña escritura de 1643 na que o capitán don Álvaro de Ribeira

24 O arrendo ou foro por 29 anos é moi corrente, e esta cifra tiña por obxecto evitar a prescrición trintenaria do dereito real de dominio sobre os bens aforados ou arrendados.

e Soutomaior, sucesor no vínculo e morgado, pide a execución polas débedas acumuladas de 1642 e 1643.

Signatura 2.29: “nº 526 S[an]ta M<sup>a</sup> de trazo. Arr[ien]do de la mitad del lug[ar] da fonte” que fixo Gómez Rodríguez de Riobó a Álvaro Sanxurxo, da metade dese lugar coas casas e metade dun muíño por 21 anos en renda de 18 ferrados de trigo e dúas galiñas o 27 de setembro de 1604 por ante o escribán Pedro de Xavestre. A renda debía pagarse nunha casa da cidade de Santiago.

Signatura 2.30: “nº 306 Arriendo en 1607”, que fixo o capitán Gómez Rodríguez de Riobó ao carpinteiro Bertomeu de Veiga cunha duración de 29 anos da herdade da “Tença Dagueira”, sita en Santa Baia de Matalobos, por renda de dous ferrados de centeo que debía levar ao Preguecido. Datado o 17 de outubro de 1607. Pasou ante Xoán Pinto.

Signatura 2.31: “nº 350 Foro que hizo el Capitan Gomez Rodriguez de Rioboo a Pedro de Matalobos de la heredad de tallo da Devesa sita en la feligresía de Sn. Juan de Santeles [...]” o 8 de setembro de 1610. A herdade mercárala o capitán a Agustín de Ortega en dúas metades por escrituras que se mencionan ante os escribáns Xoán López de Bentosinos (ou Bentusiños, como aparece noutros documentos) e Sebastián de Torres. O foro fíxollo a Pedro de Matalobos e á súa muller María de Ortega.

Signatura 2.32: “nº 52 Lugar de Aguios. Foro de la mitad del Lugar de los da Graña en 1611”, redactado o 11 de marzo de 1611 e outorgado polo capitán Gómez Rodríguez de Riobó a favor de Xoán Tallón, veciño de Aguións. Contéplase no escrito a loitosa da mellor cousa de catro pés. Pasou ante o escribán Gregorio Durán.

Signatura 2.33: “nº 88 Casa del Preguecido. Arriendo que hizo el Capitan Gomez Rodriguez de Riobo a Gregorio de Sn Tino y Juan de Sn Tino p[or] cincuenta años de la heredad da Rajeira de Campelos y Braña del lugar dos Cebados en renta nueve ferr[ado]s de centeno, seis de mijo y dos capones [...]” o 5 de xullo de 1634 por ante Xoán López de Bentusiños. Trátase do arrendo ao clérigo e vicerrector de San Xoán de Baión (Xoán de Sanxiao) e a Gregorio de Sanxiao (veciño de Aguións), cunha duración de 50 anos.

Signatura 2.34: “nº 479 Casa del Preguecido. Obligación que hizo Juan Alvarez vez[in]o de S[an]ta Mariña de Ribeira al al [sic] Capitan Dn Alonso Rodriguez de Rivera de pagar un ferrado de pan mediado por el lugar de Baltar [...]”; copia do 26 de decembro de 1639. O capitán don Alonso Rodríguez de Ribera e Soutomaior, sucesor no vínculo que fundara o cónego Gómez, pedira execución ao xuíz ordinario de Santiago contra Xoán Álvarez, veciño de Ribeira, por dezaioito ferrados de pan de rendas atrasadas

do lugar de Baltar. O 25 de decembro de 1639, por ante o escribán Pedro do Campo, Xoán Álvarez obrigouse a pagar para sempre un ferrado de pan.

Signatura 2.35: “nº 494 Santa Maria dos Baños. Arriendo de una Casa y heredad en la Villa de los Baños de Cuntis”, que don Alonso de Ribeira “Capitan de la conduta de bea” lle fixo ao escribán Domingo Núñez do Campo o 23 de abril de 1640. O alugueiro era por espazo de nove anos e a renda de oito ducados e medio.

Signatura 2.36: “nº 94 Lugar dos Cebados. [...] Foro del Capitan Dn. Juan Rodriguez, á Juan Martinez del lugar de Pousada y heredad das Entrigas en Santa Maria de Aguiones [...]”, redactado o 17 de agosto de 1649 a favor de Xoán Martínez e da súa dona María de Sorribas. “Y ansi mismo es condicion que vos, y las dichas buestras voces al tiempo de buestro fallecimiento me haveis de dar por razon de Lutuosa [...] la mejor cosa de quatro pies”. Pasou ante o escribán Bieito Ballo.

Signatura 2.37: “nº 285 Foro de Dn Juan Rodriguez Rivera a Domingo de Barco do Outeiro = de las heredades do Bacelo nuevo y Canto da Poza en r[en]ta de quatro ferrados de pan mediado y dos capones en 1649”. Trátase dunha copia do foro que o capitán don Xoán Rodríguez de Ribera outorgou a Domingo de Barco (veciño de San Xurxo de Veá) e á súa dona e herdeiros de dúas pezas polas súas vidas e tres voces. Do 27 de agosto de 1649. Pasou ante Bieito Ballo.

Signatura 2.38: “nº 493 Santa M<sup>a</sup> dos Baños. Foro de una Casa y salidos en la Villa de los Baños”. Outorgado no lugar de Xerliz por ante Diego de Castro o 5 de maio de 1651 polo capitán don Xoán Rodríguez de Ribera Soutomaior ao alferez Domingo Patiño Salgado, veciño da cidade de Santiago e á súa dona María de Godoi “la su Casa, Torre, y una heredad que esta junto a ella, que tiene en el lugar de la villa de los Baños” por tempo de corenta anos e pensión de 77 reais de a 34 maravedís cada ano. É copia dada a pedimento de don Antón Luís de Acevedo e Abraldes en 1764.

Signatura 2.39: “nº 308 Foro del Capitan Dn Juan Rodriguez de Rivera, á Juan Balado y otros = del lugar de Guendos, en Santa Vaya de Matalobos, en renta de 12 Anegas de Pan mediado, 4 Capones, un Carnero y Lutuosa en 1651 [...]” que se formalizou por ante o escribán da xurisdición de Veá, Pedro García. O contrato fíxose a Bieito Lorenzo, Lucas da Bouzada e Xoán Balado, todos veciños de Matalobos, así como ás súas mulleres e fillos. Inclúe un muíño entre outros casares e herdades. Deste documento unicamente se conserva copia do XVIII, xa que, según indica unha nota ao remate da carpetiña “Esta copia se sacó de una copia del original que está unida con otro Foro en el Lugar da Esquiza en san Verfísimo de Arcos [...]” donde

se puede ver”. Dise feito e outorgado no lugar de Piñeiro (San Miguel de Cora) o 12 de decembro de 1651.

Signatura 2.40: Nunha folla con selo de dez maravedís do ano 1695 queda constancia de que o 2 de maio dese ano o veciño de San Martiño de Callobre Antón Sueiro do Corral vendeu na vila dos Baños a Domingo González Piñeiro (veciño de Cuntis) e á súa muller Helena Gómez a leira das Camposiñas, sita no lugar de Nogueira (Callobre). Transacción ante o escribán Pablo Salgado Vaamonde.

Signatura 2.41: “nº 528 S[an]ta Mª de trazo. Foro del lug[a]r da fonte”, outorgado por dona Sabela Tareixa Taboada de Soutomaior, viúva de don Baltasar de Ribera e nai e administradora de don Vicente de Ribera, a Francisco Viqueira e a Francisco Baleato da metade do lugar da Fonte. Curioso o feito de que estes suxetos posúen a súa metade “por arriendo y sin otro ningun derecho, ni causa, que para ello tubiesen, porque pagavan por dicha mitad, treynta y seis ferrados de trigo, y quatro gallinas, y mediante ello la otorgante, les pretendia poner azion y demanda, como tal tutora para la luz y claridad de dicho vinculo y maiorazgo; y savídolo por dicho Fran[cis]co Viqueyra y Fran[cis]co Baleato, binieron a pedir se les hiziese foro de la mitad, de dicho lugar según y de la manera, que lo labravan y cultibavan, que darian de aumento mas dos ferrados de trigo [...]; y ademas dello que zedían como desde luego zedieron, todos los perfectos y mejoramientos que en dicho lugar tenían echos y sus antepasados [...]”. É copia de 30 de decembro de 1728 ante Domingo de Quintela Romero da escritura redactada o 3 de decembro de 1715 por ante André Quintela.

Signatura 2.42: “nº 529 S[an]ta Mª de trazo. Foro de la mitad del lug[a]r da fonte”<sup>25</sup>, outorgado por dona Sabela Tareixa Taboada de Soutomaior (viúva de don Baltasar de Ribera e nai e administradora de don Vicente de Ribera) a Tomé Vázquez, Xoán de Muíño e Antón de Morlán “por la vida de tres señores reyes que vivieren y reynaren en la Corona de española”, con-

25 Neste documento e no anterior infórmase de que o lugar da Fonte de Santa María de Trazo era anexo ao vínculo fundado polo cóengo Gómez Rodríguez de Riobó e Soutomaior y “se labra en dos mitades la una [...] labran y poseen Fran[cis]co Viqueyra y Fran[cis]co Baleato en virtud de fuero que paso ante el presente escribano en los tres de Diz[iemb]re del año pasado de sietez[ient]os y quince, y la otra mitad labran y poseen en virt[ud] de arriendo que hes fenezido y acavado son otro ningun d[e]r[e]c[h]o Tohme Vazquez, Juan de Muiño y Antonio de Morlan vez[i]nos de la refer[i]da f[el]ig[r]es[í]a de de Trazo que por dicha mitad pagavan en cada un año quarenta ferrad[os] de trigo, y quatro gallinas [...]”. Tamén se nos informa nel polo miúdo dos bens que había no lugar da Fonte (algún deles pertencente á “Capilla de los ferros”) e da microtoponimia e muíños de boa parte da zona.

templando o foro unha quinta parte de laudemio<sup>26</sup>. Habían de facerse os pagos na cidade de Santiago. É copia do 29 de decembro de 1728 da escritura outorgada ante André Pascoal de Quintela o 21 de xaneiro de 1716.

Signatura 2.43: “nº 90 Jurisdicion de Bea. F[eligi]r[esí]a de S[an]ta M<sup>a</sup> de Aguiones. Lugar dos Cebados. Foro en 1733, el de la Taberna”. Trátase dunha copia de 7 de xullo de 1733 do foro outorgado por don Xosé Francisco de Acevedo Ribera e Soutomaior a Antón Martínez dunha “casa terreña con su corral [...] en el lugar dos Cebados” o 4 de xullo de 1733 por vida de tres reis de España e renda de dous ferrados de centeo ante o escribán Pedro de Arén e Losada.

Signatura 2.44: “nº 530 Foro que D[o]n Luis Antonio Acebedo<sup>27</sup> hizo á Angel y Antonio Biqueira, Matias Vazquez y otros de el Lugar de la Torre ô da Fonte, apeado y sito en Santa Maria de Trazo Jurisdicion de Santa Cruz de Montaos, en renta de 85 ferrados de trigo, ocho Capones e la decima de Laudemio [...]”. Trátase de dúas copias do foro outorgado o 4 de novembro de 1755 por vida de tres reis de España por ante Domingo André de Covas e Martínez (veciño de Santa Cristina de Veá) o 4 de outubro de 1756. Contén apeo das herdades do foro.

Signatura 2.45: “nº 95. Casa del Preguecido. Jurisdicion de Bea. Lugar dos Cebados. Foro que hizo Dn Antonio Luis Acevedo a Juan y Juan Martinez viejo y mozo [...] de la heredad y de esa de Pousada, de la mitad del monte da Devesa sitios en S[an] Estevan de Lagartones = de la heredad dos Trigos y terreno de una Casa sitas en el lug[a]r dos Cebados en Santa Maria de Aguiones [...]”. Trátase dunha copia do 12 de agosto de 1757 dos aforamentos outorgados por don Luís de Acevedo ante Xosé Bieito Plata, por tres voces e 29 anos, contemplando a quinta parte de laudemio e loitosa.

Signatura 2.46: Axuste de contas entre dona Ana Vaamonde, nai e titora dos fillos menores que tivera con Rafael de Vila e herdeiros únicos de don

26 Tanto esta escritura como a anterior estipulan algo común á institución do foro, e é que os bens “no los han de poder bender, zeder, trocar, concambear, ni enajenar, ni sujetar a ninguna obra pía, fundación de misas, Yglesia, cofradía [...], sino que siempre los han de traer avidos y reconocidos por de dicho Vínculo y maiorazgo, y de la tal benta ni enagenazion que dello se hiziere, sea nula ninguna y de ningun efecto, y queriendo hazerla há de ser primero pidiendo lizenzia y consentim[ie]nto a los subzesores de dicho Vínculo, para que queriendo los por el tanto lo puedan hazer descontandole de la suerte principal, la quinta parte por razon de laudemio y no los queriendo le den lizenzia para que lo pueda hazer, con que sea a persona lega, llana y avonada, que pague la renta y traiga los vienes avidos y reconocidos por de dicho Vínculo y maiorazgo, y del tal prezio que por ellos les dieren ayan de pagar la quinta p[ar]te por razon de laudemio, en reconocimiento de dominio [...]”.

27 Refírese a don Luís de Acevedo e Abrales.

Leonardo Pérez Porrúa, e don Xaquín Sánchez Santalla, Administrador de tabacos no partido de Corcubión. Este recibira xa 1595 reais de rendas dos “foros del Son, y Cavanás” e debíanlle da herencia 1600. Así as cousas deciden dar por concluídas as contas: “nos combenimos, transigimos y comprometemos en dar p[o]r concluídas y fenecidas las citadas cuentas por lo q[u]e los papeles de ellas se han quemado, roto, y chancelado [...]”. Trataríase pois dunha carta de pago mútua, sen datación tópica, do 8 de xuño de 1789.

Signatura 2.47: “n<sup>o</sup> 485. Juris[dicci]on de Tabeirós. Santa M<sup>a</sup> de Couso. Confesion de pagarse renta p[o]r el lug[a]r de Barco”. Trátase dun recoñecemento pago de renda polo lugar de Barco, nunha folla con selo de 20 maravedís, por ante don Bernaldo Antón Pose, escribán veciño de Santeles como asistente do xuíz da xurisdición de Veá, requerido por don Pedro Carlos de Outeiro e Berm[ú]dez cunha real provisión ao seu favor expedida pola Real Audiencia do Reino contra don Antón Luís de Acevedo por 15959 reais e réditos vencidos dos mesmos. Para o seu pago sinálanse algunhas rendas por uns 5000 reais cada ano ata completar a débeda: en Couso, en poder de Xosé Beltrán como caseiro de don Xoán Antón Cisneros e outros labradores, pagos polo foro do lugar do Barco. Allanáronse a pagar. Data de 19 de outubro de 1789.

Segue testimonio do pago outorgado para seguro de Xoán Bandín (un dos que “desfrutan” o foro) firmado polo mordomo de don Pedro Carlos de Outeiro e Bermúdez no lugar de Gondomar (San Xiao de Veá) o 13 de decembro de 1789.

Signatura 2.48: Pequeno apunte ou borrador do 28 de marzo de 1790 no que se dá conta de que Xacobe de Castro, veciño de Lamas, vendeu a Xosé da Vila, de Cereixo “un pedacito de tierra labradía” na “Aira Vieja” de Callobre, “con renta de tres q[uarti]llos de z[ente]no mediado p[ar]a el Ex[celentí]simo S[eñ]or Conde Amarante”, pola cantidade de 16 ducados e 17 maravedís.

Signatura 2.49: “n<sup>o</sup> 334. S[a]n Miguel de Cora. Lug[a]r de vilacristi. Confesion q[u]e hicieron los llevadores del lug[a]r de villacristi de pagar cada año diez ferr[ad]os de pan medeado a la Casa del Preguecido en virtud de relacion de deudores libra[da] p[o]r el Juez de apelaciones de Sant[ia]go<sup>28</sup> y por la escrivania de Fran[cis]co Antonio Garcia, y dado testimonio p[o]r el escribano Manuel Felipe Gonzalez interino de numero del dicho Juez de Sant[ia]go en 9 de diciembre de 1816, y el ejecutor fue el escribano Felipe Pena y Leira super numerario de la Jurisdiccion de Taveiros en diciembre de

28 Don Xacobe Pastoriza e Taboada.

1816". Bernaldo de Ortega, Bernaldo Buela e outros veciños dese lugar presentaron pedimento opoñéndose a outro imposto contra eles por dona María Bermúdez, viúva de don Ramón Acevedo, sobre pago das rendas atrasadas. Un dos notificados (Bernaldo Buela) é requerido o 12 de decembro para que “pague y apronte en la referida casa á la parte que pide los Diez ferrados de centeno y menudo de por mitad [...] que enterado dijo: es cierto que el que responde junto con otros consortes tiene obligacion de pagar al poseedor de la Casa de el Preguecido o su maiorazgo y a su May[ordo]mo los Diez ferrados de z[ente]no y menudo de por mitad [...] p[o]r los vienes que llevan en este dicho lugar como de el Domino de aquella. La qual tienen los citados May[ordo]mos obligacion de percivila en este mismo lugar; Y no el que dize con los suios de conducirla al Preguecido como quiere obligarseles [...]”.

Entraríamos propiamente xa nos papeis tocantes á familia Paseiro. Sería a unidade de instalación número 3<sup>29</sup>.

Signatura 3.01: En catro follas de papel do selo de vinte maravedís de 1740 hai copia dun poder outorgado ante Tomé López Montero de Andrade, en Padrón, a 11 de febreiro do mesmo ano por don Xoán Antón Paseiro, cóengo prebendado da colexiata de Iria que adquirira bens en San Martiño de Callobre e en San Bréixome de Lamas (lugar de Sobrado), xa que el non podía en persoa pasar a tomar posesión. Dálle esta facultade ao seu irmán don Alberte Paseiro de Vila e Miranda, veciño de Callobre, para que o poida facer no seu lugar. Seguen as citacións ás partes e as posesións ata o 3 de abril ante Domingo Rodríguez de la Vega.

Signatura 3.02: Plego de papel do selo de 1746 contendo, do 28 de agosto dese ano, testemuña da transacción e convenio entre don Antón Vilariño, rector de San Martiño de Callobre, e don Xoán Ambrosio Paseiro.

O cura gañara unha real provisión pola querela que contra el dera o cóengo don Xoán Ambrosio, que decía estar en posesión de usar as augas que saían da cerradura do igresario “y del agua de una zanja u presa que dice haber hecho dicho don Antonio Vilariño para regar su prado dos Barreiros no debiendo hacerlo ni perturbar al referido don Juan Ambrosio y su casa nueva da Carballeira y bienes a ella anejos [...]”.

Aproveitábanse das augas os posuidores “de la Casa y lugar de dicho don Juan Ambrosio, y los más sus consortes poseedores del lugar dos Vilas para regar y fertilizar sus tierras que tienen fuera de dicho iglesario, y considerando ambas partes los crecidos gastos que se les puede ocasionar” deciden establecer unha concordia.

29 Imaxes 1183 ate 2317 na súa instalación dixital.

Declara no acordo o cóengo de Padrón non ter dereito nin el nin a súa nai e irmáns á auga da presa “y porque mal informado dio su querella de fuerza en el Real tribunal, contra dicho don Antonio, y tocar [...] a este por nacer en el mismo territorio de su iglesario [...]”, chegan a un pacto para o mutuo aproveitamento.

Signatura 3.03: Nun plego de cinco follas, catro delas co selo de 20 maravedís de 1756 e a última de 1852, encóntranse:

Na primeira folla copia do 20 de novembro de 1756 dunha licencia outorgada por dona Ignacia de Cortes, viúva de don Santiago Paseiro de Vila e Miranda, veciña de Callobre, o 2 de xullo dese mesmo ano por ante o escribán Xosé Prieto de Miranda (veciño tamén de Callobre). Esta muller tivera co seu home varios fillos; entre eles don Xoán Ambrosio Paseiro de Vila e Miranda, cóengo prebendado na igrexa colexiata de Iria, “quien a costa de su prevenda, adquirio diferentes vienes [...] sin que en ello ynterveniese la otorg[an]te ni ninguno de los mas sus hijos”. A este cóengo cédele a “lexitima larga” e dalle a licencia para que dispoña por enteiro dos bens e dos que lle poidan tocar do seu defunto marido. A outorgante non firma por non saber.

No folio segundo hai unha copia do 12 de xullo de 1756 ante o mesmo escribán, doutra licencia que dona Ignacia concede ese día á súa filla dona Ana María Paseiro, muller de Xoán González e tamén veciña de Callobre, “a la que tiene mucho amor, cariño y afizion por cuios motivos [...] le da liz[enci]a, poder y facultad [...] para que pueda usar y use de la lexitima de vienes muebles y raíces que tiene heredado de dicho su Padre, como tantvien de la que le toque p[o]r la otorgante, vendiéndolas, trocandolas [...]”. Ningunha delas firma: estamos ante unha sociedade que relega á ignorancia das letras ás mulleres.

No terceiro folio, unha copia de 3 de decembro de 1756 da permuta de bens entre don Xoán Ambrosio dunha parte e Xoán González e dona Ana María doutra, o 13 de xullo dese ano. O cóengo dálle tódolos bens raíces que ten no lugar da Coruxa (casa, horta, prado da Ferreira...) en troco da lexítima de dona Ana María.

O quinto e último folio está ocupado por unha dilixencia de 15 de novembro de 1852, de terse tomado razón desta escritura de permuta no libro correspondente do concello da Estrada.

Signatura 3.04: Plego de papel do selo de 1758 con copia de 20 de novembro dese ano da escritura de transacción e concordia de 28 de xullo de 1756 entre o matrimonio formado por don Bertomeu Montero de Andrade e dona Xusta Paseiro e don Alberte Paseiro.

Anteriormente venderan a don Xoán Ambrosio Paseiro, cóengo en Padrón, a lexítima de bens que lle tocara a dona Xusta polo seu pai don Santiago Paseiro, “y ahora pretendían pedir contra dicho don Alberte Paseiro los frutos que percibió de ella desde la muerte de dicho don Santiago su padre, como también algunos bienes muebles y alhajas que este había percibido en dote con María Vázquez difunta madre que ha sido de dicha doña Justa y otras cosas”. Á petición opoñíase don Alberte. Emporén chegaron a unha concordía para non pleitear e aforrar cartos.

Signatura 3.05: Folla de papel do selo de 1766 con copia da escritura de venda a favor de don Alberte Paseiro do 28 de setembro, que lle fai Martiño do Campo, veciño de San Xurxo de Veá, de terras no lugar de Fonteboa desa freguesía.

Signatura 3.06: Plego de papel do selo de 1766 coa copia da escritura de venda efectuada a favor de don Alberte Paseiro o 25 de abril dese ano por Xoán Fernández e a súa muller Manuela Fraíz, veciños de Calobre, de herdades en Moreira Nova gravadas con renda e pensión de once cuartillos e medio de gran á casa de Preguecido e á fábrica da igrexa de San Miguel de Moreira. O prezo das terras foi de 1009 reais e 23 maravedís.

Signatura 3.07: Nunha folla de selo de 20 maravedís, copia de 4 de febreiro de 1767 da escritura de venda a favor de don Alberte Paseiro redactada “en el lugar de la estrada f[el]ig[r]es[í]a de san Lorenzo de ouz[an]de” o 31 de decembro de 1766 ante Xosé Vilariño Rodríguez, da Somoza, por Beito Paz e Bieita Tosar, dunha herdade no lugar de Penarada por 204 reais.

Signatura 3.08: Nunha folla de papel do selo de 1769 copia da escritura da venda que o 20 de xaneiro dese ano fixo Manuel Reboredo (veciño de Santa Mariña de Ribeira) a don Alberte Paseiro dunha leira a labradío “nombrada do caneyro y por otro nombre de junto a la barca de Sarandón sita en el agra del mismo nombre”. Limitaba “por el solano bate en el riachuelo que baja [...] para el Río Ulla y citada barca de Sarandón, por cuyo aire tiene un sauce de dos gallos y es el primero donde se suelen amarrar y asegurar las barcas, por cuías demarcaciones es bien conocida”. O prezo foi de 136 reais dos que o vendedor confesou ter recibido anteriormente 36.

Signatura 3.09: Folla de papel do selo de 1769 con copia de 4 de febreiro da venda realizada a favor de don Alberte Paseiro por Tareixa Carballa<sup>30</sup> de herdades en Matalobos por 20 ducados, o 31 de xaneiro dese ano.

30 Viúva de Marcos da Torre e veciña de Matalobos.

Signatura 3.10: Folla de papel do selo de 1769 con copia de 28 de febreiro da venda de 31 de xaneiro efectuada por Xosé de Castro, veciño de Matalobos, de herdades nesa parroquia a don Alberte Paseiro por valor de 34 ducados.

Signatura 3.11: Folla de papel do selo de 1769 con copia de 12 maio da venda a favor de don Alberte Paseiro o 22 de abril dese ano efectuada por Xosé de Castro (veciño de Santa Baia de Matalobos) dunha herdade na Aldea Grande de Matalobos por 30 ducados.

Signatura 3.12: Nunha folla de selo de 20 maravedís de 1769, copia de 10 de outubro de 1769 dunha escritura de venda realizada no lugar de Sandán (Santiago de Tabeirós) ante Xosé Vilariño Rodríguez o 4 de outubro dese ano polo veciño dese lugar, Anxo da Ponte, a don Alberte Paseiro, da herdade do Alcacén por 30 ducados.

Signatura 3.13: Folla de papel do selo de 1770 con copia de 8 de maio da escritura de venda de 25 de abril do mesmo ano que Carlos do Porto (veciño de Santa Cristina de Vinseiro) lle fixo a don Alberte Paseiro de leiras en Constenla (San Xurxo de Cereixo) por contía de 70 ducados.

Signatura 3.14: Plego de papel do selo de 1771 con copia do 4 de novembro da solicitude que presentou don Alberte Paseiro para obter copia doutra escritura que perdera da venda que lle fixera o 22 de xaneiro de 1769 María de Cortes -veciña de Santa Mariña de Ribeira- de leiras e “una caseta pequena con su puerta al aire norte, corral y salidos” no lugar de Baltar desa freguesía<sup>31</sup>. Hai un auto de 3 de novembro de 1771.

Signatura 3.15: Nun plego<sup>32</sup> de dúas follas de 20 maravedís de 1779, figura a petición que Domingo Antón do Corral, labrador, veciño de Callobre que fixera permuta con Francisco Pena da parte que lle tocaba no muíño chamado “do Merlan” por unha herdade lle fao ao xuíz ordinario da xurisdición de Tabeirós, don Manuel de Ogando e Ribera. Por ese feito recurrira tamén ao xuíz ordinario e de apelación de Santiago Xoán de Hermida (de Callobre), que quería “llebar dicha parte suponiendo no sé que d[e]r[e]c[h]o”, contra Francisco Pena; “[...] y como este se hubiese obpuesto [...] se vino a mi dicho Ermida, y entre los dos hemos contratado el que p[or] tasa[ci]on de Perito [...] le pagaría los perfectos que tenia hecho en el espresado molino [...]”. Elexiron por tasador e perito ao veciño da Somoza Bernaldo Verde que “tasó los perfectos en Doscientos y veinte reales”. Pero afirma Domingo Corral que cando

31 O prezo fora de 30 ducados, dos que a vendedora afirma ter recibido “para urxencias que se le ofrecieron veinte y quatro ducados y los seis restantes al cumplimiento del total importe dicho comprador, ahora en contado se los dio”.

32 Moi posiblemente este plego formara expediente en orixe xuntamente co seguinte.

lle foi pagar “hallo la novedad que no quiso hacerlo, ni quiere, antes bien me desafia asertando me ha de sacar la porcion que tengo cambiado que el pleito que tenía con el Pena aora ha de ser conmigo”.

O xuíz Ogando emite a continuación auto orixinal a favor de Domingo do Corral para que se apremie á outra parte con data de 5 de febreiro de 1779.

Segue unha dilixencia con Xoán de Hermida, do mesmo día, na que se lle notifica o auto do xuíz e o Hermida acepta 76 reais e medio do Corral, que era a terceira parte dos perfectos que lle correspondía pagar, ante o escribán Xosé Antón Picáns e Torres.

Signatura 3.16: Nun plego de dúas follas de 20 maravedís de 1782, Domingo Antón do Corral, labrador veciño de Calobre, que fixera troco con Francisco Pena, veciño de Moreira, dunha terceira parte que lle tocaba no muíño chamado “do Merlán”, quere pagar 4 maravedís de renda que lle corresponden en concepto de dominio do conde de Ribadavia e de Amarante. Xoán de Hermida, posuídor das outras dúas terceiras partes do muíño non llelos quere aceptar “con el pretesto de q[u]e se ha de prorratar lo que toque a dicho Molino con los mas vienes fincables de la Ysavel Fern[ánd]ez”<sup>33</sup>. Corral pide ao xuíz que o compela a aceptalos ou a nomear perito que prorratée.

Segue auto do xuíz ordinario interino da xurisdición de Tabeirós, don Xoán Antón Sanmartín, do 10 de abril de 1782 a favor da petición de Corral.

A continuación, notificación a Xoán de Hermida do auto antecedente o 11 de abril, que recibe, e pide se nomée perito del para o prorrato de Francisco de Porto e Coto, veciño de Vinseiro. Corral nomeu pola súa parte a don Blas Antón Sánchez Pulleiro, da mesma vecindade.

Vén logo a presentación, aceptación e xura dos peritos, o 3 de maio.

Segue a declaración dos peritos, tasa e prorrato, no lugar do Espiño (San Martiño de Calobre), o mesmo día. Sabemos que por tódolos bens que quedaron de Sabela Fernández pagábase ao dominio do conde de Altamira “un ferrado de z[ente]no. Un quartillo de primicia, seis m[a]r[avedí]s parte de misa de pension y Diez m[a]r[avedí]s de Servicio”. Deles Domingo Corral debía pagar cada ano ao cabezaleiro Xoán de Hermida “quatro quartillos de z[ente]no y quatro m[a]r[avedí]s en Dinero”.

Remata coa notificación ás partes implicadas.

Os actos precedentes son coa asistencia do escribán Xosé Antón Picáns e Torres.

33 Hermida era cabezaleiro do foro dos bens que quedaran de Sabela Fernández.

Signatura 3.17: Folla con permuta de bens entre Xoán Rodríguez e don Bonifacio Antón Paseiro (ambos veciños de san Martiño de Callobre) o 24 de abril de 1797.

Signatura 3.18: Nota sen data en media folla coa lista e apreciación dos bens que quere vender Gabriel da Ponte.

Signatura 3.19: Plego de papel cunha consulta sobre os bens de don Xosé Cadavid, redactada o 15 de xullo de 1812 e que arroxa algo de claridade sobre a xenealoxía deste individuo, casado con dona Xosefa Nieves: encabézase cun borrador de árbore xenealóxica, na cal descenden do matrimonio dona Tareixa, dona Rosa, don Antón e dona María Ignacia. Esta última casou con don Bonifacio Antón Paseiro.

Infórmasenos no documento de que don Antón, vivindo cos seus pais, outorgou poder a don Bonifacio “para que pueda hacer partición de cualesquiera bienes y derechos” e que, “por virtud de este poder corrió el Apoderado con los bienes que [Xosé Cadavid] dejó al [don Antón], como de Mayorazgo”.

Logo, no 1809, procedeuse á formación de cupos, “y [...], cada coheredero entró a llevar, y poseer lo que se le adjudicó: haciéndole, el Apoderado por el [don Antón], prisionero en el Norte”. Ignoramos a que se refire esta frase, aínda que poidera ser á guerra da independencia contra os franceses.

O documento está firmado dos letrados consultados.

Signatura 3.20: Atado formado por oito papeis de diferentes formatos e un plego do selo de 1819 de 40 maravedíes que contén o que semellan ser minutas de varias vendas: a primeira de Manuela Terceiro, veciña de San Paio de Figueroa a don Eusebio Paseiro da “heredad a monte llamada Campo de la Estrada o feria antigua”, sen data. Seguen outras cédulas moi sinxelas do 28 de novembro de 1830, 18 de outubro de 1830, 20 de xuño de 1818, 11 de febreiro de 1831 e 22 de febreiro de 1836. O plego co que remata o legaxo, do 24 de outubro de 1819 é a venda que Xacinta Mosteiro realiza a don Eusebio Paseiro da herdade da Baiuca, gravada cunha pensión a favor da Casa de Figueroa, por prezo de 700 reais que a vendedora confesou ter recibido anteriormente.

Signatura 3.21: Escritura da venda de 31 de xaneiro de 1820 efectuada por Bieita Corral, veciña de Callobre, a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade a labradío nas Camposas, por 550 reais.

Signatura 3.22: Carpetiña contendo catro follas escritas, sen datar, co cupo de bens correspondentes a don Eusebio Paseiro: na Aldea Grande de Aguións (14 pezas de labradío), na Revolta de Figueroa (4 pezas), nos



Cabeza da escritura de foro realizada polo capitán Gómez Rodríguez a Pedro de Matalobos da herdade do Tallo da Devesa (San Xoán Bautista de Santeles). Ano 1610.

por Xacinto Bergueiro (veciño de Cereixo) o 1 de agosto de 1792 a Ricardo Louzao (de Callobre). No 1768 Fabián Bergueiro (pai de Xacinto) recibira os bens en foro do avogado de Santiago don Luís Vicente Pereiras por 46 ferrados de froito de canon anual (14 de centeo e 32 “de Mijo Grueso”). Agora, o seu fillo subfora a metade dos bens “por t[iem]po y voces<sup>34</sup> que comprende el foro pr[incip]al”. Por ante Pedro Antón Bermúdez de Soto e Cisneros.

Signatura 3.25: Nun atado de 4 follas, dúas co selo de 68 maravedís de 1792 (1<sup>a</sup> e 3<sup>a</sup>), outra con selo de 20 dese mesmo ano e a cuarta delas en branco: copia de foro do 21 de maio de 1792 outorgado por dona Rosa

Ramos (12 leiras máis), “montes abiertos y baldíos del lugar de Figueroa darriba que fueron de Andrés Constenla y Manuela Oliveira su mujer”. Outras en Ouzande (Penarada), Carcacía, Lampai...

Signatura 3.23: Nunha folla de selo de 20 maravedís de 1791, don Bonifacio Antón Paseiro, que mercara os bens de don Gabriel Piñeiro (veciño de San Román de Santiso), Clemente de Ulla, André Torres, Domingo Antón Ribadulla, André Mancebo, Xoán Devesa, Xosé de Villas e outros (veciños de Callobre, Lamas e Cereixo) presenta petición para que lle den a posesión xudicial dos mesmos.

A continuación o auto e citación ao don Gabriel Piñeiro, do 3 de marzo de 1791.

Signatura 3.24: Copia de escritura de subforo outorgado

34 O cambio de voces a vidas de reis nos foros pretendía unha maior eficacia administrativa, xa que todo o mundo se enteraba da morte do monarca.

Losada e Garza<sup>35</sup> (como titora dos seus dous fillos don Xosé María e don Xaquín María Calderón) ante Bertomeu Cisneros a favor de don Bonifacio Antón Paseiro (escribán veciño de Callobre) pola vida de tres reis e pensión de 25 reais ao ano. Según afirma a dona Rosa, aos “enumpciados sus dos hixos por sucesion del S[eñ]or D[o]n Fran[cis]co Calderon y Andrade, pertenece[n] en el Lugar de Villa froxil, feligresía de [...] Moreira los vienes raices siguientes = La heredad do Casal [...] = La heredad que se dice da Muxica [...] = La heredad da Carballeira da Muxica [...] = La heredad q[u]e se dice do Castro [...]” xunto a moitas máis.

Segue a citación para a toma de posesión por don Bonifacio Paseiro, que solicitara mediante a presentación da anterior escritura, tamén o 21 de maio.

Signatura 3.26: Nun atado de 6 follas, a terceira con selo de 68 maravedís de 1790, a quinta co da mesma cantidade de 1791:

En primeiro lugar, do 4 de xaneiro de 1791 a venda efectuada por don Gabriel Piñeiro de Ulloa e Naraio a don Bonifacio Antón Paseiro da peza nomeada “da Pereiriña”, cargada cunha pensión de dous ferrados de centeo “con q[u]e a de tribuir anualmente al Marques de S[an]ta Cruz como Dueño direuto Domin[i]o” por 550 reais. A venda realizouna como esposo e apoderado de dona María da Estrela e Taboada, que tiña entre 22 e 25 anos.

Da mesma data e a continuación, petición de execución de bens por valor de 1400 reais ao don Gabriel pola renda que estaba a deber ao marqués de Santa Cruz dos bens que tiña a súa muller nesa freguesía.

Tamén está no atado a copia do poder outorgado por ante Gabriel Rafael de Castro<sup>36</sup> a don Gabriel Piñeiro o 24 de novembro de 1790 pola súa dona, única filla de dona María Bernarda Torrente e de don Xosé Vicente Taboada; “y p[or] q[ui]e[n] le han correspondido, y corresponden diferentes muebles y raices del vinculo q[u]e poseia, y libres q[u]e se hallan situadas en dicha f[elig]r[esi]a de S[a]n Roman de Santiso, S[a]n Juan de Anzo, la de S[a]n Mart[ín] de Callobre [...] y otras partes q[u]e estan llebando, y poseiendo distintos colonos p[or] virtud de arriendo y otros titulos q[u]e es necesario concurrir a estos parajes a percivir, y recaudar la renta de ellos, lo qual no puede practicar p[or] si misma la otorgante [...]”.

Signatura 3.27: Nun plego do selo de 68 maravedís de 1794, copia outorgada por ante Manuel Vázquez o 20 de decembro de 1794 do subforo efectuado o 27 de setembro dese ano por don Gabriel Piñeiro e dona María

35 Viúva do licenciado don Vicente Fins Calderón e Valdés, conde de San Xoán, vizconde de San Vicente, cabaleiro da Orde de Santiago e Rexedor Decano que fora da cidade de Santiago.

36 Escribán do número da xurisdición de Deza.

da Estrela Taboada de bens do marqués a don Bonifacio Paseiro, que xa mercara a herdade da Pereiriña. Mais, debido á minoría de idade da propietaria, esta fora nula.

Signatura 3.28: Nun plego de 272 maravedís de 1799, do 3 decembro dese ano copia da escritura de venda que fan Xosé Rodríguez Ribadavia e Manuela de Pazos (veciños de Moreira) a don Bonifacio Paseiro de dúas leiras na Veiga do Medio “ynmediata al camino Real que ba de Pousada a la Pica” e outras propiedades sitas en Vilafruxil, por 1921 reais. Ante Manuel Vázquez, escribán da S. M. veciño de Callobre, o mesmo día do seu outorgamento.

Signatura 3.29: Nun plego de 272 maravedís de 1800, copia da escritura de venda outorgada por ante don Bonifacio Antón Paseiro<sup>37</sup> o 11 de marzo dese ano e realizada por Xosé Ribadavia e Manuela de Pazos a María Antonia do Casal (muller de André Rei, ausente), veciña de Callobre, de pezas de terra por valor de 1747 reais.

Signatura 3.30: Cédula de venda efectuada o 3 de febreiro de 1803 por Xosé Terceiro (veciño de San Paio de Figueroa) a dona Tareixa Cadavid de terras en Figueroa de Abaixo por 990 reais, cargadas cunha pensión de 6 cuartillos de centeo para o dominio correspondente.

Signatura 3.31: Carpetiña co título “Callobre” que acumulaba os seguintes documentos:

3.31.1: Folla de papel do selo de 1727 coa copia do día do outorgamento da venda de 4 de abril que fixo André Vázquez (veciño de Callobre) a Xusta Paseiro (solteira e veciña da mesma) de 2 reais e medio de censo que lle pagaban Inés de Carballido e Apolonia Terceiro, por 83 reais e medio.

3.31.2: Papel do selo de 1737 coa copia outorgada en Barbude da escritura de venda de 21 de febreiro dese ano realizada por Romualdo Montoiro (veciño de Callobre) a Xusta Paseiro<sup>38</sup> de bens no lugar dos Montoiros de San Martiño de Callobre por 110 reais, “los cuales dicho vendedor confiesa tenerlos recibidos antes de ahora de mano de la compradora”. Os bens dise que estaban gravados con pensión ao dono do directo dominio, Fernando de Gaioso.

3.31.3: Folla de papel do selo de 1739 contendo a copia de 2 de xullo da escritura de venda efectuada a Xusta Paseiro por Ignacio Antón de Carbia (veciño de Callobre) o 3 de maio dun ferrado de pan de renda que lle paga-

37 Parece que acumulaba os cargos de escribán da S. M. e do número, concello e cabido de Santiago, e do número da xurisdición de Tabeirós e os seus cotos.

38 Muller de Bertomeu Montoiro, do que se di que está ausente.

ban Ciprián de Bascuas e Dominga de Ribadavia (tamén de Callobre) polo lugar que posuían en Vilafruxil e que o Carbia tiña por herdanza da súa sogra María Rodríguez de Leira, por 10 ducados.

3.31.4: Folla de papel do selo de 1740 coa copia do mesmo día do outorgamento (16 de febreiro de 1740) da venda que fixo Antón Martís (veciño de Moreira) a don Bertomeu Paseiro de Vila e Miranda (veciño de Callobre) dunha herdade en Vilafruxil. Este comprouna para don Xoán Ambrosio Paseiro de Vila e Miranda, o seu irmán por 330 reais que o vendedor confesou ter recibido con anterioridade.

3.31.5: Plego do selo de 1740 contendo copia da escritura de venda a favor de don Xoán Ambrosio Paseiro de Vila e Miranda<sup>39</sup> realizada por María de Souto dunha herdade no “lugar de arriba feligresía de San Martín de Callobre, que se compoñe de una casa, que se halla arruinada, heredades labradías y montesías [...], molinos” con carga de medio ferrado de cen-teo de pensión ao marqués de Santa Cruz como dono do directo dominio, “con más ha de pagar la parte que le corresponde de un censo en que se hallan hipotecados dichos bienes”, por 200 reais, “que la vendedora confesó haberlos recibido antes de ahora de mano del dicho Don Juan Ambrosio”. Pasou por ante Tomé López Montero de Andrade, escribán do número da vila de Padrón.

3.31.6: Folla do selo de 1742 con copia redactada o 11 de abril dese ano da venda efectuada a don Alberte Paseiro (que a merca para o seu irmán Xoán Ambrosio) o 21 de marzo por Xoán de Torres (veciño de Callobre) de herdades no lugar de Vilar de Callobre, por 720 reais e 17 maravedís.

3.31.7: Folla de papel do selo de 1742 coa venda de terra en Callobre efectuada o 13 de maio do mesmo por André de Torres, veciño desa freguesía, a don Alberte Paseiro, que a adquire para o seu irmán don Xoán Ambrosio Paseiro por 60 reais.

3.31.8: Folla de papel do selo de 1747 con copia de 14 de abril da escritura de venda da mesma data efectuada por Francisca Rodríguez a Xusta Paseiro dunha herdade en Nogueira (Callobre) por 132 reais “que dicha vendedora confesó haver recibido antes de ahora de manos de la compradora”.

3.31.9: Folla de papel do selo de 1751 con copia do día do outorgamento de escritura de censo a favor de don Xoán Ambrosio Paseiro redactada o 8 de setembro de 1751 “en la Casa Nueva de los Balseiros feligresía de [...] Rubín” ante Domingo Suárez de la Vega. Don Xoán Ambrosio Paseiro entregáralles a Xosé Gómez e a Ana María Montoiro (matrimonio veciño de

39 Cóengo prebendado na Colexiata de Iria da vila de Padrón.

Callobre) 200 reais para devolvelos a prazos. Transcurridos estes sen poder voltárllelos, tomáronos a censo redimible sobre os seus bens, pagando seis reais cada ano ata a redención do principal.

3.31.10: Folla do selo de 1758 con copia de 9 de marzo de se ano da venda do 1 de novembro de 1755 que fixo o licenciado don Alonso Touriño e Reboredo, avogado da Real Audiencia do Reino de Galicia, a favor de don Alberte Paseiro dunha herdade en Friamonde (Callobre) por 121 reais. O comprador realiza a operación para a súa muller dona Mariana Vilariño.

3.31.11: Folla do selo de 1758 contendo copia de 8 de abril de 1758 da venda realizada por Antón Callobre (de San Mamede de Ribadulla) a don Alberte Paseiro (que a merca para a súa esposa dona Mariana Vilariño con caudal dela) o 3 de maio de 1756, por 100 reais.

3.31.12: Plego de papel do selo de 1763 no que don Alberte Paseiro, posuidor de bens en Callobre por herdanza de Xusta Paseiro, súa irmán defunta, “de cuia propiedad se han intrusado [...], Juan Montoiro, Caietano Montoiro, Andrés Montoiro y Romualdo Montoiro ausente deste Reino, sin que se sepa su paradero”<sup>40</sup> quere que llela devolvan con froitos e xuros, para o que efectúa unha petición o 21 de abril de 1763. Seguen citacións ás partes ata o 19 de maio.

3.31.13: Folla de papel do selo de 1766 con escritura de transacción efectuada en Padrón o 1 de abril dese ano entre Xosé Gómez e don Alberte Paseiro de Vila e Miranda. O primeiro vendéralle unha leira na Veiga de Liñaredo (Callobre) a por 400 reais ao segundo, “y mediante el repetido Joseph Gómez, pretendía mover pleito al repetido Don Alberto, sobre el engaño que había en dicha heredad y otras cosas, y conociendo lo largo de los pleitos y sus fines dudosos, entre dichos otorgantes se convinieron y ajustaron” en que dous peritos fixesen tasación da propiedad. “Y hallaron valer más ciento y treinta y dos reales de vellón, que le entregó ahora en contado al repetido Joseph Gómez”.

3.31.14: Folla do selo de 1769 con copia do 4 de xuño dese ano da escritura de venda a favor de don Alberte Paseiro efectuada no lugar da Estrada (freguesía de San Xiao de Guimarei) o 15 de maio de 1769 por Ánxela de Noboa<sup>41</sup> de herdades en Friamonde por valor de 220 reais. Ao pé dilixencia da súa toma de razón no Oficio de Hipotecas de Tabeirós o 8 de xuño.

3.31.15: Folla de papel do selo de 1769 con copia de 9 de outubro da escritura de venda de 4 do mesmo mes e ano realizada por Xoán da Vila

40 O tres primeiros, fillos de Romualdo.

41 Viúva veciña de San Martiño de Callobre.

(veciño de San Miguel de Moreira) a don Alberte Paseiro dunha herdade en Callobre por prezo de 30 ducados.

3.31.16: Folla de papel do selo de 1771 con copia do 4 de setembro dese ano da escritura de venda de 21 de febreiro de 1757 pola que Xoán da Vila (veciño de Callobre) vendera a don Bonifacio Antón Paseiro unha leira en Friamonde por 275 reais, dos que confesa ter recibido xa 165.

3.31.17: Plego do selo de 20 maravedís de 1779 que contén a copia de 26 de setembro de 1779 da escritura que outorgara Ana de Ribadulla (veciña de Callobre) o 3 de maio do mesmo ano e na que para pagar unha cantidade que debe “por una cuestión que tuvo con Lorenzo de Ribadulla” vende a don Caietano Vázquez (veciño de Santiago) dúas herdades en Friamonde por 1225 reais e 17 maravedís; “doscientos dellos que recibí ahora de presente a presencia de mi escribano y testigos y los mil veinte y cinco reales y diez y siete maravedís restantes, confesó la vendedora haberlos recibido antes de mano del comprador”.

3.31.18: Plego do selo de 1779 con petición e dilixencias para a toma de posesión xudicial de bens que don Caietano Vázquez (veciño de Santiago) mercara a Ana María Ribadulla (veciña de Callobre). O xuíz dá comisión o 6 de outubro de 1779 e a posesión ten lugar o 2 de novembro do mesmo ano.

3.31.19: Atado de dous plegos (catro follas) nos que se enumeran as 20 partidas que quedaron a André, Xoana e Xoán Vázquez Ribadulla -por morte de seus pais- en Friamonde e Nogueira (San Martiño de Callobre) e fanse as partillas o 5 de outubro de 1786 para cada irmán con asistencia de Francisco de Porto e Coto, veciño de Santa Cristina de Vinseiro, perito nomeado para partir os bens. É interesante o epílogo do documento: nel dise que o defunto petrucio da casa adebedaba a don Domingo Rodríguez 30 reais. Ademais está o compartimento das rendas que gravaban sobre os bens: polo lugar de Friamonde pagábase ao cabido da catedral de Santiago (dous ferrados de centeo e 3 reais con dous maravedís ao ano “de Servicios”; de primicia 19 cuartillos de centeo e miúdo de por metade); polo de Nogueira ao marqués de Santa Cruz de Ribadulla (dous ferrados de centeo e 7 cuartillos e medio en cartos, e primicia ao cura de Callobre de sete cuartillos, máis á Casa da Torre, á igrexa parroquial, ás nais mercedarias de Santiago e tamén misas de pensión que gravaban o lugar e debían ser satisfeitas cada ano).

Tamén se tasou a casa petrucial, que non tiña capacidade para os tres irmáns e “queda por entre todos”.

3.31.20: Cédula de venda do 17 de febreiro de 1790 de André Vázquez a don Bonifacio Antón Paseiro, escribán da S. M. e veciño de Callobre, da lexítima que lle tocara nos bens raíces por 2000 reais.

3.31.21: Plego e folla de papel do selo de 1790 coa petición para tomar posesión da compra que fixera don Bonifacio Antón Paseiro a André Vázquez de herdades en Friamonde. A citación é de 1 de xullo e a posesión de 15 de outubro.

3.31.22: Tasación posterior dos bens, de 2 de febreiro de 1791.

3.31.23: Folla coa relación ou memorial de bens que pretendía vender Antón Maceira, firmada por Francisco de Porto e Coto. Sen data.

3.31.24: Plego coa súa segunda folla reaproveitada para facer contas. A primeira parte contén a venda realizada por André Mancebo o 23 de xaneiro de 1791 a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade en Callobre por 200 reais.

3.31.25: Folla coa cédula de venda do 6 de febreiro de 1791 a don Bonifacio Antón Paseiro de tres pezas sitas no lugar de Callobre en contía de 816 reais que lle outorga o veciño de San Xurxo de Cereixo, Xosé de Vilas. Este confesa ter recibido xa anteriormente a cantidade.

Domingo Antón Ribadulla véndelle o mesmo día outras pezas por 380 reais.

E María Núñez fai unha venda o 30 de abril de 1791 a Xoana Barcala.

3.31.26: En dous plegos de papel, un deles con selo de 1790, copia de 18 de febreiro de 1790 da escritura do día anterior pola que André Vázquez (veciño de Santiago) vendera a don Bonifacio Antón Paseiro a herdade do Pazo e outras máis en Friamonde, que lle pertencían por herdanza de seus pais e de súa tía, por prezo de 2000 reais.

3.31.27: Folla coa testemuña da venda realizada o 29 de novembro de 1791 por Caietano Montoiro (veciño de San Martiño de Callobre) a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade na súa freguesía por 180 reais, dos que 80 di que xa os tiña recibido antes do comprador.

3.31.28: Folla na que se reflicte a venda que o 4 de febreiro de 1792 fan María Varela e Xosefa de Hermida (ambas viúvas e veciñas de Callobre) por 153 reais e 22 maravedís a don Bonifacio Antón Paseiro dunha toxeira sita na súa parroquia, en Sestaño, “cuia pieza va de brazo con tierra del comprador”.

3.31.29: Contrato de 8 de xuño de 1792 nun plego de papel, no que Pablo Barcala vende a don Bonifacio Antón Paseiro unha herdade en Callobre, gravada con pensión ao marqués de Santa Cruz, por 300 reais.

3.31.30: Nunha fola con selo de 1792, copia do día do outorgamento (2 de novembro de 1792) da venda que Manuela da Verea (veciña de Callobre e viúva de Xesús Devesa) lle fixo a don Bonifacio Antón Paseiro de varias pezas de terra en Callobre por 141 reais.

3.31.31: Folla do selo de 20 maravedíes de 1792 coa copia da transacción pola que Xoán Devesa (veciño de Lamas) vende a don Bonifacio Antón Paseiro varias herdades en Callobre por 436 reais o 28 de decembro de 1792.

3.31.32: Copia de cédula de entrega de 15 ducados, de 27 de xuño de 1793, en plego de papel de selo dese ano. O 24 de outubro de 1790 Pedro Ribadulla e a súa muller María Rodríguez (veciños de San Miguel de Moreira), venderan a André Rei unha herdade en Vilafruxil, con pensión que a gravaba para o directo dominio de don Froilán Ribadeneira, pola contía de 30 ducados. Logo, considerando que o seu valor era maior, acudiron á Audiencia, logrando un despacho para a súa tasación, para o que nomeraon peritos a Francisco de Porto e Coto e a Alberte García (veciños de Santa Cristina de Vinseiro e Santa Mariña de Ribeira, respectivamente); estes consideraron que o valor do ben era de 45 ducados. De aí esta cédula de entrega dos 15 que adebedaba o comprador.

3.31.33: Plego composto por dous documentos: o primeiro, do 16 de febreiro de 1794, é a venda que efectúa Bernaldo de Noboa (veciño de Moreira) a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade en Callobre por 350 reais. O segundo é outra venda ao mesmo comprador por unha contía de 480 reais, efectuada por Pablo Barcala o 3 de xaneiro de 1794.

3.31.34: Do 14 de maio de 1801, folla coa testemuña da venda que Caietano Mancebo, de Callobre, lle fai a Manuel Pérez de tódolos bens que lle tocaban nesa parroquia por herdanza dos seus defuntos pais e irmáns por 200 reais. É testemuña do acto don Bonifacio Antón Paseiro.

3.31.35: Nunha folla do selo de 1805 copia de 4 de setembro de 1805 da cesión da mesma data a favor de Ignacio Carbón, fillo de Ánxela Conde (veciña de San Miguel de Sarandón). Esta afirma que unha vez quedou viúva de Mateo Carbón, o seu fillo Ignacio “pasó a servir de criado al conde de Ximonde, y Canónigo Don Cipriano Vimercati; y de lo que agenció, y se le ha pago por sus soldadas, dio y entregó a la otorgante en dos partidas [...], la cantidad de treinta y cinco pesos fuertes, que empleó en piezas de ganado”. Pero os negocios fóronlle mal e xa nas tiña, e para descargo da súa conciencia o confesa; e para satisfacer ao seu fillo dalgún xeito cédelle a herdade da Poza da Codeseira, a labradío e viñedo, no lugar de Cimadevila de San Miguel de Sarandón, “la que es del Dominio directo del Marqués de Santa Cruz; y con la pensión anual para este, de un quartillo de centeno”.

3.31.36: Folla do selo de 1806 coa copia redactada o 8 de maio dese ano da venda realizada o 7 de decembro de 1802 polo veciño de Callobre Xoán Fernández a María Ignacia Cadavid dunha herdade nesa parroquia por 320 reais, gravada con pensión ao directo dominio do marqués de Santa Cruz.

3.31.37: Plego do selo de 1806, con copia de 15 de maio de 1806 da escritura pola que o 3 de febreiro de 1805 Xosé Rodríguez Ribadavia e Manuela de Pazos (de San Miguel de Moreira) venderon a don Bonifacio Antón Paseiro herdades en Vilafruxil por 474 reais ao tempo que recoñecían a venda doutras por valor doutros 1800 reais, efectuada anteriormente.

3.31.38: Folla con dous borradores de memoriais de bens para vender, sen data, de Fernando Rei e Xacinta de Hermida e de Vicenzo Rei e María Antonia Martínez.

3.31.39: Folla coa tasa dos bens que pretendía vender Manuel Pérez a don Bonifacio Antón Paseiro, coas cantidades e prezo deles e as cargas de pensión que as afectaban para o directo dominio. Sen datar. Elaborado por Francisco de Porto e Coto.

3.32: Nun plego de 272 maravedís do ano 1806, solicitude efectuada por Manuel Sanmartín, cabo primeiro do rexemento de Compostela e veciño de Lagartóns, neto de Alonso das Penas, da copia do testamento de este seu avó, outorgada ante Xacinto de Ribas, escribán veciño de Souto. Sen data.

Segue auto para que “La persona o personas en cuiu poder existan las notas del escribano de que se hace esprision [...] ponga de manifesto las Notas de que se hace mencion [...]”. Por don Pedro Guerrero Conde, xuíz ordinario da xurisdición de Tabeirós, o 14 de xullo de 1806.

A continuación copia do testamento requerido, outorgado no lugar de Gudín (Guimarei) o 18 de agosto de 1782 por Alonso das Penas, veciño dese lugar. Por ante Manuel Vázquez o 29 de agosto de 1806.

3.33: Nunha folla de 40 maravedís de 1810 valedeira para 1812 por 51 maravedís, copia ante Manuel Vázquez do 10 de maio de 1812 da obriga de pago e hipoteca de bens que Xosé do Coto e Esteba de Brei (veciños de Lagartóns) fan. Ambos “de horden de D[o]n Bonifacio Antonio Paseiro [...] vendieron vino por menor en [...] el lugar do Viso [...] y estan adeudando” 858 reais que se obrigaban a pagarlle. Hipotecan para a seguridade do pago unha casa no Viso e a herdade de Mollarrabo.

Ao pé hai razón da toma ou rexistro na Contaduría de Hipotecas de Santiago o 20 de maio de 1812.

3.34: Nunha folla de selo de 40 maravedís de 1810, valedeira para 1812 por 51 maravedís, está a escritura de venda que no lugar “de la Estrada feligresía de S[a]n Pelaio de Figueroa” realiza o 3 de agosto de 1812 Xosé Trigo (veciño de Guimarei) a Xosé Paseiro, Administrador de Rendas do Tabaco no partido da Estrada, de terras por valor de 190 reais.

3.35: Nunha folla de 51 maravedís de 1811 está a escritura de venda outorgada no lugar da Estrada, freguesía de San Paio de Figueroa, o 6 de

xuño de 1811 por Antón Durán e a súa muller dona Ana María de Baños (veciños de Ouzande) e André de Baños (irmán de Ana María) a don Xosé Paseiro (veciño de Figueroa) de bens na toxeira denominada Ramos dos Barcala, en San Paio de Figueroa, por 374 reais.

3.36: Nun atado de 13 follas: no primeiro plego, con selo de 272 maravedís de 1816, copia da escritura de venda que o 13 de abril de 1805 fai don Ramón Temes e Xil (veciño de Santiago) con poder das súas irmáns outorgado o día 11, da lexítima que herdaran da súa nai dona María Xoana Reimóndez, de bens sitios en Lagartóns, a Antón Rodríguez de Castro (veciño de Guimarei). A transacción tivo un importe de 2602 reais e 16 maravedís e fíxose por ante Roque López Fernández. Ao remate desta copia figura a dilixencia de pago polos dereitos da escritura, satisfeitos por don Bonifacio Antón Paseiro.

Segue en folla con selo de 40 maravedís de 1806 a copia da escritura da venda efectuada o 10 de decembro de 1806 por Clara da Torre (veciña de Lagartóns) motivada por unha débeda que contraera con dona María Ignacia Cadavid por venda de viño “al fiado”. Para saldala vendeu parte dunha casa. A copia é do día do outorgamento da venda, por ante Manuel Vázquez.

Segue, en folla de selo de 6 maravedís de 1811, unha obriga de pago de 1000 reais que Francisca Porto (veciña de Lagartóns) tomara en préstamo de don Bonifacio Paseiro para saldar as débedas do seu marido Vicente da Torre, do 6 de maio de 1811.

A continuación, en folla do selo de 40 maravedís de 1810 valedeiro para 1812 por 51 maravedís, reclamación de don Bonifacio Paseiro con poder do marqués de Santa Cruz, de secuestro e embargo sobre os bens de Vicente da Torre por impago do foral do Viso<sup>42</sup>.

Logo, un auto do 30 de xaneiro de 1812 para proceder ao secuestro dos citados bens, de orde do xuíz e xustiza ordinario do Coto do Viso, don Pascoal Pena.

Segue a notificación a Francisca Porto, do mesmo día, do auto precedente librado a instancia de don Bonifacio Paseiro.

Despois o embargo dos bens, tamén o día 30: dous bois por valor de 1080 reais, unha vaca (“que esta asentaron dicha viuda y mas vezinos ser de D[on] Josef Paseiro Administrador del Partido de la estrada”) por valor de 500, artesas, potes de metal, unha “cadena de sobre fuego”, un “carro ferrado”, dous bancos de respaldo, 80 ferrados de millo en espigas no hórreo,

42 Vicente da Torre debía pagar anualmente como cabezaleiro do foral 24 ferrados de pan, un carneiro e dous capóns. Este home ausentárase á cidade de Cádiz.

“dos sachas, un ligon, una oz = dos tozinos = Un unto [...]”. Pódese seguir o enxoval da casa bastante polo miúdo.

Segue a venda o 3 de febreiro de 1811 efectuada por Vicente de Torres a Luís Vilaverde de herdades por valor de 800 reais no lugar de Estrada, freguesía de Ouzande. Remata esta escritura coa cesión, o 3 de febreiro de 1812, de Luís Vilaverde dos bens adquiridos, xa que confesa que a tal adquisición “la hice con dinero de D[o]n Bonifacio Paseiro [...], para el por lo que se la cedo [...]”.

Segue unha folla de selo de 40 maravedís de 1815 coa cédula da venda efectuada o 17 de xaneiro en San Martiño de Riobó polo doutor don Vicente de Outeiro a Luís Vilaverde (veciño de Lagartóns) dunha casa no lugar do Viso<sup>43</sup> por 2000 reais, outorgada por ante Domingo Antón García. Ao remate da cédula unha anotación indícanos o que parece ser un comportamento mafioso ou encuberto, destinado ao lucro propio e que semella promover o endebamento dos menos favorecidos: “En dicho dia confieso hice esta adquisicion p[ar]a D[o]n Bonifacio Paseiro vecino de S[a]n Martin de Callobre y con Dinero suio propio [...]”. Firma Luís Vilaverde.

A continuación, do 7 de xullo de 1822, escritura de venda a don Bonifacio Paseiro feita polos veciños de Lagartóns Domingo Antón S[e]oane e a súa dona María Barcala, da herdade da Burata, “con la carga y pension de cuatro q[uar]tillos de centeno que pagara el comprador anualmente a los bendedores o al dominio a quien toque”, pola cantidade de 400 reais.

Por último, remata o atado cunha folla de selo de 40 maravedís de 1831, na que o 4 de febreiro dese ano Xosé Maceira e Xoana de Outeiro (da parroquia de Lagartóns), adeudando a don Bonifacio Paseiro 500 reais dun empréstito, ao non ter os cartos danlle herdades labradías no lugar dos Tatos en pago.

3.37: Nun atado de tres follas (de selo de 4 maravedís de 1814 a primeira e de 40 maravedís de 1813 as outras): Venda do 13 de marzo de 1814 efectuada por María Antonia Carbón, viúva de Xoán Barcala, de herdades no lugar da Devesa (Lagartóns) para satisfacer débedas do seu defunto marido a don Bonifacio Paseiro, cargadas “con r[en]ta y pension anual de medio ferrado de z[ente]no y menudo al Preguecido” unhas e outras “con la de tr[eint]a y dos q[uar]tillos de z[ente]no, trigo y menudo al foral de Portocelo que es la Casa de la Torre y un real de capones y medio al Preguecido”. O importe da transacción foi de 2622 reais.

43 Parece que se trata da casa da taberna do Viso.

Segue petición de don Bonifacio Paseiro para tomar posesión dos bens.

Auto para que se dé a posesión, emanado de don Bieito Manuel Ribera, alcalde constitucional no Coto do Viso, do 12 de maio de 1814.

Declaración de María Carbón o mesmo día.

Posesión na mesma data por ante o escribán Manuel Vázquez.

3.38: Nun atado de 30 follas escritas sen selar, copia de memorial de bens raíces<sup>44</sup> e partillas do 18 de abril de 1815 de Pedro Rodríguez (veciño de Ouzande), do oficio de Manuel Vázquez, o 22 de abril de 1815. Pódese seguir parte da toponimia da zona. É de tanto detalle e coidado que incluso nas partidas de terra arboladas se cita o número de carballos que hai. En total son 65 partidas por un valor de 24870 reais, compartidos entre as súas dúas fillas: Xosefa e Francisca Rodríguez.

Tamén se redacta un memorial de rendas que se pagan por estes bens, por forais: no foral do Codeso, no de Ignacio de Marque, no dos Loureiros, no da Albela, no de Pazos, no dos Carbóns.... Pagos a don Felipe de Leira, a don Xosé do Prado (veciño de Santiago), a don Francisco Bermúdez de Sangro... E faise o prorrateo das rendas entre as irmáns.

Segue outra partilla e memorial e tasa de bens raíces de Manuela e María Tata (ou Tato). A primeira delas fora a muller de Pedro Rodríguez. Tamén hai pago e reparto dos bens entre Xosefa e Francisca Rodríguez. E, como non, o memorial de rendas coas que estaban gravados os bens desa casa, chamada de Alemparte e o seu muíño: 11 ferrados de centeo á Casa de Figueroa



Relación de debedores de rendas ao capitán Gómez Rodríguez, dono da Casa do Preguecido, nos partidos de Vea, Tabeirós e os Baños. Ano de 1626.

44 Sitos en Aguións.

e 7 partes dun par de capóns (nótese o manierismo da renda); a don Xosé María de Prado, veciño de Santiago, 8 ferrados e 6 cuartillos de centeo; a don Vicenzo de Silva, 6 ferrados de centeo e 3 reais de Servicios; ao cura da freguesía 2 ferrados de centeo e millo miúdo de por metade en concepto de Primicia, así como 7 partes de dúas misas de fundación; aos herdeiros de don Alonso Durán 2 cuartillos de centeo; ao marqués de Santa Cruz...

3.39: Nun atado de 6 follas sen selar están as partillas de Alonso Lorenzo, a súa dona María Francisca Costenla (veciños de Figueroa) e Manuel de Outeiro (de Matalobos) como procurador dos bens<sup>45</sup> que quedaron dos defuntos André Costenla e da súa dona Pascoa Ribeira<sup>46</sup>, o 13 de novembro de 1816. Nomeouse perito a Antón Louzao (de Matalobos), que pasou a medidos e tasalos. Orixínase un memorial de labradío, herbeiras e “chapar[r]ales” con 18 partidas. Pagaban en total pola herdanza ao marqués de Mos 9 ferrados de pan mediado, dos que tamén se fai o reparto entre os herdeiros.

Remata o atado cunha relación de débedas da defunta.

3.40: Nunha folla co selo de 40 maravedís de 1817, do 24 de marzo dese ano, cédula da venda que María Paz, viúva de Domingo de Vales (de Ouzande ambos) lle fixera a don Xosé Paseiro, Administrador das Reais Rendas do Tabaco no Partido da Estrada e veciño de Figueroa, dunha herdade en Penarada (Ouzande), gravada coa renda e pensión “al año de un quarto de Capon” para a paga do directo dominio, pola cantidade de 590 reais.

3.41: Nun atado dun plego e dous folios (catro follas en total, a primeira delas con selo de 272 maravedís de 1818) está a copia da escritura de venda do 17 de abril dese ano que Francisco Terceiro e a súa dona (veciños de Figueroa) fixeran a Francisco Antón Mariño (cura de San Martiño de Callobre) dunha casa e bens gravados “con renta y pen[s]ion de ferr[a]do y m[edi]o de mediado, centeno y menudo para su direuto Dominio q[u]e es el Señor Marques de Mos” por 1511 reais. Previamente explícasenos dun xeito algo ambiguo, que Francisco Terceiro e a súa muller Francisca Ribeira sacaran por medio das súas fillas de poder de Felipe Trigo (veciño de Ouzande) froito por importe de 1511 reais e se despachara contra eles execución, embargándoseles os bens e fixando data para o remate dos mesmos para o 15 de abril de 1818; “y biendo se le vendian sus vienes a menos precio pidieron al e[xecut]or suspension para vender por sí quien se la diera”. Porén, a venda ao cura por esa mesma cantidade.

45 A tasación da casa realizaa o mestre de cantería e mampostería Domingo Antón Barcala, veciño de Figueroa.

46 Pascoa Ribeira testara por ante don Bonifacio Paseiro.

No seguinte documento, con selo de 40 maravedís de 1818, o Francisco Antón Mariño, presentada a precedente copia da escritura, pide que lle den a posesión dos bens.

Segue a citación aos vendedores.

Logo a toma de posesión dos bens.

E, a xeito de colofón, nunha última folla con selo de 40 maravedís de 1827, do 6 de febreiro dese ano, Francisco Antón Mariño cede os bens a don Xosé Paseiro, coas mesmas condicións coas que os mercara, pero por 1300 reais.

3.42: En atado de 5 follas de 1818: na primeira (con selo de 40 maravedís de 1818) con data de 4 de maio, María do Souto, muller de Pascoal Blanco (ausente el e ela aveciñada en Ouzande), vende herdades (toxeiras, souto e carballeira) a don Xosé Paseiro por 415 reais

Na segunda, con selo de 40 maravedís de 1830, o 20 de marzo dese ano Antón do Pazo “hallandose oprimido por el Teniente Cura arriva dicho<sup>47</sup> por el derecho de los Curas sacerdotes que asistieron”, vende a don Xosé Paseiro herdades en Figueroa de Arriba por 180 reais “con anuencia del dicho Cura economo”, ao que llelos entregou logo “p[ar]a satisfacer á los sacerdotes que asistieron al entierro de la dicha su muger”.

Na terceira folla, con selo de 40 maravedís de 1821, o 18 de maio, Xacinta Mosteiro (viúva de Xoán Rodríguez de Castro, veciños ambos de Guimarei), vende a don Xosé Paseiro un formal de casa cos eidos cirundantes no lugar de Figueroa de Arriba, por 160 reais.

Na cuarta, selada de 40 maravedís de 1814, o 8 de abril Pascoa Ribeira vende a don Xosé Paseiro a herdade chamada Veiga Grande, gravada cunha pensión anual de 16 cuartillos de pan mediado para o marqués de Mos, por 1799 reais.

Na quinta e última das follas, tamén con selo de 40 maravedís, pero de 1813, figura o testimonio da venda efectuada o 9 de xuño de 814 por Manuel de Outeiro (veciño de Matalobos) a don Xosé Paseiro dunha herdade labradía sita na Veiga Grande, por 506 reais.

3.43: Nun atado de 10 follas e unha traslación de dominio hai: ao comenzo petición efectuada en 1820 por don Xosé María Colmelo, clérigo de menores ordes de Santiago e “Capellán del Anniversario fundado por Juan Vermudez de Castro, sito en la Parroquia de S[an]ta Marina de Ribeira” da copia da escritura orixinal dun censo de 90 reais que figuraba como parte das rendas vencelladas a esa fundación e que tomaran no 1743 Domingo Balseiro e a súa muller María Rodríguez, veciños de San Pedro de Ancorados.

47 Refírese ao cura ecónomo de San Paio de Figueroa.

Segue auto do alcalde primeiro constitucional da vila de Pontevedra do 12 de abril de 1820.

Copia, do 22 de abril de 1820, da escritura outorgada ante Bernaldo Fandiño en Santiago a 9 de setembro de 1743 do censo e memorial de bens (casa e terras en Mamuela e Pousadela, moitos deles bens forais da casa do Preguecido, que daquela levaba don Xosé de Acevedo e ao que lle pagaban por eles cada ano en concepto de Dominio nove ferrados de centeo e millo miúdo mediado).

A continuación, o 23 de xullo de 1854, don Ramón Gómez Paseiro (veciño de Santa Mariña de Ribeira) comparece e afirma que no 9 de outubro de 1628, na vila de Madrid por ante o escribán Xoán Gómez, Xoán Bermúdez de Castro fundou a capelanía laical de San Ildefonso na parroquia de Ribeira. Tras citar ese feito procede a vender (copia da escritura de venda) a seu curmán don Antón María Paseiro Andúzar o censo mencionado arriba por 3000 reais.

Contéñense despois a dilixencia de rexistro na Contaduría de Hipotecas o primeiro de setembro de 1854 e a traslación de dominio, da mesma data.

Remata o atado coa cesión e venda que a favor de seu pai<sup>48</sup> outorga o 28 de novembro de 1859 don Antón Paseiro de Andúzar dos 90 reais de censo adquirido ao seu curmán, por 2300 reais.

3.44: Nunha folla con selo de 40 maravedís de 1822, do 22 de maio dese ano, copia da cédula de venda que Xacinta Mosteiro (viúva de Xoán Rodríguez e veciña de Guimarei) lle fixera a don Bonifacio Antón Paseiro (“Es[criba]no del Num[er]o del P[arti]do de la Bemposta”) do “Pallal o Beiga Grande” por 460 reais. O Paseiro entregáralle 20 reais, “y los otros quatrocientos y quar[en]ta restantes q[u] aora de pres[en]te no parecen confiesa dicha vendedora tenerlos recibidos antes de aora de mano del comprador”.

3.45: Nun atado de media ducia de papeis: do 3 de xuño de 1822, escritura de venda de terras no lugar da Estrada outorgada por dona Tareixa Cavada, viúva, a Antón Tato (veciño de Guimarei) por 510 reais. Contémplase a condición “de q[u]e si susitiese el camino del cura de ouzande la bendedora les satisfara el ymp[or]te del perjuizio”.

Continúa coa cesión dos dereitos efectuada por Antón Tato a don Bonifacio Paseiro o 9 de xuño de 1822.

Segue coa cédula de venda do 28 de novembro de 1820, efectuada pola viúva de Xoán Rodríguez, Xacinta Mosteiro (de Guimarei) a don

48 Don Xosé María Paseiro.

Bonifacio Paseiro por valor de 680 reais que lle debía esta muller dun empréstimo anterior.

Segue outra cédula de venda do 15 de novembro de 1802 efectuada “En el lugar de la estrada f[elig]r[esí]a de S[a]n Pelagio de figueroa” por Manuela Ribeira e Santiago Cubelo a dona Tareixa Cadavid de terras en Figueroa de Abaixo por contía de 22 ducados.

Continúa o atado con outra escritura de venda da mesma data que a anterior efectuada por Xoán de Matalobos a dona Tareixa Cadavid (ambos de San Paio de Figueroa) en Figueroa de Abaixo por 30 ducados.

Remata coa escritura de venda, do 30 de novembro de 1802, de Xoán Rodríguez Matalobos a dona Tareixa Cadavid dunha herdade labradía en Figueroa por 346 reais. É copia da escritura outorgada por ante don Bonifacio Paseiro o 2 de setembro de 1804.

3.46: Nun atado de 11 follas (a sétima en branco) están os seguintes documentos: Baixo selo de 40 maravedís de 1829 a esposición que fai ao xuíz don Bonifacio Antón Paseiro de que o matrimonio formado por André Pesqueiras e Pascoala Quintela, por escritura de 1807, se obrigara a pagarlle 19445 reais en nove anos. Xa faleceran ambos e deixaran unha filla casada con Domingo Baloiro, “y la Pasquala, por el testam[en]to que otorgo ante suficiente numero de test[igos] yncluso el s[eñ]or cura mando se me pagase por q[uen]ta de sus vie[ne]s”. Pide que os herdeiros digan se aceptan a herencia e paguen aos debedores.

Segue auto do alcalde en Tabeirós, licenciado don Xoán Andúxar, o 23 de xuño de 1829.

Continúa coa notificación a María Quintela (única sobriña de Pascoala Quintela) o 21 de xullo, en Callobre, de onde era veciña.

No terceiro folio, con selo de 1088 maravedís de 1807 e data de 25 de xaneiro de 1807 hai unha obriga de pago ou allanamento de André Pesqueiras e a súa muller Pascoa Quintela, os que venderan viño “por menor de horden de D[o]n Bonifacio Antonio Paseiro [...] algunos años”. O día do axuste (que fora o 19 de xuño de 1806) “han dicho ha resultado de liquido alcance contra ellos y en favor de el d[o]n Bonifacio” 19445 reais, “descontados tamvien doscientos quarenta y ocho de una heredad que como propia de la Pasqua le dejaron [...] que testa por el Norte con la Aira de la casa de el d[o]n Bonifacio, y por el Poniente con tierra de este”. Non poideran pagarlle “por no haver podido cobrar lo mucho que les estan deviendo [...] pidieron al acrehedor les concediese termino [...]” e obrírganse a pagarlle a prazos en oito anos coas súas persoas e bens, poñendo espresa hipoteca sobre estes últimos.

Ao pé deste documento, está a dilixencia da toma de razón na Contaduría de Hipotecas de Santiago o 20 de febreiro de 1807.

Segue, nunha folla de selo de 40 maravedís de 1811 válida por 51 maravedís, a petición realizada por don Bonifacio Antón Paseiro, previa presentación dos instrumentos anteriores: non tendo cobrado nada da débeda, transcurridos cinco anos, de que se lle pague ou se lle embarguen os bens hipotecados ao cobro, dirixida ao xuíz ordinario de Tabeirós, don Pedro Bermúdez de Castro.

Continúa o auto do xuíz o 31 de agosto de 1811.

A notificación a André Pesqueiras e Pascoala de Quintela.

Outra petición de don Bonifacio en folla de 40 maravedís de 1817 e novo auto do xuíz de Tabeirós de 28 de maio dese ano.

Remata co cupo dos bens raíces que corresponderan a Pascoala Quintela, incompleto.

3.47: Dúas follas de selo de probes de 4 maravedís de 1820: a primeira delas é a testemuña do recibo por parte de María Quintela de 320 reais que don Bonifacio Paseiro lle entregara o 6 de agosto en Santiago, “los que ha y cobre en tierra de la que tiene en dicha f[elig]r[es]ja de Callobre y en la mejor, a satisfaccion del Perito Juan Rey de la misma vecindad, tasador y contador, y de la que sea según su razon, le hace venta real [...]”.

Na segunda folla, o 26 de agosto de 1820, María Quintela recibe 320 reais de don Bonifacio Paseiro, “que cobrase según tasa que hiciese Juan Rey sobre los vienes que le pertenecen por sus padres en dicha Parroquia”.

3.48: Nun plego de papel sen selar, cédula de venda do 23 de abril de 1822 realizada por Bernaldo de Noboa (veciño de Moreira) a don Bonifacio Paseiro de herdades en Friamonde por 200 reais “los mismos que dicho bendedor confiesa haberlos recibido antes de aora”, “con la carga y pension de q[ua]t[r]o q[uarti]llos y medio de centeno y dos m[a]r[avedí]s en dinero que pajara dicho conprador en cada un año en el foral del Señor Marques de Santa Cruz = mas pajara dicho comprador un q[uarti]llo con tres q[uar]tas partes de otro de centeno, otro q[uarti]llo y medio de Migo menudo y un m[a]r[avedí] en dinero en el Foral de D[o]n Manuel de Ribadeneira y Moreno y la Contribucion que [...] le pueda tocar”.

3.49: Nun atado de 31 follas cunha portada na que se escribiu “Año de 1823. Testimonio de la subasta de los vienes y Rentas de D[o]n Pedro de la Peña vecino de Arcos de Furcos [...]”, dase noticia do pleito que houbera contra don Cipriano de Castro “ex veredero fugado de la Estrada”, sobre o pago de 14269 reais que lle debía ao administrador de rendas do partido, don Xosé Paseiro. Comenza con copia dun auto do xuíz de primeira ins-

tancia de Santiago, licenciado don Xoán Martínez Araúxo do 29 de novembro de 1821.

Continúan copias de autos tamén de novembro de 1821 practicados para tasar as costas ocasionadas por este expediente, requerimentos ás partes, notificacións aos fiadores de 1822 (un deles era o don Pedro de la Peña, veciño de San Bréixome de Arcos), averiguacións dos bens destes (especialmente de don Pedro de la Peña), cédulas de venda de bens de don Pedro de la Peña e remate dos seus bens (27 de xullo de 1823), posesión do novo dono deles, Xosé Saavedra, recoñecementos dos enfitéutas de ter que pagar a renda<sup>49</sup> a don Xosé Paseiro “por haversele vendido su renta y vienes” o 24 de decembro de 1823...

Remata o atado cun breve libro cobrador da renda que foi de don Pedro de la Peña, adxudicada xa a don Xosé Paseiro, que ocupa as derradeiras tres follas, dos anos 1828 ao 1831.

3.50: Nun plego de papel do selo de 4 reais de 1823 está a copia de 11 de marzo de 1823 por ante don Felipe Pena e Leira, da escritura de venda realizada o 5 dese mesmo mes por Xoán Álvarez (veciño de Rubín) e outros (veciños de Callobre) a don Bonifacio Antón Paseiro do prado da Taberna do Outeiro por 1200 reais.

3.51: En plego do selo de 40 maravedís de 1824 figura a cédula da venda efectuada o 2 de abril dese ano por María Paz, viúva de Bieito de Outeiro, veciña do lugar da Estrada (parroquia de Ouzande) a don Xosé Paseiro dunha herdade en Figueroa de Arriba (parroquia de San Paio de Figueroa) por 219 reais.

3.52: Nun atado de 23 follas: a primeira<sup>50</sup> con selo de 40 maravedís de 1825 contén a cédula da venda realizada por Xoán Graña “soldado miliciano del Regim[ien]to Provincial de Compostela” a don Bonifacio Antón Paseiro da herdade de Monsar, en Figueroa, por 110 reais.

Segue, baixo selo de 20 maravedís de 1770, copia da venda efectuada a Xosé Cadavid (veciño da freguesía de San Paio de Figueroa e Administrador das Reais Rendas do Tabaco do Partido) de terras en Ouzande por Xosé Durán por 215 reais, “los mismos que el vendedor confeso haver recibido antes de aora de mano del comprador”. Véndella “con renta y pen[s]ion en cada un año de diez y seis m[a]r[avedí]s v[ell]on q[u]e el compr[a]d[o]r y los suios han de pagar al vendedor, y sus her[eder]os para estos hacerlo con otra mas a su domi[ni]o q[u]e lo es la casa de Figueroa”.

49 Trátase de rendas en Arcos, Portela e os Baños.

50 Corresponderíase, logo, nun posterior desenrolo da catalogación coa signatura 3.52.01 este documento sinxelo.

A continuación, baixo selo de 20 maravedís de 1772, está a copia do 9 de agosto dese ano por ante Xosé Vilariño Rodríguez, da venda efectuada o 10 de xuño de 1771 por Xoán Rodríguez (veciño de Guimarei) a don Xosé Cadavid (veciño de Figueroa) de bens en Ouzande.

Segue outra cédula de venda, do 2 de xaneiro de 1792, de María Tosar (viúva de Manuel da Ponte) a don Xosé Cadavid do sitio nomeado “dos Palleyros” por 248 reais; no lugar da Estrada, freguesía de San Paio de Figueroa, parroquia de San Lourenzo de Ouzande.

Logo, en papel do selo de 20 maravedís de 1793, copia ante Manuel Vázquez o 29 de xuño da escritura de permuta ou troco do 20 de decembro de 1792 entre don Xosé Cadavid e María Tosar.

Engádese tamén ao fateixo a cédula da venda do 20 de agosto de 1798 que Francisca da Igrexa (veciña de Ouzande e viúva) lle fixo a don Xosé Cadavid dunha toxeira en “os Palleyros” (Ouzande) por 32 reais e medio.

Tamén se uniu a este atado a petición de licencia do 20 de outubro de 1816 efectuada pola menor Bieita do Pazo<sup>51</sup> ao xuíz do Coto do Viso para poder vender bens.

Hai un auto deste concedéndolla.

Parece que encabezan a anterior solicitude e o auto favorable o instrumento seguinte: venda do 1 de xaneiro de 1806 “por hallarse la sobredicha deudora de los Der[ech]os de entierro y funerales de M<sup>a</sup> Matalobos su difunta madre”, a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade no lugar da Estrada, freguesía de Ouzande, por 780 reais, por ante Francisco Antón Álvarez.

Segue, baixo selo de 272 maravedís de 1808, copia do 5 de febreiro dese ano da escritura de venda outorgada por Antón Rodríguez (veciño de Guimarei) a don Bonifacio Antón Paseiro do “Prado de Ouzande” sito no lugar de Alemparte, por 2520 reais. Por ante Manuel Vázquez.

E outra copia de escritura de venda do 2 de marzo de 1815, que fixeran Francisca do Campo e Antón Sanxiao (o seu marido) a don Xosé Gómez (veciño de Guimarei) de parte dun prado colindante con propiedades de don Bonifacio Paseiro por 996 reais. Ao pé dela: “Cedo esta compra en favor de D[o]n Bonifacio Paseiro de quien recibí quarenta duros [...]”. Firmado o 6 de decembro de 1815 por Manuel do Campo.

A continuación, do 27 de marzo de 1824, redención da renda que gravaba a herdade “dos Vieitos que va de brazo con otra de D[o]n Bonifacio Paseiro” efectuada por Antón Sanxiao e Francisca do Campo (matrimonio aveciñado en Ouzande).

51 Que contaba entre 24 e 25 anos e debía 700 reais “de deudas de sus p[adr]es, los gastos de sus funerales porque se le apremiaba”.

Segue petición de don Bonifacio Paseiro, que mercara a Manuel de Eira (veciño de Ouzande) a herdade “das ponteciñas” o 12 de outubro de 1815, e quería tomar posesión xudicial dela.

Emítese auto polo xuíz de Tabeirós, don Pascoal Pena, o 24 de febreiro de 1816.

Segue a copia da escritura da venda anterior por un importe de 1230 reais.

E outra escritura de venda, do 14 de marzo de 1817, efectuada por Manuel de Castro (veciño de Guimarei) a don Bonifacio Paseiro, da herdade “da Cabeanca”, sita en Ouzande, por 2085 reais.

No envés figura outra venda do 16 de abril de 1817 efectuada por André de Castro.

Continúa, do 4 de maio de 1822, copia da venda realizada o 10 de abril de 1817 por André de Castro e Xosefa Rodríguez (veciños de Guimarei) a don Bonifacio Paseiro da lexítima dos bens raíces que lle corresponderan a Xosefa, por 8900 reais. Por ante Manuel Vázquez.

Segue, do 15 de setembro de 1822, cédula da venda de don Antón Cadavid (residente en Santiago) a Xiao Tato e Ribeira (veciño de Ouzande) de dúas herdades “en sitio q[ue] llaman vedelle”, por 2230 reais. Ao pé dela, o 17 de novembro dese ano, Xiao Tato e Ribeira cede a compra efectuada a favor de dona María Ignacia Cadavid.

A continuación, dona María Ignacia (veciña de Callobre), muller de don Bonifacio Paseiro, efectúa un pedimento para que os compradores cedan os dereitos adquiridos ao seu irmán, don Antón Cadavid, das vendas que este realizou da parte de herdanza que a ela lle correspondía.

Vén logo o pertinente auto do alcalde primeiro, don Xoán de Outeiro, que como tal fai as veces de xuíz en primeira instancia, datado o 21 de outubro de 1822.

Dilixencia do 23 do mesmo na percura de Xiao Tato

Notificación ao mesmo Tato o día 25, que está disposto a ceder os dereitos da propiedade adquirida a don Antón Cadavid.

Segue a escritura de venda do 2 de decembro de 1830, realizada por Antón Blanco (veciño de Ouzande), o que di “que estoi adeudando a mi cura y a los sacerdotes que asestieron al entierro de mi difunta muger Maria Ro[dríguez] todos los der[erch]os y de las misas y a efeuto de pagarlos” vende a don Bonifacio Paseiro a herdade chamada Cabeanca por 552 reais.

Remata o atado con outra escritura de venda do 2 de marzo de 1831, realizada por Pedro do Campo (veciño da Somoza) a don Bonifacio Antón Paseiro dunha herdade no lugar de Alemparte (Ouzande), por 654 reais.

3.53: Cédula de venda do 4 de febreiro de 1825 realizada por Antón do Porto (veciño do lugar do Outeiro, de Callobre) a don Bonifacio Paseiro de herdades a labradío e toxeira por 1183 reais.

3.54: Copia da escritura da venda realizada o 3 de abril de 1826 por Xoán Fernández (veciño de San Xurxo de Veá) a don Bonifacio Paseiro da lexítima dos bens que lle correspondían por seu defunto pai, por 800 reais. Por ante Manuel Vázquez o 4 de maio de 1826.

3.55: En plego de papel de selo de 40 maravedís de 1826, petición para proceder á toma de posesión de bens efectuada por don Bonifacio Paseiro, que mercara á viúva de don Antón Cadavid, Petronila Canaleta, a lexítima dos bens que herdara do seu defunto home.

Segue auto pertinente do alcalde maior de apelacións de Santiago, do 13 de abril de 1826.

Citación a Petronila na mesma data.

3.56: Folla do selo de 40 maravedís de 1826, na que figura a cédula da venda efectuada por María Quintela (viúva de André Xesteiras) a don Bonifacio Antón Paseiro o 30 de novembro de 1826 da “Veiga do Muíño” (lugar de Friamonde, parroquia de Callobre) por 100 reais.

3.57: Folla do selo de 40 maravedís de 1827, coa cédula da venda realizada por María Paz (viúva de Bieito de Outeiro), veciña do lugar da Estrada, parroquia de Ouzande, “que hallandose en necesidad [...] ofreció á D. José Paseyro, le comprase una heredad, en donde llaman Gradin, en la Parroquia de la dicha de Figueroa”. Remata vendendo noutro lugar por 219 reais.

3.58: Nun plego do selo de 40 maravedís de 1828, está a copia do poder de Francisca de Paula Barcala a favor de Silvestre de Andrade e Xosé Besteiros para que poidesen representala na partición de bens dos seus defuntos avós, Miguel Barcala e Ánxela da Vila, outorgado en Cádiz o 26 de outubro de 1827.

Segue a escritura de venda de “la eredad de Robleda nombrada Barreiros” o 7 de maio de 1828 por Xosé Besteiros a don Bonifacio Paseiro por 448 reais.

3.59: Folla do selo de 40 maravedís de 1831, con petición de don Bonifacio Paseiro ao alcalde do coto do Viso en 5 de decembro de 1831 para que Xosé do Coto e a súa muller lle paguen unha débeda contraída tempo atrás.

Segue auto do alcalde do coto, don Francisco Matalobos, favorable a Paseiro.

3.60: En papel de selo de 40 maravedís de 1831, o 4 de abril dese ano Clemente Maceira (veciño de San Miguel de Curantes) “como erederero de Juan Maceira su hermano [...] quedo adeudando a d[o]n José Cadavide” 460

reais, “y en pago y satisfaccion de dicha cantidad el Clemente le señala a d[o]n Bonifacio Paseiro vecino de [...] Callobre yerno del citado Cadabid una eredad a labradio llamada Agro de Bila nova” e outras máis.

3.61: En plego de 13 follas, das que a primeira indica: “Año de 1831. Jurisdiccion de taveiros. S[a]n Miguel de Moreira. Foral do Marco. Casa del Preguecido. Prorrrateo de 11 ferrados hecho a instancia del Sr. Don Pedro Maria Bermudez Villar de francos con Real Probision de los S[e]ño[re]s del Real Tribunal. Escribano Ejecutor Don Francisco de Oca. Cavezalero Froylan Piñeyro”. Contén copia do 5 de abril de 1831 do prorrrateo do foral indicado a instancia de don Pedro María Bermúdez Pardiñas Vilardefrancos e copia da real provisión inserida do 5 de xaneiro de 1829. Don Pedro, dono de varios forais, entre eles os pertencentes á casa do Preguecido, solicitara prorrrateo e nomeamento de cabezaleiro que fixera allanamento de pago da renda na tulla do Preguecido. O seu administrador era don Xoán Antón Buela. O foro do Marco viña do 13 de agosto de 1757, e fora outorgado por don Antón Luís de Avecedo a varios enfitéutas veciños de Moreira Nova. “Y deviendo cumplir las condiciones del foro conserbando el lugar y bienes juntos no lo egecutaron, antes bien no solo lo han partido sino que se pro-pasaron a bender y enagenar muchos de ellos”.

Contén tamén memorial *ad hoc* dos bens do foral; auto do 14 de maio de 1831; notificación aos enfitéutas do día 18 do mesmo; aceptación de peritos o 28; apeo e recoñecemento o 29..., para acadar o prorrrateo dos 11 ferrados de renda o 6 de xuño e a notificación e nomeamento de cabezaleiro o 28 para rematar co auto de aprobación o 8 de xullo.

3.62: Nun atado similar ao anterior, de 12 follas. Na portada: “Año de 1831. Jurisdiccion de taveiros. San Jorxe de Cereiyo, Foral de Quintas. Casa del Preguecido. Prorrrateo de 6 ferrados de pan mediado y una gallina hecho en virtud de Real Probision a instancia del Señor Don Pedro M<sup>a</sup> Bermudez y Villar de Francos por ante [...] D[o]n Francisco de Oca. Cabezalero Jorxe de Andujar”.

Contén os mesmos tramites que o anterior, tendentes a procurar unha maior detracción das rendas forais mediante o esclarecemento dos pagadores e dos bens afectos a elas. Sen embargo aprecianse certas inexactitudes ou interpolacións: a provisión fala do foral de “Cortiña y Casariños”, en Vinseiro. Mais, afirmase que está equivocada e debера ser o de Quintas, en Cereiyo.

Hai un auto e declaracións dos enfitéutas, aceptación e xura de peritos, apeo de bens, notificación ás partes, prorrrateo o 3 de maio de 1831, auto de traslado ás partes, notificacións e remata cun auto de aprobación do expediente de prorrrateo, do 7 de xullo de 1831.

3.63: Carpetiña co título “Rentas” que acumulaba os seguintes documentos:

3.63.01: Do 21 de abril de 1703, (nun atado de 35 follas seladas) copia da venda efectuada por Ignacio do Monte, veciño de San Simón de Ons, a don Antón Rodríguez de Castro, mercader de Santiago, dos bens que tiña no lugar de Covas desa freguesía por troco e permuta. A contía da transacción é de 43 ducados, que fan 473 reais.

3.63.02: En papel do selo de 1704 a copia de 17 de febreiro da escritura do arrendo que fai o agora intitulado rexedor da vila de Padrón, don Antón Rodríguez de Castro, a Antón Mel (de San Simón de Ons) da parte que lle pertence no lugar de Covas, que posuía pola venda que lle fixera Ignacio do Monte no 1703.

Segue en papel do selo de 1720, copia da obriga de pago de Antón Mel de 11 de xuño, motivada por un pleito do que se aparta.

3.63.03: En papel do selo de 1707, do 25 de setembro, copia da escritura da venda que Xoán do Monte e outros veciños de San Simón de Ons e Santa María de Sar lle fan a Antón Rodríguez de Castro, de parte do monte anexo ao lugar de Covas.

3.63.04: Petición en folia de papel do selo de 1720 de don Antón Rodríguez de Castro de copia da escritura de foro e máis autos, desde o 19 de febreiro dese ano ata o 23 de maio.

3.63.05: Follas de papel do selo de 1737 coa copia da escritura de arrendamento a Antón Mel dunha leira no lugar de Covas o 29 de abril.

3.63.06: Nun papel do selo de 1718 a copia de 4 de maio dese ano do acoñecemento de foro a favor de Xoán de Lamas (veciño de San Simón de Ons) realizado por don Antón Rodríguez de Castro o 22 de febreiro de 1718.

3.63.07: Nun papel do selo de 1704, copia da venda efectuada por Xoán de Lamas e a súa esposa a don Antón Rodríguez de Castro o 18 de febreiro dese ano, cos trámites previos á posesión, que se verifica o 21 de abril.

3.63.08: Papel do selo de 1714 coa copia da escritura da venda outorgada o 18 de marzo dese ano por Xoán de Lamas e a súa muller a don Antón Rodríguez de Castro dunha leira en San Simón de Ons, cos autos de posesión dela ate o 12 de setembro.

3.63.09: Do 18 de febreiro do mesmo 1704, copia da escritura de arrendamento por espazo de tres anos que fixo don Antón Rodríguez de Castro ao labrador Bernaldo de Castro (veciño de Santa María de Sar) dunha leira. Con este documento remata o primeiro atado da carpetiña.

3.63.10: Copia en plego de papel do selo, do 24 de xaneiro de 1748, da escritura de doazón na que o rector de San Martiño de Callobre, don

Antón Vilariño, querendo a súa sobriña dona Mariana Vilariño (viúva de don André González) contraer novas nupcias con don Alberte Paseiro, a dota “al fin de que la referida su sobrina pueda más bien mantener las cargas del matrimonio” con tódolos seus bens en Santiago de Sigrás; “los quales adquirió por foro que dellos le ha hecho don Juan Bernardino Basadre Zúñiga Mendoza y Figueroa”, veciño de Santiago. Dálle tamén outros bens noutras freguesías.

3.63.11: Plego de papel do selo de 1814 valedeiro para 1815, no que don Bonifacio Antón Paseiro, que acaba de adquirir rendas no lugar de Redondo (San Lourenzo de Ouzande) quere que se lle outorgue a posesión das mesmas, cousa que acontece o 10 de marzo de 1815.

3.63.12: Citación e toma de posesión de rendas en Castrorramiro (Santo André de Somoza), onde chegou ás casas dos rendeiros e nelas “abrió y cerró sus puertas, paseó por ellas y sus airas”.

Remata o expediente o 31 de marzo.

Nun atado de papel do selo de 1815 composto de 12 follas escritas nas que consta a escritura e dereitos que adquiriu don Bonifacio Antón Paseiro:

3.63.13: Unha copia do 13 de marzo de 1815 da venda dunha renda, adquirida o día 10 do mesmo por don Bonifacio Antón Paseiro, de 14 ferrados e medio de centeo e millo miúdo que pagaban os levadores dos lugares de Redondo e de Castrorramiro. A contía do pagado por don Bonifacio por ela ascende a 3335 reais.

3.63.14: Segue escritura do 20 de novembro do ano 1600 do foro do lugar de Redondo, outorgada por Xoán Méndez de Castrolandín, marido de Xoana Paseiro e veciño de Santo Estevo de Lagartóns, a varios suxeitos.

3.63.15: A continuación, en abril de 1808 ante o escribán don Mariano Paseiro, varios veciños de Ouzande son requeridos para recoñecer se eran levadores dos bens que adquirira don Bonifacio Antón Paseiro dos señores Reimóndez.

3.63.16: Segue ao recoñecemento a designación de perito para prorratear 8 ferrados e un capón de renda que tiña que cobrar deles cada ano.

Semella terse xuntado este atado no 1818 para saber a renda que cobraba don Bonifacio Antón Paseiro.

3.63.17: Papel solto reaproveitado cunha carta dirixida ao xuíz da xurisdición de Tabeirós, do comandante accidental do Reximento Provincial de Compostela, con data do 14 de setembro de 1815.

No reverso conserva apuntes sobre a renda e papeis de Castrorramiro (Santo André de Somoza) e do lugar de Redondo (San Lourenzo de



Escritura de censo outorgado a favor de Xoán Ambrosio Paseiro. Ano de 1751.

Ouzande): “Castro Ramiro se paga por este lugar y casas y son llevadores Manuel Sanmartín, María Ferro, Ramón Quintas, Miguel Sanmartín, Agustina Pérez, Miguel Durán, Bernaldo Durán, Baltasar do Coto-seis ferrados y medio de mediado”.

3.63.18: Carpetiña coa lenda “Casas de Santiago” contendo un atado de 8 follas escritas, que comenzan cunha de papel do selo de 1800 coa copia (signatura 3.64.01) de 11 de xaneiro da escritura de venda que Xoana de Neira e outros lle fixeran a don Bonifacio Antón Paseiro o 14 de decembro de 1799 dunha casa de dous altos sita no barrio da Fonte de San Antón, termos da parroquia de Santa María a real de Sar de Santiago, por 13500 reais.

3.63.19: Autos de posesión da mesma ata o 13 de xaneiro e o 16 recoñecemento do estado da casa por peritos.

3.63.20: En papel do selo de 1821 copia do expediente de redención dun censo: o 10 de xaneiro dese ano os apoderados dos cofrades da cofradía de Nosa Señora das Neves sita na capela da Santísima Trindade de Santiago de Compostela dixeron que pola escritura de censo outorgada a favor de Pedro de Araúxo e da súa muller o 1 de marzo de 1758, este “al seguro hipotecó una Casa sita en la Calle que va de la Puerta del Mercado a la de la Mámoa [...] la que vendieron en el año de noventa y nueve a Don Bonifacio Paseiro [...]”. No 1811 don Bonifacio redime o censo que pesaba sobre a súa propiedade.

Remata co recoñecemento da redención o 19 de maio de 1821.

3.63.21: Atado con expediente de adquisición de renda en San Miguel de Sarandón a don Vicente Fociños de Bendaña Vallo de Porras o 1 de maio de 1826 por don Bonifacio Antón Paseiro.

Comenza cunha copia de foro en papel do selo de 1775 do 16 de outubro, na que don Vicente Fociños afora bens.

Segue copia do 12 de xaneiro de 1778 de escritura dun foro no lugar de Caxarville (hoxe Caxaraville) do 11 do mesmo.

Segue, en papel do selo de 1826, cédula de venda a don Bonifacio Antón Paseiro de 5 ferrados de renda anual de centeo co seu dereito de propiedade, do 1 de maio.

Logo, nun papel do selo de 1822, traslado das partillas dos bens que quedaron da herdanza de don Xacinto Fociños de Bendaña, do 22 de outubro dese ano.

A continuación, en papel do selo de 1824, do 30 de xullo, traslado do poder outorgado en Santiago o 22 de setembro de 1823 polos herdeiros de don Xaquín Fociños de Bendaña a don Santiago Bieito de Castro.

En uso del, vendeu a don Bonifacio Antón Paseiro 16 ferrados de renda en centeo e dous capóns en San Miguel de Sarandón por 2740 reais. Está a copia da venda de 1 de agosto de 1824 e a solicitude para tomar posesión do día 2 do mesmo.

3.63.22: Atado de dez follas escritas, a primeira de papel do selo de 1738, contendo a copia da escritura do foro outorgado o 27 de setembro de 1738 na Coruña por don Xoán Bernardino Basadre Zúñiga Mendoza e Figueroa, “Dueño y señor de las Jurisdicciones de Basadre, Houteiro Ramill y Meirama”, veciño de Santiago, “por quanto Don Antonio Vilariño presbítero le ha asistido desde más de diez y ocho años a esta parte por su Capellán, factor y Mayordomo de sus casas, mayorazgo y bienes que tiene en la feligresía de Santiago de Sigrás [...] en señales de agradecimiento desde hou [...] le afora y da en foro para el y Mariana de Vilariño su sobrina hixa lexítima y de lexítimo matrimonio de Pasqual de Vilariño y de Josepha Bermúdez de Miranda [...]”.

3.63.23: Segue carpetiña formada por unha portada na que se le: “Adquisición de renta foral en el lugar y parroquia de Cigrás<sup>52</sup>, y San Juan de Anceis”. Contén as dilixencias tendentes ao recoñecemento de obriga de pago de renda por unha escritura de subforo de 3 de setembro de 1799.

3.63.24: Logo, do 22 de novembro de 1798, escritura de incorporación ao anterior foro realizada por Xoán Bieito Basadre, fillo de don Xoán Bernardino Basadre, do Mato das Granxas. O motivo era a reclamación que pretendía efectuar pola vía xudicial o fillo de dona Mariana, don Bonifacio Antón Paseiro. Acompaña a toma de posesión o 12 de xaneiro de 1799.

3.63.25: Segue solicitude en papel do selo de 1831 de real provisión polo impago de parte da renda, a instancia de don Bonifacio Antón

52 Santiago de Sigrás.

Paseiro, o 12 de setembro de 1831. Rematan os trámites posteriores o 10 de decembro do mesmo ano.

3.64: Nun voluminoso atado de 135 follas coa portada que o define como “Partija de la fincabilidad de D. Bonifacio Paseyro”, figuran os trámites comenzados o 11 de maio de 1832 de tasación e partición dos bens entre dona María Ignacia Cadavid (viúva), don Xosé, don Eusebio (veciños de Callobre), don Manuel María Nieto (como marido de dona Manuela Paseiro, veciños de Cuntis), don Mariano, dona Tareixa (de San Xiao de Arnois), don Gabriel Gómez (como marido de dona Antonia Paseiro, veciños de Santa Mariña de Ribeira), don Eusebio Paseiro (como marido de dona Xosefa Paseiro, veciños de San Paio de Figueroa), don Bieito Paseiro (de San Xoán de Cerdedo) e don Xosé de Andújar (marido de dona “Juanita” Paseiro, veciños de San Breixo de Lamas). Todos concurren á tasa e regulación realizada por peritos. O expediente comenza cun memorial de bens mobles pormenorizado, no que nos chama a atención o elevado número de bocois e pipas de viño, tinallas e aparatos de medición deste líquido. Armarios, bancos, tallos, rinconeiras, “una mesa portatil para comer un enfermo en la cama”, arcas, media ducia de catres para durmir, dous xogos de navallas de afeitar, reloxos de péndulo un dos cales “tenia musica y diario y esta situado en el quarto del oficio su estimacion ocho cientos reales”, unha roda de fiar.... todo o enxoval da casa e dos labores agrícolas se pode rastrexar a través deste documento, incluso o mundo relixioso e devocional do fogar: un cadro de San Pedro, outro de Nosa Señora das Dores, outro da Magdalena, de San Bonifacio, da Virxe da Merced, do Santuario de San Antón, unha efixie de Nosa Señora da Concepción de madeira pintada, dous crucifixos de madeira e un de bronce, “una pila de cristal para agua bendita”..... No apartado de alfaias de prata figura parte dunha vaixela, botóns para os puños das camisas, caixas para o tabaco, fibelas, un reloxo de peto... Tamén enumera os bens mobles das casas e o gando. Deste último contaba con máis dun cento de cabezas en aparcería por Agar, Callobre, Lagartóns, Ancorados, Guimarei... Tocante ás vivendas: unha casa “que esta unida a la de administracion de la Estrada”, a propia da Administración con pombeiro e hórreo, “Otra casita terreña en dicho Lug[alr] de la Estrada”, outra máis abaixo da Administración, outra na Baiuca “que esta junto al banco del ferrador”, “otra casa terreña que esta junto al atrio del Viso [...]. Otra mas arriba que sirve de taberna [...]. Mas otra casa que sirve de taberna sita en el lugar de Friamonde”, outra máis en Friamonde, outra en Pousada, outra que funcionaba tamén como taberna no lugar de Outeiro de Callobre, outra no lugar dos Vilas da mesma parroquia, outra no de Nogueira, outra en

Constenla (Cereixo), outra en Ribeira “que esta junto al camino que pasa a la barca de Sarandon”, outra no lugar de Marque da mesma freguesía, dúas máis en Santiago de Compostela (xunto á fonte de San Antón), outra en Toedo, “la mitad de los molinos del Viso”, “los molinos de la Espadaneira que adquirieron de Juan de Pazos, que tiene quatro ruedas una de ellas albeiro”, máis hórreos, outra casa en Cerdedo...

Continúa nun “Memorial de Rentas forales que percibe la erencia por virtud de foro y suforos [...]”: pagábanlle rendas en Matalobos, Moreira, Vinseiro, Acorados, Nigoi, Guimarei, Tabeirós, Somoza, Ouzande, Ribeira, A Estrada, Callobre, Aguíóns, Barbude, Lagartóns, Sarandón, Ribadulla, Padrón, Sigrás, Cerdedo, Santiago de Compostela..., por un total de 79234 reais ao ano.

Tamén hai un memorial de bens raíces sitios nas parroquias, ata sumar case 800 propiedades por un valor de 287479 reais.

Segue unha nota de que na partilla non se incluíron “la casa petrucial de Nogueira con sus entradas y salidas” nen outros bens por ser vinculares.

Mais tamén hai un memorial de pensións que se pagaban polos bens raíces anteriormente citados, e que nos revela unha vez máis o seu papel de intermediarios entre os grandes detentadores de rendas e bens e as clases populares: en Callobre ao marqués de Santa Cruz 57 ferrados de centeo no foral dos Vilas, no lugar de Nogueira, no foro dos Vázquez...; ao conde de Oca polo lugar dos Montoiros; ao Cabido da Catedral de Santiago polo mesmo lugar; á casa e torre de Guimarei polo lugar de Vilar... En Moreira ao marqués de Santa Cruz polo lugar da Pía; a don Xosé Núñez polos lugares de Outeiro e Sestelo; ao Cabido polo lugar da Pica... En Acorados polo lugar de Gontén ao conde de Amarante; tamén ao Cabido, ao marqués de Santa Cruz, ao marqués de Montesacro, parte dunha misa de fundación... En Berres á torre da Barreira polo lugar de Pazos. En Agar ao marqués de Santa Cruz polo lugar de Sorribas. En Curantes pagaba polo lugar da Barreira. En Olives polo lugar de Viladafonso á casa de Xerliz. En Lamas polo lugar de Fontecova ao Preguecido... En San Paio de Figueroa polo lugar de Vilar ao conde de Oca. Na Estrada polos lugares de Bedelle e Baiuca á casa de Figueroa e á torre de Guimarei... En Ouzande á torre de Guimarei, á casa de Figueroa, ao cura párroco... En Lagartóns á torre de Guimarei e ao marqués de Santa Cruz. En Soutelo de Montes ao convento de Acibeiro.... En total 40619 reais.

Segue a liquidación e comparto de cada un dos herdeiros e remata a copia do expediente o 6 de setembro de 1833.

3.65: Nun atado de 8 follas coa portada que o define como “Cupo y Monton que tocó a Dn<sup>a</sup> Josefa Paseiro yja de D[o]n Bonifacio Paseiro aora

difunto [...]. Murio en 1º de Enero del año de 1832”, está un interesante expediente formado á defunción deste: contén un enxoval polo miúdo dos bens que lle corresponderon (mobles, gando, raíces, das rendas forais...) e das pensións que por eles tiña obriga de pagar anualmente: á casa e torre de Guimarei, á casa de Figueroa... .

3.66: Nun atado de 58 follas (aínda que na portadiña afirmase que eran 67), maniféstanse as “adquisiciones echas por d[o]n Bonifacio Paseyro, con otros papeles de pertenencia de vienes raíces [...]. Se hallan sitios dichos vienes en S[a]n Martin de Callobre. Mayo 1º de 1832”.

Comenza cunha copia de escritura de subforo (do 1 de maio de 1779) do 10 de marzo de 1787 por ante Manuel Sánchez, que Pedro Parafita lle fixera a Francisco Martínez dunha casa e bens no lugar de Godoi (Vinseiro) por cinco ferrados de centeo anuais e duración da vida de tres reis de España.

Segue a copia do 12 de setembro de 1797 da escritura da compra efectuada por don Bonifacio Paseiro da anterior renda de cinco ferrados e unha casa no lugar de Outeiro.

A continuación petición para proceder á toma de posesión da renda.

Auto e citación do mesmo día.

Tamén está a escritura de venda do 24 de setembro de 1803, efectuada por Manuela Nodar (veciña de Vinseiro) a don Bonifacio Paseiro dunha casa terreña en Godoi por 400 reais, “que la vendedora confiesa tener recibido antes de aora”.

Segue outra escritura de venda do 24 de decembro de 1827 ao mesmo don Bonifacio de diversas herdades no lugar de Nogueira, “con la carga y pension de quarenta y cinco quartillos de centeno y veinte y nueve m[a]r[avedí]s en dinero que en comprador pagara en cada un año al marques de Santa Cruz”, por 1485 reais.

Tamén no atado a copia efectuada por ante Francisco de Oca, escribán veciño de Riobó, da escritura na que dona Petronila Canaleta e Cadavid, viúva e única herdeira de don Antón Cadavid “Capitan q[u]e a sido del Regimiento de Cavalleria de Algarve” e veciña de Santiago véndelle a don Bonifacio Paseiro: unha casa e horta en Guimarei, herdades na Somoza, parte dun muíño, a renda que lle pagaba Manuel do Porto polo lugar de Freán, a metade dunha casa en Padrón..., por contía de 14200 reais.

Segue, nunha folla con selo de 4 reais de 1825, a satisfacción da débeda contraída por Antón do Porto (veciño de Callobre) por parte da súa viúva, Antonia Fernández, que “dijo que dicho su marido para pagar deudas que debia antes de contraer matrimonio su hija Madalegna con Fran[cis]co Peres vendio verbalm[ent]e a D[o]n Bonifacio Paseiro” varias

propiedades; “y con lo en que se han tasado no se a cubierto lo q[u]e ansi se devia [...] quedando aun restandose al comprador de renta que a suplido al Dominio que es el Marques de Santa Cruz y otras cosas tres mil quatrocientos ochenta y nueve reales, y en pago y satisfaccion de ellos” dále tamén outras propiedades en Callobre.

Segue cédula de venda do 30 de marzo de 1823, na que Bernaldo e Antón do Porto (veciños de Callobre) venden a don Bonifacio Paseiro herdades en Callobre: no lugares do Pontillón, da Curuxa e da Pía, coa consecuente renda ao marqués de Santa Cruz, por 24 reais.

A continuación petición do novo propietario para que lle den a posesión das anteriores adquisicións, e o consecuente auto do alcalde primeiro don Nicolás de Castro do 2 de xuño de 1823.

A citación aos vendedores o 14 de xullo dese ano e a toma de posesión o mesmo día por Xosé Ribadavia.

Segue “Copia de escritura de censo de 5500 reales de principio que otorgó Andres Gonzales<sup>53</sup> vecino de [...] Moreira, por que paga de reditos cada año 165 reales ...”. En Santiago a 26 de agosto de 1761. Trátase dun censo redimible que “desde hoy día de su fecha en adelante mientras la suerte principio no se redimiere vende y firmemente remata para la fundación y doctación de la Capellania que en la Villa de Portonovo dexó dispuesto se fundase Don Manuel de Castro Ledo que se fallezio en la ciudad de Mexico [...], y en su nombre para ella misma, a don Julian Gomez Agente fiscal eclesiastico de esta dicha Ciudad vezino de ella por yndisposición de el Fiscal, y a Don Roque Beluso vezino de la Villa de Allariz, como Patrono [...] ciento y sesenta y cinco Reales puestos y pagos a sus expensas juntos y en una sola paga en esta ciudad de Santiago, Manos y Poder de los Capellanes que asi fueren de dicha Capellania [...]. Y en el ynterin se constitúe por su Casero yquilino, y precario tenedor y posehedor”, deses bens hipotecados ao pago do censo: casa, hórreo, leiras... en Moreira e Callobre.

Segue, do 17 de novembro de 1788 a cesión que Xacoba Bouzón (veciña de San Pedro de Ancorados e neta de André González) lle fai a don Bonifacio Paseiro dos dereitos aos bens e redención do censo: os réditos del non se pagaran en 20 anos e o capelán pedira a execución contra os pais de Xacoba. Incautáranse os bens con vistas a subastalos, “y como no llegasen para el todo se penso en comprender los de los testigos de abono, quedó, y se halla con este motivo todo suspenso y dichos vienes incultos, desperfeutados, arruinada la casa [...] la hobra pía descubierta, y tal vez las hani-

53 Labrador veciño de Vilafrexil.

mas sin este sufragio, viendo al mismo paso los clamores de los subcesores de dichos testigos de abono por el riesgo en que se ben de por no llegar lo hipotecado tendran que sufrir pleito o pagar [...]” e a Jacoba desposuída. Así, esta, “penso el medio mas comodo como subsanar todos inconbenientes y, aun aquietar su conciencia, y no hallo otro mas q[u]e el de buscar quien tomase dichos v[ien]es y redimiese a su voluntad las gabelas con que se hallan grabados, y no se le presento persona qui quisiese acetarlo mas que D[on] Bonifacio Antonio Paseiro escribano vecino de [...] Callobre y Procurador general de esta Jurisdicion de Tabeiros”. Emporén, transfire a este tódolos dereitos aos bens hipotecados.

Segue, do 4 de febreiro de 1789, a copia do poder outorgado por don Roque Beluso (veciño de Santa María de Sobrado), patrono da capelanía que fundara Manuel Beluso “sita en la parroquia de Santa Maria la digna de Villa de Portonobo” a don André Iáñez para que este reciba os cartos e outorgue escritura de redención do censo o 9 de decembro de 1788.

E tamén a copia<sup>54</sup> doutro poder outorgado en Ourense o 8 de xaneiro de 1789 e no que don Domingo Rodríguez, presbítero veciño de Santa María de Corbillón e capelán da citada capelanía do Arcanxo San Miguel, lle dá facultade ao André Iáñez para que proceda ao cobro do principal do censo de mans de don Bonifacio.

A continuación, copia por ante Xoán Antón Pájaro en Santiago, o 27 de marzo de 1789, do recibo ou carta de pago outorgado por André Iáñez a favor de don Bonifacio o 26 de marzo do mesmo ano concedida coa mediación dos anteriores instrumentos.

Segue a solicitude de toma de posesión dos bens efectuada por Fernando Salgado no nome de don Bonifacio e o auto para que Xacoba recoñeza o papel de cesión que outorgara, todo do 27 de marzo de 1789.

Do día 30 as citacións a don André Iáñez e a don Xoán Bieito Vázquez Vaamonde.

A continuación, requerimento ao escribán para darlle cumprimento ao auto anterior, do 15 de abril; e notificación do 16 para que se provea de curador á menor Xacinta Bouzón. O escribán Manuel Ramón Vereá e Aguiar pide que pola xustiza ordinaria de Tabeirós se lle conceda curador. Cousa que fai o xuíz don Xosé Cadavid, nomeando por tal ao licenciado don Manuel Picáns e Carballo, avogado da Real Audiencia do Reino e veciño de Callobre.

54 Do mesmo día do seu outorgamento.

Segue a aceptación e xura, e o 17 cítase ao curador para dar posesión e tomar contas do estado dos bens. Ese día acaece tamén o recoñecemento do papel de cesión, no que Jacinta afirma “q[u]e ademais de eso, y separado de ello el D[o]n Bonifacio a favor de q[ui]e[n] fue echo el dicho papel de cesion le ofreció a la q[u]e declara, q[u]e ad[e]mas de lo q[u]e importasen el principal, reditos y costas referidos le havia de dar una casita terrena propia suya [...]”.

Despois do nomeamento de peritos, a aceptación e xura deles para recoñecer os bens.

Segue a cédula da venda outorgada polo matrimonio formado por Xoán Vilar e María Maceira (veciños de Callobre) “En el lug[ar] de la Estrada f[el]ig[r]es[í]a de S[a]n Julian de Guimarey” o 3 de xuño de 1799 a favor de don Bonifacio Paseiro da herdade da Fontaíña e outras do lugar de Nogueira, colindantes con outras que alí posuía o Bonifacio, por 424 reais.

E outra similar da venda realizada por Antón Barcala (tamén de Callobre) o 28 de abril de 1815 ao Bonifacio Paseiro de varias herdades por valor de 800 reais que o vendedor afirma ter xa recibido anteriormente.

Outra copia ante Manuel Vázquez o 22 de xuño de 1807 da venda realizada o 3 de xullo de 1806 por Miguel Monteiro, veciño de Callobre, de herdades nesa parroquia ao Paseiro por 3270 reais.

Copia de 20 de novembro de 1826 do foro e subforos outorgado en 7 de novembro do mesmo por dona Tareixa Cadavid e Nieves, viúva de Xosé de Barros e veciña de Santa Baia do Este de diversos bens a don Bonifacio Paseiro e dona María Ignacia Cadavid, por tempo de tres voces: a casa nomeada da Baiuca coa herdade labradía contigua, 1/3 parte da herdade de Bedelle, a da igrexa na Somoza, carballeiras, toxeias... A renda estipulouse en 300 reais en moeda ao ano e 2000 “para remedio de las urgenc[í]as de dicha otorgante”.

Segue copia do 4 de maio de 1806 por ante Manuel Vázquez da escritura de venda de 26 de abril de 1804 de herdades por valor de 1112 reais (“que los vendedores confiesan tener recibido antes de agora”) sitas en Callobre a don Bonifacio Paseiro por Xoán Vilar e María Maceira. E no interin que non toma posesión, eles “se constituíen por sus caseros, colonos, ynquelinos, tenedores y precarios posehedores”.

Escritura de permuta de herdades no lugar de Nogueira (Callobre) do 8 de marzo de 1801 entre don Bonifacio Paseiro e Xoán Fernández.

E unha copia por ante Manuel Vázquez da escritura da venda de 8 de decembro de 1801 efectuada a don Bonifacio Paseiro por Anxo Maceira, veciño de Callobre (onde estaba sita a propiedade) por 660 reais.

Copia por ante Manuel Vázquez o 8 de marzo de 1806 da escritura de venda de 26 de febreiro de 1802 outorgada por Francisco Pérez -veciño de Callobre- a don Bonifacio Paseiro de herdades labradías por 850 reais nesa parroquia. 450 confesa telos recibido do comprador con anterioridade.

Remata o atado coa copia de 30 de agosto de 1806 da escritura de venda que Caietano Riveira e Antón do Porto fixeran o 28 de outubro de 1802 a don Bonifacio por 275 e 550 reais, “que ambos otorgantes confiesan tener recibido antes de aora” de mans do comprador.

Na unidade de instalación número 4<sup>55</sup>:

4.01: Nun plego composto por dúas follas, escritura (signatura 4.01.01) de venda do 31 de xullo de 1832 efectuada por Carlos Vázquez (veciño de Callobre) a dona María Ignacia Cadavid (viúva de don Bonifacio). O vendedor quedara adebedando 284 reais “precedidos de rentas atrasadas de cuando fue el d[o]n Bonifacio Mayordomo del Señor Marques de Santa Cruz y de dinero que le prestó”. Non tendo cartos, satisfai a débeda dándolle unha herdade no lugar de Nogueira (Callobre).

Séguelle outra similar (signatura 4.01.02) do 13 de xullo do mesmo ano, na que Xosé Ribadulla (veciño do lugar de Friamonde de Callobre), que lle adebedaba á mesma viúva como herdeira de don Bonifacio 180 reais “precedidos de las rentas atrasadas de cuando fue el d[o]n Bonifacio Mayordomo del Señor Marques de Santa Cruz de los foros de los Vilas y de Friamonde”, salda a débeda mediante a entrega dunha herdade no mesmo lugar de Nogueira.

4.02: Nun plego composto por dúas follas, o 21 de xullo de 1832 Mariana de Outeiro, que quedara a deber 72 reais ao defunto Paseiro, dá en pago por eles a don Xosé Paseiro como representante dos demais herdeiros, unha herdade en Nogueira (signatura 4.02.01).

A continuación (signatura 4.02.02), da mesma data, Antón Barcala, que lle quedara debendo 648 reais, dálle en pago por eles a don Xosé Paseiro como representante dos demais herdeiros, leiras e carballos en Nogueira.

4.03: Nunha folla con selo de 40 maravedís de 1839 temos unha cédula de permuta de herdades do 14 de novembro de 1839, entre don Eusebio e dona Xosefa Paseiro (veciños de Figueroa) e Xosé Tato (veciño de Guimarei).

4.04: Nun atado de media ducia de follas que comenza cunha inscrición na cuberta que afirma que se trata do “Expediente en que resulta la instalacion del Ayuntamiento Consti[tucional] de Cereijo, en la capital de la Estr[a]da compuesto de nuevos individuos, segun lo dispuesto por la Junta

55 Imaxes dixitais 2318 ate 3347.

Directiva del part[i]do en S[eptiemb]re de 1840” conténse a certificación do licenciado don Xosé Toubes e Aller, avogado e secretario da Xunta Provisional Directiva da Estrada e seu partido, na que certifica que na Secretaría do seu cargo hai acta que transcribe, na Estrada, o 21 de setembro de 1840: Nela a “Junta Provisional Directiva de La Estrada” instalada o 17 do corrente “por consent[i]m[ien]to del pueblo y Milicia Nacional de Tabeyros consiguiente al Acuerdo de la misma fecha que providenció la destitución completa del Ayuntamiento llamado de Cereiyo, y procediendo al nombram[ien]to de la nueva Municipalid[a]d provisional há eligido p[or] unanimid[a]d para Alcalde prim[er]o presid[en]te al Liz[encia]do D. Manuel de Outeiro vecino de Santa Maria de Riveyra<sup>56</sup>; y para segundo D[o]n Man[ue]l de Pazo de la de San Lorenzo de Ouzande [...]; boticario en la misma; para Regidor prim[er]o á D. Ant[oni]o Tato de Guimarey; Segundo á D. Antonio Paseyro boticario en la misma; tercero D. Juan Blanco de Ouzande; Cuarto D. Pedro Feros [...]; quinto D. Fernando Valado de San Jorge de Bea; Sesto D. Fructuoso Dorelle de la misma; Septimo D[o]n Jacobo Garcia de San Jorge de Codeseda; octavo D. José Limeses de Santa Cristina de Bea; procurador primero D[o]n Ram[ón] Lop[e]z de Riveyra; Segundo D. Ram[ón] Nodar de [...] Paradela [...]”.

A todos oficiou selles para presentarse ás 4 do día 21 “en la Casa y pueblo de la residencia y despacho de esta Junta para encargarse del Ayuntamiento [...]”.

Constituído o novo concello levantouse o estado de sitio.

Tamén acordaron elixir por secretario municipal a don Xoán Ribadulla, procurador do xulgado de primeira instancia, que aceptou e xurou o cargo. Foi nomeado depositario dos caudais do distrito don Xosé Andúzar, veciño de Lamas, “con condicion de servir aquel cargo a razon del uno y medio por ciento en todas las contribuciones de cualquiera clase que sean”.

Segue un oficio (cosido) comunicando á Xunta Provisional Gubernativa da Estrada a acta antecedente de instalación do novo concello contitucional, o 21, firmada por Xoán Manuel Fontenla, e por Xosé Toubes.

Segue, en vista da certificación e oficio precedentes, xunta dos membros do concello.

Acordaron “que supuesto el Ayuntamiento cesante no comparecio á hacer la entrega de los documentos pertenecientes a la S[ecreta]ria del actual”, que se entreguen. E que se citase aos pedáneos parroquiais a audiencia inmediata “a fin de enterarles del nombramiento de dicho Depositario,

56 Refírese a Santa Mariña de Ribeira.

previniendo que a el unicamente se le concurra con los caudales”. Do 22 de setembro de 1840.

Todo fora consecuencia dun pronunciamento secundado por este e outros pobos.

Segue comunicación do 27 de setembro, en vista da escusa presentada polos rexedores don Xosé Limeses e don Froitoso Dorelle para ocupar os seus postos. A Xunta Gubernativa acorda nomear no canto deles ao licenciado don Manuel Xunqueira, de Vinseiro, e a don Xosé Rodríguez, de Aguíóns, completando desa forma o número de vocais do concello.

Hai unha acta da sesión do 30 de setembro na que se pide que se aclare a substitución dos dous vocais anteriores.

Remata cunha certificación do mesmo día na que Limeses dise que alegrara non saber ler nin escribir, e Dorelle problemas de saúde.

4.05: Nun plego está a “Partija del Monte abierto llamado Sestaño en el lugar de la pia, y parroquia de Moreyra, que confina por el Norte Robleda de la pia, Lebante camino de carro que pasa a friamonde, ó cerrada del pontillon de ygnacio de porto; Medio día Monte de Callobre; y poniente Muros del Carballo Grande [...]”. Trátase dunha copia do 3 de xuño de 1842 dun orixinal redactado o 27 de abril dese ano.

4.06: Hai un atado de catro follas sen datación coa “Lista de los foros redimidos” na xurisdición de Veá: en Aguíóns (Codeso de Abaixo, Codeso de Riba, Montecelo, Carbóns, Loureiros, Albela, Pazos de Lestedo...), Matalobos (Toenlle, Xendos, Río de Sapos e foro de Francisco Cerviño), San Xiao de Veá (lugar de Dorelle, lugar de Rabeáns dos Labradores, de Rabeáns dos Cabaleiros, Gondomar de Riba...), Santo André de Veá (Trasariz, Cardelle, Paramá...), San Xurxo de Veá (Bacelo e Canto da Poza, lugares de Casal, Covas, Curuxas...), Frades (Subión), Couso (lugar de Barco), Cora (lugar de Vilacriste e lugar de Sieiro), Santeles (lugar de Renda)...

E na xurisdición de Tabeirós: Moreira (Outeiro, foro dos Ribadeos...), Barbude (foro de Trasmonte e Vilaboa), Berres (lugares de Rabuñado e de Ulla), Agar, Orazo, Lamas, Cereixo, Vinseiro, ambos Ancorados, Callobre, Lagartóns e Somoza.

4.07: Nun anaco de papel sen datar dise que “Andresa Terceiro Bezina de la Parroquia de San Pelayo de Figeroa, ermana de Manuela Terceiro; bende la eredad a Monte llamada Canpo de la Estrada; sembradura de 20 quartillos y medio y confina Norte el S[añ]or Mosquera por yndibiso”.

4.08: Folla coa cédula da venda efectuada por Dominga Tato (veciña de San Paio de Figueroa) a Carme Tato (veciña de San Xiao de Guimarei) o

8 de outubro de 1853 da herdade a labradío chamada Carreira (en Ouzande) por 550 reais.

4.09: Permuta de bens nunha folla encabezada como “Con obrigación de reintegro” e redactado no lugar de Bedelle, parroquia de Guimarei, o 6 de xuño de 1855. Os titores dos fillos menores de Xosé e Carme Tato permutan bens sitios en Bedelle e Arcos de Furcos.

4.10: Recibo do titor dos menores de Xosé Tato, do 6 de xuño de 1855.

4.11: Permuta de bens entre Xosé Tato, veciño da Estrada, e Xosé Ervés. Nunha única folla.

4.12: Folla coa “Cuenta del entierro y más funciones por Josefa Tato de Bedelle, según su testamento”. Firmada na rectoral de San Xiao de Guimarei o 30 de xaneiro de 1858 por Domingo Antón Núñez.

A cantidade total é de 558 reais e 24 maravedíes, repartidos do seguinte xeito:

“Misas sesenta a cuatro reales cada una.....	240
Por un sacerdote que faltó al entierro y honrras veinte y un reales que se han de invertir en misas .....	21
Mi derecho parroquial, cesto y ofrenda.....	160
Responso anual cantado de Lázaro.....	48
Medio ferrado de oblata de 1856.....	6
Cofradía de dicho año del Santísimo y San José.....	3 [...]

Segue a conta do cabo de ano “que está por hacer” e a parte “hay que presentar la parva el día que se señale para esta función que es de pan y vino según costumbre”.

4.13: Un plego e unha folla compoñen parte do cupo de bens de “José Tato y menor” e de “José Tato maior”, radicados a maior parte deles en San Breixo de Arcos de Furcos. Sen datar.

4.14: Atado de 22 follas contendo parte do inventario de fincas, numerada cada partida desde a número 345 ate a 454, coas taxas de cada unha en cartos: bens en Toedo (lugares da Carballa con bens como o Liñariño que “fonda en regato de Liñariño”, da Igrexa e de Toedo), Figueroa (lugar de Figueroa de Baixo), Ouzande (lugares da Devesa, do Formigueiro, de Alemparte, de Castro), Guimarei<sup>57</sup> (lugares de Campos, de Gudín, de San Xiao, do Sisto, do Francés, da Painceira e da Torre polos que se pagaba ao

57 Para a datación deste documento as únicas indicacións son notas marxinais como a que se refire a unha herdade en Guimarei, lugar de San Xiao, que afirma que “Pasó a Teresa por permuta hecha ante Santamarina el 26 de octubre de 1869 día que se aprobó la partija”. Outra anotación di: “Esta finca en 2 de mayo de 1870 por escritura pública ante Ribadavia la cedió D<sup>a</sup> Manuela Paseyro en permuta a M<sup>a</sup> Antonia Carballo [...]”.

dominio do marqués de Aranda). As tres últimas partidas conservadas do expediente son de “bienes que fueron de María Barro, de Guimarey”.

4.15: Atado de 42 follas que indica na súa portadiña corresponder ao cupo de bens adxudicado a don Domingo Paseiro Andúxar “por herencia de sus padres don José María Paseiro e d<sup>a</sup> María Andúxar”. Trátase dunha copia do 28 de febreiro de 1871 da partilla de bens celebrada entre os fillos do matrimonio (don Antón, don Xiao, dona Tareixa, don Bonifacio, don Domingo, dona Andrea, dona Manuela e dona Carme Paseiro Andúxar).

O substancioso do documento está composto polo que tocou en Callobre a don Domingo Paseiro Andúxar: carballeiras poboadas de centos de árbores chamadas de Sestaño, de Barreiros..., soutos, labradío, herbeiras, a quinta parte da metade dos muíños do Viso, en Callobre (33 horas e media por semana no que dou en chamar turnos nos muíños denominados de herdeiros)..., ata un total de 46 partidas nesta freguesía. A continuación as situadas en Tabeirós, Paradela<sup>58</sup>..., as rendas cobradas en Callobre<sup>59</sup> e Ancorados<sup>60</sup>. Adxudícanse máis de 5000 escudos pola lexítima paterna e materna a cada un dos irmáns.

Hai tamén unha copia da escritura de aprobación (a orixinal redactouse o 26 de novembro de 1869) a presenza de don Antón María Paseiro Andúxar (procurador do xulgado de primeira instancia), don Xiao (médico cirurxán), dona Tareixa, Don Bonifacio, don Domingo, dona Andrea e o seu marido don Leonardo Castellanos Figueroa (estes últimos veciños da cidade de Lugo), dona Manuela e o seu home, don Xosé Besteiro Ferreiroa (veciños de San Xurxo de Terrachá, no partido de Chantada) e dona Carme co seu cónxuxe don Xosé María Martínez (de Santiago de Tabeirós).

A familia tamén tiña rendas en viño no lugar de Cirela (San Salvador de Camanzo), que quedaron pro indivisas.

4.16: Relación das pensións que gravaban a varias fincas e foros aos que corresponden, sen datar<sup>61</sup>. Cítanse os foros de Nogueira (que comprendía a carballeira de Sestaño e polo que se pagaba renda ao marqués de Santa Cruz), da Pía co Pontillón de Portoxemil, de Moreira Vella ou do Piñeiro, de Friamonde (polo que tamén percibía renda o marqués de Santa Cruz),

58 As partidas de Paradela pagaban renda ao dominio de Malpica, personificado en don Gabriel Pita, veciño de Betanzos. As de Callobre ao marqués de Santa Cruz nos forais da Pía e de Moreira Vella. Unha vez máis constatamos o papel de intermediarios do clan dos Paseiro entre os campesiños e os que detentaban o dominio dese ben de produción tan relevante nas comunidades rurais e no Antigo Réxime que era a terra.

59 De foro.


60 De réditos dun censo.

de Ribadeneira... Acompaña anotacións sobre permutas.

4.17: Atado composto de 22 follas e unha carpetiña co “Testimonio de las fincas que comprende la Carretera de Silleda a Villagarcía a diferentes particulares. Año de 1877”. Foi espedido por mandato do xuíz o 12 de xuño de 1877 e comenza cunha petición realizada no nome de don Domingo Paseiro e don Antón María Paseiro<sup>62</sup> ao xuíz de primeira instancia da Estrada o 4 de xuño de 1877, como comprendidos no expediente de espropiación<sup>63</sup> da estrada Silleda-Vilagarcía. Solicitaban testimonio e tasa das fincas deles e de don Xiao, dona Andrea, dona Manuela, don Maximino e don Eusebio Paseiro; don Domingo Antón Rilo, don Xosé Isorna, dona Mercedes Andújar e outros máis.

Despois do decreto de aprobación da solicitude polo xuíz ao día seguinte segue a testemuña da tramitación co certificado do secretario de actuacións do xulgado, don Xosé María Brañas, da tasación efectuada o 10 de abril por don Benigno Fernández Benavente (axudante de obras públicas e perito, en representación do Estado e de propietarios) e por don Benigno Losada (director de camiños veciñais, elixido por varios propietarios).

4.18: Atado composto por 57 follas que forman as partillas dos bens do finado don Antón Trigo Torrado que lle correspondían por herdanza dos



Copia da escritura de censo reservativo do Pazo do Preguecido, outorgada pola condesa de Ramirás en Madrid a favor de Segundo Paseiro Andión. Ano de 1925.

61 Anque por unha nota cosida á carpetiña poidera ser de 1877.

62 Que eran Administrador de Correos da vila e procurador nos xulgados, respectivamente.

63 Expediente que segue o procedemento marcado pola lei de espropiación forzosa de 17 de xullo de 1836 e pola instrución do 25 de xaneiro de 1853 e regulamento de 27 de xullo do mesmo. Acompaña cosido cadro de valores de diferentes terreos e solares.

seus pais. Enuméranse os bens sitos na Estrada e faise a tasa do seu valor e das rendas que por eles hai que pagar<sup>64</sup> (o que conforma un tesouro toponímico para a xénese do concello moderno) e as débedas a cobrar<sup>65</sup>. Realizado polo agrimensor Xosé da Riva o 27 de novembro de 1886.

Estas propiedades dos avós de don Manuel Trigo conteñen a ubicación de bens sitos na Estrada, en Ouzande, en Aguíóns, en Lagartóns... .

A maior parte das follas teñen tachaduras e raías que semellan indicar invalidez do nelas espresado, aínda que non por eso carecen de valor informativo.

O reparto faise a dona Dolores Trigo Torrado (concretamente, como ela tamén finara, na persoa do seu fillo).

4.19: Memorial de pagos de rendas por foros, de 1888 ata 1906.

4.20: Petición ao xuíz municipal da Estrada por Francisco Ponte Piñeiro (veciño de San Xiao de Guimarei), que demanda en xuízo verbal a dona Ramona, dona Dominga, dona María e dona Carme Tato Fontes e a outros herdeiros de don Xosé Tato Fontes para que lle satisfagan 219 pesetas importe de varios trimestres de contribución territorial e de Consumos que don Xosé adebedaba na recadación do pobo. Do primeiro de maio de 1890.

Acompaña, da mesma data, citación oficiada polo secretario do xulgado a dona Carme Tato Fontes (veciña de Cuntis).

4.21: Do 11 de maio de 1891, nun atado de tres follas, copia da petición de Camilo Pereira, representante do conde de Ramirán, ao xuíz municipal da Estrada por xuízo verbal a André Agrelo (e a outros labradores veciños de Santa Cristina de Vinseiro) “a fin de que se le condene a satisfacer [...] la renta correspondiente” aos anos 1889 e 1890 do foral da Abelleira.

Segue copia da acta do xuízo verbal do 13 de maio de 1891, na que don Camilo Pereira, procurador, comparece representando a don Xosé Bermúdez da Ponte, conde de Ramirán e marido da condessa, dona Carme Varela Bermúdez (habitantes do Preguecido e residentes habitualmente en Santiago de Compostela).

Os labradores din que xa o pai de dona Carme, don Xesús Varela Cadaval, tiña dereito aos 37 ferrados de froito do foro da Abelleira “afecto a fincas radicantes en la parroquia de [...] Lamas”, e amósanse dispostos a

64 Predomina como cobrador destas o conde de San Xoán. Algunhas son de carácter puntual, como o pago a don Bruno Bertomeu, de Santiago, polo muíño “de Conde”. Hai outras ao foro de Mos, á Casa do Preguecido no foro da Graña, á Casa de Figueroa, a don Bonifacio Silva, ao marqués de Aranda... .

65 Suman máis de 15000 pesetas da época.

pagar. Mais a morosidade doutros dos consortes impide que o fagan, polo que piden que se cite a unha trintena de pagadores máis do mencionado foro.

O xuíz acepta a pretensión e suspende o acto.

4.22: Do 19 de setembro de 1893, certificado de don Xoán Ciorraga Soto<sup>66</sup> da inscrición no Rexistro Civil do nacemento do fillo de don Domingo Paseiro Andújar e dona Olivia Andiñón Tato (que contaba 17 anos de idade) chamado Xosé Xoán Domingo.

4.23: Carpetiña que contén tres documentos citados na súa portada do seguinte xeito:

“1º Comunicación de la Administración de Provincia concediendo prórroga, su fecha Julio 20 de 1894.

2º Testimonio acreditando la declaración de herederos, de fecha 19 de Julio de 1894.

3º Relación de bienes quedados al fallecimiento de D<sup>a</sup> Teresa Paseiro Andújar, compuesto de siete folios útiles”.

Efectivamente, seguen a notificación do delegado de Facenda do 20 de xuño de 1894 a don Domingo Paseiro de prórroga de seis meses para liquidar a herencia de dona Tareixa Paseiro Andújar.

A relación de bens e dereitos que quedaron logo do óbito de dona Tareixa, formulada polos seus herdeiros abintestado, don Antón, dona Carme, don Xiao, dona Andrea, dona Manuela, don Domingo e don Bonifacio Paseiro Andújar, seus irmáns.

A liquidación obxecto do expediente efectúase o 21 de febreiro de 1895.

4.24: Parte do que debeu ser o expediente persoal de María Preciosa Cid Guede, composto por:

Título de mestra interina da escola incompleta mixta de Toubes, concello de A Peroxa, a favor de dona Preciosa Cid Guede, dado en Ourense o 27 de marzo de 1896. Logo cesou alí as súas funcións docentes, e pasou a Allariz, concretamente a Requexo, o 28 de xuño de 1896, segundo a anotación de cese. No 1898 pasou a O Irixo, a Froufe, onde permaneceu ata o 21 de xuño de 1902.

Outro título de mestra interina da escola completa de nenas de Xunqueira de Ambía, concello do mesmo nome, do 6 de outubro de 1903. Alí permaneceu ata decembro de 1904.

Nomeamento emitido polo rectorado da Universidade de Santiago de Compostela o 6 de outubro de 1903.

66 Secretario do xulgado da Estrada. O xuíz municipal nesta data era don Eusebio Andújar.

Traslado ao xefe da Sección administrativa de primeiro ensino de Ourense de terlle comunicado o 12 de xuño de 1902 á súa sección a renuncia ao cargo en Froufe de dona Preciosa.

Comunicación a dona María Preciosa da xunta local de primeiro ensino de Xunqueira de Ambía, do 2 de outubro de 1903.

Folla de servizos e méritos da citada mestra, natural de Xunqueira de Ambía, despedida nese concello o 10 de novembro de 1903. Nela enuméranse os destinos, as autoridades que a nomearon para eles, as datas dos nomeamentos, das posesións, dos ceses, os salarios e o tempo de servizo: Na Peroxa, nomeada polo gobernador civil estivo desde o 27 de marzo de 1896 ata o 28 de xuño do mesmo ano. En Allariz, nomeada polo presidente da Xunta Provisional, desde o 11 de xuño de 1896 ata o 18 de agosto de 1897. En O Irixo, nomeada polo rector da universidade, desde o 30 de decembro de 1898 ata o 12 de xuño de 1902. En Xunqueira de Ambía, tamén con nomeamento do rector, desde o 6 de outubro de 1903 ata a expedición do presente documento.

Outras dúas follas similares, do 7 de marzo de 1904.

4.25: Pequena nota aproveitando o envés dunha circular impresa co que parecen ser cotizacións de grans (trigo, centeo, millo e miúdo) en 1898 e 1899.

4.26: Copia de escritura de venda outorgada o 17 de abril de 1899 por dona Manuela Paseiro Andúzar (veciña de San Xurxo de Terrachá) a favor de don Domingo Paseiro Andúzar (veciño da Estrada) da séptima parte dunha finca sita en Ouzande, dun foro de cinco ferrados de centeo pagadeiro por veciños de Vinseiro, doutro de catro e medio imposto sobre bens en Ouzande, de rendas en San Xiao de Veá, outras en Santo Estevo de Lagartóns<sup>67</sup>..., pola cantidade de cincocentas pesetas “que la vendedora confiesa haber recibido antes de ahora”. Dilixenciado na oficiña de liquidación de dereitos o 26 de maio de 1899.

4.27: Posiblemente o atado máis voluminoso do arquivo correspóndese co “Apeo y prorrateo del foral denominado da Abelleira, solicitado por Andrés Salgueiro y otros [...]”. Comenza coa copia da solicitude ao xulgado de primeira instancia no nome de André Salgueiro Igrexas (veciño de Santa María de Rubín) o 23 de abril de 1903, en vista da demanda que pendía en xuízo de menor contía presentada polo procurador de dona Carme Varela Bermúdez, condesa de Ramirás, sobre impago da renda do citado foral, no que pide apeo e prorrateo do canon.

67 Rendas que tiña como provintes dos seus pais, don Xosé María Paseiro e dona María Andúzar.

Entre os documentos aportados dise que figura “una escritura sin matriz u original” do 14 de decembro de 1649 efectuada por ante o escribán do número e xurisdición de Tabeirós no Coto do Viso, don Clemente Rodríguez de Leira no que se describe o foral.

Seguen providencias e notificacións ás partes, copia do poder outorgado o 29 de agosto de 1885 por André Salgueiro (marido de Xosefa Bascuas Porto) ante o notario don Ricardo Luces Miranda (residente en Santa María de Folgoso) aos procuradores do xulgado don Miguel Nine e don Xosé María Baños e aos de Pontevedra.

A continuación copia da escritura de 1649 outorgada no lugar de Correáns de Vinseiro por don Xoán de Neira e Soutomaior “como sucesor en el vínculo y mayorazgo de la Casa del Preguecido” do foral en liza a Bieito da Abelleira e outros consortes, por renda de 37 ferrados de pan mediado e tres pares de capóns cebados a entregar cada ano no Preguecido por agosto ou setembro.

Hai tamén unha relación de fincas ás que afecta o foro, das que se di que o seu cultivo “es el que generalmente se practica en el país, consistente en labradío, herbal y tojal; alcanzando una superficie aproximada de doscientos setenta y tres ferrados, o sean diez y siete hectáreas, incluso el fundo de una casa. Confina: Norte, el lugar de Pazos, parroquia de Rubín, Sur el de Carballedo de la misma de Lamas, Este el lugar de Lamas y Oeste el de Riamonde [...], y, en parte, el de Correáns de [...] Vinseiro”.

A 7 de maio de 1903 os posuidores eran: 21 veciños de Lamas, 4 de Vinseiro, 12 de Rubín, 1 de Olives, 2 de Calobre, 1 de Lagartóns e 6 da Estrada<sup>68</sup>.

O problema primordial do asunto era a división que co tempo acadou o foral. Ben expresiva é a frase na que se di que sufriu “las vicisitudes de los de su naturaleza, a través de los tiempos, es lo cierto, sin embargo, que la renta por el mismo estipulada, excepto de lo referente a luctuosa, vino pagándose a la Casa del Preguecido, y hasta hace algunos años, a la Doña Carmen Varela Bermúdez, en quien han recaído tales derechos”. Mais, sendo o foro de varios pagadores e non habendo prorroateo algún anterior “necesariamente habían de suceder dificultades en el pago del canon, hijas de la multiplicidad de transmisiones sobre la cosa aforada, hasta llegar a un estado tan lamentable como el presente en que gran parte de los que contribuyen no son ni recuerdan haber sido nunca poseedores de tierras sujetas al foro”<sup>69</sup>.

68 Un deles era o procurador don Anxo Vilar Carreira.

69 É relevante sobre a confusión e multiplicidade de posuidores o feito de que un dos citados non se opón ao apeo por “no poseer bienes de ninguna clase ni por consiguiente afectos a la renta foral de que se trata”.

Máis notificacións, citacións e dilixencias por ausencia dalgúns consortes.

O expediente incorpora exemplares do BOP números 125 de 16 de xuño de 1903 e 162 de 5 de agosto, que aínda conserva un selo de Correos dun cuarto de céntimo de peseta pegado.

Acompáñase un apeo do foral efectuado polo perito agrícola don Manuel Rodríguez Seixo o 8 de xullo de 1903, cun gran alarde toponímico.

Seguen máis notificacións e dilixencias tendentes á súa esposición pública (do apeo), exemplar do BOP n.º 45 de 25 de febreiro de 1905 e nota inserta sobre documentos que faltan e ocupaban os folios 62 ata 81 do atado.

A que poderíamos denominar segunda parte deste expediente formarían os documentos tendentes á exclusión do apeo da finca chamada Devesa, sita no lugar de Carballal, por non estar afecta a foro nin carga algunha, segundo instancia ao xulgado de 5 de marzo de 1905<sup>70</sup>. Tal finca fora vendida polo Estado o 3 de maio de 1867 a don Eusebio Paseiro Tabora, de Callobre, e este xa vendera varias parcelas dela.

Hai aínda máis instancias ao xulgado por esta causa, citacións, edictos..., un exemplar do BOP do 29 de abril de 1905, comunicacións do xuíz da Estrada ao de Negreira tendentes á citación dos residentes nese partido (do 7 de abril de 1905), autos do 10 e 11 de maio, BOP números 168 de 1 de agosto de 1905, 283 de 22 de decembro de 1905, 142 de 26 de xuño de 1906... ata a ratificación de 11 de xullo de 1906 coa que se pon fin ao asunto.

4.28: “Prorrateo del foral titulado da Abelleira”, da parroquia de San Breixo de Lamas. Gran atado formado por carpetiña de 72 follas escritas. Efectuado polo perito agrícola Rodríguez Seixo conforme ao auto formulado o 10 de maio de 1905 e que modifica o apeo presentado en abril de 1904. A copia é do 2 de setembro de 1906. Consiste no prorrateo da renda foral de 37 ferrados de centeo e millo miúdo máis seis capóns, que percibía dona Carne Varela Bermúdez, entre case 300 pagadores.

Engádesse case ao remate do expediente unha frase sospeitosa: “Según se ve y aparece de la antecedente operación de prorrateo, resulta visible desproporción en algunas fracciones, por lo que respecta a la distribución del importe de los capones. Tal desproporción, solo aparente, procede de varias compensaciones que hubo necesidad de realizar en el citado importe de los capones [...]”.

Acompaña índice xeral.

4.29: “2ª pieza del Apeo y prorrateo del foral denominado da Abelleira solicitado por Andrés Salgueiro y otros con Juan Quesada y otros”.

70 Neste ano era xuíz suplente na Estrada don Xosé Paseiro.

Bastante deteriorado por esposición á humidade. O foral estaba na parroquia de Lamas e o expediente comenza o 3 de setembro de 1906 coas providencias, presentado xa o prorrateo. Dise que este e máis o apeo constaban de 72 follas. O expediente acompáñase de exemplares do BOP dos seus números 215, do 25 de setembro de 1906 (no que se insiren os autos de aprobación do prorrateo e nomeamento de cabezaleiro do foro) e 53, de 6 de marzo de 1907. Remata o 6 de abril dese ano coas notificacións.

4.30: Copia de 20 de xaneiro de 1906 da declaración de único e universal herdeiro (nun atado de dous plegos de papel de selo) no que a condesa de Ramiráns<sup>71</sup> espuxo que don Xosé Varela Cadaval e dona María do Socorro Bermúdez Pardiñas Vilardefrancos Ribadeneira e Acevedo (falecida o 29 de decembro de 1885) casaran o 3 de marzo de 1844 e tiveran por fillos a dona María do Carme e a don Xosé María. Tras as sucesivas defuncións na familia resultaba por esta declaración único herdeiro *abintestato* do fillo da condesa<sup>72</sup> don Xosé Varela Cadaval.

Seguen dilixencias ata o 7 de marzo de 1911 de pago do imposto por transmisión hereditaria do Preguecido.

4.31: Do 9 de novembro de 1907 certificado de don Manuel Outeiro Vinseiro (avogado e xuíz da vila da Estrada) nun plego de papel selado, da inscrición no Rexistro Civil de Segundo Alfredo Antón Manuel Paseiro Andión, fillo do veciño de Callobre don Domingo Paseiro e de dona Olivia Andión Tato, da vila estradense.

Autenticado por Miguel Losada e Losada e con selo do viceconsulado da República Arxentina en Vilagarcía.

4.32: Cartilla da “Caja Postal de Ahorros” da serie H, número 2200, expedida o 4 de abril de 1911 “por mediación de la oficina de Correos de La Estrada”. O titular: Domingo Paseiro Andújar, veciño de Callobre.

A primeira imposición é do 21 de marzo de 1911 e a última do 17 de xaneiro de 1923.

4.33: Plego con memorial, liquidación e ganancias do gando que tiñan os catro caseiros do conde de Ramiráns no Preguecido<sup>73</sup> datado o primeiro de novembro de 1918.

4.34: Recibo no que André Montoiro afirma ter recibido de don Domingo Paseiro 102 pesetas para redimir a renda foral que lle correspon-

71 Que recurrira anteriormente por este motivo ao xulgado de Santiago en 19 de decembro de 1911.

72 Don Xosé Varela Bermúdez, que morrera solteiro, sen descendencia e sen testar.

73 André Andrade, Francisco Balaño, Uxío García e Xoán Corral.

día pagar no foral “dos Viscos”, pertencente ao marqués de Santa Cruz. Do 30 de abril de 1920.

4.35: Primeira copia do poder outorgado na vila do Porriño o 10 de xullo de 1920 ante o notario Hipólito Hermida Oubiña por dona Carme Varela Bermúdez, condesa de Ramirás, viúva “sin profesión especial” e veciña de Madrid a don Segundo Paseiro Andión. Nel autorízase a este “para que en nombre y representación de la señora otorgante, redima todos y cada uno de los censos y foros que pertenecen a la misma [...] y afecten a bienes radicantes en cualquiera de los términos municipales de La Estrada, Caldas de Reyes y Cuntis [...] por los precios y bajo las condiciones que estipulare el mismo don Segundo Paseiro”.

4.36: Certificación e traslado de 9 de maio de 1921 do remate e adxudicación de veigas que se venderan en pública subhasta o 29 de abril de 1921 e adquirira don Segundo Paseiro Andión como mellor postor: por unha demanda de 30 de novembro de 1919 presentada pola condesa de Ramirás (dona María do Carme Varela Bermúdez e Acevedo) contra Xosefa Agrelo Pena (viúva, veciña de Lamas e ausente na República Arxentina) sobre impago da renda do foro “da Abelleira”, houbo sentenza o 30 de xaneiro de 1920 condenatoria para a Xosefa e procedeuse ao embargo de bens coa asistencia do perito Bieito Vigo Munilla. Os bens embargados foron un total de 16 pezas radicantes non lugar da Abelleira que na poxa adquiriu, como dixemos, Segundo Paseiro.

Unha nota do propio Segundo Paseiro de abril de 1923 di que as vendeu todas.

4.37: Anotación de recibo nunha folla, do Concello da Estrada de 26257 pesetas e 86 céntimos en recibos pendentes de cobro dos anos 1916 ao 1921 o 24 de abril de 1922 polo recadador Segundo Paseiro Andión.

4.38: Folla cun recibo de entrega de documentación por don Segundo Paseiro, ex recadador municipal, firmado polo secretario do concello da Estrada e selado, de 18 de setembro de 1922. Entre os documentos recibidos estaban unha conta xeral de recadación, 24 cartas de pago... e recibos de Manuel García Barros.

4.39: Do 5 de agosto de 1923, borrador (ou copia sen autenticar nin legalizar) nun plego de papel, supostamente ante o notario Pío Casais Canosa, das últimas vontades de don Domingo Paseiro Andújar, con 83 anos. Estaba casado con dona Olivia Andión Tato e o matrimonio tiña doce fillos, aos que instituíu por herdeiros.

4.40: Atado de dous plegos (catro follas en total, tres delas manuscritas) coa relación de bens presentada ao liquidador de bens e dereitos reais do

partido o 9 de marzo de 1924 por dona Olivia Andión, viúva de Paseiro, pertencentes ao seu marido.

Figuran nela unha finca chamada Carballeira, en Friamonde (Callobre) cunha casa de dous altos, leiras, hórreo, muíño..., valorada en 6000 pesetas. Estaba composta por 38 partidas de bens, entre eles rendas forais. Excepcionalmente catro delas, as outras eran gananciais todas, “por haber sido adquiridas durante la sociedad conyugal”.

4.41: Sen datar, folla mecanografiada co que semella ser a relación dos foros que deixou don Manuel Rodríguez en Aguións, Arcos de Furcos e Lamas.

4.42: Primeira copia de constitución de censo reservativo o 18 de marzo de 1925, outorgada nesa mesma data en Madrid ante o notario don Pedro Tovar entre dona María do Carme Varela Bermúdez, condesa de Ramirán e don Segundo Paseiro Andión<sup>74</sup>. A finca obxecto de censo é o Preguecido<sup>75</sup>, que lle pertencía á condesa por herdanza de don Xosé María Bermúdez Acevedo e don Xosé Varela Cadaval. Cédella a Segundo Paseiro mediante a constitución da figura dun censo reservativo, en pleno dominio e a perpetuidade, reservándose ela o dereito a percibir unha pensión anual en metálico de mil pesetas. Por outra banda, “el señor adquiriente, y mientras no se redima el censo, por el pago total de las cuarenta mil pesetas, consentirá que la Excm. Señora Condesa de Ramiranes, use el piso alto de la casa enclavada en la finca [...] durante dos meses de verano previo aviso [...]”.

4.43: Copia nunha folla da escritura de venda da finca Besadiña ou Fondo de Santigrás, sita no lugar de Preguecido, o 12 de outubro de 1934 e efectuada por don Segundo Paseiro Andión a Indalecio Carbón Gómez, electricista. Ambos veciños de Aguións. O prezo foi de 195 pesetas.

4.44: Copia nun plego do 6 de decembro de 1937 da escritura mecanografiada de poder conferido por dona ..... , muller de don .....<sup>76</sup> ao seu pai ..... o 23 de outubro de 1934 para vender a don ..... e a don ..... parte da finca do Preguecido. Concretamente a “que sea necesaria para que los Señores ..... y ..... puedan hacer un embalse a fin de elevar el nivel de las aguas que utilizan para la producción de energía eléctrica en punto inmediato a dicha finca, elevación que sería de dos metros sobre el nivel de unas peñas que existen debajo de la fábrica a unos veinte metros aproximadamente, en la

74 Casado con dona María Cid Guede.

75 Que ambas partes están conformes en valorar en 40000 pesetas.

76 Veciños de Pontearreas.

finca del Preguecido. Además del terreno que ocupe el embalse podrá vender el necesario para construir el canal, a partir del embalse hasta llegar al extremo cerca del Puente Nogueira, y en la terminación de éste y parte inferior hacia el río, una porción más de doce áreas, cincuenta y ocho centiáreas para construir la casa de máquinas [...]”. Tamén da poderes a procuradores da Estrada, A Coruña, Pontevedra e Madrid.

4.45: Plego de selo mecanografiado do 24 de decembro de 1937 ou “II Año Triunfal” na terminoloxía da época. Nel, ante Francisco P. Llach Puig, avogado e notario, dona ..... , veciña de Aguións, outorga poder ao seu pai don ..... para “dar y tomar bienes en arriendo o aparcería, deshauciar arrendatarios y aparceros; cobrar rentas, pensiones e intereses y pagar unas y otros [...], asistir a juntas administrativas, de regantes y de comunidades [...]; contratar obras y servicios [...]”... Tamén confire poderes a procuradores da Estrada, Lalín, A Coruña e Madrid. Trátase dunha copia da data do outorgamento.

4.46: Primeira copia, de 17 de outubro de 1939, do testamento de dona ..... , viúva de don ..... , a favor dos fillos do seu matrimonio. Dado o orixinal o 20 de decembro de 1932, na Estrada, ante Francisco Alonso Rei, notario.

Ao seu fillo don ..... légalle “la casa vieja” da rúa do Mercado, na Estrada, en estado ruinoso, co salido, horta..., a herdade chamada Bedelle e a Cerrada Grande, tamén sita no que hoxe é a vila estradense e cunha extensión de máis de seis hectáreas.

A dona ..... a casa de Bedelle, de dúas plantas<sup>77</sup>, con hórreo e labradío tamén sitios en Bedelle. Tamén o Monte da Torre, a carballeira, de máis de dúas hectáreas.

A dona ..... o Rieiro (a labradío), Ramos de Abaixo (prado), a metade da cerrada de Pedregal (de máis dunha hectárea), a herdade denominada Canles (labradío), o Pradiño Novo, A Apartada... .

A don ..... as herdades de Bouza, Prado dos Ramos, Ramos de Abaixo, Granxa, Monte dos Ramos, Chan do Monte, Tallo Grande... .

A dona ..... unha cuarta parte da casa de Figueroa e horta, mancomunadamente cos seus irmáns dona Ramona, dona Anuncia e don Perfecto.

A don ..... a metade da chamada Fonte Sampaio (prado) e a Chaparreira do Carballiño, a do Carreiro, Reboiras, Pradiño Novo, catro quintos do Monte do Conde (máis dunha hectárea de extensión)...

77 Lindaba polo seu frente coa rúa que levaba ao matadeiro.

A dona ..... a metade de Fonte Sampaio, o Monte dos Campiños, o Monte do Pinar Anovado, unha quinta parte da finca Monte do Conde, o prado do Río dos Sapos... .

A dona ..... a casa do Cruceiro, con leiras e hórreo, de dúas plantas, a cerrada da Fábrica, os prados de Ramos de Riba e de Cano Sifón...

A dona ..... unha cuarta parte da casa de Figueroa, parte da finca chamada do Piñeiro...

A dona ..... unha cuarta parte da casa de Figueroa, parte da finca chamada do Piñeiro...

A don ..... o prado Ramos de Baixo, Monte do Conde, metade da cerrada do Carregal...

A don ..... unha cuarta parte da casa de Figueroa, parte do prado de Bedelle...

A dona ....., dona ..... e don ....., por partes iguais a casa nova na rúa do Mercado.

O gando vacún que coidaban os caseiros de Figueroa e O Cruceiro a dona ....., ....., ....., ....., ....., ..... e .....

Acompaña certificado do Rexistro Civil do 3 de abril de 1943 do falecemento de dona ..... o 22 de xuño de 1938.

Outro certificado das mesmas características, testemuño da morte de don ..... aos 83 anos o 11 de setembro de 1923, do 3 de abril de 1943.

4.47: Escritura de redención do censo reservativo do Preguecido estipulado entre dona María do Carme Varela Bermúdez e don Segundo Paseiro Andión no 18 de marzo de 1925, outorgada por dona María do Pilar<sup>78</sup> e don Xerardo Manresa Bermúdez da Ponte<sup>79</sup> e don Xaquín González-Conde García<sup>80</sup> a favor de don Segundo Paseiro Andión. En A Coruña, ante Xosé Antón Cienfuegos o 15 de xaneiro de 1947. María do Pilar, Xerardo e Xaquín eran beneficiarios do dereito a percibir as mil pesetas anuais por cada mes de maio ata a redención do principal. Co pago das 40000 pesetas, o censo redímese. A inscrición no rexistro de redencións é do 8 de marzo de 1948.

4.48: Folla mecanografiada contendo un “contrato de aparcería” do 11 de novembro de 1954 e dun ano de duración. Nel, don ....., veciño de Aguións pon nas mans de ..... leiras, unha casa e vacas de leite. Estas débeas coidar, muxir e manter pola metade da produción. Ademais obrígase o “aparcerero” a pagar a contribución cada trimestre (140 pesetas) e os impostos municipais.

78 Veciña de Madrid e sen profesión especial.

79 Estudante e tamén veciño da vila de Madrid.

80 Veciño de Murcia e teniente coronel do corpo xurídico militar.

4.49: Grapado de tres follas escritas e unha en branco no que se contén unha solicitude do procurador dos herdeiros de don ..... (falecido en Aguións o 4 de setembro de 1957), para a liquidación provisional dos Dereitos Reais á Facenda o 25 de novembro de 1957. Dilixencia de liquidación datada o 30 de xaneiro de 1958.

Deixara catro fillos, e outorgara testamento o 30 de decembro de 1926 constituíndoos por herdeiros.

É interesante a relación de bens adxunta, na que, entre os inmobles figura “Una finca formando coto redondo, con la denominación de Perguecido [...] compuesta de casa principal, con dos cuerpos o pisos, una capilla [...], hórreo, cuadras y otras dependencias, más cinco casas rústicas de planta baja, que sirven de morada a colonos, un molino harinero de cuatro ruedas, dedicado a molienda de maiz, conocido con el nombre de molino de Las Canizas [...], y por último todo el terreno que circunda dicha casa, el cual se halla actualmente a labradíos, prados, tojales y robledas, cuya superficie total excluida la sembradura del fundo de las urbanas es de 30 hectáreas, 67 áreas y 95 centiareas [...].

Dicha finca fue adquirida por el causante, en estado de casado, de la Condesa de Ramiranes a título de censo reservativo por escritura otorgada en Madrid el 18 de Marzo de 1925 ante el Notario don Pedro Tovar por la cual dicha señora censalista se reservó el derecho a percibir una pensión anual de 1000 pesetas en metálico”.

Valía a participación do causante na propiedade 160000 pesetas.

Tamén se menciona un solar na Baiuca valorado en 4000 pesetas e vacas e porcos por 5000 pesetas. Máis 20000 pesetas en cédulas do Banco de Crédito Local de España ao 4%, emisión de 1952...

O arquivo conta ademais, no apartado de mateirais especiais, con dous planos: un deles (signatura 4.50), sen datar, semella dos anos 60 ou 70 do século XX, de parte do casco urbán da vila da Estrada.

O outro (signatura 4.51) é o proxecto dunha pequena vivenda elaborado, según parece, pola marmolería industrial “Martínez y Paseiro”, da vila de Madrid. Tamén sen datar.

## Valoración e posibilidades de estudo da documentación

*A raíz e o terrón lenturento da seara, ou a terra enxoita, xa case cinza humán do cemiterio, ten nos estratos dos arquivos os seus posibles afloramentos.*

Ramón Otero Pedrayo. *Os Camiños da Vida*.

Restan por elaborar aínda instrumentos de descrición auxiliares, se ben máis específicos, coma as pertinentes árbores xenealóxicas, retrotraendo a xenea dos Soutomaioir da Casa do Preguecido a unha neta espúrea do grande mariscal do século XV galego, algo que sen dúbida fará o xenealoxista H. Picallo nunha labor de complementación dos seus sobranceiros estudos sobre esta estirpe. Tamén é probable que puidesemos remontar os vencellos dos Acevedo coa parroquia de Aguións ata o 1 de agosto de 1471, data na que o arcebispo don Alonso de Fonseca fixo feudo dela e doutras máis ao seu herdeiro don Luís de Acevedo.

Tampouco estaría de máis a confección de mapas de posesións nin unha maior profundización na microtoponimia, se cadra coa elaboración dun máis detallado índice.

No tocante ás pobilidades que a documentación que se catalogou ofrece aos investigadores, son en extremo variadas, máxime se a cotexamos coa conservada noutras institucións para a súa análise, o que contribuirá a complementar moitos aspectos dos que neste arquivo aparecen non máis que meros atisbos:

A súa lectura reflicte –de aí o título deste artigo– a situación de gran parte das propiedades agrícolas, que desde a Idade Media paraban en mans mortas, morgados ou diversas castes de señoríos que poñían serias trabas á súa libre circulación<sup>81</sup>. Así pervivía un sistema (que atopamos desde a documentación máis antiga ata ben entrado

81 Resultan ben locuaces a este respecto as cláusulas de moitas das cédulas e escrituras de compravenda que aínda no século XIX citan os dominios aos que se lles debe seguir a pagar renda e/ou dereitos independentemente de quen sexa o posuidor das terras.

o século XX) no que o foro, como contrato enfiteutico<sup>82</sup> de longa duración que era, garantía ao labrego o desfrute das terras a cambio do pago dun canon. Nos primeiros tempos pasou por ter certas vantaxas, pois aseguraba ao campesiño e aos seus herdeiros a estabilidade, mais os verdadeiros beneficiados eran os fidalgos medianeiros, que actuaban de intermediarios entre os propietarios do directo dominio e os labradores, obtendo suculentos beneficios do subaforamento de terras<sup>83</sup>. Esta fidalguía, ou entrado o XIX a nacente clase burguesa coa que se fusionou, semellan continuar coa mesma estratexia longo tempo, mediante actividades rendistas ou baixo a figura de arrendamentos<sup>84</sup>, pero sen chegar nunca a desenrolar unha verdadeira industria de manufacturas nin a invertir os aforros noutra cousa que en máis terras: os cartos das rendas da terra invertíanse en máis terras ou en gastos suntuarios (de aí o espléndido do barroco galego ou da nosa arquitectura pacega), pero non en reformas técnicas do agro ou no artellamento dunhas primeiras industrias.

Semella que os posuidores do pazo actuaban desde atrás a xeito de intermediarios desta estrutura, situándose entre os grandes posuidores e os labregos e detraendo unha sustanciosa renda polo mecanismo do subforo: Cónstanos que o 7 de abril de 1511 Xoán Rodríguez de Casal de Razo, escudeiro vecino de Santa María de Aguíóns, aforou a Gonzalo da Bragaña, de San Fiz das Estacas, o lugar de Ferreiros, sito en San Bréixome de Arcos, “que tenía por igual título de el Real Priorato de Sar, y en que vivía Rodrigo Pereira, con todas sus casas, pardiñeiros, heredades y más a él anejo [...] por renta dunha

82 Na lexislación española referente á liberdade de arrendamentos ou á redención de censos enfiteuticos farase sistematicamente unha diferenciación entre estes e os foros. Incluso a lexislación froito dos denominados gobernos liberais exceptuou nos da redención, relegando ao noso país a un estadio semicolonial.

83 A real Provisión de 11 de maio de 1763 define o subforo como a transmisión de parte das fincas aforadas a un terceiro, polo tempo e duración do foro, co a obriga de pagar outra pensión ao subforante, que recibe o nome de “señor medianero”.

84 Lembremos que leis como a de 3 de maio de 1823 declararon suficiente a presentación de documentos probatorios da territorialidade do señorío, sen solicitar a aportación dos títulos de adquisición, o que permitiu aos tribunais fallar sempre a favor dos oligarcas nos litixios que se suscitaron.

anega de pan mediado y dos quartillos de manteca”. E que o 22 de setembro de 1602 fíxose foro polo mesmo Real Priorato a Gómez Rodríguez de Riobó e a Elvira, a súa muller, “por sus vidas y quatro más de quatro señores Reyes (...), del lugar de Toende, por otro nombre do Río dos Sapos, en Santa Baya de Matalobos; del lugar y casal nombrado de Sar en Santa Marina de Barcala; y de la heredad que se dice da Longara en Santa María Daguiones; y de la quarta parte de una casa sita en la Rúa de Mazarelas desta ciudad (...), en renta de 14 ferrados de pan mediado y un par de capones”<sup>85</sup>...

Esta estrutura económica preside tódalas relacións humanas, xa que as persoas vencéllanse polo sistema produtivo no que se sosteñen, establecendo entre si relacións de produción que condicionan o conxunto do proceso social, político e creativo. Así, o dominio da terra conleva o dominio dos que nela viven: exemplos abondo de inxustos trabucos que pretendían confirmar o dominio e xurisdición de certos suxeitos témolos nas cláusulas de moitos contratos de foro gardados neste arquivo, onde laudemios e loitosas ocultan unha situación de manifesta desigualdade social que semella seguía patente ben entrado o XIX cos conflitos orixinados na vila polo imposto denominado “de Consumos”, que facía recaer nas clases máis humildes a imposición máis gravosa e que antes xa fora quen de transformar as prestacións persoais en rendas fixas baixo o epígrafe de “Servicios”.

O devir do foro desde o século XVI ata os intentos de redención do XIX e o seu colofón coa ditadura de Primo de Rivera aparece vivamente retratado nos papeis do pazo do Preguecido. ¿Son os prorateos de rendas forais de comezos do XX o resultado ou a reacción contra os directorios e asociacións antiforistas que xurdiron entón, cando se consolidou a capacidade organizativa do campesiñado galego? Convén lembrar que as últimas redencións de foros da nosa terra demoráronse moito máis que no resto da península, ata 1973.

85 Archivo Histórico Diocesano. Fondo do Real Priorato de Santa María de Sar.

O cardeal del Hoyo<sup>86</sup> dános outra clave para o poder da liñaxe de Gómez Rodríguez de Riobó, ao referirse á capela de San Bertomeu da catedral compostelán e ás súas rendas:

“En quinze días de nobiembre de seisçientos y quatro visité esta capilla. Está sita en la Iglesia Mayor, entre las de San Juan y la de los clérigos del choro.

Hay más en esta capilla çient misas cada año, que doctó Gómez Rodríguez, canónigo desta Sancta Iglesia; las nuebe de Nuestra Señora con sus vísperas cantadas, las quarenta y seis de difuntos con sus vigilijs todo cantado, las treinta y tres reçadas conforme al reço del día que se dixere. [...]

Es patrón desta memoria Gómez Rodríguez de Riobóo, veçino de tierra de Bea, el qual nombra capellán por uno o más años según le paresçe y le paga lo que se conçierta. Dijo las del año de seisçientos y tres Fernando Botana y Juan de la Hoça y Gonçalo Fandiño.

Está a cargo del cavildo de Santiago saber si se cumple esta memoria [...], y si el patrón no dice las dichas misas dice la fundación que subçeda en el dicho vínculo el dicho cavildo; y así si alguna vez, pasado el año, se quexa el capellán o capellanes que no les han pago haçe el cavildo su protesta para entrarse en la dicha hazienda.

Está sepultado en esta capilla el dicho Gómez Rodríguez en el suelo della. [...]

También doctó el cardenal Aníbal Rodríguez en esta capilla otra dotación de misas y por patrón al mismo cabildo a quien dexó su haçienda.

Hay en esta mesma capilla de Sant Bartolomé una memoria que dexó el canónigo Aníbal Rodríguez. Está a cargo del cabildo, el qual nombra capellanes que suelen ser seis [...]”.

Chegados aquí cómpre decir que chámase capelanía á fundación feita por algunha persoa coa carga ou obriga de celebrar anualmente certo número de misas en certa igrexa, capela ou altar. Poden ser mercenarias, colativas e xentilicias. As primeiras, que tamén se chaman laicais ou profanas, son as que se institúen sen intervención da autoridade eclesiástica e non serven de título para ordearse, de forma que veñen ser propiamente vinculacións ou morgados co gravame de celebrar ou mandar celebrar os seus posuidores nas igrexas, capelas ou altares designados polos fundadores certo número de misas. Dinse mercenarias, porque o sacerdote encargado das misas só ten

86 Hoyo, Jerónimo del. Memorias del Arzobispado de Santiago. Manuscrito de 1607-1620 gardado no Arquivo Histórico Diocesano de Santiago de Compostela. Folio 125 e ss.

dereito á “merced”, premio ou estipendio que por estas se asignare. Laicais porque as posúen os legos; e profanas, porque os bens de que se compoñen, continúan na clase dos temporais. Tamén se denominan memorias de misas, porque son fundacións de misas que un fai para conservar a súa memoria. Legados píos, porque soen instituírse en testamento por vía de manda ou legado; e patronatos de legos, porque os posuidores son legos e considéranse como patronos que poden nomear sacerdote que celebre as misas e removelos a vontade súa, ou mandalas celebrar a calquera sen necesidade de nomeamento; polo cal chámanse amovibles a vontade, e manuais, pois que está no arbitrio e na man dos patronos deixalas ou quitalas ao sacerdote que nomearon. Poden fundarse por contrato ou por disposición de última vontade, mais para elo é indispensable licencia do rei, do mesmo modo que para a erección de morgados, segundo se declarou por Real Resolución de 20 de febreiro de 1796 e circular de 20 de setembro de 1799. Os bens das capelanías non podían allearse, nin prescribirse nin desmembrarse ata a Real Cédula de 19 de setembro de 1798. Na lei de 27 de setembro de 1820, restablecida en agosto de 1836, suprímense e restitúense á clase de libres todos os morgados, patronatos e calquera outra especie de vinculacións de bens raíces, mobles, semovientes, censos, xuros, foros ou de calquera outra natureza; e dispónse que ninguén poderá no sucesivo, anque sexa por vía de mellora, nin por outro título nin pretexto, fundar morgado, fideicomiso, patronato, capelanía, obra pía, nin vinculación algunha sobre ningunha clase de bens ou dereitos, nin prohibir directa ou indirectamente o seu alleamento. O patrono cumpre con levantar a carga, esixindo recibo do sacerdote que celebrou as misas para acreditar o seu cumprimento ao bispo, e posúe os bens como de morgado, e non paga subsidio nin outro dereito. Como os bens son enteiraamente profanos, o bispo nada ten que ver con eles, e só pode inspeccionar o cumprimento das cargas.

Emporén, a fundación dunha capela non deixaba de ser outro dos métodos de preservación privilexiada do patrimonio e dos mecanis-

mos de poder que tamén podemos contemplar na documentación estudada desde os seus mesmos inicios.

Podemos rastrexar nos papeis do pazo indicios doutras fundacións, como a efectuada por unha esquecida persoaxe de fasquía, don Xoán Bermúdez de Castro “criado de la Reyna nuestra Señora y portero de su real Caballería”<sup>87</sup>, casado coa baronesa dona Beatriz de Silveira, que “fundó en esta Yglesia una capilla con obligación de setenta y una misas reçadas en cada un año”. Case douscentos anos median entre o primeiro capelán, don Miguel de Soto, instituído polo propio don Xoán e don Xosé María Colmelo, que polo arquivo do Preguecido cóstanos seguía a desfrutar das suculentas rendas afectas a esta fundación ou memoria de misas –que contaba cun censo de case 25000 reais de capital instituído por este ribeirense mediante o seu voluminoso testamento, dado en Madrid ante o escribán Francisco Castellano no 1659.

As relacións coas oligarquías locais, como a existente entre os Bermúdez de Sangro e os Paseiro propiciaban este sistema de explotación das terras, mediatizadas polas labores de administración destes últimos nos bens dos primeiros. Como exemplo que podemos enxergar, está o soterramento o 23 de abril de 1782 de don Alberte Paseiro nunha das sepulturas dotadas na igrexa de Calobre polos presenteiros: “se dio sepultura en una de la Capilla maior (del patrono de dicha yglesia a quien corresponde presentar este beneficio), con licenzia pedida y concedida por D<sup>a</sup> Theresa Moscoso, y Miranda, como tutora y curadora de los Hijos menores que quedaron de Don Francisco Bermúdez de Sangro difunto patrono, y presentero in solidum de este Curato, sin hacer simil, ni derecho que jamás tubieron, ni tienen el Difunto ni sus erederos mas que el beneplácito, y gracia de quien va dicho corresponde [...]”<sup>88</sup>.

87 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondos Parroquiais. Libros rexistro de contas de fábrica de Santa Mariña de Ribeira (1636-1672).

88 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo de San Martiño de Calobre. Libro rexistro de partidas sacramentais (1678-7163).

Relacións que podemos rastrexar noutros arquivos coma os parroquiais, e que levaron aos Paseiro a vencellarse aos máis sobranceiros apelidos estradenses no seu proceso de adaptación aos novos tempos decimonónicos, nos que non dubidaron en sumarse ao estamento militar ous as xudicaturas algúns dos seus membros: No 1810 celebrouse o enlace matrimonial de don Vicente María de Silva Ozores Ponce de León, veciño de Arnois e fillo de don Ramón María de Silva e de dona Francisca de Borja Ozores, con dona Tareixa Paseiro Cadavid, filla de don Bonifacio Paseiro e dona María Ignacia Cadavid<sup>89</sup>.

No 1841 naceu un fillo de don Eusebio Paseiro “teniente retirado y natural de esta [...] y de d<sup>a</sup> Ana Vidal natural del Reyno de Méjico”, do que eran avós paternos don Bonifacio Paseiro e dona María Cadavid. Os avós maternos eran don Francisco Clemente Vidal (veciño de Lamas) e dona María Ignacia Cepeda (de México), de “oficio comerciantes”<sup>90</sup>. Tiveron polo menos catro fillos máis, seguindo a estratexia reprodutiva do momento.

No 1877 naceu “en la Casa de Valiñas” de Callobre un fillo de don Xosé Cervela e de dona Pilar Paseiro, do que eran avós maternos don Eusebio Paseiro e dona Ana Vidal<sup>91</sup>.

No século XVIII foran outras as bases da súa preeminencia: o 5 de febreiro de 1708 coa fundación por Santiago Paseiro, veciño de San Xiao de Veá, da capelanía de Nosa Señora do Rosario, incluída na parroquial de Santa Cristina de Veá e á que vencellara diversos bens. No 1728, don Xoán Ambrosio Paseiro de Vila e Miranda (fillo de Santiago Paseiro e de Ignacia de Cortes) era clérigo de prima tonsura e xa posuía un canonicato na Colexiata de Santa María de Iria. Tal fulgurante carreira debíase a que o seu tío don Alberte Paseiro de Vila e Miranda, fora cóengo alí “quien renunció dho Canonicato y

89 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo de San Martiño de Callobre. Libro rexistro de actas de casamentos (1804-1858).

90 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo de San Martiño de Callobre. Libro rexistro de actas de bautismo (1834-1858).

91 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo de San Martiño de Callobre. Libro rexistro de actas de bautismos (1859-1893).

Preventa en dho su sobrino”<sup>92</sup>. Semella que este idilio coa Igrexa rematou cando, para resolver o aganamento da Facenda Pública pola monarquía española durante séculos, chegaron as desamortizacións e xa non era senón onerosa carga o patronato de capelanías: sabemos que no 1796 don Xosé Cadavid “Administrador de la Real Renta del Tabaco en el Partido de la Estrada, como Patrono de la Capellanía Advocación de Santo Domingo en la Parroquia de San Juan de Cerdedo” tivo pleito co capelán da mesma. Este afirmaba que Cadavid, ademais de non pagarlle non quería provela de cera, viño nin hostias “con pretextos frívolos y nada regulares, y aún no contento con esto que obliga a mi parte a que satisfaga los derechos de la Real Gracia del Subsidio siendo así que no está [en] posesión de bienes algunos, no goza otras rentas que la limosna y congrua que por la fundación le suministra de unos miserables veinte ducados y diez hanegas de centeno con la obligación de celebrar por ella una misa semanaria [...], y las demás rentas quedan en poder de dicho Patrono excedente [...] para cumplir con las más cargas del Beneficio quales son entre otras la Provisión de cera, y más oblata del Santo Sacrificio, y la satisfacción de los impuestos de la Capellanía”<sup>93</sup>. Condenouse ao Cadavid e foi ameazado con embargarlle as rendas da capelanía.

Mudaran os tempos, e ao mellor por eso tivo lugar o acceso por compra a unha escribanía que sabemos que aconteceu no 1791 por renuncia en Bonifacio Antón Paseiro do seu propietario Caietano Nicolás Vidal de Limia veciño de San Fins de Solovio (Santiago de Compostela), aínda que natural de Santa Baia de Pardemarín. Ou o oficio de Administrador de Rendas do Tabaco que detentaba o Xosé Cadavid.

Ata hoxe, podíamos remontar a liñaxe dos Paseiro, botando man doutros arquivos estradenses, ata o ano 1592<sup>94</sup>. O Arquivo do Pazo

92 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondos Arcebispaís 624.

93 Arquivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo Provisorato. Serie Beneficial. C-24.

94 Desta data, coñecemos o testamento de Gregorio Paseiro “o vello”, posuidor do lugar da Batalla en Santo Estevo de Lagartóns, que hipotecou para dotación perpetua da súa sepultura. Tirando do fio dos papeis soubemos que sobre estes bens fundouse logo unha

do Preguecido permítenos retrotraer este apelido a comezos do XVI, do mesmo xeito que nos aporta datos sobre a vida de persoaxes relevantes da nosa comarca: desde a liñaxe dos Leira de Parada ou os Castro da poderosa Casa de Xerliz –hoxe reducida a pouco máis que unha morea de pedras e a piques de desaparecer a súa capela anexa– ata os máis modernos suxeitos da vila, como Bieito Vigo Munilla ou Ricardo Luces Miranda aparecen neste sesgado retrato, no que unicamente se aprecian algunhas desvaídas caras -e non sempre as mellores- de diversos persoeiros.

O gran número de documentos vencellados ao eido agrícola tamén podería dar pé ao estudo da ausencia dunha revolución agraria como condición previa á industrialización<sup>95</sup> ou protoindustrialización na vila estradense e á visualización do legado do longo réxime feudal, materializado primeiro no casal como unidade produtiva; logo, nunha pésima distribución da propiedade; na imposibilidade de variar e diversificar os cultivos pola eiba dos foros, que impedían calquera modificación ou a introdución de novas especies vexetais; na inexistencia de innovación técnica algunha no século XIX e aínda

capela, e que coas leis desamortizadoras se dividiron os bens afectos a ela entre os parentes do fundador. No ano 1861 posuíaos a viúva de don Gregorio Fraga, dona Vicensa Bermúdez, señores da capela e Casa da Algalia sita en Guimarei..., pero esa é outra historia.

- 95 Galicia unicamente aportou no 1856 Contribución Industrial o 5,61% do total da produción fabril española, sendo daquela a súa poboación nada menos que o 12% do total. Coas illas Canarias, o noso país estaba xa nun merecido atraso respecto ao desenrolo industrial peninsular: en todo o século XIX a participación da rexión galega no Produto Interior Bruto español non medrou máis que un punto: pasou do 5,4% no ano 1800 ao 6,4% no 1901. Privados dunha revolución agraria non podemos gabear ao tren da revolución industrial. Autores como Jordi Nadal son da opinión de que houbo ausencia de revolución industrial; como moito recoñecen unha mera reforma liberal que, lonxe de alterar a posición das vellas clases dominantes, só outorgou liberdade á figura do labrego, mais alonxándoo da propiedade da terra que tanto anceiaba. Isto foi o froito do tépedo dos nosos procesos revolucionarios modernos, de moderados plantexamentos moi alonxados do que acontecera na Francia xa no XVIII. Aquí non houbo nin revolta campesiña nin radicalización urbana: a monarquía feudal substituíuse pola parlamentaria con sufraxio censitario no que só votaban os que tiñan medios de fortuna e que era o xeito de preservar os intereses dos beneficiados do pasamento da propiedade medieval á burguesía; moi ben o vira xa no 1828 o alemán V. A. Huber cando afirmara que a nosa revolución se fixera “sin o concurso da masa do pobo”.

no XX; nas trabas que a Igrexa puxo ao xurdimento dunha burguesía capitalista e ao avance económico...: o que levou ao labrego á emigración como única saída viable.

Lembremos tamén que os datos referentes á instalación dunha das primeiras plantas xeradores de enerxía eléctrica que nos proporciona o arquivo do pazo do Preguecido son de ben entrado o século XX e semella tratarse doutra das estratexias adaptativas dos membros da plutocracia local aos novos tempos: ¿rematou a detracción de parte das rendas agrarias durante séculos por proporcionar a acumulación de capital necesaria para as nacentes protoindustrias? Se así foi, aconteceu bastante máis tarde que en outras partes da Península Ibérica. Aquí os señores medianeiros tardaron demasiado en constituír un grupo empresarial e en iniciar actividades industriais. ¿Son debedoras as incipientes e actuais industrias estradenses de transformación dos capitais desta burguesía ou máis ben son froito dos capitais conquistados coa emigración dos labregos?

Os papeis do pazo pódennos axudar a comprender e valorar o sistema de vendas de bens desamortizados (as máis das veces mediante poxa, froito da crenza nas escelencias do libre comercio da terra sen comprender nin compartir as dificultades dos pequenos propietarios), que permitiu o acceso da burguesía acaudalada ás grandes propiedades e dominios señoriais dos que outrora actuaba como intermediaria, para coñecer en que medida participou na xénese da vila e na distribución das propiedades ou cales foron as constantes do xogo polo que se transformou aos vasalos en foreiros e logo en caseiros obedientes. Lembremos que a finalidade deste proceso foi a modificación das estruturas agrarias feudais galegas ou, se se quere, a súa substitución por outras máis propicias para o desenrolo da produción capitalista dacordo cos principios do liberalismo económico do século XIX: pasar dunha propiedade vinculada, colectiva, dividida, gravada en esceso..., a outra de titularidade privada da que se beneficiaría a burguesía que a promoveu. Deste aspecto queda patente a súa relevancia se temos en conta que o partido xudicial de

Tabeirós foi o da provincia no que máis fincas se venderon entre 1855 e 1908 das nacionalizadas<sup>96</sup>.

A xénese política do concello tamén se pode rastrexar nos papeis do Preguecido, se ben de xeito sumario, atendendo á conservación nel dun dos primeiros e vedraños expedientes de formación de corporación municipal en Cereixo.

Resumindo, o que para as familias posuidoras do pazo non foi senón un instrumento de xestión –ata o século XIX non se consideraban arquivos os documentos acumulados por organismos privados– é para nos patrimonio histórico documental ao amparo dos artigos 49.4 e 49.5 da lei 13/1985 do Patrimonio Histórico Español, e é tamén o complemento axeitado de moitos arquivos públicos. Encol deste patrimonio podemos erguer castelos de xenealoxías, moreas de traballos toponímicos, de historia social e das mentalidades, de estudos económicos que sobrepasan o artificioso ámbito municipal, da xénese decimonónica da nosa vila e concello, da súa historia agraria, local e eclesiástica ou relixiosa...

---

96 Máis de 800 hectáreas. É moi interesante ao respecto, do Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra, na serie de Expedientes de Excepción de Montes, A Estrada 3, U. I. 682.

## Índice onomástico

### A

- Abeleira, María de: 2.18  
 Abelleira, Bieito da: 4.27  
 Abraldes de Mendoza, Xoán: 1.14, 2.21  
 Administrador de Tabacos [ou de rendas do Tabaco]: 2.46, 3.34, 3.36, 3.40, 3.52, 3.64  
 Acevedo, Antón Luís de: 2.45, 2.47, 3.61  
 Acevedo, Baltasara de: 1.06  
 Acevedo e Abraldes, Antón Luís de: 1.06, 1.14, 1.15, 2.38, 2.44  
 Acevedo, Luís Antón de: 1.07, 1.08, 2.44  
 Acevedo e Ribeira, Xosé Francisco de: 1.07, 1.08, 1.10, 1.11, 2.43  
 Acevedo Ribeira e Soutomaior, Xosé Francisco: 1.08  
 Acevedo, Ramón de: 2.49  
 Acevedo, Xosé de: 3.43  
 Acevedo Yebra, Ramón Bieito: 1.06, 1.16  
 Afonso, Fernán: 2.06  
 Afonso, Rodrigo: 2.06, 2.07  
 Agar, Santa Mariña de: 3.64, 4.06  
 Agrelo, André: 4.21  
 Agrelo Pena, Xosefa: 4.36  
 Aguións, Santa María de: 1.01, 1.03, 1.05, 1.08, 1.09, 1.14, 1.16, 2.13, 2.22, 2.23, 2.24, 2.28, 2.32, 2.33, 2.36, 2.43, 2.45, 3.22, 3.38, 3.64, 4.04, 4.06, 4.18, 4.41, 4.42, 4.43, 4.44, 4.45, 4.48, 4.49  
 Alborja, Alonso: 2.11  
 Allariz, Vila de: 3.66, 4.24  
 Alonso, María: 1.05  
 Alonso Rei, Francisco: 4.46  
 Álvarez, Francisco: 1.13  
 Álvarez, Xoán: 2.34, 3.50  
 Anceis, San Xoán de: 3.63  
 Ancorados, San Pedro de: 1.08, 1.13, 3.43, 3.64, 3.66, 4.06, 4.15  
 Ancorados; San Tomé de: 1.08, 3.64, 4.06  
 Andiñón Tato, Olivia: 4.22, 4.31, 4.39, 4.40, 4.46  
 Andrade, André: 4.33  
 Andrade, Silvestre de: 3.58  
 Andújar, Eusebio: 4.22  
 Andújar, María: 4.15, 4.26  
 Andújar, Mercedes: 4.17  
 Andújar, Xosé de: 3.64, 4.04  
 Andújar, Xurxo: 3.62  
 Anzo, San Xoán de: 3.26  
 Araúxo, Pedro de: 3.63  
 Arcos, San Bréixome de: 1.05, 1.13, 2.39, 3.49, 4.09, 4.13, 4.41  
 Aren e Losada, Francisco de: 1.10  
 Aren e Losada, Pedro de: 2.43  
 Arnois, San Xiao: 3.64  
 Arrabalos, Santa Cruz de: 1.08, 1.11

### B

- Baión, San Xoán de: 2.33  
 Balado, Fernando: 4.04  
 Balado, Xoán: 2.39  
 Baleato, Francisco: 2.41, 2.42  
 Baliño, Francisco: 4.33  
 Balseiro, Domingo: 3.43  
 Ballo, Bieito: 2.36, 2.37  
 Bandín, Xoán: 2.47

- Baños, Ana María de : 3.35  
 Baños, André de: 3.35  
 Baños, Santa María dos: 2.02, 2.05, 2.10, 2.21, 2.35, 2.38, 2.40, 3.49, 3.64, 4.20  
 Baños, Xosé María: 4.27  
 Baños, Xurisdición dos: 1.16, 2.02, 2.20  
 Barbude, San Martiño de: 1.08, 3.31, 3.64, 4.06  
 Barca de Sarandón: 3.08, 3.64  
 Barcala, Antón: 3.66, 4.02  
 Barcala, Francisca de Paula: 3.58  
 Barcala, María: 3.36  
 Barcala, Pablo: 3.31  
 Barcala, Domingo Antón: 3.39  
 Barcala, San Miguel de: 1.13, 1.14  
 Barcala, Xoán: 3.37  
 Barcala, Xoana: 3.31  
 Barco, Domingo de: 2.37  
 Barro, María: 4.14  
 Barros, Xosé de: 3.66  
 Basadre Zúñiga Mendoza e Figueroa, Bieito: 3.63  
 Basadre Zúñiga Mendoza e Figueroa, Xoán Bernardino: 3.63  
 Bascuas, Ciprián de: 3.31  
 Bascuas Porto, Xosefa: 4.27  
 Bello, Xoán: 2.01  
 Beltrán, Xosé: 2.47  
 Beluso, Roque: 3.66  
 Ben, Pedro Lorenzo de: 2.01  
 Ben, Roi de: 2.17  
 Berdoias, San Pedro de: 1.05  
 Bergueiro, Fabián: 3.24  
 Bergueiro, Xacinto: 3.24  
 Bermúdez Acevedo, Xosé María: 4.42  
 Bermúdez da Ponte, Xosé: 4.21  
 Bermúdez de Castro, Xoán: 3.43  
 Bermúdez de Miranda, Xosefa: 3.63  
 Bermúdez de Sangro, Francisco: 3.38  
 Bermúdez de Soto e Cisneros, Pedro Antón: 3.24  
 Bermúdez, María: 2.49  
 Bermúdez, Pedro María: 1.02  
 Bermúdez Pardiñas Vilardefrancos, Pedro María: 3.61, 3.62  
 Bermúdez Pardiñas Vilardefrancos Ribadeneira e Acevedo, María do Socorro: 4.30  
 Berres, San Vicenzo de: 1.05, 4.06  
 Besteiro Ferreiroa, Xosé: 4.15  
 Besteiros, Xosé: 3.58  
 Blanco, Antón: 3.52  
 Blanco, Pascoal: 3.42  
 Blanco, Xoán: 4.04  
 Bouzada, Lucas da: 2.39  
 Bouzón, Xacoba: 3.66  
 Brañas, Xosé María: 4.17  
 Brei, Esteva de: 3.33  
 Buela, Bernaldo: 2.49  
 Buela, Xoán Antón: 3.61
- ## C
- Cabaleiro, Domingo: 2.21  
 Cabanas, Antón: 2.05  
 Cadavid, Antón: 3.19, 3.52, 3.55, 3.66  
 Cadavid, Eusebio: 3.64  
 Cadavid, María Ignacia: 3.19, 3.31, 3.36, 3.52, 3.64, 3.66, 4.01  
 Cadavid, Tareixa: 3.19, 3.30, 3.45, 3.66  
 Cadavid, Rosa: 3.19  
 Cadavid, Xosé: 3.19, 3.52, 3.60, 3.64, 3.66

- Caixa Postal de Aforros: 4.32  
 Caldas de Cuntis, Santa María de: 1.05, 2.05  
 Calderón e Andrade, Francisco: 3.25  
 Calderón e Valdés, Vicente Fins: 3.25  
 Calderón, Xaquín María: 3.25  
 Calderón, Xosé María: 3.25  
 Callobre, Antón: 3.31  
 Callobre, San Martiño de: 1.01, 1.08, 1.13, 2.04, 2.40, 2.48, 3.01, 3.02, 3.03, 3.06, 3.15, 3.16, 3.17, 3.21, 3.23, 3.24, 3.26, 3.28, 3.29, 3.31, 3.36, 3.41, 3.47, 3.48, 3.50, 3.52, 3.53, 3.56, 3.60, 3.63, 3.64, 3.66, 4.01, 4.02, 4.05, 4.06, 4.15, 4.16, 4.27, 4.31, 4.32, 4.40  
 Calvelo, Domingo de: 1.12  
 Camanzo, San Salvador de: 4.15  
 Campo, Domingo Núñez do: 2.35  
 Campo, Francisca do: 3.52  
 Campo, Manuel do: 3.52  
 Campo, Martiño do: 3.05  
 Campo, Pedro do: 2.34, 3.52  
 Campos Paseiro, Isaac: 4.44  
 Canaleta e Cadavid, Petronila: 3.55, 3.66  
 Capela da Santísima Trinidad: 3.63  
 Capela de San Bertomeu: 1.16  
 Capela do Preguecido: 1.01  
 Capela dos Ferros: 2.42  
 Capelanía de San Ildefonso: 3.43  
 Carballa, Tareixa: 3.09  
 Carballido, Inés: 3.31  
 Carballo, Bieito: 1.05  
 Carballo, Catalina: 2.26  
 Carballo, Gonzalo: 2.08  
 Carballo, María Antonia: 4.14  
 Carbia, Ignacio Antón de: 3.31  
 Carbón, Fernán: 2.23, 2.28  
 Carbón Gómez, Indalecio: 4.43  
 Carbón, Ignacio: 3.31  
 Carbón, María Antonia: 3.37  
 Cardeal Mondragón: 2.17  
 Cardelle, Xoán de: 2.06  
 Casa de Ramirás: 1.11, 1.14  
 Casa e morgado do Preguecido: 1.06, 1.08, 1.09, 1.15  
 Casa e torre do Preguecido: 1.05, 1.12  
 Casal, María Antonia do: 3.29  
 Casa de Figueroa: 3.20, 3.52  
 Casais Canosa, Pío: 4.39  
 Castedo Veiga, Manuel: 4.49  
 Casteláns Figueroa, Leonardo: 4.15  
 Castrelo, San Martiño de: 1.05  
 Castro, André de: 3.52  
 Castro Balboa, Xosé de: 1.06  
 Castro, Bernaldo de: 3.63  
 Castro, Ciprián de: 3.49  
 Castro, Diego de: 2.20, 2.38  
 Castro, Gabriel Rafael de: 3.26  
 Castro Ledo, Manuel de: 3.66  
 Castro, Manuel de: 3.52  
 Castro, Santiago Bieito: 3.63  
 Castro, Xacobe de: 2.48  
 Castro, Xosé de: 3.10, 3.11  
 Cerdedo, San Xoán de: 3.64  
 Cereixo, San Xurxo de: 1.05, 2.48, 3.13, 3.23, 3.24, 3.31, 3.62, 3.64, 4.04, 4.06  
 Cervela, Anxo: 1.01  
 Cesullas, Santo Estevo de: 1.05  
 Cid Guede, María [Preciosa]: 4.24, 4.42, 4.49  
 Cienfuegos, Xosé Antón: 4.47  
 Ciorraga Soto, Xoán: 4.22

Cisneros, Bertomeu: 3.25  
 Cisneros, Xoán Antón: 2.47  
 Codesda, San Xurxo de: 4.04  
 Cofradía de Nosa Señora das Neves:  
     3.63  
 Colexiata de Iria: 3.01, 3.02, 3.03,  
     3.31  
 Colmelo, Xosé María: 3.43  
 Concello da Estrada: 3.03  
 Conde, Ánxela: 3.31  
 Conde de Altamira: 3.16  
 Conde de Amarante: 2.48, 3.16, 3.64  
 Conde de Ramiráns [ou condesa  
     de]: 4.21, 4.27, 4.28, 4.29, 4.30,  
     4.33, 4.35, 4.36, 4.42, 4.49  
 Conde de Ribadavia: 3.16  
 Conde de San Xoán: 4.18  
 Conde de Ximonde: 3.31  
 Constenla, André: 3.22, 3.39  
 Cora, San Miguel de: 2.16, 2.20,  
     2.39, 2.49, 4.06  
 Corcubión, Partido de: 2.46  
 Corral, Bieita: 3.21  
 Corral, Domingo Antón do: 3.15,  
     3.16  
 Corral, Xoán: 4.33  
 Cortes, Ignacia de: 3.03  
 Cortes, María de: 3.14  
 Cortes Mon, Xoán Antón de: 1.08  
 Coto, Baltasar do: 3.63  
 Coto, Xosé do: 3.33, 3.59  
 Cotón de Castro e Llorente, Pedro:  
     1.02  
 Couso, Santa María de: 1.13, 2.47,  
     4.06  
 Couto, Alonso do: 2.16  
 Covas, Catalina de: 1.13  
 Covas e Martínez, Domingo André  
     de: 2.44

Covas, Xoán de: 2.20  
 Cubelo, Santiago: 3.45  
 Curantes, San Miguel de: 3.60, 3.64

### *Ch*

Chantada, Miguel de: 1.05

### *D*

Deira, Bieito: 2.02  
 Devesa, Xesús: 3.31  
 Devesa, Xoán: 3.23  
 Deza, Xurisdición de: 3.26  
 Domínguez, Bertomeu: 2.19  
 Dorelle, Froitoso: 4.04  
 Durán; Alonso: 3.38  
 Durán; Antón: 3.35  
 Durán, Bernaldo: 3.63  
 Durán, Gregorio: 2.32  
 Durán, Miguel: 3.63  
 Durán, Xosé: 3.52

### *E*

Eira, Manuel de: 3.52  
 Ervés, Xosé: 4.11  
 Este, Santa Baia do: 3.66

### *F*

Fandiño, Bernaldo: 3.43  
 Fernández, Antonia: 3.66  
 Fernández Benavente, Benigno:  
     4.17  
 Fernández e Leis, Damián: 1.16  
 Fernández, Gonzalo: 2.18  
 Fernández, Sabela: 3.16  
 Fernández, Xoán: 3.06, 3.31, 3.54,  
     3.66

Feros, Pedro: 4.04  
 Ferro, María: 3.63  
 Figueroa, San Paio de: 1.01, 1.05,  
 1.08, 2.26, 2.34, 3.20, 3.22,  
 3.30, 3.34, 3.35, 3.38, 3.40,  
 3.41, 3.42, 3.45, 3.52, 3.57,  
 3.64, 3.65, 3.66, 4.03, 4.07,  
 4.08, 4.14, 4.23, 4.46, 4.49  
 Fociños de Bendaña Vallo de Porras,  
 Vicente: 3.63  
 Fociños de Bendaña, Xacinto: 3.63  
 Folgoso, Santa María de: 4.27  
 Fontenla, Xoán Manuel: 4.04  
 Frades, Santa María de: 1.08, 1.13,  
 4.06  
 Fragoso, Martiño de: 1.08  
 Fraíz, Manuela: 3.06

## G

Gaioso, Fernando de: 3.31  
 García, Alberte: 3.31  
 García Barros, Manuel: 4.38  
 García, Domingo Antón: 3.36  
 García, Francisco Antón: 2.49  
 García, Pedro: 2.16, 2.39  
 García, Uxío: 4.33  
 García, Xacobe: 4.04  
 Godoi, María de: 2.38  
 Gómez, Helena: 2.40  
 Gómez, Xiao: 3.66  
 Gómez, Xoán: 3.43  
 Gómez, Xosé: 3.31, 3.52  
 Gómez Paseiro, Ramón: 3.43  
 González, André: 3.63, 3.66  
 González, Bastián: 2.10  
 González-Conde García, Xaquín:  
 4.47  
 González de Figueroa, Xoán: 2.07

González Piñeiro, Domingo: 2.40  
 González Rial, Martiño: 1.15  
 González, Xoán: 3.03  
 Graña, Gregorio da: 2.13, 2.22, 2.24  
 Graña, Xoán: 3.49  
 Guerrero Conde, Pedro: 3.32  
 Guimarei, San Xiao de: 1.05, 3.31,  
 3.32, 3.34, 3.36, 3.42, 3.44,  
 3.45, 3.52, 3.64, 3.65, 3.66,  
 4.03, 4.04, 4.08, 4.09, 4.12,  
 4.14, 4.20, 4.23

## H

Hermida Oubiña, Hipólito: 4.35  
 Hermida, Xacinta de: 3.31  
 Hermida, Xoán de: 3.15, 3.16  
 Hermida, Xosefa de: 3.31  
 Hospital de San Lázaro: 1.05  
 Hospital de Santa Marta: 1.05

## I

Iáñez, André: 3.66  
 Ibáñez Sarmiento de Pazos, Sabela:  
 1.01, 1.08  
 Igrexa, Francisca da: 3.52  
 Irixe, O: 4.24  
 Isorna, Xosé: 4.17

## L

Laceiras, Domingo: 2.17  
 Lagartóns, Santo Estevo de: 1.05,  
 1.08, 2.45, 3.31, 3.32, 3.33,  
 3.36, 3.63, 3.64, 4.06, 4.18, 4.26  
 Lamas, San Bréixome de: 1.05,  
 1.08, 2.18, 2.48, 3.01, 3.23,  
 3.31, 3.64, 4.04, 4.06, 4.21,  
 4.27, 4.28, 4.29, 4.36, 4.41

- Lamas, Xoán de: 3.63  
 Leira, Felipe de: 3.38  
 Limeses, Xosé: 4.04  
 López, Xoán: 1.07, 1.12  
 López de Bentusiños, Xoán: 2.31, 2.33  
 López de Ribeira, Ramón: 4.04  
 López Fernández, Roque: 3.36  
 López, Roi: 2.01  
 López Montero de Andrade, Tomé: 3.01, 3.31  
 Lorenzo, Alonso: 3.39  
 Lorenzo, Bieito: 2.39  
 Losada, Benigno: 4.17  
 Losada e Garza, Rosa: 3.25  
 Losada e Losada, Miguel: 4.31  
 Losada, Lope de: 2.08  
 Louzao, Antón: 3.39  
 Louzao, Ricardo: 3.24  
 Louzao, Xoán Matías: 2.03  
 Luces Miranda, Ricardo: 4.27
- LI***
- Llach Puig, Francisco P.: 4.45
- M***
- Mallo, Rosendo: 1.11  
 Maceira, Antón: 3.31  
 Maceira, Anxo: 3.66  
 Maceira, Clemente: 3.60  
 Maceira, María: 3.66  
 Maceira, Xoán: 3.60  
 Maceira, Xosé: 3.36  
 Mancebo, André: 3.23, 3.31  
 Manresa Bermúdez da Ponte, María do Pilar: 4.47  
 Manresa Bermúdez da Ponte, Xerardo: 4.47  
 Mariño, Francisco Antón: 3.41  
 Marqués de Aranda: 4.14, 4.18  
 Marqués de Montesacro: 3.64  
 Marqués de Mos: 3.39, 3.41, 3.42  
 Marqués de Santa Cruz: 3.26, 3.27, 3.31, 3.36, 3.38, 3.48, 3.64, 3.66, 4.01, 4.15, 4.16, 4.34  
 Márquez de Couto, Xosé: 1.01, 1.08  
 Martínez, Antón: 2.43  
 Martínez Araúxo, Xoán: 3.49  
 Martínez, Francisco: 3.66  
 Martínez, María Antonia: 3.31  
 Martínez, Xoán: 2.36, 2.45  
 Martínez, Xosé María: 4.15  
 Martís, Antón: 3.31  
 Matalobos, Francisco: 3.59  
 Matalobos, María: 3.52  
 Matalobos, Pedro de: 2.31,  
 Matalobos, Santa Baia de: 1.05, 1.08, 2.30, 2.39, 3.09, 3.10, 3.11, 3.39, 3.42, 3.64, 4.06, 4.46  
 Matalobos, Xoán de: 3.45  
 Mel, Antón: 3.63  
 Méndez, Bieito: 1.05  
 Méndez de Castrolandín, Xoán: 3.63  
 Mera e Ulloa, Tareixa: 1.02  
 Milicia Nacional de Tabeirós: 4.04  
 Miradelo, Alonso de<sup>97</sup>: 2.09, 2.10, 2.11, 2.12, 2.13  
 Moldes, Alonso de: 2.20  
 Moldes, Pedro de: 2.20  
 Moldes, Xoán de: 1.05  
 Mondragón, Bieito: 3.31

97 Ou tamén Muradelo, noutros protocolos e transcricións.

Monte, Ignacio do: 3.63  
 Montenegro de Soutomaior, Xoán  
 Ambrosio :1.01  
 Montero de Andrade, Bertomeu:  
 3.04  
 Monteiro, Manuel: 3.66  
 Montoiro, Ana María: 3.31  
 Montoiro, André: 3.31, 4.34  
 Montoiro, Bertomeu: 3.31  
 Montoiro, Caietano: 3.31  
 Montoiro, Romualdo: 3.31  
 Montoiro, Xoán: 3.31  
 Montoto, Darío: 4.48  
 Moreira, San Miguel de: 1.01, 1.05,  
 1.08, 3.06, 3.25, 3.28, 3.31,  
 3.48, 3.61, 3.64, 3.66, 4.05,  
 4.15, 4.16  
 Morlán, Antón de: 2.42  
 Mosteiro, Xacinta: 3.20, 3.42, 3.44,  
 3.45  
 Muíño, Xoán de: 2.42

## N

Neira e Soutomaior, Xoán de: 4.27  
 Neira, Xoana de: 3.63  
 Nieto, Manuel María: 3.64  
 Nigoí, Santa María de: 3.64  
 Nine, Miguel: 4.27  
 Noboa, Ánxela de: 3.31  
 Noboa, Bernaldo de: 3.31, 3.48  
 Nodar, Manuela: 3.66  
 Nodar, Ramón: 4.04  
 Núñez, Domingo Antón: 4.12  
 Núñez, Francisco: 2.26  
 Núñez, María: 3.31  
 Núñez Vaamonde, Pedro: 1.15  
 Núñez, Xosé: 3.64

## O

Oca, Francisco de: 3.61, 3.62, 3.66  
 Oficio de Gómez: 1.10, 1.15  
 Ogando e Ribera, Manuel de: 3.15  
 Oliveira, Manuela: 3.22  
 Olives, Santa María de: 4.27  
 Ons, San Simón de: 3.63  
 Orazo, San Pedro de: 2.11, 4.06  
 Ortega, Agustín de: 2.31  
 Ortega, Bernaldo de: 2.49  
 Ortega, María de: 2.31  
 Outeiro, Bieito de: 3.51, 3.57  
 Outeiro e Bermúdez, Pedro Carlos  
 de: 2.47  
 Outeiro, Manuel de: 3.39, 3.42, 4.04  
 Outeiro, Mariana de: 4.02  
 Outeiro, Pedro de: 1.16  
 Outeiro, Vicente de: 3.36  
 Outeiro Vinseiro, Manuel: 4.31  
 Outeiro, Xoán de: 3.52  
 Outeiro, Xoana de: 3.36  
 Ouzande, San Lourenzo de: 1.05,  
 1.08, 3.07, 3.22, 3.31, 3.35, 3.36,  
 3.38, 3.40, 3.41, 3.42, 3.51, 3.52,  
 3.57, 3.63, 3.64, 3.65, 4.04, 4.08,  
 4.14, 4.18, 4.23, 4.26

## P

Padrón: 1.05, 2.12, 3.01, 3.02, 3.04,  
 3.31, 3.63, 3.64, 3.66  
 Parada, San Pedro de: 1.08, 2.01  
 Paradela, Santa María de: 4.04,  
 4.15  
 Parafita, Pedro: 3.66  
 Paseiro, Ana María: 3.03  
 Paseiro Andión, Abelardo: 4.46  
 Paseiro Andión, Anuncia: 4.46

- Paseiro Andi3n, Concepci3n: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Mar3a do Carme: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Mercedes: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Perfecto: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Ramona: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Segundo Alfredo: 4.31, 4.35, 4.36, 4.37, 4.38, 4.42, 4.43, 4.45, 4.46, 4.47, 4.48, 4.49  
 Paseiro Andi3n, Tareixa: 4.46  
 Paseiro Andi3n, Xos3: 4.46  
 Paseiro And3xar, Andrea: 4.15, 4.17, 4.23  
 Paseiro And3xar, Ant3n Mar3a: 3.43, 4.15, 4.17  
 Paseiro And3xar, Bonifacio Ant3n: 3.17, 3.19, 3.21, 3.23, 3.25, 3.26, 3.27, 3.28, 3.29, 3.36, 3.37, 3.39, 3.44, 3.45, 3.46, 3.47, 3.48, 3.52, 3.53, 3.54, 3.55, 3.56, 3.58, 3.59, 3.60, 3.63, 3.64, 3.65, 3.66, 4.01, 4.02, 4.23  
 Paseiro And3xar, Carme: 4.15, 4.23  
 Paseiro And3xar, Domingo: 4.15, 4.17, 4.22, 4.23, 4.26, 4.31, 4.32, 4.34, 4.39, 4.40, 4.46  
 Paseiro And3xar, Manuela: 3.64, 4.14, 4.15, 4.17, 4.23, 4.26  
 Paseiro And3jar, Masimino: 4.17  
 Paseiro And3xar, Tareixa: 3.64, 4.15, 4.23  
 Paseiro And3xar, Xiao: 4.15, 4.17, 4.23  
 Paseiro And3xar, Xos3 Xo3n Domingo: 4.22  
 Paseiro, Ant3n: 4.04, 4.23  
 Paseiro, Antonia: 3.64  
 Paseiro Cid, Carlos: 4.49  
 Paseiro Cid, Mar3a Esther: 4.45, 4.49  
 Paseiro Cid, Mercedes: 4.44, 4.49  
 Paseiro Cid, Ra3l: 4.49  
 Paseiro, Eusebio: 3.20, 3.22, 4.02, 4.17  
 Paseiro, Gonzalo: 1.05  
 Paseiro de Vila e Miranda, Alberte: 3.01, 3.04, 3.05, 3.06, 3.07, 3.08, 3.09, 3.10, 3.11, 3.12, 3.13, 3.14, 3.31, 3.63  
 Paseiro de Vila e Miranda, Bertomeu: 3.31  
 Paseiro de Vila e Miranda, Santiago: 3.03, 3.04  
 Paseiro de Vila e Miranda, Xo3n Ambrosio: 3.02, 3.03, 3.04, 3.31  
 Paseiro de Vila e Miranda, Xo3n Ant3n: 3.01  
 Paseiro, Mariano: 3.63, 3.64  
 Paseiro Tabora, Eusebio: 4.27  
 Paseiro, Xacinta: 3.66  
 Paseiro, Xoana: 3.63, 3.64  
 Paseiro, Xos3: 3.34, 3.35, 3.40, 3.41, 3.42, 3.49, 3.51, 3.57, 4.02, 4.15, 4.26, 4.27  
 Paseiro, Xosefa: 3.65, 4.02  
 Paseiro, Xusta: 3.04, 3.31  
 Pastoriza e Taboada, Xacobe: 2.49  
 Pati3o, Trist3n: 1.05  
 Pati3o Salgado, Domingo: 2.38  
 Pati3o Sanxurxo, Constanza: 2.12  
 Paz, Bieito: 3.07  
 Paz, Mar3a: 3.40, 3.51, 3.57  
 Pazo, Ant3n do: 3.42  
 Pazo, Bieita do: 3.52  
 Pazo, Manuel de: 4.04  
 Pazos, Manuela de: 3.28, 3.29, 3.31  
 Pazos, Xo3n de: 3.64  
 Pedregal, Bernaldo: 2.26  
 Pena, Francisco: 3.15, 3.16

- Pena e Leira, Felipe: 2.49, 3.50  
 Pena, Pascoal: 3.36, 3.52  
 Penas, Alonso das: 3.32  
 Penas, Xoán das: 2.14  
 Peña, Pedro de la: 3.49  
 Pereira, Camilo: 4.21  
 Pereiras, Luís Vicente: 3.24  
 Pérez, Agustina: 3.63  
 Pérez, Francisco: 3.66  
 Pérez Lorenzo, Manuela: 4.48  
 Pérez, Manuel: 3.31  
 Pérez Porrúa, Leonardo: 2.46  
 Peroxa, A: 4.24  
 Pesqueiras, André: 3.46  
 Picáns e Carballo, Manuel: 3.66  
 Picáns e Torres, Xosé Antón: 3.15,  
 3.16  
 Pinto, Bieito: 1.13  
 Pinto, Xoán: 2.30  
 Piñeiro de Ulloa e Naraio, Gabriel:  
 3.26  
 Piñeiro, Froilán: 3.61  
 Piñeiro, Gabriel: 3.23, 3.26, 3.27  
 Piñeiro, San Mamede de: 1.05, 2.05  
 Piso de Torres, Pedro: 2.12  
 Pita, Gabriel: 4.15  
 Plata, Xosé Bieito: 2.45  
 Ponte, Anxo da: 3.12  
 Ponte, Gabriel da: 3.18  
 Ponte, Manuel: 3.22, 3.52  
 Ponte Piñeiro, Francisco: 4.20  
 Porto, Antón do: 3.53, 3.66  
 Porto, Bernaldo do: 3.66  
 Porto, Carlos do: 3.13  
 Porto, Ciprián de: 1.01  
 Porto e Coto, Francisco de: 3.16,  
 3.31  
 Porto, Francisca: 3.36  
 Porto, Ignacio de: 4.05  
 Porto, Magdalena do: 3.66  
 Porto Verdura, Manuel: 4.44  
 Portonovo, Vila de: 3.66  
 Pose, Bernaldo Antón: 2.47  
 Pose, Xoán: 2.22, 2.24  
 Prado, Xosé do: 3.38  
 Prieto de Miranda, Xosé: 3.03  
 Puñal, Gonzalo: 1.04, 2.14, 2.16  
**Q**  
 Quesada, Xoán: 4.29  
 Quintas, Pedro de: 2.09  
 Quintas, Ramón: 3.63  
 Quintela, André Pascoal de: 2.41,  
 2.42  
 Quintela, María: 3.47, 3.56  
 Quintela, Pascoala: 3.46  
 Quintela Romero, Domingo de:  
 2.41  
**R**  
 Real Audiencia da Coruña [ou do  
 Reino]: 1.15, 2.47, 3.31, 3.66  
 Real Priorato de Santa María do  
 Sar: 1.16  
 Reboredo, Manuel: 3.08  
 Rei, André: 3.29, 3.31  
 Rei, Fernando: 3.31  
 Rei, Vicenzo: 3.31  
 Rei, Xoán: 3.47  
 Reimóndez, Maria Xoana: 3.36  
 Rexemento de Cabaleiría do Algar-  
 ve: 3.66  
 Rexemento Provincial de Compos-  
 tela: 3.52, 3.63  
 Ribadavia, Dominga de: 3.31  
 Ribadavia, Xosé: 3.29, 3.66  
 Ribadeneira e Moreno, Manuel:  
 3.48

- Ribadeneira, Froilán de: 3.31  
 Ribadulla, Ana de: 3.31  
 Ribadulla, Domingo Antón: 3.23, 3.31  
 Ribadulla, Pedro: 3.31  
 Ribadulla, San Mamede de: 3.31, 3.64  
 Ribadulla, Xoán: 4.04  
 Ribadulla, Xosé: 4.01  
 Riba, Xosé da: 4.18  
 Ribas, Xacinto de: 3.32  
 Ribeira, Bieto Manuel: 3.37  
 Ribeira, Francisca: 3.41  
 Ribeira, Manuela: 3.45  
 Ribeira, Pascoa: 3.39  
 Ribeira, Santa Mariña de: 2.20, 2.34, 3.08, 3.14, 3.31, 3.43, 3.64, 4.04  
 Ribera e Soutomaior, Alonso de: 1.01, 2.35  
 Ribera e Soutomaior, Álvaro de: 2.28  
 Ribera e Soutomaior, Baltasar de: 1.08, 1.15, 2.41, 2.42  
 Ribera e Soutomaior, Baltasar Antón de: 1.01  
 Ribera e Soutomaior, Vicente de: 1.08, 2.41, 2.42  
 Ribera e Soutomaior, Xoán de: 1.01  
 Rilo, Domingo Antón: 4.17  
 Riobó, San Martiño de: 3.36, 3.66  
 Rodrigo Alonso, Santiago: 2.15  
 Rodríguez, Alonso: 1.05, 2.25  
 Rodríguez, Aníbal: 1.05  
 Rodríguez, Antón: 1.05, 3.52  
 Rodríguez de Castro, Antón: 3.36, 3.63  
 Rodríguez de Castro, Xoán: 3.42  
 Rodríguez de la Vega, Domingo: 3.01  
 Rodríguez de Leira, Clemente: 4.27  
 Rodríguez de Leira, María: 3.31  
 Rodríguez de Riobó, Gómez<sup>98</sup>: 1.04, 1.05, 1.06, 1.07, 1.08, 1.09, 1.10, 1.11, 1.12, 1.13, 2.01, 2.02, 2.03, 2.04, 2.05, 2.06, 2.07, 2.08, 2.09, 2.10, 2.11, 2.12, 2.13, 2.14, 2.16, 2.21, 2.22, 2.23, 2.24, 2.25, 2.26, 2.27, 2.28, 2.29, 2.30, 2.31, 2.32, 2.33, 2.34, 2.42  
 Rodríguez de Riobó [o mozo], Xoán: 1.05, 2.18  
 Rodríguez de Vilaverde, Bertomeu: 1.01  
 Rodríguez, Domingo: 3.31, 3.66  
 Rodríguez, Francisca: 3.31, 3.38  
 Rodríguez, Francisco: 2.01  
 Rodríguez, Leonor: 2.07  
 Rodríguez, Manuel: 4.41  
 Rodríguez, María: 3.31, 3.43, 3.52  
 Rodríguez Matalobos, Xoán: 3.45  
 Rodríguez, Miguel: 1.05  
 Rodríguez o mozo, Xoán: 1.05  
 Rodríguez, Pedro: 2.23, 3.38  
 Rodríguez Piñeiro: 1.08  
 Rodríguez Ribadavia, Xosé: 3.28, 3.31  
 Rodríguez, Roi: 1.05  
 Rodríguez Seixo, Manuel: 4.27, 4.28  
 Rodríguez, Xoán: 3.17, 3.44, 3.45, 3.52

98 Existen dúas persoas co mesmo nome: no século XVI o cóngo e no XVII o capitán Gómez Rodríguez de Riobó.

Rodríguez, Xoán [de Ribeira e Soutomaior]: 2.16, 2.36, 2.37, 2.38, 2.39  
 Rodríguez, Xosé: 4.04  
 Rodríguez, Xosefa: 3.38, 3.52  
 Rubín, Santa María de: 2.20, 3.31, 3.50, 4.27, 4.28, 4.29

## S

Saavedra, Xosé: 3.49  
 Saborido Fernández, Manuel: 4.44  
 Salgado Vaamonde, Pablo: 2.40  
 Salgueiro Igrexas, André: 4.27, 4.28, 4.29  
 Sánchez, Manuel: 3.66  
 Sánchez Pulleiro, Blas Antón: 3.16  
 Sánchez Santalla, Xaquín: 2.46  
 Santa Baia, Xoán de: 2.05  
 Sanmartín, Manuel: 3.32, 3.63  
 Sanmartín, Miguel: 3.63  
 Sanmartín, Xoán Antón: 3.16  
 Santa Comba de las Nabes, Xurisdición de: 1.14  
 Santa Cruz de Montaos, Xurisdición de: 2.44  
 Santeles, San Xoán Bautista de: 1.05, 1.08, 1.14, 2.16, 2.31, 2.47, 4.06  
 Santiago de Compostela: 1.05  
 Santiso, San Román de: 3.23, 3.26  
 Santino, Gregorio: 2.33  
 Santino, Xoán: 2.33  
 Sanxiao, Antón: 3.52  
 Sanxiao, Gregorio de: 2.33  
 Sanxiao, Xoán de: 2.33  
 Sanxurxo, Álvaro: 2.25, 2.29  
 Sanxurxo, Pedro: 2.27  
 Sanxurxo, Xoán: 2.11

Sar, Santa María de: 3.63  
 Sarandón, San Miguel de: 3.31, 3.63, 3.64  
 Señoráns, Francisco de: 1.01  
 Seoane, Domingo Antón: 3.36  
 Sieiro, Xoán: 2.16  
 Sigrás, Santiago de: 3.63, 3.64  
 Silva, Bonifacio: 4.18  
 Silva, Vincenzo de: 3.38  
 Sobrado, Santa María de: 3.66  
 Somoza, Santo André de: 3.07, 3.15, 3.52, 3.63, 3.64, 3.66, 4.06  
 Sorribas, María de: 2.36  
 Sorribas o vello, Xoán de: 1.05  
 Souto, María de: 3.31, 3.42  
 Souto, Roi do: 2.01, 2.03  
 Souto, Santo André de: 3.32  
 Suárez de la Vega, Domingo: 3.31  
 Sueiro do Corral, Antón: 2.40

## T

Tabeirós, Santiago de: 3.12, 3.64, 4.15  
 Tabeirós, Xurisdición de: 1.13, 2.12, 2.47, 2.49, 3.15, 3.16, 3.29, 3.31, 3.32, 3.61, 3.62, 3.63, 3.66, 4.06, 4.15, 4.27  
 Taboada, Antón: 2.34  
 Taboada e Soutomaior, Sabela Tareixa: 1.08, 2.41, 2.42  
 Taboada, María da Estrela e: 3.26, 3.27  
 Taboada, Xosé Vicente: 3.26  
 Tallón, Xoán: 2.32  
 Tata [ou Tato], Manuela: 3.38  
 Tata [ou Tato], María: 3.38  
 Tato, Antón: 3.45, 4.04  
 Tato Fontes, Carme: 4.08, 4.20  
 Tato Fontes, Dominga: 4.08, 4.20

- Tato Fontes, Ramona: 4.20  
 Tato Fontes, Xosé: 4.03, 4.10, 4.11, 4.13, 4.20  
 Tato, Xosefa: 4.12  
 Tato e Ribeira, Xiao: 3.52  
 Temes e Xil, Ramón: 3.36  
 Tenencia de Codeseda: 1.16  
 Tenencia de Gómez Rodríguez: 1.05  
 Terceiro, Andresa: 4.07  
 Terceiro, Apolonia: 3.31  
 Terceiro, Francisco: 3.22, 3.41  
 Terceiro, Manuela: 3.20, 4.07  
 Terceiro, Xosé: 3.30  
 Terrachá, San Xurxo de: 4.15, 4.26  
 Tesoureiro de Rendas Reais: 1.02  
 Toedo, San Pedro de: 1.05, 1.13, 2.20, 3.64, 4.14, 4.23  
 Torre, Clara da: 3.36  
 Torre, Marcos da: 3.09  
 Torre, Vicente da: 3.36  
 Torres, André: 3.23  
 Torres, Sebastián de: 2.31  
 Torres, Vicente de: 3.36  
 Torres, Xoán de: 3.31  
 Torres Patiño, Sebastián: 2.28  
 Tosar, Bieita: 3.07  
 Tosar, María: 3.52  
 Tovar, Pedro: 4.42, 4.49  
 Toubes e Aller, Xosé: 4.04  
 Touriño e Reboredo, Alonso: 3.31  
 Trasariz: 1.01  
 Trazo, Santa María de: 1.05, 1.08, 1.10, 1.11, 2.11, 2.19, 2.22, 2.25, 2.27, 2.29, 2.41, 2.42, 2.44  
 Trigo, Felipe: 3.41  
 Trigo, Manuel: 4.18  
 Trigo Torrado, Antón: 4.18  
 Trigo Torrado, Dolores: 4.18  
 Trigo, Xosé: 3.34
- U**
- Ulla, Clemente de: 3.23  
 Universidade de Santiago de Compostela: 4.24
- V**
- Vaamonde, Ana: 2.46  
 Vales, Domingo de: 3.40  
 Varela Bermúdez e Acevedo, María do Carme: 4.21, 4.27, 4.28, 4.29, 4.35, 4.36, 4.42, 4.47  
 Varela Bermúdez, Xosé: 4.30  
 Varela Cadaval, Xesús: 4.21  
 Varela Cadaval, Xosé: 4.30, 4.42  
 Varela, María: 3.31  
 Varela, Xoán: 2.01  
 Varela de Vilamid, Xil: 2.19  
 Varela Figueroa, Xoán: 1.11  
 Vázquez, André: 3.31  
 Vázquez, Caietano: 3.31  
 Vázquez, Carlos: 4.01  
 Vázquez, Manuel: 3.27, 3.28, 3.32, 3.33, 3.36, 3.37, 3.38, 3.52, 3.54, 3.66  
 Vázquez, María: 3.04  
 Vázquez, Matías: 2.44  
 Vázquez, Tomé: 2.42  
 Vázquez, Xoán: 3.31  
 Vázquez, Xoana: 3.31  
 Veá, Santo André de: 1.01, 1.05, 1.08, 1.12, 1.13, 1.14, 2.05, 2.06, 2.07, 2.15, 2.17, 4.06  
 Veá, Santa Cristina de: 2.44, 4.04  
 Veá, San Xiao de: 1.01, 1.05, 1.12, 1.13, 1.14, 2.08, 2.09, 2.14, 2.47, 4.06, 4.26  
 Veá, San Xurxo de: 1.05, 1.08, 1.13, 1.14, 2.37, 3.05, 3.54, 4.04, 4.06

- Veia, Xurisdición de: 1.01, 1.16, 2.13,  
 2.26, 2.39, 2.43, 2.45, 2.47, 4.06  
 Veiga, Bertomeu de: 2.30  
 Verde, Bernaldo: 3.15  
 Vereia, Manuela da: 3.31  
 Vereia e Aguiar, Manuel Ramón: 3.66  
 Vereia e Aguiar, Xoán Antón: 1.15  
 Vigo Munilla, Bieito: 4.36  
 Vila, Rafael de: 2.46  
 Vila, Xoán da: 3.31  
 Vila, Xosé da: 2.48  
 Vilar Carreira, Anxo: 4.27  
 Vilar, Xoán: 3.66  
 Vilariño, Antón: 3.02, 3.63  
 Vilariño, Mariana: 3.31, 3.63  
 Vilariño, Pascoal: 3.63  
 Vilariño Rodríguez, Xosé: 3.07,  
 3.12, 3.52  
 Vilas, Xosé de: 3.23, 3.31  
 Vilaverde, Luís: 3.36  
 Vilouchada, San Vicenzo de: 2.22  
 Vimercati, Ciprián: 3.31  
 Vinseiro, Santa Cristina de: 1.08,  
 2.01, 2.03, 3.13, 3.16, 3.31,  
 3.62, 3.64, 3.66, 4.04, 4.06,  
 4.21, 4.26, 4.27, 4.48  
 Viqueira, Antón: 2.44  
 Viqueira, Anxo: 2.44  
 Viqueira, Francisco: 2.41, 2.42
- X**
- Xavestre, Pedro de: 2.27, 2.29  
 Xesteiras, André: 3.56  
 Xuíz de Apelacións de Santiago:  
 2.49  
 Xuíz Ordinario da Cidade de  
 Santiago: 1.12, 3.15  
 Xuíz Ordinario da Xurisdición de  
 Tabeirós: 3.15, 3.16, 3.31, 3.32,  
 3.52, 3.63, 3.66, 4.17  
 Xuíz Ordinario do Coto do Viso:  
 3.36, 3.52  
 Xunta Provisional Directiva da  
 Estrada: 4.04  
 Xunta Provisional Gubernativa da  
 Estrada: 4.04  
 Xunqueira de Ambía: 4.24  
 Xunqueira, Manuel: 4.04  
 Xustiza Maior da Cidade de Santia-  
 go: 1.08

## Bibliografía e fontes

- Arquivo Histórico Diocesano de Santiago: Fondos arcebispais, Fondo do Real Priorato de Santa María de Sar e fondos parroquiais de San Martiño de Calobre.
- COSTA, Joaquín. *Oligarquía y caciquismo. Colectivismo agrario y otros escritos*. Alianza Editorial. Madrid, 1973.
- Diccionario de Ciencias Eclesiásticas: Teología Dogmática y Moral, Sagrada Escritura, Derecho Canónico y Civil, Patrología, Liturgia, Disciplina Antigua y Moderna, Historia Eclesiástica, Papas, Concilios, Santos, Órdenes Religiosas, Cismas y Herejías, Escritores, Personajes Célebres, Arqueología, Oratoria Sagrada, Polémica, Crítica, Misiones, Mitología, Errores Modernos, etc., etc. [...]*. Barcelona. Librería de Subirana Hermanos, Editores, 1883-1890 (10 vols.).
- ESCRICHE, Joaquín. *Diccionario Razonado de Legislación y Jurisprudencia*. Madrid. Antonio Calleja Editores, 1847.
- FONTANA LÁZARO, Josep. *Cambio económico y actitudes políticas en la España del siglo XIX*. Editorial Ariel. Barcelona, 1973.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, Olga. *Manual de archivos familiares*. Madrid. ANA-BAD, 1993.
- HOYO, Jerónimo del. *Memorias del Arzobispado de Santiago. Manuscrito de 1607-1620*. Hai unha edición preparada por Ángel Rodríguez González e Benito Varela Jácome.
- HUBER, V. A. *Esquisses sur l'Espagne*. Levrault Editor. París, 1830.
- ISAD (G). *Norma Internacional General de Descripción Archivística*. Consejo Internacional de Archivos. Madrid, 2000.
- Manual de Descripción Multinivel. Propuesta de adaptación de las normas internacionales de descripción archivística*. Junta de Castilla y León. Consejería de Educación y Cultura. Salamanca, 2000.
- NADAL OLLER, Jordi. *El fracaso de la Revolución Industrial en España, 1814-1913*. Editorial Ariel. Barcelona, 1990.
- PICALLO FUENTES, Héitor. *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. En *A Estrada miscelánea histórica e cultural* nº 7. 2004. Páxs. 167-227.
- VILLARES PAZ, Ramón. *Foros, frades e fidalgos*. Ed. Xerais. Vigo, 1982.





## En memoria de José Pereiro

Javier Travieso

Traemos a las páginas de nuestra revista cultural el pesar que nos invade por el reciente fallecimiento de nuestro buen amigo y conocido pintor José Rafael Pereiro Miguens. El destino aciago que a muchos le tiene reservada esa cruel e insidiosa enfermedad que tantas vidas se lleva por delante, le encaminó lentamente hacia el fin de sus días el pasado 20 de mayo del presente año 2005.

Enamorado como pocos de nuestras tierras estradenses por las que se dejaba ver muy a menudo, fue precisamente en ésta localidad –en la que disfrutaba de amistades muy afines que solían reunirse en torno a una mesa de “La Terraza”– donde celebró algunas de sus múltiples exposiciones. La primera de ellas, recordemos, se produjo en torno al año 1973 en una sala del Recreo Cultural que a la sazón se encontraba instalada en la actual Plaza de Galicia. Más recientemente celebró, también en La Estrada, la que el destino quiso que fuera su última muestra cara al público, coincidiendo con la Semana Santa del año 2003, en el salón de exposiciones de la Galería “Sargadelos”.

Había nacido José Pereiro en Santiago de Compostela el 30 de enero del año 1928. Recibió clases de dibujo de Francisco Asorey en la Escuela de Artes y Oficios compostelana, ingresando posteriormente, en 1945, en la Escuela de Bellas Artes de San Fernando de



José Pereiro Miguens.

Madrid, llegando a ser discípulo de maestros tan ilustres como Eduardo Chicharro o el retratista Julio Moisés.

Al poco de regresar a Compostela se construyó una deliciosa residencia de campo en el valle de Teo y a partir de ese momento pasó a tener una relación afectiva y directa con nuestro municipio. Se nutría habitualmente, en establecimientos como el de Pepe Neira o algún otro, de pinceles, tubos de color y demás herramientas imprescindibles para su incansable labor de artista. En el Pazo de

Oca supo captar hermosas perspectivas de sus jardines otoñales. En la feria de los miércoles se hacía con animales vistosos (conejos, gallos de bello plumaje...) que luego trasladaría a la tela sumergidos en esa inquietante penumbra que distingue muchos de sus lienzos, con influencia, más o menos lejana, de Ignacio Zuloaga, aunque acentuando siempre un efecto tenebrista muy particular y que, a partir de una amplia gama de colores cálidos, pudiera llevarnos a pensar también en nuestros grandes del Siglo de Oro.

Los que nos preciábamos de su amistad le recordaremos siempre a la manera de un ser alegre, vivaz y sumamente generoso, como si de un niño grande se tratase, jugueteando con la materia e ideando bromas o proyectos impactantes y novedosos. Sus múltiples inquietudes le llevaron a practicar muy diferentes actividades a lo largo de su vida: el patinaje, la equitación, el motorismo... Hubo un tiempo en el que se dedicaba a viajar todo a lo largo de las tierras de España y de

Marruecos en su vehículo utilitario desde el que iba soltando palomas mensajeras que llegaban puntuales a su lugar de origen. En este país del Atlas llegó Pereiro a tener una excelente red clientelar de unos años para acá, alcanzando gran éxito entre aquellas gentes sus acostumbradas panorámicas de las rúas de Santiago o sus consabidos bodegones que tan buena venta habían tenido entre la burguesía compostelana de los años sesenta y setenta, aquella entrañable etapa de las exposiciones del “Círculo Mercantil” que eran todo un acontecimiento social, referente de tertulias y punto de encuentro y de charla para toda clase de seres dotados de inquietudes culturales.

En la Compostela de años atrás llamaba la atención por nuestras rúas la habitual presencia algo bohemía de dos artistas locales muy representativos. Uno de ellos era Manuel López Garabal, que se dejaba ver al caer la tarde bajo los soportales con aquel andar oscilante tan suyo, su amplia boina ladeada y una copiosa cabellera blanca. El otro era –cómo no– su discípulo José Pereiro, el de aquellas pobladas barbas que en algo evocaban a los venerables músicos ancianos del Pórtico de la Gloria.

Hay quien dice que fue Julio Romero de Torres el precedente del arte Pop al incluir una botella de Tío Pepe en el retrato de una joven andaluza. Es posible que haya sido José Pereiro, igualmente, el primero en incluir montajes impactantes y humorísticos, a la manera de collages muy curiosos, como dan fe muchas de esas obras que han



Camelias.



El paseo de los tilos.



La galería del piano.

ido recalando con el tiempo por diferentes hogares de Galicia. Esta actitud la irradiaba Pereiro al discurrir de la vida misma, según podrá testificar todo aquel que se acerque por su residencia familiar de Teo, abarrotada de recuerdos personales.

Gran enamorado de la buena música, sabía penetrar en las profundidades abismales de las creaciones de Wagner, Tchaikovsky o Mahler, nombre éste con el que bautizó, precisamente, al último de los caballos de su propiedad (recordarán muchos lectores la imagen de su hija Patricia cabalgando al trote,

melena al viento, por el asfalto de las avenidas compostelanas).

Visitaba establecimientos de antigüedades allí donde se encontrara. Adquiría añejos instrumentos de cuerda o de viento metal que pasaban a integrar su colección privada y luego utilizaba como modelo.

El buen cine fue otra de sus pasiones. Le cautivaba la desbordante belleza de films como “Novecento” del director italiano Bernardo Bertolucci, que llegó a influir, incluso, en el intimismo elegante de alguno de sus últimos lienzos.

Sus armonías cálidas, de ocres y granates, le distinguen. José Pereiro era conocido entre el gran público, como pintor de bodegones y no hay duda que era lo suyo. La vaguedad impresionista le era sentimentalmente ajena a nuestra manera de ver, a pesar de esa ima-

gen personal tan característica de barba poblada, que llevaría, apresuradamente, a identificarlo con algunos grandes del *plein air* como Monet o Pissarro.

Desde estas páginas lamentamos la desaparición de este artista vivencial tan ligado a los ambientes de La Estrada a la espera de poder disfrutar, algún día no lejano, de una completa exposición antológica suya que, a modo de homenaje, alguna institución local pudiera organizar.



El rincón del tiempo.





## A virxe Peregrina de San Breixo de Lamas (A Estrada, Pontevedra)

Xosé Carlos Valle Pérez

A igrexa parroquial de San Breixo de Lamas (A Estrada, Pontevedra) custodia unha preciosa imaxe da Virxe Peregrina. Coñecida polos especialistas nesta particular advocación mariana desde hai xa moitos anos<sup>1</sup>, a súa existencia popularizouse a través dos medios de comunicación debido á polémica que se suscitou entre os veciños da parroquia a raíz da petición do seu préstamo temporal para incorporala á exposición que con motivo da celebración en 2004 dun Ano Santo Compostelán preparaba o Museo de Pontevedra sobre a Virxe Peregrina<sup>2</sup>.

A disparidade de opinións existentes na parroquia sobre a conveniencia ou non da súa cesión impediu que esta fermosa imaxe figurase inicialmente na mostra. Por iso, aínda que se cita repetidamente, non se reproduce no catálogo que se editou como complemento

- 1 Menciona xa A. GARCÍA ALÉN no seu artigo “Origen y extensión del culto a la Virgen Peregrina”, *El Museo de Pontevedra*, XIV, (1960), páxs. 59-65, en particular páx. 61. Cítase de novo en “La extensión del culto a la divina Peregrina”, en *La Virgen Peregrina*, 24ª Exposición, Instituto Padre Sarmiento de Estudios Gallegos, Santiago de Compostela, xullo de 1971, páxs. 9-19, en concreto páx. 17.
- 2 Titulouse *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*. Puido contemplarse no Edificio “Sarmiento” do Museo entre o 28 de outubro e o 9 de xaneiro de 2005. Foi patrocinada pola Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo, que a incluíu na programación xeral de actividades do Xacobeo 2004.



Fig. 1: *Virxe Peregrina de San Breixo de Lamas* antes da restauración (Foto S. Briones, Museo de Pontevedra).



Fig. 2: *Virxe Peregrina de San Breixo de Lamas* despois da restauración (Foto S. Briones, Museo de Pontevedra).

do evento<sup>3</sup>. Incorporouse a el con posterioridade á súa inauguración, acaecida o 28 de outubro, exhibíndose trala súa axeitada restauración no taller do Museo de Pontevedra<sup>4</sup>. Esta intervención, escrupulosamente respectuosa coa súa materialidade<sup>5</sup>, serviu para realzar a súa incuestionable categoría artística<sup>6</sup> (Fig. 1 e 2).

A Virxe, dunha gran esvelteza e tallada en madeira, está ricamente dourada, estofada e policromada. Representábase, como corres-

3 X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, A Coruña, 2004. Confróntense, por exemplo, as páxs. 29, nota 4, 150, 156 e 157.

4 Encargouse dese labor D<sup>a</sup>. Sonia Briones, restauradora da entidade.

5 Insistiáase xa neste coidado, reiteradamente, no informe previo á actuación sobre a escultura. Os pasos que neste delicado proceso se seguiron serán recollidos nun artigo, da autoría da responsable da operación, a citada Sonia Briones, que se publicará proximamente na Revista do Museo de Pontevedra.

6 A comparación do aspecto da Virxe trala restauración co que ofrecía antes da intervención invita a pedir que, por parte da comunidade parroquial que a custodia, se adopten as medidas precisas para a súa axeitada conservación.



Fig. 3: Juan Bernabé Palomino (1692-1777). *Virxe Peregrina de Sahagún*, 1743. Gravado calcográfico iluminado baixo vidro (Museo de Pontevedra).



Fig. 4: Juan Minguet (1737- ?). *Virxe Peregrina*, 1779. Gravado calcográfico (Museo de Pontevedra).

ponde á súa advocación, de pé, dispoñéndose sobre unha peana. Viste atuendo de peregrina, con escraviña decorada con cunchas e bordoniños, e escarcela con cabaza suxeita á dereita, sinalando un gran lazo o remate frontal do axustado corpiño. Sostén un bordón coa súa man dereita. O Neno, de poderosa anatomía, senta no seu brazo esquerdo. Agárrase ó seu tocado coa man dereita, mostrando na oposta unha pequena cabaza. O rostro da Virxe, enmarcado pola melena recollida, exhibe unhas faccións moi coidadas. Os seus ollos son de cristal. Un sombreiro cobre a súa cabeza. Tódalas súas vestimentas, dun nada infrecuente, para a advocación, aspecto cortesano, están fina e minuciosamente ornadas, con estrelas o manto, con motivos vexetais as restantes.

A imaxe que acabo de describir, de gran exquisitez formal, axústase en tódolos seus trazos básicos e atributos definitorios a un dos tipos máis habituais nas representacións da Virxe como Peregrina: o



Fig. 5: Santuario da Virxe Peregrina, Pontevedra (Foto Miguel Vidal).

popularizado polo gravado da Virxe de Sahagún (Terra de Campos, León) realizado por Juan Bernabé Palomino en 1743 (Fig. 3)<sup>7</sup>, do que deriva o executado para o santuario homónimo pontevedrés en 1779 polo seu discípulo Juan Minguet (Fig. 4)<sup>8</sup>. A difusión que en torno a este último ano alcanzara xa o culto á

Virxe Peregrina en Galicia, sen dúbida como consecuencia da pegada que ó respecto estaba exercendo o seu asentamento, a súa plena consolidación en Pontevedra, onde daquela xa se emprenderan as obras do seu definitivo santuario (Fig. 5)<sup>9</sup>, ofrécese como o marco axeitado para datar a obra de Lamas, polo momento de autor descoñecido, se ben non hai dúbida, á vista das súas particularidades estilísticas (canon alongado, delicadeza das faccións, policromía, con presenza moi destacada do fulgor dos ouros), de que debe ser algún artífice do núcleo compostelán moi próximo a José Gambino, o gran escultor rococó que por encargo do Arcebispo Rajoy, gran promotor do culto á Virxe Peregrina<sup>10</sup>, tallou en 1772 unha imaxe desa advo-

- 7 Véxase, en última instancia, X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, cit., páxs. 56 e 401, nº 2.
- 8 Confróntese, en último termo, N. FRAGUAS FERNÁNDEZ, “As estampas adicadas á Virxe Peregrina, con especial atención á advocación pontevedresa”, en X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, cit., páxs. 263-301, en particular páxs. 272-275.
- 9 Sobre el, finalmente, véxase M<sup>rs</sup>. A. TILVE JAR, “O Santuario da Nosa Señora do Refuxio a Diviña Peregrina de Pontevedra”, en X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, cit., páxs. 197-262.
- 10 Da súa devoción, xunto ó dato que a continuación, no texto, se recolle, dá idea o feito de que se lle dedique a edición da novena á Virxe Peregrina impresa por Pedro Frayz, en Santiago, antes de 1767. Toma como modelo a tirada en Valladolid en 1760 en loor da Virxe venerada no Colexio de Sahagún, a primeira que se lle consagra en termos absolutos. A santiaguesa, pois, dedicada tamén á Virxe leonesa, sería a segunda da secuencia. Sobre estas novenas, con precisións de gran interese, confróntese en particular

cación, lamentablemente perdida, para un altar existente na capela do Palacio Arcebispal de Santiago<sup>11</sup>.

---

A. BARBAZÁN IGLESIAS “Novenas e “demais suplido” de devoción impreso para a Confraría de “A Nosa Señora do Refuxio a Divina Peregrina” da cidade de Pontevedra”, en X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, cit., páxs. 303-350, en especial páxs. 314-327.

- 11 A. LÓPEZ FERREIRO, *Historia de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*, Tomo X, Santiago, 1908, páxs. 187-188 e 253; J. COUSELO BOUZAS, *Galicia Artística en el siglo XVIII y primer tercio del XIX*, Santiago, 1933, páx. 364; A. GARCÍA ALÉN, “La extensión del culto a la Divina Peregrina”, cit., páxs. 12-14; X. FUENTES ALENDE, “O culto á Virxe Peregrina en Galicia”, en X. C. VALLE PÉREZ (Coord. xeral), *A Virxe Peregrina. Iconografía e culto*, cit., páxs. 135-180, en particular páx. 138.

Non moi distante formal e, polo tanto, cronoloxicamente da Virxe de Lamas, aínda que con coroa, tal como advertiu xa A. GARCÍA ALÉN, “La extensión del culto a la Virgen Peregrina”, cit., páx. 17, é a Virxe que no seu día definiu F. J. SÁNCHEZ CANTÓN como “la Peregrina más bella”, subhastada en París en 1925 e hoxe en paradeiro descoñecido, datada por el, erróneamente, no século XVII. Véxase “La Peregrina más bella”, *El Museo de Pontevedra*, VII, (1952), páxs. 69-71.





# A domesticación dende unha perspectiva etnoarqueolóxica: os cabalos de monte do curro de Sabucedo\*

Xosé Manuel Vázquez Varela

## Introdución

As liñas que seguen desenvolven unha serie de consideracións sobre o concepto de domesticación a partir dun exemplo concreto: o estudo etnoarqueolóxico dos cabalos que viven nun réxime de semiliberdade nos montes galegos e que anualmente son conducidos ao curro de Sabucedo, no extremo meridional do concello da Estrada. A partir deste exemplo, propóñense novos enfoques para un mellor entendemento das teorías sobre a domesticación dos animais.

Os estudos de etnoarqueoloxía realizados en Galicia veñen resultando particularmente valiosos á hora de fornecer hipóteses heurísticas sobre diferentes aspectos do pasado (Vázquez Varela: 2000 e 2004), polo que decidimos aplicar o enfoque desta estratexia de investigación para aclarar aspectos vencellados coa domesticación e as súas orixes.

## Os cabalos de montaña en Galicia

Nos montes galegos de relevo suave hai aproximadamente 22.000 cabalos sobre os cales a intervención humana está moi limi-

---

\* Tradución ao galego de Juan L. Blanco Valdés.

tada a momentos e cuestións moi puntuais (Pose, 2003). Estes animais viven sen intervención humana directa boa parte do ano. A acción indirecta pode consistir nunha discreta vixilancia eventual para evitar que saian do monte –o *saltus*– e descendan ás leiras e pastos –o *ager*–, onde poden ocasionar auténticas desfeitas. Tamén de cando en vez danse batidas para protexer os cabalos do lobo e, nalgún caso de Neves excepcionalmente crúas e duradeiras que puideron poñer en risco os animais dos territorios afectados, se lles proporcionou alimento, que por eles mesmos e debido á altura da neve non podían conseguir. A acción directa dos humanos sobre os cabalos realízase nun ou dous días ao ano cando se procede a reunir os rabaños para os conducir a uns currais, onde se marcan a lume os poldros nados dende o último encerro, córtase a crina dos adultos e selecciónanse os animais para serviren de alimento ou para equitación, e en épocas aínda non moi antigas como animais de tiro, carga ou transporte. Actualmente, nalgúns *curros* –nome que designa non só o curral en canto espazo físico senón tamén, por extensión, todos os actos relacionados coa condución dos animais cara a eles e os traballos citados que alí teñen lugar antes de os devolver ao monte ou retiralos del definitivamente– fanse tamén labores de limpeza, control e desparasitación (Pose, 2003). Concluídos estes labores, os animais volven ao monte de onde baixarán de novo ao curro ao cabo dun ano. Outra intervención humana consiste na introdución nos rabaños de características xenéticas que se desexan estender por algunha razón práctica como por exemplo a obtención de carne.

O curro de máis sonda de Galicia, tanto nacional coma internacionalmente, dende os puntos de vista costumista e turístico, e o mellor estudado a nivel antropolóxico, histórico e veterinario (Cabada, 1993; Pose, 2003), é o de Sabucedo, no extremo sur do concello da Estrada, ao que son conducidos cada ano a *manada do santo* e algúns animais de particulares até unha cifra de arredor dos 400-500 animais, acontecemento ao que acoden, na súa maior parte como turistas, preto de 6.000 persoas. A este curro, que ten lugar a



Curro de Sabucedo. Foto: Manolo Blanco, *El Correo Gallego*, 1987.

carón da Carballeira co Campo do Medio, na parroquia de San Lourenzo de Sabucedo, son conducidos animais das zonas limítrofes dos concellos da Estrada, Forcarei, Campo Lameiro e Cuntis (Pose, 2003: 158-169).

Nos autores que teñen tratado o tema, dende os afeccionados até os especialistas, ao se referiren a estes cabalos úsase dunha certa ambigüidade terminolóxica pois fálase de cabalos en liberdade, salvaxes, bravos, de monte, semidomésticos fronte aos que viven semiestabulados baixo o permanente control humano, recoñecidos como domésticos sen dúbida ningunha. Así, por exemplo, a valiosa tese de doutoramento de P. Iglesias Hernández (1973) sobre estes animais titúlase *Los caballos gallegos explotados en régimen de libertad o caballos salvajes de Galicia*, título no que existe unha evidente contradición: por unha banda, se son cabalos *explotados* non son totalmente libres; por outra, faise equivaler a categoría de explotado,

malia en réxime de liberdade, coa de *salvaxe*, que é contrario do primeiro. Esta ambigüidade pode deberse á dificultade de dar cunha definición máis precisa que encaixe claramente no molde canónico que separa o doméstico do non doméstico consonte os diferentes dicionarios ou enciclopedias, ou tal vez a unha estratexia de natureza xurídica, xa que o recoñecemento dunha ou outra categoría pode ter diferentes implicacións baixo certas circunstancias.

No caso que nos ocupa, o dos cabalos dos montes de Galicia, os trazos que poden levar a os clasificar coma non domésticos son os seguintes:

- ▮ O contacto cos humanos redúcese a un ou dous días ao ano.
- ▮ viven nun territorio de monte, o *saltus*, onde actualmente a actividade humana cotiá é moi limitada.
- ▮ aliméntanse, protéxense e reproducense sen intervención ningunha das persoas.

Pola contra, as características que poden inclinar a balanza cara á súa consideración coma domésticos serían:

- ▮ aínda que só unha vez ao ano, as crías nadas no monte entre curro e curro son marcadas e controladas ou retiradas da manada con diferentes fins.
- ▮ cada gandeiro sabe, mediante as marcas feitas nas orellas, cales son os animais da súa propiedade.
- ▮ nos curros extráense das manadas os animais que se estiman necesarios para diversos fins, o que, en calquera caso, supón o seu afastamento definitivo do monte.
- ▮ por tradición, se rapaba os animais (de aí, a expresión galega *rapa das bestas*, de semántica moi específica), é dicir se lle cortaban as crinas, con fins económicos ou rituais.
- ▮ actualmente, nalgúns curros desparasítanse os cabalos.
- ▮ era adoito organizar batidas contra o lobo para protexer as manadas.
- ▮ en certos casos, socorríase os animais con alimentos, cando as dificultades ambientais extremas podían poñer en risco a súa supervivencia.



Manada de cabalos de monte co garañón (de cola escura) no centro.

┃ introdúcense cabalos doutras razas ou de características especiais que interesa se espallen entre a poboación que xa vive no monte.

Á luz da comparación cos atributos propios do animal doméstico, segundo os conceptos tradicionais, que implican a posta do animal baixo control humano en todas as facetas do seu ciclo biolóxico, resulta que, baixo a aparencia da liberdade na que o animal vive 363 ou 364 días ao ano, alleo á actividade directa do home, pois se alimenta, defende e reproduce so e non proporciona durante ese tempo ben necesario ningún, a balanza caería claramente cara ao lado de animais non domésticos.

Pola contra, de estimarmos máis polo miúdo outras peculiaridades coma a protección contra o lobo; o control para evitar que saian do monte (*saltus*) e non fagan dano nos lugares de impacto humano habitual directo (hortas, leiras e pastos: o *ager*); as marcas indicativas da propiedade; a introdución de animais con características

xenéticas distintas para mellorar o conxunto nun certo sentido; a determinación do control da composición das manadas mediante a limitación do número de cabezas e o establecemento das relacións porcentuais nas idades e sexos mediante a extracción dos animais nos curros, é doado percibirmos o peso da intervención humana sobre o conxunto.

A teórica balanza que pesaría os argumentos a prol e en contra do carácter non doméstico ou doméstico do conxunto inclinaría, así pois, o prato cara a este último atributo. É posíbel aínda facer maiores consideracións sobre as diferencias entre o gando de monte e o doméstico no sentido do primeiro estar máis exposto aos predadores e algúns tipos de enfermidades có segundo, posto que este permanece estabulado en condicións ambientais e de alimentación distintas e goza de asistencia veterinaria, podendo presentar certas doenzas ausentes ou menos frecuentes no gando de monte.

Semella que perante os datos expostos non cabe unha solución digamos salomónica do tipo: os cabalos que viven en liberdade, vixiada e controlada en todo caso, son semidomésticos. Esta aparente solución podería valer como indicativa do carácter local destas poboacións concretas en tanto o manexo do termo *semidoméstico* supuxese o coñecemento das condicións reais da relación animal-home neste caso, pois do contrario sería un termo ambiguo en extremo se o que queremos é unha descrición detallada da realidade, que sexa operativa e precisa.

Como xa ficou dito, a vaguidade dos dicionarios é grande cando se fala de domesticación; así pois, usarmos o termo *semidomesticación* implica necesariamente aumentar aínda máis o nivel de vaguidade, axudándonos ben pouco no noso obxectivo de describir con precisión a realidade. Por outra banda, as propostas de paleontólogos e antropólogos sobre a domesticación presenta dificultades derivadas da gran variedade de formas e graos da intensidade da mesma. Malia non ser a nosa intención definir un novo concepto, si entendemos que outro modo de comprender o proceso é sinalar que mediante a

domesticación o animal é introducido nun novo nicho ecolóxico, o dos humanos, con fins moi diversos que poden variar amplamente dunhas culturas a outras. Consonante esta idea, fica claro que hai tantos tipos de domesticación, que empregar este termo a secas, sen ningún tipo de adxectivación non aclara gran cousa sobre o status da relación animal-home e que, xa que logo, –especialmente se temos que pronunciarnos sobre a natureza de restos paleontolóxicos– é preciso sinalar que de entendermos que o animal foi incluído no nicho ecolóxico humano tórnase necesario indicar do xeito máis preciso posíbel a forma e o grao nos que esta integración se realizou.

Deste xeito, adxectivando a forma de integración ou de interacción coa esfera humana dos animais, é posíbel entendermos o proceso de domesticación, a súa orixe, historia, grao e modalidades fuxindo de polémicas e conceptos reduccionistas en exceso, que, nunha sorte de leito de Procusto, intentan axustar a realidade a un esquema dunha rixidez que non se concilia coa riqueza cultural da humanidade e da variedade das especies animais.

Está claro, en todo caso, que a domesticación é a incorporación do animal á ecosfera do humano ou ao nicho ecolóxico humano e que existen diferentes modos e intensidades que van dende unha intervención mínima até o control total das fases do ciclo vital do animal.

Para entendermos mellor a posición dos cabalos de monte de Galicia vaise utilizar unha comparación teórica de tipo xeral entre as diferentes situacións nas que se pode atopar a relación animal-humano: a do cabalo salvaxe; a do cabalo de monte de Galicia, tomando coma base os datos do curro de Sabucedo; a do doméstico, que até a metade do século XX tiña un lugar importante dentro da cultura tradicional galega, e a do cabalo de raza criado nunha corte moderna. Deste xeito, poden observarse as diferencias e as converxencias entre uns e outros tipos con claridade ao longo do seu ciclo vital.

### 1) *O cabalo salvaxe*

Todo o seu ciclo vital desenvólvese sen a intervención do home: nace, vive e morre na natureza sen acción humana algunha sobre el e sen producir beneficio ningún.

### 2) *O cabalo de monte*

A acción humana neste caso límitase a momentos e aspectos que, se ben moi puntuais, poden ter unha repercusión directa ao longo da vida do animal, tal e como ficou dito, e que se poden resumir nos seguintes aspectos: o corte ou *rapa* das crinas; a extracción de animais da manada; a marcaxe dos animais nados entre un curro e outro; a introdución dalgún exemplar para expandir as súas características xenéticas entre as manadas do monte; a alimentación puntual e o traslado da manada en casos de extrema dureza climática; un certo control do territorio por onde se desprazan para evitar conflitos, e, recentemente, nalgúns casos a desparasitación nos propios curros (Pose, 2003). Estas intervencións modifican a composición en idades e sexos das manadas. Cómpre, así mesmo, sinalar que, a diferenza dos cabalos salvaxes, que morren pola idade, por accidente ou pola acción dos predadores, este tipo de cabalo pode ser sacrificado para consumo humano ou animal. Destes animais, por outra parte, extráense diversos beneficios.

### 3) *O cabalo doméstico na cultura tradicional galega*

O cabalo doméstico nace, vive e morre baixo o control humano, no que permanece durante toda a vida. Nace na corte froito de cruzamentos deliberados, é alimentado durante toda a vida polo home, que o protexe dos inimigos, préstalle atención veterinaria e o emprega para a monta, o transporte, o tiro, e, en Galicia máis raramente, para a tracción do arado. En ocasións, cando se lles deixa pastar en liberdade cerca das casas, pónselles unha solta para limitar a súa liberdade e controlar os seus movementos. Úsanse as súas crinas e os

poldros poden ser vendidos con fins diferentes, nomeadamente carne para os matadoiros.

#### *4) O cabalo criado en cortes especializadas modernas*

Neste caso, o control humano é aínda máis intenso e decisiva ca nos modelos devanditos. Aquí o control é máximo e total e abrangue dende a inseminación artificial con liñas xenéticas moi coñecidas e rexistradas de alto valor, o coidadoso seguimento de todo o proceso de preñazo da egua, o que inclúe asistencia veterinaria continuada, e elaboración de ecografías ou asistencia no parto, no que por veces pode recorrerse á cesárea. Aliméntanse e cóidanse especialmente, e domesticanse e adestran de cara ao fin que se persegue, que pode ser a hípica deportiva, o turismo ou a carne. Gozan de cortes modernas e nalgúns casos de «picaderos» e instalacións axeitadas á función que van desempeñar. Algúns destes animais poden chegar a alcanzar grandes cotizacións se teñen calidades deportivas especiais, especialmente aqueles que se poden presentar coma favoritos, polas súas extraordinarias calidades físicas, nas diferentes probas e concursos hípicos.

Estes catro tipos devanditos non son puros nin estáticos e existe neles un certo dinamismo; por exemplo, agora hai en marcha medidas legais, de marcase, inventario, rexistro e intervención veterinaria e administrativa nos cabalos de monte de Galicia a teor da disposición da política do goberno da Xunta sobre estes animais de cara á prevención dalgúns dos riscos que presentan e á definición da raza pura de cabalo galego, o que fai que o tipo que deixamos clasificado coma 2 –cabalo de monte galego– se afaste máis do tipo, real ou teórico, 1 adquirindo algunhas das características do grupo 4, animal que recibe grandes coidados, aínda que aquí só nalgúns casos e baixo circunstancias concretas.

Situacións semellantes ao modelo 2 –o cabalo tradicional de monte– atópanse nas prácticas dalgunhas estancias ou ranchos en España, como por exemplo na marisma da área do couto de Doñana

(provincia de Cádiz), ou nalgúns *cortijos* andaluces; noutros casos emprégase preferentemente o modelo 4, e, en Los Llanos de Venezuela, ou en ranchos americanos de grande extensión onde os cabalos vivían ou viven en total liberdade até chegar a época do ano na que son acurrallados, marcados e devoltos á liberdade, agás aqueles exemplares retirados con destino á equitación, o comercio cárnico ou outro fin.

Malia as limitacións descritas sobre as diferenzas entre uns e outros tipos de cabalos, o esquema resulta altamente ilustrativo por canto existen diferenzas básicas: nunca un cabalo salvaxe vai recibir atención veterinaria, xusto ao contrario do exemplar criado en cortes especializadas; ningún destes últimos vai morrer nas poutas dun predador, cousa que ben lle pode acaecer aos primeiros.

De térmonos en conta tales limitacións, e aceptarmos a clasificación cos seus supostos coma verdadeiros, pode apreciarse *grosso modo* que a posición do cabalo galego de monte atópase no grupo 2, entre o 1 –cabalo salvaxe– e o 3 –cabalo domesticado–, segundo as pautas tradicionais da cultura popular tal e como chegou até a metade do pasado século XX.

En épocas recentes, a Administración autonómica está practicando certas intervencións sobre a poboación dos cabalos de monte que, dalgunha maneira, os aproximan ao cuarto grupo. Mais, aínda así, os cabalos de monte de Galicia constitúen unha magnífica incitación á reflexión sobre o concepto de domesticación, na procura de datos indicadores deste tipo de vida, que, xa que logo, contribúan a entendermos os tipos de graos de domesticación e un concepto máis amplo e operativo da mesma que o empregado nalgunhas definicións tradicionais e académicas.

A aplicación deste enfoque etnoarqueolóxico aos restos paleontolóxicos será tarefa relativamente sinxela o día en que, dispoñendo dun conxunto numeroso de restos de esqueletos de animais de formas de vida coñecidas, poidan establecerse relacións claras e unívocas entre cada unha de tales formas de vida, consonte as categorías

definidas ou calquera outras, e o tipo de pegadas de carácter irreversible que deixen nos seus dentes e ósos as patoloxías e lesións con elas relacionadas.

De xeito tal, a etnoarqueoloxía así enfocada (Vázquez, 2000 e 2004) amósase coma xenerosa fonte de hipóteses de traballo de cara á clarear aspectos do pasado dificilmente accesíbeis dende outra perspectiva.

## Referencias

- CABADA CASTRO, M. (1992): *A rapa das bestas de Sabucedo. Historia e Antropoloxía dunha tradición*. Ir Indo. Vigo.
- IGLESIAS HERNÁNDEZ, P. (1973): *Los caballos gallegos explotados en régimen de libertad o caballos salvajes de Galicia*. Tese de doutoramento inédita. Universidad Complutense de Madrid. Madrid.
- POSE NIETO, H. (2003): *Guía dos curros de Galicia. Información práctica. Historia e tradición*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.
- VÁZQUEZ VARELA, J. M. (2000): *Etnoarqueología. Conocer el pasado por medio del presente*. Servicio de Publicacións. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.
- (2004): *Culturas distintas, tiempos diferentes y soluciones parecidas. Ensayos de Etnoarqueología*. Servicio de Publicacións. Deputación Provincial de Pontevedra. Pontevedra.





# San Miguel de Castro: estudio histórico-artístico<sup>1</sup>

Dolores Villaverde Solar

## 1. Iglesia parroquial

### *Arquitectura*

La parroquia de San Miguel de Castro es la única del arciprestazgo de Ribadulla<sup>2</sup> que pertenece al ayuntamiento de A Estrada, situado en la provincia de Pontevedra. Su nombre lo debe a un antiguo castro.

La iglesia parroquial presenta planta de salón, un sencillo rectángulo de 16,10 metros de largo por 5,5 metros de ancho. La nave se cubre con madera a tres aguas, mientras el ábside, al que se accede a través de un arco triunfal de medio punto ligeramente peraltado, está cubierto por una sencilla bóveda de cañón también en madera. En el lado izquierdo de la cabecera se añadió la sacristía. En ella se abren dos puertas, la principal, en el muro de la fachada, y una traviesa en el muro Sur.

1 La única pretensión de este artículo es hacer un acercamiento al contexto histórico-artístico de una parroquia de ámbito rural, San Miguel de Castro, que se completa con la inclusión del estudio de su ermita y la de N<sup>o</sup> S<sup>a</sup> de Gundián, que si bien pertenece a otra parroquia vecina, Ponte Ulla, por su situación geográfica incluyo en este estudio.

2 Villaverde Solar, M.D.: *Patrimonio artístico del arciprestazgo de Ribadulla*. Edinosa, Coruña, 2000.

Los muros de la nave aparecen revestidos de cemento y cal, impidiendo ver su original estructura, mientras, la cubrición es en madera a tres aguas. A los pies, se alzó la tribuna; en este mismo muro, se abre la puerta principal de la iglesia sobre la que se sitúa una ventana circular de reducidas dimensiones.

A la capilla mayor, en el lado opuesto, se accede a través de un arco triunfal de medio punto doblado sostenido por dos columnas de fuste monolítico y entregado con basas áticas y capiteles vegetales decorados con hojas de acanto enrolladas, está cubierta con una bóveda de cañón de madera.

La cubrición exterior es un tejado a dos aguas. Los muros de piedra reflejan las distintas etapas de construcción, mientras los de la cabecera presentan sillares de granito bien labrados, la sacristía y el resto de los muros se realizaron de mampostería. En el muro testero, una pequeña ventana saetera. La fachada, se organiza siguiendo el clásico esquema pentagonal, en ella se superponen: la puerta que trata de “imitar” las portadas románicas abocinadas con tímpano. Sobre ella, la pequeña ventana circular, y como remate, la espadaña cuadrangular de un solo cuerpo con dos arcos de medio punto peraltados para colocar las campanas. Coronando todo, tres pináculos piramidales.

Esta iglesia figura en la donación que en el año 1115 hizo Doña Urraca a la iglesia de Santiago<sup>3</sup>. De esta época se conserva el ábside y arco triunfal. Entre las diferentes reformas sufridas por el templo, destaca la realización de la sacristía en 1727<sup>4</sup>, la tribuna en la última década de ese mismo siglo, ya en este siglo se realiza la escalinata del altar mayor en 1907, y de 1920 tenemos noticia de la pintura dada a la espadaña, momento en que posiblemente se rehace toda la fachada.

3 López Ferreiro A.: *Hª de la Santa A. M. Iglesia de Santiago de Compostela*. Tomo III. Pp. 95-96 de los apéndices. Santiago, 1898.

4 Archivo parroquial de Castro, Libro de fábrica: 1703- 1890. Fols 39 vº y 40 vº.

Existían además en esta iglesia, pinturas murales que cubrían las paredes del cuerpo y ábside del templo<sup>5</sup>, descubiertas en 1904, según datos de los libros parroquiales<sup>6</sup> en las que se veía la vida, Pasión y Muerte de Jesús . Tras las sucesivas reformas, las paredes se cubrieron con cemento y cal que impiden conocer estos “frescos”.

La iglesia se funda en época románica. Del templo primitivo únicamente se conserva el ábside rectangular muy reconstruido en la parte superior ya que en la cornisa sólo se conservan dos canecillos de proa<sup>7</sup>, y el arco triunfal del que sólo se pueden analizar los toscos capiteles y estos indican un período indefinido entre fin del XII y parte del XIII<sup>8</sup>. El resto es “fruto “ de las sucesivas reformas que sufrió a través de los siglos, (tribuna y sacristía del siglo XVIII ), siendo la fachada la parte más reciente (primer tercio del siglo XX), que pretende imitar el original estilo románico de este templo en su portada.

### *Retablo mayor*

Ocupa el muro testero de la capilla mayor (lámina 1). Consta de único cuerpo dividido en tres calles y ático. La calle central se encuentra flanqueada por dos pares de columnas de fuste liso y capitel jónico. Un entablamento y frontón curvo clásicos donde aparece el Ojo Divino coronan el conjunto escultórico.

En el espacio central sobre una hornacina rectangular y plana se muestra en relieve al arcángel San Miguel en combate con el diablo. En las calles laterales dispuestos en dos tondos vemos también en relieve los rostros de Jesús y María (láminas 2 y 3) de facciones dulces y serenas con rostros de boca pequeña y mentón con hoyuelo, rasgos peculiares del retablista José Ferreiro.

5 García Iglesias, J.M.: *Pinturas murais de Galicia*. Xunta de Galicia. Santiago, 1989.

6 Archivo parroquial de Cira, Libro de fábrica: 1836-1986. Fols 96 rº y vº, 87 vº, 98 rº.

7 Fontoira Suris, R.: “Por las rutas del Románico” en *Rutas cicloturísticas del Románico Edición. XVI*, 1998. Pág. 74

8 Bango Torviso I.G.: *Arquitectura románica en Pontevedra*. Fundación P. Barrié de la Maza. Coruña, 1979. Pp. 167-168.



Lámina 1: Retablo mayor.

Trata de imitar la policromía de los mármoles en fustes, entablamiento y frontón, dejando el oro para capiteles y basas de columnas así como en las guirnaldas que rodean los tondos de las calles laterales.

Un relieve del santo titular de la parroquia ocupa la hornacina central. San Miguel en lucha con el demonio muestra de manera simbólica el triunfo del Bien (a través del perfil clásico e idealizado del arcángel), sobre el mal (representación del demonio de un crudo realismo, que se retuerce sobre las brasas)<sup>9</sup>.

En las calles laterales, dos bustos en relieve de Jesús y María.

En 1783 se contrata para Castro este retablo con sus imágenes en 4650 reales. Hizo el diseño Fray Plácido Camiña, maestro de obras de San Martín. Remitido a Madrid, fue aprobado el proyecto por D.Ventura Rodríguez, director de la academia de San Fernando<sup>10</sup>.

9 Mariño, X.X.: *O escultor Ferreiro*. Gráficas Sementeira, Noia. 1991. P. 72-73.

10 Couselo Bouzas, J.: "Galicia artística en el siglo XVIII y primer tercio del, XIX". Santiago, 1932. P. 326-327.



Lámina 2: Busto de Jesús (retablo mayor).



Lámina 3: Busto de María (retablo mayor).

Se observan en esta obra paralelismos con otro retablo del mismo autor realizado en 1774 para la iglesia parroquial de San Salvador de Orro. Ambos se disponen en el muro testero y presentan la misma estructura (cuerpo único y ático), centrando el interés la calle central flanqueada por dos pares de columnas de capitel jónico, con la diferencia que supone el entablamento y frontón partidos de Orro algo que no ocurre en este de Castro<sup>11</sup>.

El retablo de estructura típicamente neoclásica (escaso movimiento en planta, columnas, entablamento y frontón clásico) es fiel reflejo de la serenidad clásica de Ferreiro, la imitación de los mármoles huyendo de los dorados y gusto por los tondos tomados de la escultura del Barroco italiano, de gran influencia en su obra.

### *San Miguel*

El arcángel aparece vestido como militar romano, en lucha con Lucifer, de acuerdo con el pasaje de San Juan en el Apocalipsis:

11 Cardeso Liñares, J: "Luces y sombras del arte en As Mariñas dos Frades". Coruña, 1993. Pp. 29-32.

“Hubo una batalla en el cielo, Miguel y sus ángeles peleaban con el dragón...”.

Lleva en su mano derecha una espada y en la izquierda el escudo con las palabras “Quis ut Deus” (Quien como Dios), en este mismo brazo sujeta el manto que cuelga por la espalda.

Apoya el pie derecho, en actitud de victoria, sobre un demonio con forma de animal fantástico, que lleva alas de murciélago y se retuerce entre brasas. Del fondo en el ángulo superior, irradian haces de luz.

En 1783 Ferreiro realiza para la parroquia este retablo con sus imágenes en relieve. Su canon alargado, facciones dulces e idealizadas, un rostro con la boca pequeña y hoyuelo en el mentón, son rasgos típicos de la obra de este artista neoclásico que presenta en esta obra rasgos todavía barrocos evidentes en el desequilibrio de la figura que se apoya en un solo pie y en el manto que vuela a su espalda.

### *Sagrado corazón de Jesús*

Jesús aparece como un hombre joven, barbado y de largos cabellos. Ascende sobre un hemisferio rodeado de nubes y viste túnica y un manto que cubre sus hombros.

Extiende la mano derecha mostrando las llagas de su Pasión, con la izquierda señala el corazón coronado con una llama.

No existen noticias documentales sobre esta imagen datable a principios de nuestro siglo que presenta las características del eclecticismo de ese período, que vuelve su mirada a las tipologías tradicionales, con figuras como esta de facciones idealizadas, serenas, con paños amplios que apenas se pliegan.

### *Virgen del Carmen*

María aparece como una mujer muy joven vestida con el hábito Carmelita.

En el brazo izquierdo sostiene al Niño Jesús que se vuelve hacia ella. Extiende la otra mano donde seguramente iba el escapulario.

Los únicos datos que tenemos acerca de esta imagen son dos repintes, uno en 1873 realizado por Juan Pintos y otro de 1880 realizado por José Louzao; también aparece mencionada esta “efigie regular” en el inventario realizado para la parroquia en 1867<sup>12</sup>.

Por su estilo podemos decir que se trata de una imagen tallada durante el siglo XVIII: la posición frontal, la capa abrochada al cuello que cubre ambos hombros cayendo por la espalda, rostro de facciones perfectas pero inexpresivo, los pliegues del hábito redondeados que caen rectos y paralelos... repitiendo fórmulas ya existentes sin originalidad, hacen pensar que se trata de una obra de ese momento histórico.



Lámina 4: Nuestra Señora del Socorro (derecha), Cristo crucificado (centro) y San Roque (izquierda).

### *Nuestra Señora del Socorro* (lámina 4, derecha)

María viste túnica, pañuelo atado sobre el pecho y manto azul estrellado que cubre su cabeza y cae por la espalda, cruzándose luego por delante para sujetarlo con el brazo izquierdo, el mismo en el que lleva al Niño que parece “querer escaparse” de su madre. Aparece representada con la iconografía tradicional como vencedora del mal defendiéndonos ante el diablo, que está a sus pies, de ahí que lleve una maza con la que intenta golpearlo. Un niño que se agarra a su manto completa la escena que tiene como tema a María como intercesora de los fieles ante Dios.

12 Archivo parroquial de Castro, Libro de fábrica: 1703-1890. Fols 213 rº y vº y 214 rº.

En 1864 se compró una efigie nueva de la Virgen del Socorro que costó seiscientos reales.

Su estilo responde al eclecticismo típico del momento de su realización, de escasa creatividad, repitiendo la tipología clásica de este tipo de imágenes.

El artista crea figuras de rostros “perfectos” pero ingenuos, casi infantiles. No existe estudio de las anatomías y los pliegues, abundantes y redondeados terminan en una suave curva.

### *San Roque* (lámina 4, izquierda)

Hombre de mediana edad, barbado vestido de peregrino con sombrero alado y capa con esclavina. Con una mano levanta la túnica y deja ver la llaga de la pierna, con la otra sostiene el bordón. A sus pies aparece el perro con un pan en la boca y el ángel, que señala la herida del santo con una mano y en la otra lleva el frasco de ungüentos para curarla.

Esta imagen se compró para Castro en 1866, cuando se realizó una “recomposición” al altar donde se colocó.

Se repite la iconografía tradicional en este santo sosteniendo el bordón con la mano derecha y mostrando la herida al ángel que lo va a curar con la izquierda hacia quién dirige su mirada, rompiendo así la frontalidad.

De nuevo, como en la imagen anterior, los rostros resultan aniñados, no existe un estudio anatómico y vuelve a repetirse el perfil curvilíneo característico del siglo XIX.

### *Cristo Crucificado* (lámina 4, centro)

Cristo está ya muerto, clavado con tres clavos a una cruz redonda con los extremos cortados a bisel. El INRI aparece en una cartela vertical con extremos curvados. La cabeza cae hacia delante y al lado derecho, y su barba se divide en dos mechones. El cuerpo muestra las señales del sufrimiento, en los brazos rígidos queda visible la

musculatura y por ellos cae la sangre que brota de sus manos, en el pecho presenta la huella de lanza, y las rodillas que se unen e inclinan hacia delante están también manchadas de sangre.

El paño se ata a la cadera con una simple cuerda que queda visible hacia el lado derecho, separándose violentamente ese pedazo de tela del cuerpo.

Tenemos noticias a través de los libros parroquiales que en 1696 se compra un calvario para esta iglesia, pero en 1773 es el momento de reparar el retablo lateral del Socorro donde se encuentra esta imagen<sup>13</sup>. Posiblemente se realizó en este momento final del Barroco, la figura describe una leve S sobre la cruz, el pecho deja visible el costillaje y los brazos en tensión junto a la sangre de las heridas dan a este Cristo cierto patetismo. El tipo de cruz y el paño de pureza anudado a la derecha y con el extremo separado del cuerpo son habituales en los Crucificados del XVIII.



Lámina 5: San Antonio de Padua.

### *San Antonio de Padua* (lámina 5)

El santo, imberbe con gran tonsura y vestido con el hábito pardo de su Orden, lleva sobre su brazo izquierdo al Niño, vestido, que trata de acariciarle el rostro. Con la otra mano, sostiene el lirio.

No existen más datos sobre esta imagen que un inventario de 1867 que menciona la existencia de una efigie de este santo “reto-

13 Archivo parroquial de Castro, Libro de fábrica 1703-1890. Fol 100 vº.

cada de nuevo, el retoque que menciona es el que sufre la imagen en 1864, cuando se pinta de nuevo.

Por las características que presenta, no parece tratarse de esta que existe actualmente en la parroquia pues su estilo responde al eclecticismo de finales del siglo XIX, idealizando los rostros que sin embargo carecen de expresividad, con ropajes que cubren completamente su anatomía cayendo “rectos” con escasez de plegados poco profundos.

### *Cruz parroquial*

La pieza más interesante de plata de la parroquia es la cruz parroquial.

Al pie cilíndrico se funde una macolla asimétrica con su parte inferior cilíndrica y bulbosa. Desarrolla la parte central que se convierte en un gran toro decorado con óvalos, con un plato superior que la corona.

La cruz es de brazos iguales, con remates trilobulados sin resalte semicircular intermedio con querubines en relieve. Los brazos se decoran con un tipo de ornamentación geométrica a base de volutas y formas rectangulares. El cuadrón es grande y cuadrado.

En el ANVERSO, está la imagen de Cristo en la cruz con los brazos abiertos y las piernas describiendo una ligera ese. La cabeza, de largos cabellos y sin apenas verse el cuello, cae sobre el hombro derecho. El paño se anuda hacia la derecha.

En el REVERSO, sobre el cuadrón aparece una imagen de María pisando una luna de cuernos invertidos con las manos unidas sobre el pecho, mientras que en el extremo inferior de la cruz, sobre un tondo, vemos una representación de San Miguel luchando con el demonio.

La primera noticia que habla de la existencia de la cruz data de 1654, momento en que se dora y arregla por “estar quebrada”<sup>14</sup>.

El inventario de 1867 menciona la existencia de una cruz “*de plata muy sencilla y antigua*”.

14 Archivo parroquial de Castro, Libro de la cofradía del S. Sacramento 1642-1701. Fol. 28 vº.



Lámina 6: Ermita de Nuestra Señora de Las Angustias.

El tipo de cruz, con brazos iguales en los que suprime el resalte semicircular intermedio, remates trilobulados, ornamentación geométrica... junto al tipo de Cristo remiten a un siglo XVI muy avanzado. La macolla sin embargo por su estructura asimétrica con un gran toro central es habitual en piezas del XVII.

## 2. Ermita de Nuestra Señora de las Angustias

Se sitúa en el centro del lugar de Seijo, dentro de los términos de la parroquia de Castro, a la que pertenece.

El interior es un rectángulo de 10,9 metros de largo por 4,55 de ancho, al cuerpo de la capilla hay que añadir la sacristía de 4,5 metros de largo x 2,6 de ancho que se añade al muro de la cabecera.

Debido a una reciente reforma, nos encontramos todos sus muros y techumbre abovedada perfectamente caleados. A los pies de la

nave, se alzó la tribuna bajo la que “queda” la puerta de entrada a la que se superpone una pequeña ventana semicircular.

Se cubre con un tejado a dos aguas. Su estructura resulta un tanto atípica, ya que el sencillo rectángulo interior se “transforma” en el exterior en un pentágono irregular. Todos los muros se construyen de mampostería y en ellos se abren tres puertas: la principal en la fachada, una lateral en el muro sur y en ese mismo muro la puerta de acceso a la sacristía.

La fachada, con el típico esquema pentagonal, con una puerta soportada por un arco de medio punto, sobre ella, la pequeña ventana y coronando el edificio una espadaña de un cuerpo con dos arcos de medio punto peraltados entre pilares donde se colocan las campanas. Como remate un frontón triangular coronado en sus vértices por tres pináculos.

No se conservan más notas documentales acerca de esta capilla que el año y nombre de su fundador: 1707 fundada por Miguel Reimóndez, dedicada originalmente al apóstol Santiago<sup>15</sup>.

Desconocemos el aspecto original de su interior debido a la “reconstrucción” reciente que lleva al estado que presenta hoy que impide conocer la estructura anterior. Su exterior sin embargo, conserva la fachada original del XVIII con una espadaña posiblemente del siglo XIX.

### *Retablo* (lámina 7)

Preside el santuario al estar situado en el muro de cabecera. Consta de un único cuerpo dividido en tres calles y ático. La calle central se destaca, al estar formada por una gran hornacina semicircular enmarcada entre dos columnas de fuste liso y capiteles jónicos, que al ser exentas provocan cierto movimiento en planta. Las calles laterales, más estrechas, presentan sendas hornacinas también semi-

15 Archivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo General. Visitas. Leg. N° 1268. Y Fondo Provisorato. Serie Beneficial. Carpeta C-42. S/N.




Lámina 7: Retablo del Santuario de las Angustias. San Alberto de Sicilia (izquierda), San Franco de Sicilia (derecha) y Nuestra Señora de las Angustias (centro).

circulares de menor tamaño y flanqueadas por pilastras también de capitel jónico. El ático reproduce un clásico frontón triangular.

La Virgen de las Angustias, titular de la ermita ocupa la hornacina abierta en la calle central, mientras que las calles laterales están ocupadas por sendas imágenes de San Alberto y San Franco de Sicilia, que anteriormente estuvieron en el templo parroquial, según consta por una nota del inventario hecho para la parroquia en 1867.

No existen noticias acerca de la realización de este retablo ni de sus imágenes, que por sus características clasicistas, eliminando toda ornamentación, imitación del mármol, la estructura de un sólo cuerpo, órdenes clásicos... responde a la tipología de retablo diseñado en fechas avanzadas del pasado siglo.

### *San Alberto de Sicilia* (lámina 7, izquierda)

Hombre de mediana edad, vestido con el hábito de color pardo de los Carmelitas, Orden a la que pertenece, con manto blanco por encima que le cubre ambos hombros. En la mano izquierda lleva el crucifijo, atributo personal del santo mientras en la otra sostiene un cáliz.

La única noticia sobre su existencia es la antes mencionada del inventario de 1867. Su estilo responde a las características del barroco del segundo tercio del siglo XVIII, con figuras de canon corto, rostros sin expresividad, con la mirada al infinito, abre los brazos provocando así la ruptura del espacio y la división típica del hábito en cinco bloques (pliegue central, sendos pliegues sobre cada pierna y otros dos en los extremos).

### *San Franco de Sicilia* (lámina 7, derecha)

Este santo, suele aparecer formando “pareja” con el anterior. Hijo de labradores, tuvo una vida alejada de la religión, dedicada a saltar caminos y al juego; su pasión por las apuestas lo llevó a apostar en una ocasión sus propios ojos perdiendo la vista. Esto provocó su conversión y entró en la Orden Carmelita. Al igual que San Alberto viste el hábito de la orden a la que pertenece, y por encima cubriendo sus hombros, un manto de color blanco.

Abre sus brazos llevando un crucifijo en la mano izquierda.

De nuevo me remito al inventario de 1867 como única fuente documental a través de la que se conoce su existencia.

Repite las características comentadas en la anterior talla: rostro con la mirada perdida, apertura de los brazos, división en cinco bloques de los pliegues del hábito... características que hacen pensar que ambas imágenes son de una misma fecha de realización.

### *Nuestra Señora de las Angustias* (lámina 7, centro)

María se representa sentada apoyando en su mano izquierda la cabeza de su Hijo muerto. Este, está sentado en el suelo, con sus pier-

nas flexionadas hacia el lado derecho, con el regazo de su madre como lecho.

Carecemos de datos sobre esta imagen que posiblemente se realizó con el retablo de la ermita.

La obra es una mezcla de dramatismo y serenidad, conseguido a través del rostro de María, que baja la mirada hacia el hijo muerto que se apoya en su regazo consiguiendo una composición triangular.

La sensación de serenidad y equilibrio se consigue a través de las dos figuras, mientras la Virgen refleja en el rostro su dolor contenido, Jesús, muestra su cuerpo muerto pero sereno.

El artista recurre al tipo iconográfico de la Piedad de Miguel Ángel con figuras que inciten a la devoción del fiel.

### **3. Ermita de N<sup>a</sup> Señora de Gundián (lámina 8)**

En los términos de la parroquia, en un paraje solitario, situado hacia al Norte y eclesiásticamente dependiente de la parroquia de Ponte Ulla (Vedra). Es famosa su romería del 8 de septiembre.

El interior es un sencillo rectángulo de 13, 5 metros de largo x 5, 20 de ancho. Al muro de la cabecera se añade la sacristía de 5 x 3,9 metros, quedando un espacio de 1,5 metros entre ambos.

A la última reforma de 1980 se debe el enlucido de las paredes, y la nueva techumbre (abovedada en madera). La tribuna se levanta en el muro de la fachada sobre la puerta de entrada.

La cubrición es un tejado a dos aguas. Los muros están contruídos con aparejo de piedras irregulares. La fachada presenta el típico esquema pentagonal, con la puerta de entrada a la misma altura de los dos grandes ventanales semicirculares. Sobre la puerta, una pequeña ventana cúbica, y coronando el edificio la espadaña cuadrangular de un sólo cuerpo con las campanas sostenidas por un dintel apoyado sobre tres pilares, rematando todo tres pequeñas pirámides.

Sobre la puerta de entrada , se levanta un “porche” o cobertizo.

Las numerosas reformas que sufre el santuario están perfectamente documentadas en los libros de la parroquia. La primera nota



Lámina 8: Ermita de Nuestra Señora de Gundián.

data de un retejo llevado a cabo en 1715. En las primeras décadas del pasado siglo se realizó la obra de tribuna (1811), y de sacristía (1814-16), esta última obra de Esteban García, el mismo que se encarga de levantar la sacristía de la parroquial<sup>16</sup>.

Diversos reparos se suceden durante el siglo, afectando al atrio (1818), artesonado( 1823), dintel de la puerta(1831),un nuevo reparo en la sacristía en 1839 ...

Pero será desde el año 1850, en que se traslada a este santuario la celebración de la Natividad de la Virgen (8 de septiembre), que antes se hacía en la ermita de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> do Couto en Cira<sup>17</sup>, cuando se multipliquen los reparos y reformas. Unos años después, 1856, se levanta la espadaña<sup>18</sup>. En el año 1882 se concede la licencia para

16 Archivo parroquial de Ponte Ulla, libro de la cofradía de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de Gundián: 1694-1912. Fol.140 rº. Y Libro de fábrica 1610-1824. Fols 239 vº y 241 rº.

17 Archivo Histórico Diocesano de Santiago. Fondo General. Serie Varia. Legajo nº 1159.

18 Archivo parroquial de Ponte Ulla. Libro de la cofradía de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> de Gundián 1694-1912. Fol. 188 rº.

reparar el piso, que se lleva a cabo en 1895. Ya en 1914, se repara el cielo raso, tejado... hasta llegar a las últimas reformas de 1980.

Las primeras referencias son de los primeros años del siglo XVIII, momento en que el santuario está ya edificado. La capilla conserva los muros originales del siglo XVIII siendo todo lo demás obra de las reformas del siglo XIX, que modifican la fábrica primitiva tras el traslado de la celebración de la Natividad de N<sup>a</sup> S<sup>a</sup> a este santuario. Tanto la hechura de la sacristía como la puerta y espadaña, presentan la tipología habitual de mitad del siglo pasado.

### *Retablo*

Consta de basamento y dos cuerpos. En el pedestal, a los extremos se abren las puertas que comunican con la sacristía, decoradas con rosetas.

El primer cuerpo se divide en cinco calles delimitadas por cuatro columnas salomónicas, asentadas las dos centrales sobre sendas ménsulas, decorando los fustes con hojas de parra y racimos. Se destaca la calle central, además del mayor tamaño, por ser la única que excava la hornacina que sirve de cobijo a la titular. Las calles adyacentes disminuyen en tamaño y presentan hornacinas planas, en su parte inferior, aparecen sendas tarjas y el espacio superior que queda hasta llegar al entablamento que las separa del segundo cuerpo se cubre de decoración vegetal.

Las dos calles de los extremos, (actualmente pintadas), únicamente sirven de apoyo a las puertas de la sacristía.

Ya el cuerpo superior se divide en tres calles flanqueadas por pilares decorados con guirnaldas y frutas. El frontón superior se quiebra con dos grandes volutas.

Todo el retablo se cubre de ornamentación vegetal (sartas de frutas, guirnaldas, tarjetas, racimos, hojas, rosetas...) siempre con predominio del oro.

La policromía actual es fruto del último repinte de 1980, de esta fecha es también el fondo azul y las pinturas de las calles de los extremos del cuerpo principal.

La calle central se ocupa con la imagen de la Virgen de Gundián, titular del santuario, que durante los meses de verano “abandona” la ermita pasando a la iglesia parroquial.

A sus lados dos pequeñas imágenes, una de la santa titular de la parroquia: Santa M<sup>a</sup> Magdalena, y Cristo Rey. En la parte superior del retablo, aparece una sola imagen: Cristo Crucificado, en la calle central.

No consta la fecha de construcción de este retablo ni el nombre de su autor. Las únicas noticias documentadas son dos repintes, uno de 1811 y el ya mencionado de 1885. Posiblemente su fecha de construcción es inmediata a la de construcción del templo, que ya tenemos documentado en los primeros años del XVIII.

Pertenece al estilo barroco del primer tercio de ese siglo, tanto por los elementos sustentantes (columna salomónica de cuatro vueltas completas y dos medias), como por la estructura y decoración que presenta ( racimos, frutas, guirnaldas...).

Tras las reformas del siglo XIX lo capialzaron añadiendo las dos últimas calles.

### *Cristo Crucificado* (lámina 9)

Cristo yace muerto sobre la cruz, clavado por tres clavos. Su cabeza cae hacia delante y se ladea hacia la derecha. Los brazos, rígidos, dejan visible la musculatura. Las piernas unen las rodillas y se flexionan levemente.

Está coronado de espinas y la sangre cae desde la frente por los hombros, al igual que brota de las heridas de los clavos y de las rodillas. El paño de pureza, se ata con una tosca cuerda hacia el lado derecho, separándose del cuerpo ese trozo de tela.

No se conservan datos sobre la imagen de Cristo en la cruz que está en el santuario de la parroquia. Sus características responden a criterios de la última etapa del barroco: Cristo aparece ya muerto describiendo una suave curvatura, el estudio anatómico, el paño de pureza anudado hacia el lado derecho y atado con una cuerda que muere

directamente su cuerpo, junto a un rostro demacrado, coronado de espinas y la sangre que brota de las heridas.

### *Cristo Rey*

Cristo en Majestad se muestra al observador como Salvador, portando en la mano izquierda la bola del mundo, mientras bendice con la derecha. Viste túnica blanca sobre la que lleva un manto rojo que cubre sus hombros. A sus pies y apoyada sobre un cojín, la corona.



Lámina 9: Cristo en la cruz.

No existen datos sobre esta imagen que retoma la temática medieval del Pantocrátor, o Cristo en majestad. Representa a Cristo como hombre (idealizando su facciones) y a la vez, como el Dios Omnipotente, coronado como rey y salvador del mundo. Por sus características, es encuadrable dentro del estilo ecléctico de este siglo, con una figura idealizada, paños amplios y prácticamente sin plegados, dando más importancia al tema (Cristo entronizado) que a la representación de la imagen.

### *Santa María Magdalena* (lámina 10)

La talla de la patrona de la parroquia (Santa M<sup>a</sup> Magdalena de Ponte Ulla) se representa como una mujer joven de largos cabellos coronada con la aureola de santidad. Viste túnica talar y manto. Agarra con ambas manos el tarro de los perfumes con los que ungió los pies de Cristo.

No tenemos noticias sobre esta talla de la santa titular de la parroquia.



Lámina 10: Santa María Magdalena.

Por una serie de características: excesiva frontalidad y estatismo, rostro severo de ojos almendrados, la gran ánfora, vestiduras que esconden la anatomía dejando a la vista únicamente la punta de los pies... llevan a pensar en una pieza medieval, pero posiblemente se trate de una imagen reciente, realizada a la vez que la Virgen de piedra que se puede ver sobre la fuente de las últimas décadas de este siglo.

### *Nuestra Señora de Gundián* (lámina 11)

Se encuentra situada en una hornacina excavada sobre la fuente que nace bajo la ermita, de gran tradición en la parroquia por considerarse de aguas sanadoras.

María como Madre, vistiendo túnica y un manto que cubre su cabeza y cae por la espalda. Sobre el brazo izquierdo sostiene a Jesús vestido asimismo con una túnica que le cubre hasta los pies y ladea su cuerpo mirando hacia su madre. Ambos están coronados.

No tenemos datos sobre esta imagen de la Virgen de Gundián que recientemente se realizó para la fuente de esta ermita, sustituyendo a una anterior, que según la tradición era del monasterio de San Xoan da Cova, ubicado en la falda del monte entre el que corre el río Ulla y que una riada arrasó en el siglo XVI, de esas fechas sería la anterior imagen que junto a una cruz de azabache y plata que se conserva en la parroquial de Ponte Ulla fueron las únicas piezas que se “salvaron”. La actual, muestra un cánon corto con unas enormes

y desproporcionadas manos, en cambio Jesús parece excesivamente “largo” frente a la Madre que se muestra frontal, con una túnica que se apoya directamente sobre la peana, de escasos y poco profundos pliegues que caen paralelos.

La disposición y estilo de las imágenes responde a criterios arcaizantes que tratan de repetir el estilo de la talla anterior.



Lámina 11: Nuestra Señora de Gundián.





ISSN 1139-921X

### Número 1 (1998)

*Presentación* • *A agricultura en Castrovite (Orazo, A Estrada) durante a Idade do Ferro.* Xulio Carballo Arceo • *A Estrada nos seus documentos antigos. Tres documentos do século XV escritos en galego relativos ó lugar de Gudín en Guimarei, A Estrada.* Xoán Andrés Fernández Castro • *Os hórreos na Galicia.* Olimpio Arca Caldas • *A Estrada na obra gráfica de Castelao.* José Manuel Castaño García • *Reflexiones sobre un lienzo de Corredoira.* Javier Travieso Mougán • *Unha parte da historia da biblioteca pública municipal de A Estrada.* Mario Blanco Fuentes • *Aproximación ó estudio da chegada e desenvolvemento do alumado público eléctrico na Estrada. (1900-1950).* María Jesús Fernández Bascuas • *Dieciséis años de Parlamento de Galicia. (Balance de su producción legislativa).* Roberto L. Blanco Valdés

### Número 2 (1999)

*As dúas mulleres de Castelao.* Olimpio Arca Caldas • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada I.* María Jesús Fernández Bascuas • *Os traballos e os días. Aspectos da vida cotia no rural estradense do S. XIX. Os testemuños de García Barros, Marcial Valladares e Alfredo Vicenti.* Juan A. Fernández Castro • *Aproximación ó mundo das fortalezas na Galicia Medieval.* Manuel Mosquera Agrelo • *Os trobadores de Taveirós.* Mercedes Brea • *La poética de Pay Soarez de Taveirós.* Gema Vallín • *A actividade textil tradicional no Val do Vea (A Estrada-Pontevedra) Espadelas e espadeleiros.* Manuel Rodríguez Calviño • *Memoria gráfica do Cuerpo de Ejército de*

*Galicia na Guerra Civil española* • *La Purísima de Asorey de La Estrada* (Pontevedra.) Javier Travieso Mougán • *Cando o ceo escurece. Crónica da epidemia de gripe de 1918 na parroquia de Sabucedo-A Estrada.* Pontevedra. María del Pilar Regueiro Ovelleiro • *Un singular Centro Bibliográfico Galego.* Xosé Neira Vilas

### Número 3 (2000)

*Estudo de materiais procedentes do Castro de Viladafonso* (Olives, A Estrada, Pontevedra). Beatriz Pereiras Magariños, Xosé Lois Ladra Fernández, Nuria Calo Ramos • *Escudo y linaje de la Casa de Guimarey.* Eduardo Pardo de Guevara y Valdés • *Acción colectiva e élites locais en Galicia. O motín de xullo de 1870 na Estrada* (Pontevedra). Xoán Andrés Fernández Castro • *Aproximación a xénese urbanística da vila da Estrada II. A transición urbanística. (1901-1926).* María Jesús Fernández Bascuas • *O ferrocarril de Pontevedra a Monforte.* Xosé Manuel Castaño García • *Origen y evolución del municipio de A Estrada* (Pontevedra). Factores geográficos y condicionantes históricos. Ángel Miramontes Carballada • *A Estrada, terra saudable. O sanatorio "Nuestra Señora del Carmen".* Olimpio Arca Caldas • *Un nocturno de Castelao.* Javier Travieso Mougán • *Fondos bibliográficos da biblioteca do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez (1901-1938).* Manuel Cabada Castro • *Estradenses en América. Cartas privadas de emigrantes en tiempos y destinos diferentes.* María Luisa Pazos Pazos

### Número 4 (2001)

*Sobre o nome da Estrada.* Fernando Cabeza Quiles • *Mario Blanco Fuentes (1917-2000). Unha fotobiografía.* Juan L. Blanco Valdés • *Algúns indicadores demográficos da parroquia de Guimarei (A Estrada-Pontevedra). 1700-1850.* Juan Andrés Fernández Castro • *Medicina popular en terras de Tabeirós* (A Estrada-Pontevedra). Manuel Reimóndez Pórtela • *A translatio dos restos do poeta Xosé Manuel Cabada Vázquez ó cemiterio de Codeseda* (A Estrada). Mario Blanco Fuentes, Xoán Andrés Fernández Castro • *Novas*

*imaxes da arqueoloxía castrexa estradense a través das coleccións Bouza-Brey e Fraguas Fraguas do Museo do Pobo Galego.* Josefa Rey Castiñeira, Manuel Rodríguez Calviño • *O próximo vivido.* Manuel Pereira Valcárcel, Pilar Gaspar • *Márgara. Apuntes biográficos dunha muller estradense.* Olimpio Arca Caldas • *Población y territorio en el municipio de A Estrada (Pontevedra), 1887-1996.* Ángel Miramontes Carballada

### Número 5 (2002)

*Novas matinações encol do topónimo A Estrada.* Manuel Castiñeira Rodríguez • *Breve aproximación os miúños da parroquia de Riobó (A Estrada-Pontevedra).* Juan Fernández Casal • *Achegamento á historia do campo de fútbol da Estrada e do “Deportivo Etradense”.* Mario Blanco Fuentes • *Na outra banda do río, nun solpor azul de tarde.* Texto: Xosé Lueiro Fotos: Francisco Azurmendi • *Análisis y planeamiento del suelo industrial en el municipio de A Estrada (Pontevedra).* Ángel Miramontes Carballada • *A casa consistorial da Estrada (Pontevedra) obra sobranceira do arquitecto Franco Montes.* María Jesús Fernández Bascuas • *Un edificio estradense recuperado para uso cultural: el museo Manuel Reimóndez Portela.* Isabel Carlín Porto • *Sobre o topónimo Brea.* Fernando Cabeza Quiles • *A crise de mortalidade de 1769 en Ouzande (A Estrada-Pontevedra).* Juan Andrés Fernández Castro • *O pasado máis saudable da Estrada.* Manuel Pereira Valcárcel • *Don Nicolás Mato Várela. Párroco de San Paio da Estrada e San Lourenzo de Ouzande.* Olimpio Arca Caldas • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do condado de Ximonde.* Héitor Picallo Fuentes • *2002, ano de Frei Martín Sarmiento. Semblanza de Fr. Martín Sarmiento.* Pilar Allegue • *A Estrada no Informe de Literatura 1999, do “Centro Ramón Piñeiro”*

### Número 6 (2003)

*Cápelas e santuarios do Concello da Estrada.* Francisco Arzumendi Iglesias • *Irmáns casan con irmáns, 1650-1850. Aspectos demográficos desta singularidade matrimonial en terras de Tabeirós, A Estrada-Pontevedra.* Juan Andrés

Fernández Castro • *Un proyecto irrealizado de 1891. La fuente de Neptuno para la villa de A Estrada*. Isabel Carlín Porto • *Os escudos do Concello da Estrada dende 1840*. M- Jesusa Fernández Bascuas • *La evolución de los montes en el municipio de A Estrada (Pontevedra) en los siglos XIX y XX*. Ángel Miramontes Carballada • *Alfabetización y red escolar de A Estrada, siglos XVIII y XIX*. Ofelia Rey Castelao • *A Estrada, 18 de xullo de 1936. Dous testemuños*. Juan L. Blanco Valdés • *A Virxe de Gundián*. Juan Fernández Casal • *Breve contribución á biografía do señor de Vilancosta, Don Marcial Valladares Núñez (Berres, A Estrada 1821-1903)*. Juan Andrés Fernández Castro • *En torno ó topónimo Toedo*. Fernando Cabeza Quiles • *Maíndo (A Estrada-Pontevedra): Espacio xeográfico, humano e histórico na ascendencia do Condado de Ximonde, II*. Héitor Picallo Fuentes • *Recuerdos de una matrona*. Carmen Ferreiro Porto • *Antonio Álvarez Insua. Defensor dunha Cuba española*. Olimpio Arca Caldas • *Don Xoán Manuel Fontenla García, último párroco de Ouzande*. Manuel Castiñeira Rodríguez

### Número 7 (2004)

*Fábrica de papel en Riobó*. Juan Fernández Casal • *O Museo do Pobo Estradense «Manuel Reimóndez Portela»*. A institución e a exposición permanente. María Carbia Vilar • *Cartas dun emigrado estradense*. Gerardo Cabada Castro • *Nacimiento y consolidación de la capital del mueble en Galicia. El municipio de A Estrada*. Ángel Miramontes Carballada • *Achegamento ás pesqueiras estradenses do río Ulla*. Damián Porto • *Vermello, amarelo e morado: as cores de Ángel Lemos. In memoriam*. Héitor Picallo Fuentes • *O topónimo «Baloira»*. Fernando Cabeza Quiles • *La emigración en ocho parroquias de A Estrada*. M<sup>a</sup>. Milagros Castro González • *Maíndo: espazo xeográfico, humano e histórico no dominio do condado de Ximonde*. Héitor Picallo Fuentes • *Excavación arqueolóxica del túmulo megalítico de Xestas*. Pablo Bandín Rosende • *A razoable esperanza: quince momentos*. Alberte Maceira Peiteado • *Alcaldes estradenses*. María Jesusa Fernández Bascuas • *A tradición e as tradicións na freguesía de Ouzande nos séculos XVII, XVIII e XIX*. Manuel Castiñeira Rodríguez





CONCELLO DA ESTRADA



DEPUTACIÓN DE  
PONTEVEDRA

